

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9268 *Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Os orzamentos xerais do Estado fundamentan o seu marco normativo básico na nosa Carta Magna, a Constitución española do 27 de decembro de 1978, así como na Lei xeral orzamentaria e na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Tribunal Constitucional foi precisando o contido posible da lei anual de orzamentos xerais do Estado e manifestou que existe un contido necesario, constituído pola determinación da previsión de ingresos e da autorización de gastos que poden realizar o Estado e os entes a el vinculados ou del dependentes no exercicio de que se trate. Xunto a este contido necesario, cabe a posibilidade de que se engada un contido eventual, aínda que estritamente limitado ás materias ou cuestións que garden directa relación coas previsións de ingresos, coas habilitacións de gasto ou cos criterios de política económica xeral, que sexan complemento necesario para a máis fácil interpretación e máis eficaz execución dos orzamentos xerais do Estado e da política económica do Goberno.

Por outra parte, o Tribunal Constitucional sinala que o criterio de temporalidade non resulta determinante da constitucionalidade ou non dunha norma desde a perspectiva da súa inclusión nunha lei de orzamentos. Por iso, ben que a Lei de orzamentos se pode cualificar como unha norma esencialmente temporal, nada impide que accidentalmente poidan formar parte dela preceptos de carácter plurianual ou indefinido.

Por outro lado, en materia tributaria, o punto 7 do artigo 134 da Constitución dispón que a Lei de orzamentos non pode crear tributos, aínda que si modificalos cando unha lei tributaria substantiva así o prevexa.

As materias que queden á marxe destas previsións son materias alleas á Lei de orzamentos xerais do Estado. Desta forma, o contido da lei está constitucionalmente acoutado –a diferenza do que sucede coas demais leis, cuxo contido resulta, en principio, ilimitado– dentro do ámbito competencial do Estado e coas exclusións propias da materia reservada a lei orgánica.

Consecuentemente, a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018 regula unicamente, xunto ao seu contido necesario, aquelas disposicións que respectan a doutrina do Tribunal Constitucional sobre o contido eventual.

Ao non presentar o Goberno ante o Congreso dos Deputados o anteproxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, ao menos tres meses antes da expiración dos correspondentes ao exercicio 2017, tal e como establece o artigo 134.3 CE, resultou de aplicación en toda a súa extensión o artigo 134.4 da Constitución, que sinala «se a Lei de orzamentos non se aproba antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os orzamentos do exercicio ata a aprobación dos novos».

Con estes orzamentos xerais do Estado para 2018, elaborados no marco da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, persístese no obxectivo de conseguir unha maior racionalización do proceso orzamentario.

Tendo presente a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que desenvolve o mandato contido no artigo 135 da Constitución española, reformado o 27 de setembro de 2011, e dá cumprimento ao Tratado de estabilidade, coordinación e gobernanza na Unión Económica e Monetaria do 2 de marzo de 2012, garantindo unha adaptación continua e automática á normativa europea, nos presentes orzamentos xerais do Estado perséguese continuar co mesmo obxectivo que en exercicios anteriores de garantir a sustentabilidade financeira de todas as administracións públicas, fortalecer a confianza na estabilidade da economía española e reforzar o compromiso de España coa Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria. O logro destes tres obxectivos permite consolidar o marco dunha política económica orientada ao crecemento económico e á creación de emprego.

Nesta liña, os orzamentos xerais do Estado para 2018 continúan coa misión de seguir reducindo o déficit público e cumprir os compromisos de consolidación fiscal coa Unión Europea, nun contexto de firme crecemento económico, de incremento dos recursos tributarios e de confianza dos mercados en España, grazas a este mesmo compromiso e ás medidas adoptadas polo Goberno nos últimos anos.

Neste contexto de crecemento económico, respecto aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o período 2018-2020, séguense mantendo os obxectivos de déficit, de tal maneira que en 2020 todas as administracións públicas, salvo a Seguridade Social, alcanzarán o equilibrio orzamentario. Estes obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública fixados polo Acordo do Consello de Ministros do 3 de xullo de 2017, revisado no que se refire ao obxectivo de estabilidade das comunidades autónomas e da Seguridade Social polo Acordo do 7 de xullo de 2017, aprobounos o Pleno do Congreso o 11 de xullo de 2017 e o Pleno do Senado o 12 de xullo. Este acordo establece o obxectivo de déficit para o conxunto das administracións públicas no 2,2 por cento do PIB e desagregase do seguinte modo: o Estado terá un déficit do 0,7 por cento; a Seguridade Social, do 1,1 por cento; as comunidades autónomas, do 0,4 por cento; mentres que as corporacións locais pecharán o próximo ano con déficit cero. O obxectivo de débeda pública queda fixado para a Administración central e Seguridade Social nun 70,8 por cento do PIB en 2018. O límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para 2018 fíxase en 119.834 millóns de euros, un 1,3 por 100 máis respecto ao orzamento de 2017, e o nivel de gasto increméntase respecto ao orzamento de 2017 en 1.497 millóns de euros.

II

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, «Da aprobación dos orzamentos e das súas modificacións», por canto que no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Créditos iniciais e financiamento destes», se aproba a totalidade dos estados de ingresos e gastos do sector público estatal e se consigna o importe dos beneficios fiscais que afectan os tributos do Estado.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos xerais do Estado tendo en conta a clasificación que realiza a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, clasificación que se fai presente no resto da lei.

O ámbito dos orzamentos xerais do Estado complétase co orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España que, de acordo coa súa lexislación específica, non se consolida cos restantes orzamentos do sector público estatal.

O capítulo II contén as normas de modificación e execución de créditos orzamentarios, as limitacións orzamentarias, as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias e os créditos vinculantes que deben operar durante a vixencia da lei, así como as ampliacións e incorporacións de crédito que se relacionan nos anexos da lei.

O capítulo III, «Da Seguridade Social», regula o financiamento da asistencia sanitaria.

III

O título II da Lei de orzamentos, relativo á «Xestión orzamentaria», estrutúrase en tres capítulos.

O capítulo I regula a xestión dos orzamentos docentes. Nel fíxase o módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados e a autorización dos custos de persoal da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

No capítulo II, relativo á «Xestión orzamentaria da sanidade e dos servizos sociais», recóllese competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias no ámbito do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais e inclúense normas sobre a aplicación de remanentes de tesouraría no orzamento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.

O capítulo III recolle «Outras normas de xestión orzamentaria» e nel establécese a porcentaxe de participación da Axencia Estatal de Administración Tributaria na recadación bruta obtida en 2018 derivada da súa actividade propia, porcentaxe que se fixa nun 5 por cento.

IV

O título III da Lei de orzamentos xerais do Estado titúlase «Dos gastos de persoal» e estrutúrase en tres capítulos.

O capítulo I, tras definir o que constitúe o «sector público» para estes efectos, trata dos gastos do persoal. Así mesmo, inclúese neste capítulo a regulación da oferta de emprego público nun único artigo, sen prexuízo do establecido como norma especial na disposición adicional segunda do Real decreto lei 6/2017, do 31 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público nos ámbitos de persoal docente non universitario e universitario, Forzas Armadas, forzas e corpos de seguridade do Estado e corpos de Policía dependentes das comunidades autónomas para 2017.

O capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», regula a actualización para o ano 2018 das retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación e dos seus órganos consultivos; da Administración xeral do Estado, as correspondentes aos altos cargos do Consello de Estado, do Consello Económico e Social, así como aos membros do Tribunal de Contas, do Tribunal Constitucional e do Consello Xeral do Poder Xudicial, e aos altos cargos das Forzas Armadas, da Policía e da Garda Civil, así como a determinados cargos do poder xudicial e do Ministerio Fiscal. A necesidade de inclusión destas previsións na Lei de orzamentos xerais do Estado deriva de que a aprobación dos orzamentos destes órganos e, por tanto, das referidas retribucións, deben facela as Cortes Xerais. Os principios de unidade e universalidade do orzamento exixen que esa aprobación se realice nun documento único, comprensivo de todos os gastos do Estado, como é a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Este capítulo complétase coas normas relativas ás retribucións dos funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984 nos termos da 7 cuarta do EBEP, persoal laboral do sector público estatal, persoal das Forzas Armadas, corpo da Garda Civil e Corpo Nacional de Policía, e do persoal estatutario e do non estatutario da Seguridade Social.

Mención específica merecen as normas relativas á regulación das retribucións dos membros da carreira xudicial e fiscal, dos do corpo de letrados da Administración de xustiza e do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O capítulo III deste título, baixo a rúbrica «Outras disposicións en materia de réxime do persoal activo», recolle, como en leis de orzamentos anteriores, as relativas á prohibición de ingresos atípicos e a actualización das contías que se percibirán polos conceptos de recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación. Así mesmo, establécense os requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario que exixirán do informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública. Regúlase a contratación de persoal laboral con cargo aos créditos de investimentos e a

competencia do Ministerio de Facenda e Función Pública en materia de custos do persoal ao servizo do sector público no ámbito da negociación colectiva.

V

O título IV da Lei de orzamentos xerais do Estado, baixo a rúbrica «Das pensións públicas», divídese en seis capítulos.

O capítulo I establece o índice de revalorización das pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como de clases pasivas.

O capítulo II está dedicado a regular a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado e especiais de guerra.

O capítulo III contén as limitacións no sinalamento inicial das pensións públicas.

O capítulo IV regula a «Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas», abordando a revalorización das pensións contributivas aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como as de clases pasivas. Así mesmo, determínanse as pensións que non se revalorizan e a limitación do importe da revalorización das pensións públicas.

O capítulo V recolle o sistema de complementos por mínimos, que regula en dous artigos relativos, respectivamente, ás pensións de clases pasivas e ás pensións do sistema da Seguridade Social.

O capítulo VI contén, dunha parte, a determinación inicial e a revalorización das pensións non contributivas da Seguridade Social e, doutra, a fixación da contía das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.

VI

O título V, «Das operacións financeiras», estrutúrase en tres capítulos relativos, respectivamente, a débeda pública, avais públicos e outras garantías e relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial.

O obxecto fundamental deste título é autorizar a contía ata a cal o Estado e os organismos públicos poidan realizar operacións de endebedamento, materia que se regula no capítulo I, baixo a rúbrica «Débeda pública».

VII

No ámbito tributario a Lei de orzamentos incorpora diversas medidas.

No imposto sobre a renda das persoas físicas afóndase na consecución de obxectivos inspiradores da recente reforma do imposto, en particular, a redución da tributación dos traballadores de renda máis baixa e dos contribuíntes que soportan maiores cargas familiares, tales como mulleres traballadoras, familias numerosas ou persoas con discapacidade.

Para tal efecto, co obxecto de reducir a carga impositiva dos traballadores con menores rendas, auméntase a redución por obtención de rendementos do traballo. Desta forma mellórase a renda dispoñible deste colectivo e amplíase o limiar de tributación, isto é, a contía de salario bruto anual a partir da cal se empeza a pagar o imposto.

A mellora da fiscalidade familiar lévase a cabo coa ampliación das deducións por maternidade e por familia numerosa ou persoas con discapacidade a cargo.

En canto á dedución por maternidade, increméntase o incentivo fiscal cando teña que soportar gastos pola custodia do fillo menor de tres anos en gardarías ou centros educativos autorizados, o que non só estimulará a incorporación da muller ao mercado laboral senón que, ao se teren en conta tales gastos, facilitará a conciliación da vida familiar e laboral e o acceso do fillo menor de tres anos ao primeiro ciclo da educación infantil.

En relación coas deducións por persoas con discapacidade a cargo, as modificacións que se introducen supoñen a extensión dos supostos a que se aplica a dedución, ao se incluír o cónxuxe non separado legalmente cando este sexa unha persoa con discapacidade que dependa economicamente do contribuínte.

Así mesmo, co obxectivo de fomentar a natalidade, amplíase a contía dos límites establecidos para as deducións por familia numerosa, por cada un dos fillos que formen parte da familia numerosa na data de devindicación deste imposto en que exceda o número mínimo de fillos exixido para que a dita familia adquirise a condición de familia numerosa de categoría ordinaria xeral ou especial, segundo corresponda.

Por último, en prol de adecuar a normativa ao dereito da Unión Europea, establécese unha dedución sobre a cota a favor daqueles contribuíntes cuxos restantes membros da unidade familiar residan noutro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, o que lles impide presentar declaración conxunta. Desta forma equipárase a cota pagadoira á que tería soportado no caso de que todos os membros da unidade familiar fosen residentes fiscais en España.

Por outra parte, elévase a porcentaxe da dedución por obtención de rendas en Ceuta e Melilla, co obxectivo de que os residentes en tales cidades autónomas teñan unha menor tributación, o que lles permitirá dispor dunha maior renda dispoñible que impulsará a actividade económica daquelas.

Esta modificación acompáñase das necesarias no sistema de pagamentos á conta co fin de anticipar o impacto económico da medida sobre as citadas cidades autónomas.

Tamén se modifica a obrigação de declarar por este imposto; por unha parte, establécese un límite cuantitativo que exima da obrigação de presentar declaración cando se obteñan ganancias patrimoniais derivadas de axudas públicas de reducida contía, co fin de evitar que a percepción de tales axudas obrigue o contribuínte a presentar declaración polo imposto, cos efectos económicos que tal obrigação comporta e, por outra, elévase o limiar inferior da obrigação de declarar establecido para os perceptores de rendementos do traballo como consecuencia da mellora da redución por obtención de rendementos do traballo anteriormente comentada.

No ámbito do imposto sobre sociedades modifícase a redución das rendas procedentes de determinados activos intanxibles e o seu réxime transitorio, para adaptar a súa regulación aos acordos adoptados no seo da Unión Europea e da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) respecto aos réximes coñecidos como «patent box», en particular para observar o establecido no informe relativo á acción 5 do coñecido como Plan BEPS da OCDE, informe que recolle o chamado «nexus approach» (criterio do nexo) como criterio para configurar un réxime preferencial de intanxibles que non resulte prexudicial conforme este estándar internacional.

Ademais, exceptúanse as entidades de capital risco da obrigação de efectuar o pagamento fraccionado mínimo aplicable ás grandes empresas, no que se refire ás súas rendas exentas, o que permitirá corrixir a actual asimetría respecto ao tratamento dado a outras entidades con baixa tributación.

No imposto sobre o patrimonio, co obxecto de contribuír á redución do déficit público prorrogase durante o ano 2018 a exixencia do seu gravame.

No imposto sobre o valor engadido destaca a rebaixa do tipo impositivo aplicable á entrada ás salas cinematográficas, que pasa de tributar do 21 ao 10 por cento.

En materia de exencións, modifícase a exención polos servizos prestados directamente aos seus membros por unións, agrupacións ou entidades autónomas, para axustar a súa regulación ao dereito da Unión Europea.

A recente aprobación da Directiva (UE) 2017/2455 do Consello, do 5 de decembro de 2017, pola que se modifican a Directiva 2006/112/CE e a Directiva 2009/132/CE no referente a determinadas obrigações respecto do imposto sobre o valor engadido para as prestacións de servizos e as vendas a distancia de bens, modificou a Directiva harmonizada do IVE no referente ás regras de tributación dos servizos prestados por vía electrónica, de telecomunicacións e de radiodifusión e televisión, cando o destinatario non sexa un empresario ou profesional que actúe como tal.

Desta forma, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2019, para reducir as cargas administrativas e tributarias que supón, para as microempresas establecidas nun único Estado membro que prestan estes servizos de forma ocasional a consumidores finais doutros Estados membros, tributar por estas prestacións no Estado membro onde estea

establecido o consumidor destinatario do servizo, establécese un limiar común a escala comunitaria de ata 10.000 euros anuais que, de non ser superado, implicará que estas prestacións de servizos sigan estando suxeitas ao imposto sobre o valor engadido no seu Estado membro de establecemento.

Por outra parte, para favorecer o cumprimento voluntario das obrigacións tributarias e a posibilidade de acollerse aos sistemas simplificados de portelo único, suprímese desde o 1 de xaneiro de 2019 a limitación actualmente existente de que os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade pero rexistrados para efectos do IVE nun Estado membro, por exemplo porque realizan ocasionalmente operacións suxeitas ao IVE no dito Estado membro, non poden utilizar nin o réxime especial aplicable aos empresarios non establecidos na Comunidade nin o réxime especial aplicable para os empresarios ou profesionais establecidos na Comunidade.

En consecuencia, procede modificar a normativa interna no referente ás regras que determinan a localización no territorio de aplicación do imposto destes servizos prestados por vía electrónica, de telecomunicacións e de radiodifusión e televisión e a regulación do réxime especial aplicable aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica por empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade.

No imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados actualízase a escala que grava a transmisión e rehabilitación de grandezas e títulos nobiliarios ao 1 por cento.

Coa dobre excepción das apostas mutuas deportivo-benéficas do Estado e das combinacións aleatorias, en todos os demais supostos de xogos a base queda constituída polos ingresos netos de premios, sobre os cales se aplica un tipo de gravame único, co que se logrará unha maior atracción das operadoras de xogo para realizar as súas actividades no marco legal polo que se evitarán as actuacións ilegais que aínda se producen neste sector. Ademais, eliminará calquera discriminación fiscal entre os diversos tipos de xogo en liña co criterio de non discriminación entre estes que sostén a Comisión Europea.

Adicionalmente, co obxectivo de contribuír a atenuar os efectos da súa singularidade territorial, establécense os tipos exhibibles nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla cunha bonificación do 50 por cento, de forma similar ao exixido no resto de España para os demais tributos do sistema fiscal español.

En materia de impostos especiais intégrase o tipo impositivo autonómico do imposto sobre hidrocarburos no tipo estatal especial co obxecto de garantir a unidade de mercado no ámbito dos combustibles e carburantes, sen que esta medida supoña un menoscabo dos recursos das comunidades autónomas, e todo iso dentro do marco normativo comunitario.

Ademais, a aplicación de determinados beneficios fiscais tanto no imposto sobre hidrocarburos como no imposto especial sobre o carbón atense ao cumprimento das condicións que regulamentariamente se establezan, co obxecto de asegurar que os ditos beneficios fiscais foron correctamente aplicados, certeza que só existe cando se verifica o seu consumo nun uso autorizado.

Por outra parte, introdúcese unha exención na fabricación e importación de biogás que se destine á produción de electricidade en instalacións de produción de enerxía eléctrica ou á coxeración de electricidade e calor ou ao seu autoconsumo nas instalacións onde se xerasen, o que facilita o cumprimento de obxectivos de natureza ambiental.

No imposto especial sobre a electricidade adóptanse diversas medidas, entre as cales cabe destacar a introdución dun incentivo económico para que se utilice a electricidade da rede terrestre e se diminúa así a contaminación atmosférica das cidades portuarias derivada do transporte, medida que, por mor do ordenamento comunitario, fai preciso condicionar a súa entrada en vigor á concesión da autorización do Consello Europeo.

Tamén se leva a cabo unha serie de axustes técnicos, tanto para adecuar a normativa do imposto á modificación anterior como para aclarar a aplicación dos tipos impositivos mínimos e para que a exención que na redacción do derogado imposto sobre a

electricidade recaía sobre os titulares de instalacións acollidas ao réxime especial siga recaendo sobre os mesmos suxeitos.

No ámbito do imposto sobre os gases fluorados de efecto invernadoiro rebáixanse os tipos impositivos situándoos nun valor que reflicte as últimas previsións de prezo para o período 2020-2030 das emisións de CO₂.

Ao mesmo tempo, actualízanse os potenciais de quecemento atmosférico dos gases obxecto do imposto tomando como referencia a última actualización recollida na normativa comunitaria.

Finalmente, para fomentar a rexeneración e a reciclaxe dos gases, redúcese o tipo impositivo que lle resulta de aplicación a estes gases.

En materia de tributos locais introdúcense varias modificacións nas tarifas do imposto sobre actividades económicas.

En primeiro lugar, para adaptar o seu contido á situación actual da fabricación dos produtos que clasifican e, con iso, outorgar unha maior seguridade xurídica. En segundo termo, para suprimir a redución do 50 por cento da cota en favor da Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos S.A., por ser incompatible coa situación actual de liberalización do sector de servizos postais e a normativa comunitaria. E, por último, para incluír dentro das facultades que se recoñecen na regra 4.^a da instrución a de prestar aos clientes, por conta das entidades financeiras cuxa actividade estea clasificada nos grupos 811 e 812 da sección primeira das tarifas, o servizo combinado de retirada de efectivo e pagamento polos bens ou servizos adquiridos (servizo de «cashback»).

Polo que se refire ás taxas, actualízanse, con carácter xeral, os tipos de contía fixa das taxas da Facenda estatal, excepto as que se creasen ou actualizasen especificamente por normas ditadas desde o 1 de xaneiro de 2017.

As taxas exixibles pola Xefatura Central de Tráfico axustaranse ao múltiplo de 10 céntimos de euro inmediato superior, excepto cando o importe para axustar sexa múltiplo de 10 céntimos de euro.

Minóranse nun 50 por cento os importes das taxas sobre o xogo, recollidas no Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas, minoración cuxa finalidade é trasladar ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla os beneficios fiscais que se recollen noutros impostos para elas.

Non se modifica a contía da taxa de regularización catastral.

Mantense con carácter xeral a cuantificación dos parámetros necesarios para determinar o importe da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.

Tamén se manteñen para 2018 as contías básicas das taxas portuarias. Establécense as bonificacións e os coeficientes correctores aplicables nos portos de interese xeral ás taxas de ocupación, do buque, da pasaxe e da mercadoría, de acordo co disposto no texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.

VIII

O título VII estrutúrase en dous capítulos, dedicados, respectivamente, a entidades locais e comunidades autónomas.

Dentro do capítulo I contéñense normas relativas ao financiamento das entidades locais, englobando os municipios, provincias, cabidos e consellos insulares, así como comunidades autónomas uniprovinciais.

O núcleo fundamental está constituído pola articulación da participación das entidades locais nos tributos do Estado, tanto na determinación da súa contía como na forma de facela efectiva. Cabe destacar como instrumento a participación, mediante cesión, na recadación de determinados impostos como o IRPF, IVE e os impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas, sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco; a participación a través do Fondo Complementario de Financiamento con atención específica ás compensacións ás entidades locais por perdas de recadación no imposto sobre actividades económicas, así como á participación no Fondo de Achea á Asistencia

Sanitaria para o mantemento dos centros sanitarios de carácter non psiquiátrico das deputacións, comunidades autónomas insulares non provinciais e consellos e cabidos insulares.

Así mesmo, recóllese a regulación dos réximes especiais de participación de Ceuta e Melilla, das entidades locais das illas Canarias, así como o relativo ás entidades locais dos territorios históricos do País Vasco e Navarra.

Non obstante, esta regulación complétase con outras transferencias, constituídas por subvencións por servizos de transporte colectivo urbano, compensación aos concellos dos beneficios fiscais concedidos ás persoas físicas ou xurídicas nos tributos locais, en cumprimento do previsto no artigo 9 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O capítulo II regula determinados aspectos do financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das cidades con estatuto de autonomía.

O sistema de financiamento vixente no ano 2018 foi aprobado polo Consello de Política Fiscal e Financeira na súa reunión do 15 de xullo de 2009 e incorporado ao ordenamento xurídico mediante a modificación da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas e a aprobación da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Os recursos financeiros que o sistema asigna para a cobertura das necesidades globais de financiamento de cada comunidade autónoma están constituídos polo Fondo de Suficiencia Global, a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais e a capacidade tributaria. O orzamento de gastos do Estado recolle o Fondo de Suficiencia Global e a achega do Estado ao Fondo de Garantía. A recadación dos tributos que o Estado lles cedeu total ou parcialmente, porén, pola súa natureza, non teñen reflexo nos orzamentos xerais do Estado.

Ademais, para favorecer a converxencia entre comunidades autónomas e o desenvolvemento daquelas que teñan menor renda per cápita, a Lei 22/2009 regula dous fondos de converxencia autonómica dotados con recursos adicionais do Estado: o Fondo de Competitividade e o Fondo de Cooperación.

Por outra parte, no ano 2018 practícarase a liquidación do sistema de financiamento correspondente a 2016; no indicado capítulo regúlanse os aspectos necesarios para a súa cuantificación.

Regúlase no citado capítulo o réxime de transferencia no ano 2018 correspondente ao custo efectivo dos servizos asumidos polas comunidades autónomas, así como o contido mínimo dos reais decretos que aproben as novas transferencias.

Por último, recóllese a regulación dos fondos de compensación interterritorial, distinguindo entre Fondo de Compensación e Fondo Complementario. Ambos os fondos teñen como destino o financiamento de gastos de investimento por parte das comunidades autónomas. Non obstante, o Fondo Complementario pode destinarse ao financiamento de gastos de posta en marcha ou funcionamento dos investimentos realizados con cargo á sección 33 dos orzamentos xerais do Estado.

IX

A Lei de orzamentos xerais do Estado contén no título VIII, baixo a rúbrica «Cotizacións sociais», a normativa relativa ás bases e tipos de cotización dos distintos réximes da Seguridade Social, que actualiza.

O título consta de dous artigos relativos, respectivamente, a «Bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional durante o ano 2018» e «Cotización a dereitos pasivos e ás mutualidades xerais de funcionarios para o ano 2018».

X

O contido da Lei de orzamentos complétase con diversas disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e derradeiras, en que se recollen preceptos de índole moi variada. Non obstante, para unha mellor sistematización, agrupáronse por materias e por referencia aos títulos da lei correspondentes. Entre outras disposicións que recolle a lei podemos sinalar as que seguen.

Como normas complementarias en relación coa xestión orzamentaria, mantense a previsión de que a subscripción de convenios por parte do sector público estatal con comunidades autónomas que incumprisen o seu obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto nos termos que se indican exixirá informe favorable, preceptivo e vinculante do Ministerio de Facenda e Función Pública, sempre que supoñan transferencia de recursos estatais ou impliquen un compromiso de realización de gasto ou se dean ambas as circunstancias asemade.

Inclúense disposicións en materia de xestión orzamentaria relativas aos préstamos e anticipos financiados con cargo aos orzamentos xerais do Estado coa finalidade de atender o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e recóllese a imputación das operacións de gasto do orzamento prorrogado aos orzamentos xerais do Estado para 2018.

Prevese que o Goberno, logo de informe da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, conceda un préstamo ata o importe máximo anual que se indica á Tesouraría da Seguridade Social, co obxecto de proporcionar cobertura adecuada ás obrigacións da Seguridade Social e posibilitar o seu equilibrio orzamentario, cuxa cancelación se producirá nun prazo máximo de dez anos a partir de 2019.

Inclúese unha disposición para asegurar a correcta absorción do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) para o período 2014-2020.

Autorízase o Instituto Nacional de Administración Pública a traspasar da parte afectada do remanente de tesouraría ao seu compoñente non afectado nos importes non utilizados a final do exercicio 2017, ata un límite máximo de 302.410,00 euros, nos termos que se fixan.

Amplíase o prazo para a cancelación de préstamos outorgados á Seguridade Social. Regúlase, ademais, o financiamento das actuacións que desenvolverán as comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria a través do oportuno convenio de colaboración para o control e seguimento da incapacidade temporal. Regúlase o pagamento de débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias cuxa titularidade teñan as administracións públicas ou institucións sen ánimo de lucro, que poderán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a ampliación da carencia concedida nos termos que se establecen. Ademais, inclúense normas de execución orzamentaria do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial, así como os préstamos e anticipos con cargo a créditos da política de investigación, desenvolvemento e innovación, que non requirirán autorización cando o tipo de xuro sexa igual ou superior ao euríbor a un ano.

Establécese a porcentaxe de afectación a fins dos recursos obtidos pola Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, que será do 50 por cento.

Prevese que poderán xerar crédito os ingresos que se produzan durante o exercicio orzamentario, derivados das devolucións e reintegros de bolsas e axudas para formación, perfeccionamento e mobilidade de profesores, así como os derivados dos reintegros e devolucións de bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

Recóllese un réxime de pagamentos da última convocatoria de axudas á amortización de longametraxes e, en apoio á mobilidade eficiente enerxeticamente e sustentable, habilítase o Goberno para establecer un sistema de axudas.

Como é habitual, establécese tamén a subvención estatal anual para gastos de funcionamento e seguridade de partidos políticos para 2018, de conformidade co disposto na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

Polo que se refire ao ámbito dos gastos de persoal, fíxanse nas adicionais da lei o límite máximo para a oferta de emprego público para o acceso ás carreiras xudicial e

fiscal, así como os cadros de persoal máximos de militares profesionais de tropa e mariñeiría para alcanzar en 31 de decembro de cada exercicio.

Ademais, prevese unha oferta extraordinaria no ano 2018 para a entidade pública empresarial Enaire, que será de 70 prazas adicionais ás que lle correspondan conforme as regras desta lei, e para o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) que será de 183 prazas, tamén adicionais ás que corresponden conforme esta lei. Prevese tamén unha oferta extraordinaria para a escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Prevese que a Sociedad Estatal Servicios y Estudios para la Navegación Aérea y la Seguridad Aeronáutica S.M.E. M.P. S.A. (SENASA) poida subscribir en 2018, con carácter extraordinario, 109 contratos laborais indefinidos, logo de autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública. De igual modo, a sociedade mercantil estatal Instituto Nacional de Ciberseguridad de España S.A. M.P. poderá subscribir, con carácter extraordinario, setenta contratos laborais indefinidos, nun plan a tres anos, logo de autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Establécese que as modificacións dos cadros de persoal de persoal estatutario dos centros e servizos sanitarios de organismos dependentes da Administración xeral do Estado serán aprobadas logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

Regúlase a posibilidade, coas limitacións e requisitos que se determinan, de que as sociedades mercantís públicas, as entidades públicas empresariais a que se refire o artigo 18 punto un da Lei de orzamentos e as fundacións do sector público e consorcios poidan contratar novo persoal. Para as sociedades e entidades públicas empresariais que xestionen servizos públicos ou realicen actividades integradas nos sectores declarados prioritarios establécese que terán como máximo a mesma taxa de reposición que corresponda ao sector prioritario de que se trate.

O número de postos de persoal directivo existentes no ámbito do sector público estatal non se poderá incrementar respecto ao ano anterior, ben que se prevé que as sociedades mercantís estatais e entidades públicas empresariais que presenten beneficios en dous dos últimos tres exercicios e se encontren nun proceso de expansión, como as fundacións do sector público estatal que presenten resultado orzamentario positivo en dous dos últimos tres exercicios, poderán incrementar o número de directivos logo de autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

Tamén se actualizan as retribucións aos cargos directivos e demais persoal das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e dos seus centros mancomunados, así como os módulos para a compensación económica pola actuación de xuíces de paz e secretarios de xulgados de paz.

Mantense en materia de réxime retributivo dos membros das corporacións locais o límite máximo total que poden percibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios a que, de ser o caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais.

Así mesmo, mantense suspendido durante este exercicio o disposto no artigo 26.3 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo, relativas ao persoal destinado no estranxeiro.

Prevese unha serie de normas dirixidas a lograr un maior control na xestión dos gastos de persoal, en relación cos incentivos ao rendemento das axencias estatais.

Introdúcese a posibilidade, nos termos que se recollen, para o persoal militar de solicitar a modificación da súa situación administrativa pola de servizos na Administración civil regulada no artigo 113 bis da Lei da carreira militar.

Habilítanse as administracións e o resto de entidades que integran o sector público que non aboasen a totalidade das cantidades efectivamente deixadas de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de

decembro de 2012, por aplicación do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, a aprobar a dita devolución, tendo en conta a súa situación económico-financeira.

Regúlase o restablecemento das retribucións minoradas en contías non previstas nas normas básicas do Estado e mantense a existencia de responsabilidades nas administracións públicas e entidades dependentes delas pola utilización da contratación laboral.

Finalmente, polo que se refire a esta materia, establécese como norma de peche que calquera actuación que propoñan os departamentos ministeriais durante o exercicio non poderá supor aumento neto dos gastos de persoal ao servizo da Administración nos termos que se recollen.

En relación coas pensións públicas e prestacións asistenciais, establécese as contías das prestacións familiares da Seguridade Social, dos subsidios económicos recollidos no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e as pensións asistenciais e fíxase a actualización das prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, ás persoas de orixe española desprazadas ao estranxeiro durante a Guerra Civil. Así mesmo, introdúcese normas relativas ao incremento das prestacións por grande invalidez do réxime especial das Forzas Armadas e fíxase a contía para o ano 2018 das axudas sociais aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH).

Mantense o aprazamento da aplicación da disposición adicional vixésimo oitava da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

As normas de índole económica refírense, en primeiro lugar, ao xuro legal do diñeiro, ao xuro de demora e ao xuro de demora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Recóllense os preceptos relativos á garantía do Estado para obras de interese cultural cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e dos seus organismos adscritos.

En relación coa cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española, establécese o límite máximo de cobertura para nova contratación que pode asegurar e distribuír CESCE durante a vixencia desta lei en 9.000.000,00 miles de euros, excluídas as pólizas abertas de curto prazo, salvo as de créditos documentarios. Prevese a dotación dos fondos de fomento ao investimento español con interese español no exterior.

Autorízase o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a prestar avais no exercicio 2018 ata 50.000,00 miles de euros, con cargo ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética (FNEE), para cubrir o 50 % do risco dos préstamos concedidos con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO). Autorízase a Secretaría de Estado de Turismo a prestar avais no exercicio 2018 ata 15.000,00 miles de euros, con cargo ao Fondo Financeiro do Estado para a Modernización das Infraestruturas Turísticas (FOMIT), para a cobertura do 50 % do risco dos préstamos concedidos a empresas do sector da hostalaría con cargo a fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO).

Co obxecto de redistribuír os recursos do conxunto dos consorcios de zona franca, créase o Fondo de compensación dos consorcios de zona franca.

Por outra parte, ten o seu oportuno reflexo nas disposicións adicionais da lei o apoio á investigación científica e ao desenvolvemento tecnolóxico. Así, fíxase o importe máximo da liña de apoio a proxectos empresariais de empresas de base tecnolóxica creada polo punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas de estímulo ao aforro familiar e á pequena e mediana empresa, que se fixa en 20.500,00 miles de euros. Regúlase o apoio financeiro a pequenas e medianas empresas cunha dotación de 57.500,00 miles de euros á liña de financiamento prevista na disposición adicional vixésimo quinta da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado de 2005. Ademais, regúlase tamén o apoio aos emprendedores mozos,

onde se prevé unha achega de 20.500,00 miles de euros á liña de financiamento creada na disposición adicional vixésimo terceira da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

Prevese a dotación do Fondo de apoio para a promoción e desenvolvemento de infraestruturas e servizos do Sistema de autonomía e atención á dependencia.

Prevese a necesaria autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública por parte da entidade pública ADIF-Alta Velocidad para levar a cabo as operacións de endebedamento, calquera que sexa a forma en que estas se formalicen, co fin de garantir a adecuación á nova normativa reguladora do Sistema europeo de contas nacionais, así como o cumprimento dos obxectivos e compromisos adquiridos en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

No ámbito tributario, establécense as actividades prioritarias de mecenado e régulanse os beneficios fiscais aplicables a diversos acontecementos que se cualifican como de excepcional interese público. Ademais, en prol da observancia da normativa alfandegueira comunitaria e da actualización e entrada en funcionamento de diferentes zonas francas en España, procede dotar os consorcios destas de recursos que melloren a súa suficiencia financeira e, en particular, da recadación do imposto sobre sociedades, correspondente aos suxeitos pasivos do dito tributo establecidos nas zonas francas, con exclusión das retencións e ingresos á conta.

Establécense as porcentaxes de afectación da recadación das taxas de expedición do documento nacional de identidade e pasaportes ao financiamento das actividades desenvolvidas pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, en cumprimento das encomendas de xestión realizadas polos centros do Ministerio do Interior para a expedición dos indicados documentos.

Prevese a transferencia á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para compensar a redución de ingresos no sistema eléctrico consecuencia da eliminación da peaxe 6.1.b).

Mantense a suspensión da aplicación de determinados preceptos da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Por outro lado, suspéndese durante o exercicio 2018 a aplicación do previsto no artigo 2 ter.4 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Recóllense as disposicións relativas á asignación de cantidades a actividades de interese xeral consideradas de interese social. Autorízanse os pagamentos á conta polos servizos de proximidades e rexionais traspasados á Generalitat de Cataluña.

Coa finalidade de garantir o desenvolvemento económico das comarcas mineiras, prevese a promoción de convenios marco de colaboración entre o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e as comunidades autónomas afectadas polo peche da minaría do carbón.

Polo que se refire ao financiamento dos entes territoriais, quedan fixados os criterios para o cálculo do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado a que se refire o capítulo I do título VII desta lei de orzamentos xerais do Estado, así como os criterios para o cálculo do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado para a liquidación da participación das entidades locais en tributos do Estado do ano 2016.

Regúlase igualmente a concesión de subvencións nominativas destinadas ao financiamento do transporte público regular de viaxeiros de Madrid, Barcelona e as illas Canarias. Tamén neste exercicio se mantén unha disposición adicional que establece os criterios para a práctica de deducións ou retencións dos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía efectuadas de conformidade coa normativa vixente. E inclúese unha bonificación no imposto sobre bens inmobles para Lorca, Murcia.

Regúlase a instrumentación operativa dos pagamentos por compensación da cota vasca, que se efectuará por importes brutos.

Determínase o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para 2018. Regúlase nunha adicional a axuda económica de acompañamento a mozos inscritos no

Sistema nacional de garantía xuvenil que subscriban un contrato para a formación e a aprendizaxe e prevese a bonificación por conversión en indefinidos dos contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos con mozos beneficiarios da axuda económica de acompañamento.

Por outro lado, mantense a bonificación do 50 por cento na cotización empresarial nos supostos de cambio de posto de traballo por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural, así como nos supostos de enfermidade profesional.

Por ser necesario acompañar a expansión do sector do turismo e sectores vinculados a el con medidas de apoio á contratación, establécense medidas de apoio á prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos descontinuos nos sectores de turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística.

Polo que respecta ao Servizo Público de Emprego Estatal, recóllense as regras relativas á xestión por parte deste dos servizos e programas previstos na letra h) do artigo 18 do texto refundido da Lei de emprego, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro.

Por outra parte, prevese a aplicación dos fondos provenientes da cota de formación profesional ao financiamento da formación profesional para o desemprego, co obxecto de impulsar e estender entre as empresas e os traballadores e desempregados unha formación que responda ás súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.

Por outro lado, declárase aplicable para o 2018 a prórroga nun ano do prazo previsto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, en relación co Inventario de bens mobles da Igrexa, recoñecida na disposición adicional nonaxésimo quinta da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2016.

Regúlanse as achegas para o financiamento do sector eléctrico no exercicio 2018.

Decláranse de interese xeral as obras de infraestruturas rurais, consistentes na realización dos camiños naturais que se indican, así como de determinadas obras de infraestruturas hidráulicas con destino a rega e de obras de abastecemento que se indican.

Inclúese a dotación do Fondo de Provisións Técnicas asociadas á Rede Cervera.

Declárase a extinción do organismo autónomo Consello Superior da Xuventude de España a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Introdúcese como novidade a comunicación do inicio de actuacións mediante réxime de tramitación de emerxencia por parte do órgano de contratación á Intervención Delegada cuxa competencia orgánica ou territorial se corresponda coa da autoridade que deba aprobar o gasto necesario para facer fronte á dita actuación.

Tamén se prevé, como novidade, que a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Función Pública ou a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, en función das súas respectivas competencias, emita unha certificación da determinación do dano en procedementos de responsabilidade patrimonial por encadramentos indebidos no sector público.

Prevese a posibilidade de convocar procedementos para a concesión de axudas ao investimento para instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables conectadas ao sistema eléctrico, con cargo ao superávit eléctrico xerado ata a entrada en vigor da presente lei, en proxectos susceptibles de seren cofinanciados con fondos Feder cunha contía máxima con cargo ao sistema eléctrico de 60 millóns de euros.

Prevese de forma excepcional para o ano 2018 que os superávits de ingresos do sistema eléctrico poidan destinarse ao pagamento de indemnizacións en execución de resolucións de litixios derivados de normativa do sector eléctrico que se deban levar a cabo con cargo aos orzamentos xerais do Estado ou con cargo ao sistema eléctrico. Ademais, prevese a posibilidade de que os superávits de ingresos do sistema eléctrico se poidan destinar á amortización de débeda do sistema ou, alternativamente, se poidan integrar como ingreso periodificado en varios anos no sistema eléctrico con efectos equivalentes aos de amortización da débeda referida.

Co obxecto de mellorar e coordinar as políticas de protección social impulsadas polas diferentes administracións públicas, créase a tarxeta social universal como sistema de información. Por último, cómpre salientar a disposición dedicada á xornada de traballo no sector público.

A lei contén unha disposición adicional, a quincuaxésimo primeira, relativa ao incremento adicional das pensións. A citada disposición adicional prevé un incremento excepcional para as pensións públicas para os anos 2018 e 2019, sen esquecer que a Comisión de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo é a encargada de analizar a situación do sistema da Seguridade Social e establecer as recomendacións que permitan garantir a súa sustentabilidade financeira a medio e longo prazo.

Os incrementos das pensións fanse posibles nun contexto de crecemento económico e polo cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Mentres non se alcancen os acordos no seo da Comisión de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo que garantan a eliminación do déficit do sistema da Seguridade Social, establécese un réxime transitorio de incremento das pensións para os anos 2018 e, de ser o caso, 2019.

Contéñense diversas disposicións transitorias relativas, por un lado, á indemnización por residencia do persoal ao servizo do sector público estatal, aos complementos persoais e transitorios; ao Rexistro de Prestacións Sociais Públicas; ás reclamacións económico-administrativas en materia de clases pasivas; á modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo; á taxa xeral de operadores de telecomunicacións e á prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas e organismos e entidades públicas dependentes delas.

Ademais, o réxime de matrícula turística regula determinados beneficios fiscais que non encontran actualmente abeiro legal ningún nin na normativa do imposto sobre o valor engadido nin na normativa alfandegueira, é de difícil control, posto que os titulares do dito réxime son non residentes, e non cumpre os obxectivos para os que foi creado: fomentar a venda de vehículos nacionais, xa que actualmente o número de vehículos e embarcacións acollidos ao réxime é moi escaso e a maioría dos beneficiarios do réxime son titulares de medios de transporte non fabricados en España.

Polas razóns expostas derrógase o citado réxime, ben que se considera preciso establecer un período transitorio para aqueles vehículos e embarcacións que no momento da entrada en vigor desta lei estean amparados en matrícula turística.

Polo demais e respecto ás disposicións derogatorias, recóllese a derogación da disposición adicional segunda do Real decreto lei 7/1993, do 21 de maio, de medidas urxentes de adaptación e modificación do imposto sobre o valor engadido, do imposto especial sobre determinados medios de transporte, do imposto xeral indirecto canario, do arbitrio sobre a produción e importación nas illas Canarias e da tarifa especial do arbitrio insular á entrada de mercadorías; do Real decreto 1571/1993, do 10 de setembro, polo que se adapta a Regulamentación da matrícula turística ás consecuencias da harmonización fiscal do mercado interior; do artigo 72 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro; a supresión do punto 1.c) da disposición adicional décimo primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e a derogación da disposición adicional septuaxésimo primeira da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

A lei péchase cun conxunto de disposicións derradeiras, en que se recollen as modificacións realizadas a varias normas legais. En particular, a lei acomete a modificación da Lei 4/1986, do 8 de xaneiro, de cesión de bens do patrimonio sindical acumulado; do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril; do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo; da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual; da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público; da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de

asistencia xurídica ao Estado; da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico; do Real decreto legislativo 1/1999, do 23 de decembro, polo que se adecúa a normativa do recurso previsto no parágrafo terceiro da base 9.^a do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos ao sistema tributario vixente; do texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño; da disposición adicional 10.^a do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño; da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades; da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea; da Lei 33/2003, do 3 de novembro, xeral do patrimonio das administracións públicas; da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo; da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeira; da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar; do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro; da Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición; da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012; da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións; da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015; do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e modificación do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro; da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario; da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016; do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro; da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017.

A lei finaliza coa tradicional disposición relativa á habilitación ao Goberno para levar a cabo o desenvolvemento regulamentario que requira a presente lei.

TÍTULO I

Da aprobación dos orzamentos e das súas modificacións

CAPÍTULO I

Créditos iniciais e financiamento destes

Artigo 1. *Ámbito dos orzamentos xerais do Estado.*

Nos orzamentos xerais do Estado para o exercicio do ano 2018 intégranse:

a) Os orzamentos con carácter limitativo das seguintes entidades:

1. Do Estado.
2. Dos organismos autónomos.
3. Das integrantes do sistema da Seguridade Social.
4. Do resto de entidades do sector público estatal a que resulte de aplicación o réxime de especificacións e de modificacións regulado na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou cuxa normativa específica confira ao seu orzamento carácter limitativo.

b) Os orzamentos con carácter estimativo das seguintes entidades:

1. Das entidades públicas empresariais, das sociedades mercantís estatais, das fundacións do sector público estatal e do resto de entidades do sector público estatal que aplican os principios e as normas de contabilidade recollidos no Código de comercio e no Plan xeral de contabilidade da empresa española, así como nas súas adaptacións e disposicións que o desenvolven.

2. Dos consorcios, das universidades públicas non transferidas, dos fondos sen personalidade xurídica e das restantes entidades de dereito público do sector público administrativo estatal con orzamento estimativo.

Artigo 2. *Da aprobación dos estados de gastos e ingresos das entidades referidas na letra a) do artigo 1 da presente lei con orzamento limitativo.*

Un. Para a execución dos programas integrados nos estados de gastos dos orzamentos das entidades mencionadas na letra a) do artigo anterior apróbanse créditos nos capítulos económicos I a VIII por importe de 368.369.027,86 miles de euros, segundo a distribución por programas detallada no anexo I desta lei. A agrupación por políticas dos créditos destes programas é a seguinte:

	Miles de euros
Xustiza.	1.780.744,41
Defensa.	8.400.561,54
Seguridade cidadá e institucións penitenciarias.	8.418.138,71
Política exterior.	1.581.443,50
Pensións.	144.834.305,66
Outras prestacións económicas.	14.388.365,95
Servizos sociais e promoción social.	2.630.336,56
Fomento do emprego.	5.716.143,35
Desemprego.	17.702.180,62
Acceso á vivenda e fomento da edificación.	481.242,38
Xestión e administración da Seguridade Social.	17.296.740,17
Sanidade.	4.253.251,86
Educación.	2.581.904,73
Cultura.	856.152,14
Agricultura, pesca e alimentación.	7.500.180,83
Industria e enerxía.	5.768.827,92
Comercio, turismo e pemes.	896.202,75
Subvencións ao transporte.	2.148.762,09
Infraestruturas.	5.656.508,44
Investigación, desenvolvemento e innovación.	7.050.074,76
Outras actuacións de carácter económico.	639.474,99
Órganos constitucionais, Goberno e outros.	681.462,60
Servizos de carácter xeral.	24.658.607,36
Administración financeira e tributaria.	1.389.528,85
Transferencias a outras administracións públicas.	49.510.401,92
Débeda pública.	31.547.483,77

Dous. Nos estados de ingresos das entidades a que se refire o punto anterior, recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevé liquidar durante o exercicio orzamentario. A distribución do seu importe consolidado, expresado en miles de euros, recóllese a seguir:

Entes	Capítulos económicos		
	Capítulos I a VII Ingresos non financeiros	Capítulo VIII Activos financeiros	Total ingresos
Estado	140.710.012,71	1.779.223,76	142.489.236,47
Organismos autónomos	35.665.187,72	664.307,09	36.329.494,81
Seguridade Social	116.178.366,43	5.066.813,95	121.245.180,38
Resto de entidades do sector público administrativo con orzamento limitativo	644.692,62	194.606,88	839.299,50
Total	293.198.259,48	7.704.951,68	300.903.211,16

Tres. Para as transferencias internas entre as entidades a que se refire o punto un deste artigo, apróbanse créditos por importe de 28.752.569,12 miles de euros coa seguinte desagregación por entidades:

Miles de euros

Transferencias segundo orixe	Transferencias segundo destino				
	Estado	Organismos autónomos	Seguridade Social	Resto de entidades do sector público administrativo con orzamento limitativo	Total
Estado	-	2.351.731,84	14.893.811,13	6.639.811,07	23.885.354,04
Organismos autónomos	319.370,56	70.659,71	-	1.918,46	391.948,73
Resto de entidades do sector público administrativo con orzamento limitativo	104.502,72	1.183,14			105.685,86
Seguridade Social	172.890,96	16.332,50	4.180.357,03		4.369.580,49
Total	596.764,24	2.439.907,19	19.074.168,16	6.641.729,53	28.752.569,12

Catro. Os créditos incluídos nos programas e transferencias entre subsectores dos estados de gastos aprobados neste artigo distribúense orgánica e economicamente, expresados en miles de euros, segundo se indica a continuación:

Entes	Capítulos económicos		
	Capítulos I a VII Gastos non financeiros	Capítulo VIII Activos financeiros	Total gastos
Estado	157.934.519,22	38.819.694,57	196.754.213,79
Organismos autónomos	38.739.251,05	7.698,07	38.746.949,12
Seguridade Social	152.564.538,64	1.584.866,40	154.149.405,04
Resto de entidades do sector público administrativo con orzamento limitativo	7.469.073,02	1.956,01	7.471.029,03
Total	356.707.381,93	40.414.215,05	397.121.596,98

Cinco. Para a amortización de pasivos financeiros apróbanse créditos no capítulo IX dos estados de gastos das entidades a que se refire o punto un, por importe de 81.416.056,11 miles de euros, cuxa distribución por programas se detalla no anexo I desta lei.

Artigo 3. Dos beneficios fiscais.

Os beneficios fiscais que afectan os tributos do Estado estímense en 34.825.110,00 miles de euros. A súa ordenación sistemática incorpórase como anexo ao estado de ingresos do Estado.

Artigo 4. Do financiamento dos créditos aprobados no artigo 2 da presente lei.

Os créditos aprobados no punto un do artigo 2 desta lei, que ascenden a 368.369.027,86 miles de euros, financiaranse:

- a) Cos dereitos económicos para liquidar durante o exercicio, que se detallan nos estados de ingresos correspondentes e que se estiman en 300.903.211,16 miles de euros; e
- b) co endebedamento neto resultante das operacións que se regulan no capítulo I do título V desta lei.

Artigo 5. Dos orzamentos das entidades referidos na letra b) do artigo 1 desta lei con orzamento estimativo.

Un. Apróbanse os orzamentos das entidades de dereito público que aplican os principios e normas de contabilidade recollidos no Código de comercio e no Plan xeral de contabilidade da empresa española, así como nas súas adaptacións e disposicións que o desenvolven, que se especifican no anexo IX, nos cales se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a estes e aos seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, poidan conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Dous. Apróbanse os orzamentos das sociedades mercantís estatais, que recollen as súas estimacións de gastos e previsións de ingresos, presentados de forma individualizada ou consolidados co grupo de empresas a que pertencen, relacionándose neste último caso as sociedades obxecto de presentación consolidada. Sen prexuízo do anterior, inclúense, en calquera caso, de forma separada os das sociedades mercantís estatais que reciben subvencións con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Tres. Apróbanse os orzamentos das fundacións do sector público estatal, que recollen as súas estimacións de gastos e previsións de ingresos, que se relacionan no anexo X.

Catro. Apróbanse os orzamentos dos fondos sen personalidade xurídica, que se relacionan no anexo XI, en que se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a eles e aos seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, poidan conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Cinco. Apróbanse os orzamentos dos consorcios e das restantes entidades do sector público administrativo estatal con orzamento estimativo, que se relacionan no anexo VIII, en que se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a elas e aos seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, poidan conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Artigo 6. Orzamento do Banco de España.

De acordo co previsto no artigo 4.2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, apróbase o orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España, que se une a esta lei.

CAPÍTULO II

Normas de modificación e execución de créditos orzamentariosArtigo 7. *Principios xerais.*

Durante a vixencia destes orzamentos, as modificacións dos créditos orzamentarios autorizados nesta lei ateranse ás seguintes regras:

Primeira. As modificacións de créditos orzamentarios axustaranse ao disposto nesta lei e ao que para o efecto se dispón na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, nos aspectos que non resulten modificados por aquela.

Segunda. Con independencia dos niveis de vinculación establecidos nos artigo 43 e 44 da Lei xeral orzamentaria, todo acordo de modificación orzamentaria deberá indicar expresamente a sección, servizo ou órgano público a que se refira, así como o programa, artigo, concepto e subconcepto, de ser o caso, afectados por ela.

Terceira. As transferencias de crédito e os libramentos que se realicen entre ou con cargo aos artigos 40 a 43 e 70 a 73 da clasificación económica do gasto deberanse efectuar a través o programa orzamentario 000X «Transferencias internas».

Carta. Os gastos que proceda efectuar no marco das convocatorias públicas realizadas no ámbito da política 46 «Investigación, desenvolvemento e innovación», cando os destinatarios sexan organismos autónomos ou outras entidades do sector público administrativo estatal con orzamento limitativo, deberanse imputar desde o momento da resolución de concesión das correspondentes convocatorias, en todas as súas fases de execución, tanto as relativas ao orzamento en vigor como as que afecten orzamentos de exercicios posteriores, ao programa «000X Transferencias internas».

Artigo 8. *Créditos vinculantes.*

Un. Durante a vixencia destes orzamentos consideraranse vinculantes os seguintes créditos dos orzamentos do Estado, organismos autónomos e resto de entidades do sector público administrativo estatal con orzamento limitativo:

1. Os créditos consignados para atender obrigacións de exercicios anteriores, co nivel de desagregación económica con que aparezan nos estados de gastos.
2. Os créditos 162.00 «Formación e perfeccionamento do persoal» e 162.04 «Acción social».
3. O crédito 221.09 «Elaborados da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre».

Dous. Durante a vixencia destes orzamentos consideraranse vinculantes os seguintes créditos:

1. No orzamento da sección 13 «Ministerio de Xustiza», vinculará a nivel de subconcepto o crédito 13.02.112A.227.11 «Para programas de atención a vítimas do delito e de loita contra a criminalidade e demais fins previstos na disposición adicional sexta da Lei de axuízamento criminal» e o crédito 13.02.112A.227.12 «Para toda clase de gastos derivados do funcionamento e xestión da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos (ORXA)».

2. No orzamento da sección 16 «Ministerio do Interior», vinculará a nivel de subconcepto o crédito 16.03.132A.221.10 «Á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre por afectación das taxas do DNI e pasaportes».

3. No orzamento da sección 19 «Ministerio de Emprego e Seguridade Social», vincularán a nivel de concepto os créditos 19.01.291M.207 «Arrendamentos de edificios PSA», 19.01.291M.628 e 19.01.291M.638 «Patrimonio sindical acumulado».

4. No orzamento da sección 20 «Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital», vincularán a nivel de capítulo, con excepción das dotacións que identifiquen perceptor ou beneficiario, e sen prexuízo da súa especificación a nivel de concepto nos estados de gasto, os créditos orzamentarios consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital»,

para o servizo 12 «Secretaría de Estado para a Sociedade da Información e a Axenda Dixital», programa 467G «Investigación e desenvolvemento da sociedade da información» e 467I «Innovación tecnolóxica das telecomunicacións».

5. No orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente», vincularán a nivel de concepto o crédito 23.05.452A.615 «Investimentos en actuacións ambientais e PIMA Adapta. Actuacións financiadas con ingresos procedentes de poxas de dereitos de emisión», o crédito 23.06.456D.614 «PIMA Adapta Costas. Actuacións financiadas con ingresos procedentes de poxas de dereitos de emisión» e o crédito 23.17.415A.641 «PIMA Adapta Reservas mariñas. Actuacións financiadas con ingresos procedentes de poxas de dereitos de emisión».

No orzamento do organismo 23.101 «Parques nacionais», vinculará a nivel de concepto o crédito 23.101.456C.603 «Plan PIMA Adapta. Actuacións financiadas con ingresos procedentes de poxas de dereitos de emisión».

6. No orzamento da sección 26 «Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade», vinculará a nivel de subconcepto o crédito 26.18.231A.227.11 «Para actividades de prevención, investigación, persecución e represión dos delitos relacionados co tráfico de drogas e demais fins a que se refire a Lei 17/2003, do 29 de maio».

7. No orzamento do organismo 27.107 «Instituto de Saúde Carlos III», vincularán a nivel de capítulo, con excepción das dotacións que identifiquen perceptor ou beneficiario e sen prexuízo da súa especificación a nivel de concepto nos estados de gasto, os créditos orzamentarios consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital» para o programa 465A «Investigación sanitaria».

8. No orzamento do organismo 27.303 «Axencia Estatal de Investigación», vincularán a nivel de capítulo os créditos consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital» para o programa 463B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica».

Artigo 9. *Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias.*

Un. Durante a vixencia destes orzamentos, corresponden ao ministro de Facenda e Función Pública as seguintes competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias:

1. Autorizar as transferencias que afecten os créditos previstos no artigo 8, puntos un.3, dous.2 e dous.5, da presente lei.

2. Autorizar as transferencias que se realicen con cargo ao crédito 26.18.231A.227.11 «Para actividades de prevención, investigación, persecución e represión dos delitos relacionados co tráfico de drogas e demais fins a que se refire a Lei 17/2003, do 29 de maio», cando se destinen a outros departamentos ministeriais.

3. Autorizar as xeracións de crédito no orzamento das entidades referidas nos ordinais 1.º, 2.º e 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei que impliquen a creación de conceptos novos nos capítulos 4 «Transferencias correntes» e 7 «Transferencias de capital», ou para o resto de capítulos cando non se encontren previamente previstos nos códigos que definen a clasificación económica.

4. Autorizar as transferencias de crédito entre servizos ou organismos autónomos de distintos departamentos ministeriais, cando for necesario para a distribución dos créditos do Fondo Nacional para a Investigación Científica e Técnica.

5. Autorizar transferencias de crédito entre servizos ou organismos autónomos de distintos departamento ministeriais, cando for necesario para facer efectiva a redistribución, reasignación ou mobilidade dos efectivos de persoal ou dos postos de traballo, nos casos previstos no capítulo IV do título III do Regulamento xeral de ingresos do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, así como para facer efectiva a mobilidade forzosa do persoal laboral da Administración xeral do Estado de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación.

6. Autorizar as modificacións de crédito para realizar no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal que afecten os créditos que se especifican para este organismo autónomo no anexo II. Segundo. Nove.

7. Autorizar no orzamento dos organismos autónomos as xeracións de crédito por ingresos do Estado legalmente afectados a financiar actuacións do organismo autónomo de que se trate.

8. Autorizar as transferencias que se realicen no orzamento das entidades referidas nos ordinais 1.º, 2.º e 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei, desde créditos para operacións de capital a créditos para operacións correntes.

9. Autorizar as variacións ou modificacións orzamentarias que se realicen con cargo a remanentes de tesouraría das entidades referidas no ordinal 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei cando estas superen a contía de 500.000 euros.

Este límite referirase ao conxunto de variacións ou modificacións efectuadas no exercicio orzamentario.

10. Autorizar as variacións ou modificacións orzamentarias que se realicen no orzamento das entidades referidas nos ordinais 1.º, 2.º e 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei, cando afecten créditos do capítulo 4 «Transferencias correntes», do capítulo 7 «Transferencias de capital» ou do capítulo 8 «Activos financeiros».

Dous. Durante a vixencia destes orzamentos, corresponde á ministra de Defensa autorizar as xeracións de crédito previstas no artigo 53.2.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, motivadas por ingresos procedentes de vendas de produtos farmacéuticos ou de prestación de servizos hospitalarios, así como por ingresos procedentes de subministracións de víveres, combustibles ou prestacións alimentarias debidamente autorizadas, e prestacións de servizos a exércitos de países integrados na OTAN e os procedentes das prestacións de servizos e vendas efectuadas pola Área de Cría Cabalar das Forzas Armadas.

Tres. Durante a vixencia destes orzamentos, corresponde á ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade autorizar as xeracións de crédito previstas no artigo 53.2.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, como consecuencia dos ingresos a que se refire a disposición adicional décima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Co obxecto de reflectir as repercusións que no orzamento de gastos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria deberían ter as transferencias do Estado á Seguridade Social, pola xeración de crédito producido como consecuencia da recadación efectiva de ingresos a que se refire a disposición adicional décima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, a ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade poderá autorizar as ampliacións de crédito que fosen necesarias no orzamento de gastos da dita entidade.

En todo caso, unha vez autorizadas as modificacións orzamentarias a que se refire o parágrafo anterior, remitiranse ao Ministerio de Facenda e Función Pública, Dirección Xeral de Orzamentos, para o seu coñecemento.

Catro. Durante a vixencia destes orzamentos, corresponde aos presidentes ou directores dos organismos autónomos e resto de entidades do sector público administrativo estatal con orzamento limitativo autorizar nos seus respectivos orzamentos as transferencias de crédito ou as variacións orzamentarias que afecten as transferencias correntes e de capital entre subsectores, canto estas sexan consecuencia do outorgamento de axudas a organismos públicos no marco de convocatorias públicas e se financien con cargo á política 46 «Investigación, desenvolvemento e innovación».

Cinco. Durante a vixencia destes orzamentos, no caso de modificacións de crédito no orzamento das entidades do ordinal 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei cuxo financiamento se realice con cargo ao orzamento de gastos do Estado, ambas as modificacións acordaranse mediante o procedemento que lle sexa de aplicación á do Estado.

Seis. O Goberno remitirá ás Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, información trimestral de todas as transferencias a que se refire este artigo, identificando

as partidas afectadas, o seu importe e a súa finalidade. A Oficina porá a dita documentación á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

Artigo 10. *Das limitacións orzamentarias.*

Un. A limitación para realizar transferencias de crédito desde operacións de capital a correntes a que se refire o artigo 52.1.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, non será de aplicación cando as transferencias se efectúen en uso da autorización contida no punto 8 do artigo 9.un da presente lei e, no ámbito do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, cando se efectúen en uso da autorización contida no punto 1 do artigo 15.

Dous. As limitacións contidas no artigo 52.1.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, non serán de aplicación cando as transferencias se efectúen en uso da autorización contida nos puntos 2, 4 e 5 do artigo 9.un da presente lei.

Tres. Durante a vixencia destes orzamentos, as xeracións de crédito que supoñan incrementos dos créditos para incentivos ao rendemento e cuxa autorización non sexa competencia do ministro de Facenda e Función Pública requirirán informe favorable previo do dito departamento.

Catro. Durante a vixencia destes orzamentos, non serán de aplicación as limitacións contidas no artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto do financiamento das ampliacións de crédito que se realicen na aplicación orzamentaria 27.04.923O.351 «Cobertura de riscos en avais prestados polo Tesouro, incluídos os riscos de exercicios anteriores» e na aplicación orzamentaria 27.04.923O.355 «Compensacións derivadas da execución de avais fronte ao Tesouro Público», cando sexan consecuencia das medidas financeiras contidas na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico; na disposición adicional segunda do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito; no artigo único do Real decreto lei 9/2010, do 28 de maio, polo que se autoriza á Administración xeral do Estado o outorgamento de avais a determinadas operacións de financiamento no marco do Mecanismo europeo de estabilización financeira; no punto dous.b) do artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011; no punto dous.e) do artigo 52 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, e no punto dous.b) do artigo 54 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, e respecto do financiamento das ampliacións de crédito que se realicen na aplicación orzamentaria recollida no anexo II. segundo.sete.b) da presente lei, que serán financiadas con endebedamento, quedando autorizada a Administración xeral do Estado a realizar as operacións requiridas.

Cinco. As entidades referidas nos ordinais 2.º e 4.º da letra a) do artigo 1 da presente lei que prevegan que os seus ingresos, incluídos os derivados do endebedamento financeiro, poidan ser inferiores aos establecidos nos seus respectivos orzamentos iniciais, deberán comunicar á súa oficina de contabilidade as retencións de crédito que se deben efectuar polo importe dos créditos do seu orzamento de gastos que non poidan ser financiados como consecuencia da diminución dos ingresos. As certificacións de retención de crédito expedidas pola oficina de contabilidade deberán ser remitidas á respectiva Intervención Delegada e á Dirección Xeral de Orzamentos.

Seis. O Goberno comunicará trimestralmente ás Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, as modificacións de crédito realizadas no dito período de tempo, para os efectos de informar do cumprimento do previsto neste artigo. A Oficina porá a dita documentación á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

Artigo 11. *Das ampliacións e incorporacións de crédito.*

Un. Para efectos do disposto no artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, terán a condición de ampliables os créditos que se relacionan no anexo II desta lei.

Dous. Para efectos do disposto no artigo 58.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, poderán incorporarse aos créditos do exercicio 2018 os remanentes que se recollen no anexo VII desta lei.

CAPÍTULO III

Da Seguridade Social

Artigo 12. *Da Seguridade Social.*

Un. O financiamento da asistencia sanitaria, a través do orzamento do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, efectuarase con dúas achegas finalistas do Estado, unha para operacións correntes, por un importe de 232.687,65 miles de euros, e outra para operacións de capital, por un importe de 10.141,18 miles de euros, e con calquera outro ingreso afectado a aquela entidade, por importe estimado de 1.097,46 miles de euros.

Dous. O Estado achega ao sistema da Seguridade Social 7.329.116,20 miles de euros para atender o financiamento dos complementos por mínimos das pensións do dito sistema.

O ritmo de execución deste crédito para financiar os complementos por mínimos das pensións adecuarase ás necesidades financeiras da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ás necesidades derivadas da execución do orzamento do Estado, librarase trimestralmente e será preceptivo o informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública para cada libramento.

Ademais, o Estado achega á Seguridade Social unha transferencia corrente por importe de 1.333.910,00 miles de euros para apoiar o equilibrio orzamentario da Seguridade Social.

Tres. O orzamento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais financiarase no exercicio do ano 2018 con achegas do Estado, para operacións correntes, por un importe de 4.127.639,99 miles de euros e, para operacións de capital, por un importe de 6.125,00 miles de euros, así como por calquera outro ingreso afectado aos servizos prestados pola entidade, por un importe estimado de 36.730,68 miles de euros.

Catro. A asistencia sanitaria non contributiva do Instituto Social da Mariña financiarase con dúas achegas do Estado, unha para operacións correntes por un importe de 2.855,00 miles de euros e outra para operacións de capital por un importe de 20,00 miles de euros. Así mesmo, financiaranse mediante achega do Estado os servizos sociais do dito instituto a través dunha transferencia corrente, por un importe de 14.277,20 miles de euros, e dunha transferencia para operacións de capital por importe de 1.225,00 miles de euros.

TÍTULO II

Da xestión orzamentaria

CAPÍTULO I

Da xestión dos orzamentos docentes

Artigo 13. *Módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados.*

Un. De acordo co establecido nos puntos segundo e terceiro do artigo 117 e da disposición adicional vixésimo sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para efectos de distribución da contía

global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2018 é o fixado no anexo IV desta lei.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 116.1 en relación co 15.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as unidades que se concerten nas ensinanzas de educación infantil financiaranse conforme os módulos económicos establecidos no anexo IV.

Os ciclos formativos de grao medio e de grao superior financiaranse consonte os módulos económicos establecidos no anexo IV. Na partida correspondente a outros gastos daquelas unidades concertadas de formación profesional que contén con autorización para unha ratio inferior a 30 alumnos por unidade escolar, aplicarase un coeficiente redutor de 0,015 por cada alumno menos autorizado.

O financiamento da formación en centros de traballo (FCT) correspondente aos ciclos formativos de grao medio e superior, no relativo á participación das empresas no desenvolvemento das prácticas dos alumnos, realizarase en termos análogos aos establecidos para os centros públicos.

Os ciclos de formación profesional básica financiaranse conforme o módulo económico establecido no anexo IV. Os concertos dos ciclos de formación profesional básica terán carácter xeral, conforme establece o artigo 116.6 da Lei orgánica 2/2006, de educación, modificado polo punto setenta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Así mesmo, as unidades concertadas en que se impartan as ensinanzas de bacharelato financiaranse conforme o módulo económico establecido no anexo IV.

As comunidades autónomas poderán adecuar os módulos establecidos no citado anexo ás exigencias derivadas do currículo establecido por cada unha das ensinanzas, sempre que iso non supoña unha diminución das contías dos ditos módulos en ningunha das cantidades en que se diferencian, fixadas na presente lei.

As retribucións do persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2018, sen prexuízo da data en que se asinen os respectivos convenios colectivos de empresas de ensino privado sostido total ou parcialmente con fondos públicos, aplicables a cada nivel educativo nos centros concertados. A Administración poderá aceptar pagamentos á conta, logo de solicitude expresa e coincidente de todas as organizacións patronais e consulta coas sindicais negociadoras dos citados convenios colectivos, ata o momento en que se produza a sinatura do correspondente convenio. Considerarase que estes pagamentos á conta terán efecto desde o 1 de xaneiro de 2018. O compoñente do módulo destinado a «Outros gastos» terá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2018.

As contías sinaladas para salarios do persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola Administración, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os «Gastos variables» efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos.

A contía correspondente a «Outros gastos» aboarase mensualmente; os centros poderán xustificar a súa aplicación ao finalizar o correspondente exercicio económico de forma conxunta para todas as ensinanzas concertadas do centro. Nos ciclos formativos de grao medio e superior cuxa duración sexa de 1.300 ou 1.400 horas, as administracións educativas poderán establecer o aboamento da partida doutros gastos do segundo curso, fixada no módulo previsto no anexo IV, de forma conxunta coa correspondente ao primeiro curso, sen que iso supoña en ningún caso un incremento da contía global resultante.

Dous. Os centros docentes que teñan unidades concertadas en todos os cursos da educación secundaria obrigatoria dotaranse do financiamento dos servizos de orientación educativa a que se refire o artigo 22.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Esta dotación realizarase sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional adecuado a estas funcións por cada 25 unidades concertadas de educación secundaria obrigatoria. Por tanto, os centros concertados terán dereito á xornada correspondente do citado profesional, en función do número de unidades de educación secundaria obrigatoria que teñan concertadas. No ámbito das súas competencias e de

acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, as administracións educativas poderán incrementar o financiamento dos servizos de orientación educativa.

Tres. No ámbito das súas competencias, as administracións educativas poderán fixar as relacións profesor/unidade concertada adecuadas para impartir o plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas con base en xornadas de profesor con vinte e cinco horas lectivas semanais.

A Administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto nos módulos económicos do anexo IV.

Así mesmo, a Administración non asumirá os incrementos retributivos, fixados en convenio colectivo, que supoñan unha porcentaxe superior ao incremento establecido para o profesorado do ensino público nos distintos niveis de ensino, salvo que, en prol da consecución da equiparación gradual a que fai referencia o artigo 117.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, se produza o seu recoñecemento expreso pola Administración e a conseguinte consignación orzamentaria.

Catro. As administracións educativas poderán, no ámbito das súas competencias, incrementar as relacións profesor/unidade dos centros concertados, en función do número total de profesores afectados polas medidas de recolocación que se fosen adoptando ata a entrada en vigor desta lei e se encontren neste momento incluídos na nómina de pagamento delegado, así como da progresiva potenciación dos equipos docentes. Todo isto sen prexuízo das modificacións de unidades que se produzan nos centros concertados, como consecuencia da normativa vixente en materia de concertos educativos.

Cinco. Os centros concertados recibirán as compensacións económicas e profesionais para o exercicio da función directiva a que fai referencia o artigo 117.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Seis. As cantidades máximas que se percibirán dos alumnos en concepto de financiamento complementario ao proveniente dos fondos públicos que se asignen ao réxime de concertos singulares, subscritos para ensinanzas de niveis non obrigatorios, e en concepto exclusivo de ensino regrado, son as que se establecen a continuación:

a) Ciclos formativos de grao superior: entre 18 e 36 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

b) Bacharelato: entre 18 e 36 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

O financiamento obtido polos centros, consecuencia do cobramento aos alumnos destas cantidades, terá o carácter de complementario do aboado directamente pola Administración para o financiamento dos «Outros gastos».

Os centros que no ano 2017 estivesen autorizados para percibir cotas superiores ás sinaladas poderán mantelas para o exercicio 2018.

A cantidade aboada pola Administración non poderá ser inferior á resultante de minorar en 3.606,08 euros o importe correspondente ao compoñente de «Outros gastos» dos módulos económicos establecidos no anexo IV. As administracións educativas competentes poderán establecer a regulación necesaria ao respecto.

Sete. Financiamento do ensino concertado nas cidades de Ceuta e Melilla: co obxecto de dotar os centros dos equipos directivos nos termos establecidos no artigo 117.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e de aumentar a dotación do financiamento dos servizos de orientación educativa a que se refire o artigo 22.3 da mesma lei, sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional adecuado a estas funcións, por cada 16 unidades concertadas de educación secundaria obrigatoria, e por cada 24 unidades en educación primaria, o importe do módulo económico por unidade escolar para o ámbito territorial das cidades de Ceuta e Melilla será o que se establece no anexo V.

Artigo 14. *Autorización dos custos de persoal da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).*

Ao abeiro do establecido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e con suxeición ao establecido no título III desta lei, autorízanse os custos de persoal docente (funcionario e contratado) e do persoal de administración e servizos (funcionario e laboral fixo) da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) para o ano 2018, polos importes consignados no anexo VI desta lei.

CAPÍTULO II

Da xestión orzamentaria da sanidade e dos servizos sociais

Artigo 15. *Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.*

Durante a vixencia desta lei, corresponde ao ministro de Facenda e Función Pública autorizar, respecto dos orzamentos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, as seguintes modificacións orzamentarias:

Un. As transferencias de crédito que afecten gastos de persoal ou os demais créditos orzamentarios que enumera o punto dous do artigo 44 da Lei xeral orzamentaria, así como as transferencias que se realicen desde créditos para operacións de capital a créditos para operacións correntes.

Dous. As incorporacións de remanentes reguladas no artigo 58 da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 16. *Aplicación de remanentes de tesouraría no orzamento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.*

Os remanentes de tesouraría, a favor do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, existentes na Tesouraría Xeral da Seguridade Social en 31 de decembro de cada ano, poderanse destinar a financiar o orzamento de gasto do Instituto de Maiores e Servizos Sociais. Así mesmo, poderán ser utilizados para financiar posibles modificacións no exercicio seguinte a aquel en que se produzan.

Non obstante, o remanente de tesouraría que se poida xerar como consecuencia dos excedentes de financiamento por parte do Estado das pensións non contributivas por invalidez e xubilación do ano 2017, que certifique a Intervención Xeral da Seguridade Social, unicamente poderá ser aplicado ao financiamento de insuficiencias que se poidan producir nos créditos para atender pensións non contributivas por invalidez e xubilación.

CAPÍTULO III

Outras normas de xestión orzamentaria

Artigo 17. *Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Un. A porcentaxe de participación na recadación bruta obtida no 2018 derivada dos actos de liquidación e xestión recadatoria ou doutros actos administrativos acordados ou ditados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria será do 5 por 100.

Dous. Para os efectos do disposto no parágrafo cuarto do punto cinco.b) do artigo 103 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, a variación de recursos da Axencia Estatal de Administración Tributaria derivada da indicada participación instrumentarase a través dunha xeración de crédito que será autorizada polo ministro de Facenda e Función Pública, cuxa contía será a resultante de aplicar a porcentaxe sinalada no punto anterior.

Tres. A recadación derivada dos actos de liquidación e xestión recadatoria ou doutros actos administrativos acordados ou ditados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, aplicada ao orzamento de ingresos do Estado no mes de decembro de 2017, poderá xerar crédito no mesmo concepto, ou equivalente, do orzamento do Estado para 2018, na porcentaxe establecida no punto un deste artigo, segundo o procedemento previsto na Orde do 4 de marzo de 1993, que desenvolve o artigo 97 da Lei 39/1992, do orzamentos xerais do Estado para 1993.

TÍTULO III

Dos gastos de persoal

CAPÍTULO I

Dos gastos do persoal ao servizo do sector público

Artigo 18. *Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público.*

Un. Para efectos do establecido no presente capítulo, constitúen o sector público:

- a) A Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos e axencias estatais e as universidades da súa competencia.
- b) As administracións das comunidades autónomas, os organismos delas dependentes e as universidades da súa competencia.
- c) As corporacións locais e organismos delas dependentes.
- d) As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- e) Os órganos constitucionais do Estado, sen prexuízo do establecido no artigo 78 da Constitución.
- f) As sociedades mercantís públicas, entendendo por tales aquelas en que a participación, directa ou indirecta, no seu capital social das administracións e entidades enumeradas neste artigo sexa superior ao 50 por cento. No sector público estatal consideraranse como tales as reguladas no artigo 111.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- g) As entidades públicas empresariais e o resto dos organismos públicos e entes do sector público estatal, autonómico e local.
- h) As fundacións do sector público e os consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público.
- i) O Banco de España, nos termos establecidos na Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España.
- j) O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB).

Dous. No ano 2018, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1,5 por cento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2017, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade.

Ademais do anterior, se o incremento do produto interior bruto (PIB) a prezos constantes en 2017 alcanza ou supera o 3,1 por cento, engadiríase, con efectos do 1 de xullo de 2018, outro 0,25 por cento de incremento salarial.

Para os efectos do disposto neste punto, no que a incremento do PIB se refire, considerarase a estimación avance do PIB de cada ano publicada polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

Unha vez publicado o avance do PIB polo INE e logo de comunicación á Comisión de seguimento do Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo do 9 de marzo de 2018, mediante acordo do Consello de Ministros aprobarase, de ser o caso, a aplicación do incremento. Do citado acordo darase traslado ás comunidades autónomas, ás cidades autónomas e á Federación Española de Municipios e Provincias.

Ademais, poderase autorizar un incremento adicional do 0,2 por cento da masa salarial para, entre outras medidas, a implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables, a homologación de complementos de destino ou a achega a plans de pensións. Nas administracións e resto de entidades do sector público definido neste artigo en situación de superávit orzamentario no exercicio 2017, este incremento adicional poderá alcanzar o 0,3 por cento.

Tres. No sector público poderanse realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos, sempre que non se supere o incremento global fixado no punto dous anterior.

Catro. A masa salarial do persoal laboral, que se incrementará na porcentaxe máxima prevista no punto dous deste artigo, está integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalarais e os gastos de acción social devindicados polo dito persoal no ano anterior, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación.

Exceptúanse, en todo caso:

- a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social por conta do empregador.
- c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- d) As indemnizacións ou suplidos por gastos que realizase o traballador.

A este respecto, considérase que os gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos ou melloras distintos ás contraprestacións polo traballo realizado cuxa finalidade é satisfacer determinadas necesidades consecuencia de circunstancias persoais dos traballadores.

Estes gastos de acción social, en termos globais, non poderán experimentar ningún incremento en 2018 respecto aos do ano 2017.

Cinco. 1. Os funcionarios a que resulta de aplicación o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (en diante, EBEP), e incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da disposición derradeira cuarta do EBEP ou das leis de función pública ditadas en desenvolvemento daquel percibirán, en concepto de soldo e trienios, nas nóminas ordinarias de xaneiro a decembro de 2018, as contías referidas a doce mensualidades que se recollen a continuación:

Grupo/Subgrupo EBEP	Soldo (euros)	Trienios (euros)
A1	13.780,08	530,16
A2	11.915,28	432,24
B	10.415,52	379,32
C1	8.946,36	327,12
C2	7.445,76	222,60
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (EBEP)	6.814,80	167,52

2. Os funcionarios a que se refire o punto anterior percibirán, en cada unha das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro no ano 2018, en concepto de soldo e trienios, os importes que se recollen a continuación:

Grupo/Subgrupo EBEP	Soldo (euros)	Trienios (euros)
A1	708,61	27,26
A2	724,16	26,26
B	750,16	27,33
C1	644,35	23,54
C2	614,82	18,37
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (EBEP)	567,90	13,96

Seis. Para efectos do disposto no punto anterior, as retribucións que percibirán os funcionarios públicos que ata a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007 viñeron referenciadas aos grupos de titulación previstos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, están referenciadas aos grupos e subgrupos de clasificación profesional establecidos no artigo 76 e na disposición transitoria terceira do EBEP, sen experimentar outras variacións que as derivadas desta lei. As equivalencias entre ambos os sistemas de clasificación son as seguintes:

- Grupo A Lei 30/1984: subgrupo A1 EBEP.
- Grupo B Lei 30/1984: subgrupo A2 EBEP.
- Grupo C Lei 30/1984: subgrupo C1 EBEP.
- Grupo D Lei 30/1984: subgrupo C2 EBEP.
- Grupo E Lei 30/1984: agrupacións profesionais EBEP.

Sete. O disposto nos puntos anteriores debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados a el.

Oito. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos fixados no punto dous deberán experimentar a oportuna adecuación e serán inaplicables as cláusulas que se opoñan a el.

Nove. As referencias relativas a retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Dez. Os límites establecidos neste artigo serán de aplicación ás retribucións dos contratos mercantís do persoal do sector público.

Once. Este artigo ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución. Ademais, o punto tres dítase en aplicación do disposto no artigo 29 do EBEP.

Artigo 19. Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal.

Un. 1. A incorporación de novo persoal no sector público delimitado no artigo anterior, coa excepción das sociedades mercantís públicas e entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público, que se rexerán polo establecido nas disposicións adicionais vixésimo sétima, vixésimo oitava e vixésimo novena, respectivamente, desta lei e dos órganos constitucionais do Estado, estará suxeita aos límites e requisitos establecidos nos puntos seguintes.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior a incorporación de persoal que poida derivar da execución de procesos selectivos correspondentes a ofertas de emprego público de exercicios anteriores ou dos procesos de selección e recrutamento para a cobertura dos cadros de persoal de militares de tropa e marifeiría profesional fixados na disposición adicional décimo novena.

En todo caso, a oferta deberá aterse ás dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I do orzamento de gastos.

2. As administracións públicas que no exercicio anterior cumprisen os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e a regra de gasto terán unha taxa de reposición do 100 por cento. Adicionalmente, poderán dispor dunha taxa do 8 por cento destinada a aqueles ámbitos ou sectores que requiran un reforzo de efectivos, sempre dentro do marco da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Esta porcentaxe adicional utilizarase preferentemente cando se dea, entre outras, algunha das seguintes circunstancias: establecemento de novos servizos públicos, incremento de actividade estacional pola actividade turística ou alto volume de xubilacións esperadas. Para as entidades locais, os límites de débeda serán os que fixen as leis de orzamentos

xerais do Estado ou a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

A porcentaxe de taxa adicional será do 10 por cento para as entidades locais que, ademais dos requisitos anteriores, tivesen amortizada a súa débeda financeira en 31 de decembro do exercicio anterior.

3. As administracións públicas que non cumprisen os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e de regra do gasto terán unha taxa de reposición do 100 por cento, nos seguintes sectores e ámbitos de actuación:

A) Administracións públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en relación coa determinación do número de prazas para o acceso aos corpos de funcionarios docentes.

B) Administracións públicas con competencias sanitarias respecto das prazas de persoal estatutario e equivalente dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde.

C) Forzas Armadas, en relación coas prazas de militares de carreira e militares de complemento de acordo co previsto na Lei 39/2007, do 19 de novembro, de carreira militar.

D) Administracións públicas respecto do control e loita contra a fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e en materia de Seguridade Social, e do control da asignación eficiente dos recursos públicos.

E) Administracións públicas respecto do asesoramento xurídico e da xestión dos recursos públicos.

F) Prazas dos corpos de letrados da Administración de xustiza e de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza.

G) Administracións públicas respecto da cobertura das prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.

H) Administración do Estado en relación coas prazas de persoal investigador doutor dos corpos e escalas dos organismos públicos de investigación, definidos na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación.

Así mesmo, autorízase un total de 25 prazas nos organismos públicos de investigación da Administración do Estado, para a contratación de persoal investigador doutor, con certificado I3, na modalidade de investigador distinguido, como persoal laboral fixo nos ditos organismos, logo de acreditación de que a oferta de emprego público destas prazas non afecta os límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Igualmente, co límite máximo do 100 por cento da taxa de reposición, autorízanse os organismos de investigación doutras administracións públicas para a contratación de persoal investigador doutor que superase unha avaliación equivalente ao certificado I3, na modalidade de investigador distinguido, como persoal laboral fixo nos ditos organismos, logo de acreditación de que a oferta de emprego público destas prazas non afecta os límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

I) Prazas dos corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade, de profesores contratados doutores de universidade regulados no artigo 52 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e prazas de persoal de administración e servizos das universidades, sempre que as administracións públicas de que dependan autoricen as correspondentes convocatorias, logo de acreditación de que a oferta de emprego público das citadas prazas non afecta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade, nin dos demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Dentro do límite da taxa de reposición correspondente aos corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade e aos profesores contratados doutores previsto no parágrafo anterior, cada universidade estará obrigada a destinar, como mínimo, un 15 por cento do total de prazas que oferte á incorporación, naquela categoría para a cal estea acreditado, de persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3. No suposto de que non se utilicen

todas as prazas previstas nesta reserva, poderánselles ofertar a outros investigadores de programas de excelencia, nacionais ou internacionais e que obtivesen o certificado I3.

As prazas de profesor contratado doutor que queden vacantes como consecuencia do acceso a un corpo docente universitario poderanse incluír na taxa de reposición do exercicio seguinte.

J) Prazas correspondentes á supervisión e inspección dos mercados de valores e daqueles que neles interveñen.

K) Prazas correspondentes á seguridade aérea, respecto do persoal que realiza actuacións de inspección e supervisión da seguridade aérea, as operacións de voo e operacións aeroportuarias e actuacións relacionadas con elas, e prazas de persoal en relación coa seguridade marítima, que realiza tarefas de salvamento marítimo e prevención e loita contra a contaminación mariña, así como prazas de persoal en relación coa seguridade ferroviaria e as operacións ferroviarias.

L) Administración penitenciaria.

M) Consello de Seguridade Nuclear, en relación coas prazas de funcionario da escala superior do corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica que realizan funcións de dirección, estudo e avaliación, inspección e control das instalacións radioactivas e nucleares.

N) Acción exterior do Estado.

Ñ) Prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.

O) Prazas de persoal que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego.

P) Prazas de seguridade e emerxencias.

Q) Prazas de persoal que realiza unha prestación directa aos usuarios do servizo de transporte público.

R) Persoal de atención aos cidadáns nos servizos públicos.

S) Persoal que preste servizos na área das tecnoloxías da información e das comunicacións.

4. Nos sectores non recollidos no punto un.3, a taxa de reposición das administracións que non cumpran os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e a regra de gasto será do 75 por cento.

Adicionalmente, as administracións públicas comprendidas nos números 3 e 4 anteriores poderán ofertar un número de prazas equivalente ao 5 por cento do total da súa taxa de reposición, que irán destinadas a aqueles sectores ou ámbitos que consideren que requiren un reforzo adicional de efectivos. Esta porcentaxe adicional utilizarase preferentemente cando se dea, entre outras, algunha das seguintes circunstancias: establecemento de novos servizos públicos, incremento de actividade estacional pola actividade turística ou alto volume de xubilacións esperadas.

5. Para as forzas e corpos de seguridade do Estado, corpos de policía autonómica e policías locais a taxa de reposición será do 115 por cento.

6. Autorízase unha taxa de reposición adicional do 5 por cento para todos os municipios que, nalgún dos exercicios do período 2013 a 2017, tivesen a obriga legal de prestar un maior número de servizos públicos en aplicación do artigo 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como consecuencia do incremento da poboación de dereito segundo o padrón municipal de habitantes actualizado en 1 de xaneiro dos citados anos.

7. Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máxima fixada aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se terían incorporado neles, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non impliquen a reserva de postos de traballo. Para estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da

condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración en que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras administracións públicas.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial.

8. Co fin de permitir o seguimento da oferta, as comunidades autónomas deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, no mes de xaneiro de cada ano, ademais de calquera outra información que lles sexa requirida, unha certificación do número de baixas e altas tidas en conta no cálculo da taxa de reposición, incluídas as altas e baixas por concursos de traslado producidas como consecuencia dos procedementos de mobilidade voluntaria entre distintas administracións públicas no ano inmediato anterior.

9. Ademais do establecido no artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente ao menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017 nos seguintes sectores e colectivos: persoal dos servizos de administración e servizos xerais, de investigación, de saúde pública e inspección médica, así como outros servizos públicos. Nas universidades públicas só estará incluído o persoal de administración e servizos.

As ofertas de emprego que articulen estes procesos de estabilización deberanse aprobar e publicar nos respectivos diarios oficiais nos exercicios 2018 a 2020 e serán coordinados polos departamentos ministeriais competentes.

A taxa de cobertura temporal das prazas incursas nos procesos de estabilización deberá situarse ao final do período, en cada ámbito, por debaixo do 8 por cento.

A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración xeral do Estado, comunidades autónomas e entidades locais e poderanse articular medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes administracións no seu desenvolvemento.

Da resolución destes procesos non poderá derivar, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos. Nestes procesos deberanse ofertar, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se encontren desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

Co fin de permitir o seguimento da oferta, as administracións públicas deberán certificar ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, o número de prazas ocupadas de forma temporal existentes en cada un dos ámbitos afectados. Igualmente, as administracións públicas deberán proporcionar información estatística dos resultados de calquera proceso de estabilización de emprego temporal a través do Sistema de información salarial do persoal da Administración (ISPA).

10. As administracións públicas poderán convocar, sen que computen para efectos de taxa de reposición, prazas de persoal fixo que se dirixan de forma exclusiva a militares profesionais de tropa e mariñeiría que se encontren nos últimos dez anos do seu compromiso de longa duración e para os reservistas de especial dispoñibilidade que se encontren percibindo, ata o momento da publicación das respectivas convocatorias, a asignación por dispoñibilidade na contía e nas condicións previstas no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, sempre e cando vaian destinadas a aqueles ámbitos que presenten especiais dificultades de cobertura. Para iso será necesario que exista unha quenda de acceso libre aos ditos convenios e ás mesmas categorías profesionais. Esta posibilidade tamén será de aplicación ás entidades do sector público da

Administración respectiva. O desenvolvemento destes procesos deberase rexer pola aplicación dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Dous. Non se poderá contratar persoal temporal, así como nomear persoal estatutario temporal e funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Tres. A oferta de emprego público que corresponda á Administración xeral do Estado, aos seus organismos públicos e demais entes públicos estatais será aprobada polo Goberno, por iniciativa dos departamentos ou organismos competentes e por proposta do Ministerio de Facenda e Función Pública. No caso das Forzas Armadas, a aprobación será logo de informe do Ministerio de Facenda e Función Pública e por proposta do ministro de Defensa. En todos os casos será necesaria a valoración previa e o informe sobre a súa repercusión nos custos de persoal.

Corresponde á Secretaría de Estado de Función Pública a competencia para convocar os procesos selectivos de acceso aos corpos e escalas de funcionarios adscritos á dita Secretaría de Estado, así como os correspondentes ao persoal laboral do convenio único da Administración xeral do Estado.

Non se autorizarán convocatorias de postos ou prazas vacantes de persoal laboral dos entes do sector público estatal salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que requirirán a autorización previa e expresa do Ministerio de Facenda e Función Pública a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública. Así mesmo, co obxecto de posibilitar a adecuada optimización dos recursos humanos existentes no sector público, ambas as secretarías de Estado poderán autorizar os organismos autónomos e axencias estatais e entes públicos a contratar persoal funcionario ou laboral fixo con destino en departamentos ou organismos públicos do sector público estatal, así como, naqueles ámbitos que presenten especiais dificultades de cobertura, reservistas de especial dispoñibilidade que se encontren percibindo, ata o momento da subscrición do contrato, a asignación por dispoñibilidade na contía e nas condicións previstas no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría. O Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Función Pública, determinará o procedemento polo cal se garantirá a publicidade e libre concorrncia neste tipo de contratacións. Os contratos subscritos ao abeiro do establecido neste punto xerarán dereito, desde a data da súa subscrición, a seguir percibindo o complemento de antigüidade na mesma contía que se viñese percibindo no departamento ministerial ou organismo público de procedencia.

Catro. A contratación de persoal laboral temporal e o nomeamento de funcionarios interinos e de persoal estatutario temporal, nas condicións establecidas no punto dous deste artigo, requirirán a autorización previa do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Así mesmo, a subscrición de contratos de posta á disposición con empresas de traballo temporal só poderá formalizarse nas condicións do punto dous deste artigo e requirirá a autorización previa do Ministerio de Facenda e Función Pública.

A contratación de persoal fixo ou temporal no estranxeiro consonte a lexislación local ou, de ser o caso, lexislación española, requirirá a autorización previa do Ministerio de Facenda e Función Pública.

A autorización de convocatorias e contratos polo Ministerio de Facenda e Función Pública a que se refire este punto outorgarase a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública.

As prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na correspondente oferta de emprego público, nos termos previstos na autorización de nomeamento outorgada polas secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública.

As prazas que, estando ocupadas por funcionarios interinos, non sexan provistas con carácter definitivo por funcionarios de carreira de novo ingreso, nomeados en execución da oferta de emprego público, poderán ser obxecto de cobertura mediante procedementos de provisión, mobilidade e reingreso ao servizo activo.

Cinco. A validez da taxa autorizada no punto un, números 2 a 6 deste artigo, estará condicionada a que as prazas resultantes se inclúan nunha oferta de emprego público que, de conformidade co establecido no punto 2 do artigo 70 do EBEP, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de Goberno das administracións públicas e publicarse no Boletín Oficial da provincia, da comunidade autónoma ou, de ser o caso, do Estado, antes da finalización de cada ano.

A validez da dita autorización estará igualmente condicionada a que a convocatoria das prazas se efectúe mediante publicación no Diario Oficial da provincia, comunidade autónoma ou, de ser o caso, do Estado, no prazo improrrogable de tres anos contado desde a data da publicación da oferta de emprego público en que se inclúan as citadas prazas, cos requisitos establecidos no parágrafo anterior, de conformidade co disposto no punto 1 do artigo 70 do EBEP.

Seis. 1. A taxa de reposición dun ou varios sectores ou colectivos prioritarios poderase acumular noutros sectores ou colectivos prioritarios. Para estes efectos, considéranse prioritarios, para todas as administracións públicas, os sectores e colectivos enumerados no artigo 19, puntos un.3 e un.5. Igualmente, a taxa de reposición dos sectores non prioritarios poderá acumularse nos sectores prioritarios.

As entidades locais que no exercicio anterior cumprisen os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e a regra de gasto e que, en 31 de decembro de 2017, teñan amortizada a súa débeda financeira poderán acumular a súa taxa de reposición indistintamente en calquera sector ou colectivo.

2. O sector público poderá ceder parte da súa taxa de reposición ás fundacións públicas e consorcios adscritos que teñan a condición de axentes de execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación consonte a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación, ou que realicen proxectos de investigación, sempre que a taxa de reposición que se ceda se dedique aos citados proxectos. Na aprobación da oferta de emprego público da Administración ou organismo que cede taxa, así como na da fundación ou consorcio en que se acumule, deberase reflectir o número de prazas cedidas a cada fundación ou consorcio.

Sete. Os puntos un, dous, cinco e seis deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

CAPÍTULO II

Dos réximes retributivos

Artigo 20. *Retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación, dos seus órganos consultivos, da Administración xeral do Estado e outro persoal directivo.*

Un. No ano 2018 as retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación e dos seus órganos consultivos quedan establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades, sen dereito a pagas extraordinarias, e sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder de acordo coa normativa vixente:

	Euros
Presidente do Goberno	80.953,08
Vicepresidente do Goberno	76.088,04
Ministro do Goberno	71.424,12
Presidente do Consello de Estado	80.563,68
Presidente do Consello Económico e Social	88.013,76

Dous. No ano 2018 as retribucións dos secretarios de Estado, subsecretarios, directores xerais e asimilados quedan establecidas nas seguintes contías de soldo e complemento de destino, referidas a doce mensualidades, e complemento específico

anual, que se devindicará de acordo co establecido no artigo 26.dous da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.

	Secretario de Estado e asimilados – (Euros)	Subsecretario e asimilados – (Euros)	Director xeral e asimilados – (Euros)
Soldo	13.450,80	13.516,92	13.582,08
Complemento de destino	21.863,64	17.685,24	14.304,00
Complemento específico	34.115,34	30.354,28	24.746,42

As pagas extraordinarias dos meses de xuño e de decembro incluírán, cada unha delas, ademais da contía do complemento de destino mensual que se perciba de acordo co disposto no parágrafo e cadro anterior, o importe en concepto de soldo que se recolle no cadro seguinte:

	Secretario de Estado e asimilados – (Euros)	Subsecretario e asimilados – (Euros)	Director xeral e asimilados – (Euros)
Soldo	679,07	728,30	778,06

Estes altos cargos percibirán o complemento de produtividade que, de ser o caso, e de acordo co previsto no artigo 22.un.E) da presente lei, lles asigne o titular do departamento, dentro dos créditos previstos para tal fin. A contía destinada aos altos cargos experimentará o incremento previsto no artigo 18.dous en termos anuais e homoxéneos de número e tipo de cargos, en relación coa asignada en 31 de decembro de 2017, e sen prexuízo de que as cantidades individuais que se aboan poidan ser diferentes de acordo coa normativa reguladora deste complemento.

Tres. En 2018 as retribucións dos presidentes das axencias estatais, dos presidentes e vicepresidentes das entidades públicas empresariais e demais entes públicos ou, de ser o caso, dos directores xerais e directores dos citados organismos, cando lles corresponda o exercicio das funcións executivas de máximo nivel, incrementaranse, respecto das vixentes en 31 de decembro de 2017, na porcentaxe prevista no artigo 18.dous. Corresponde ao ministro de Facenda e Función Pública fixar as ditas retribucións, sen que se poidan superar os límites máximos previstos no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades e nas ordes ditadas na súa aplicación. As contías dos ditos límites vixentes en 31 de decembro de 2017 incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous.

As retribucións dos máximos responsables das fundacións do sector público estatal e dos consorcios participados maioritariamente pola Administración xeral do Estado e os seus organismos fixaranse de acordo co previsto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, e nas ordes ditadas na súa aplicación, atendendo aos límites sobre incrementos retributivos determinados no artigo 18.dous.

Catro. O disposto nos puntos dous e tres deste artigo non afectará a percepción, en catorce mensualidades, da retribución por antigüidade que poida corresponder de acordo coa normativa vixente.

Cinco. 1. No ano 2018 as retribucións dos conselleiros permanentes e do secretario xeral do Consello de Estado quedan establecidas nas seguintes contías de soldo e complemento de destino referidas a doce mensualidades e de complemento específico anual, que se devindicará de acordo co establecido no artigo 26.catro.1 da Lei 51/2007, do 26 de decembro.

	Euros
Soldo	13.516,92
Complemento de destino	23.625,24
Complemento específico	36.779,34

As pagas extraordinarias de xuño e de decembro incluírán, cada unha delas, ademais da contía do complemento de destino mensual que se perciba de acordo co disposto no cadro anterior, a contía en concepto de soldo que se recolle a continuación:

	Euros
Soldo	728,30

2. O presidente do Consello de Estado poderá asignar complemento de produtividade aos seus conselleiros permanentes e secretario xeral, de acordo co previsto no artigo 22. un.E) da presente lei. A contía destinada aos citados cargos experimentará o incremento previsto no artigo 18.dous, en termos anuais e homoxéneos de número e tipo de cargos, en relación coa asignada en 31 de decembro de 2017.

3. Ademais, estes altos cargos percibirán, de ser o caso, as retribucións fixadas nos acordos aprobados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade, e se tiveron a condición previa de funcionarios públicos, con independencia da súa situación de actividade, xubilación ou retiro como funcionarios, terán dereito a seguir perfeccionando os trienios recoñecidos baixo a dita condición segundo a normativa en cada caso aplicable e a percibir, en catorce mensualidades, a diferenza resultante por este concepto cando a contía derivada da dita normativa sexa superior á aprobada nos referidos acordos.

Artigo 21. *Retribucións dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas.*

Un. No ano 2018 as retribucións dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas serán as seguintes:

1. Consello Xeral do Poder Xudicial.

1.1 Aqueles que desempeñen o seu cargo con carácter exclusivo:

1.1.1 Presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	27.384,98
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades)	107.375,76
Total	134.760,74

1.1.2 Vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	28.995,82
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades)	87.228,00
Total	116.223,82

1.1.3 Secretario xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	27.775,30
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades)	85.769,40
Total	113.544,70

1.2 Aqueles vogais que non desempeñan o seu cargo con carácter exclusivo percibirán as axudas de custo por asistencias ao pleno ou ás comisións sen ter dereito a ningunha outra clase de remuneración polo cargo de vogal, salvo as indemnizacións que por razón de servizo lles poidan corresponder.

A contía global máxima de que disporá o Consello Xeral do Poder Xudicial para o aboamento de tales axudas de custo por asistencias será de 364.368 euros.

2. Tribunal Constitucional.

2.1 Presidente do Tribunal Constitucional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	42.894,88
Outras remuneracións (que se percibirán en 14 mensualidades)	106.112,30
Total	149.007,18

2.2 Vicepresidente do Tribunal Constitucional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	42.894,88
Outras remuneracións (que se percibirán en 14 mensualidades)	97.166,44
Total	140.061,32

2.3 Presidente de sección do Tribunal Constitucional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	42.894,88
Outras remuneracións (que se percibirán en 14 mensualidades)	90.313,72
Total	133.208,60

2.4 Maxistrado do Tribunal Constitucional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	42.894,88
Outras remuneracións (que se percibirán en 14 mensualidades)	83.461,14
Total	126.356,02

2.5 Secretario xeral do Tribunal Constitucional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	35.845,74
Outras remuneracións (que se percibirán en 14 mensualidades)	74.922,68
Total	110.768,42

3. Tribunal de Contas.

3.1 Presidente do Tribunal de Contas:

Remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades): 116.564,00 €.

3.2 Presidente de sección do Tribunal de Contas:

Remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades): 116.564,00 €.

3.3 Conselleiro de Contas do Tribunal de Contas:

Remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades): 116.564,00 €.

3.4 Secretario xeral do Tribunal de Contas:

Remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades): 100.353,12 €.

Dous. Ademais das cantidades derivadas do disposto no punto anterior, os ditos cargos, excepto os incluídos no punto 1.2, percibirán, de ser o caso, as retribucións fixadas nos acordos aprobados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade, e se tiveron a condición previa de funcionarios públicos, con independencia da súa situación de actividade, xubilación ou retiro como funcionarios, terán dereito a seguir perfeccionando os trienios recoñecidos baixo a dita condición segundo a normativa en cada caso aplicable e a percibir, en catorce mensualidades, a diferenza resultante por este concepto cando a contía derivada da dita normativa sexa superior á aprobada nos referidos acordos.

Artigo 22. Retribucións dos funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da disposición derradeira cuarta do EBEP.

Un. No ano 2018 as retribucións dos funcionarios serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo en que se estea clasificado o corpo ou escala a que pertenza o funcionario, nas contías reflectidas no artigo 18.cinco.1 desta lei.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, unha no mes de xuño e outra no mes de decembro, e que se devindicarán de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988. Cada unha das ditas pagas incluírá as contías de soldo e trienios fixadas no artigo 18.cinco.2 desta lei e do complemento de destino mensual que se perciba.

Cando os funcionarios prestasen unha xornada de traballo reducida durante os seis meses inmediatos anteriores aos meses de xuño ou decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

C) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, nas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Importe – Euros
30	12.036,72
29	10.796,40
28	10.342,56
27	9.888,36
26	8.675,28
25	7.696,92
24	7.242,72

Nivel	Importe – Euros
23	6.789,24
22	6.334,80
21	5.881,56
20	5.463,36
19	5.184,48
18	4.905,36
17	4.626,36
16	4.347,96
15	4.068,60
14	3.789,96
13	3.510,60
12	3.231,48
11	2.952,48
10	2.673,96
9	2.534,52
8	2.394,48
7	2.255,28
6	2.115,72
5	1.976,28
4	1.767,12
3	1.558,44
2	1.349,16
1	1.140,12

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada na escala anterior poderá ser modificada, nos casos en que así proceda de acordo coa normativa vixente, sen que iso implique variación do nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo.

D) O complemento específico que, de ser o caso, estea asignado ao posto que se desempeñe, cuxa contía anual se incrementará na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto da vixente en 31 de decembro de 2017, sen prexuízo do disposto no artigo 18. sete da presente lei.

O complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais, das cales doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

As retribucións que en concepto de complemento de destino e complemento específico perciban os funcionarios públicos serán, en todo caso, as correspondentes ao posto de traballo que ocupen en virtude dos procedementos de provisión previstos na normativa vixente, sen que as tarefas concretas que se realicen poidan amparar que se incumpra o anterior, con excepción dos supostos en que a dita normativa lles recoñece outras contías e, en todo caso, a garantía do nivel do posto de traballo regulada no artigo 21.2 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, e o dereito a percibir as cantidades que correspondan en aplicación do artigo 33.dous da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991.

E) O complemento de produtividade retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinarias e o interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo.

Cada departamento ministerial ou organismo público determinará, dentro do crédito total dispoñible, que experimentará o incremento máximo previsto no artigo 18.dous, en termos anuais, respecto ao establecido en 31 de decembro de 2017, as contías parciais asignadas aos seus distintos ámbitos orgánicos, territoriais, funcionais ou de tipo de posto.

Así mesmo, determinará os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade, de acordo coas seguintes normas:

1.^a A valoración da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co seu desempeño e, de ser o caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

2.^a En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

F) As gratificacións por servizos extraordinarios, que concederán os departamentos ministeriais ou organismos públicos dentro dos créditos asignados para tal fin, que experimentarán o incremento máximo previsto no artigo 18.dous, en termos anuais, respecto aos asignados en 31 de decembro de 2017.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas na súa devindicación, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

G) Mantéñense a título persoal as retribucións do persoal do grupo E/agrupacións profesionais do EBEP, de acordo co disposto no artigo 24.un.B).b) da Lei 26/2009, incrementadas na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2017.

Dous. O Ministerio de Facenda e Función Pública poderá modificar a contía dos créditos globais destinados a atender o complemento de produtividade, as gratificacións por servizos extraordinarios e outros incentivos ao rendemento, para adecuala ao número de efectivos asignados a cada programa e ao grao de consecución dos obxectivos fixados nel.

Para tal efecto, o ministro de Facenda e Función Pública autorizará as contías asignadas en concepto de incentivos ao rendemento aos distintos departamentos ministeriais e organismos públicos. Se iso implicar calquera alteración dos créditos consignados nos orzamentos xerais do Estado, os seus efectos económicos estarán condicionados á aprobación do correspondente expediente de modificación orzamentaria.

Os departamentos ministeriais, pola súa vez, darán conta dos criterios de asignación e das contías individuais de tales incentivos ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, especificando os criterios de concesión aplicados.

Tres. Os funcionarios interinos incluídos no ámbito de aplicación do EBEP percibirán as retribucións básicas, incluídos trienios, correspondentes ao grupo ou subgrupo en que estea clasificado o corpo ou escala en que fosen nomeados como interinos e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que desempeñen, excluídas as que estean vinculadas á condición de funcionario de carreira, ou ben as aprobadas polo Ministerio de Facenda e Función Pública no caso dos funcionarios interinos que non ocupan posto. A este colectivo seralle de aplicación o disposto no parágrafo B) do punto un deste artigo.

Catro. O persoal eventual percibirá as retribucións por soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo ou subgrupo de clasificación a que o Ministerio de Facenda e Función Pública asimile as súas funcións e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo, reservado a persoal eventual, que desempeñe. A este colectivo seralle de aplicación o disposto no parágrafo B) do punto un deste artigo.

Os funcionarios de carreira que, en situación de activo ou de servizos especiais, ocupen postos de traballo reservados a persoal eventual percibirán as retribucións básicas correspondentes ao seu grupo ou subgrupo de clasificación, incluídos trienios, de ser o caso, e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que desempeñen.

Cinco. O complemento de produtividade poderá asignarse, de ser o caso, aos funcionarios interinos, ao persoal estatutario temporal e ao persoal eventual, así como aos funcionarios en prácticas, cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo, sempre que estea autorizada a súa aplicación aos funcionarios de carreira que desempeñen análogos postos de traballo, salvo que o dito complemento estea vinculado á condición de funcionario de carreira.

Seis. Cando o nomeamento de funcionarios en prácticas recaia en funcionarios de carreira doutro corpo ou escala de grupos e/ou subgrupos de titulación inferior a aquel en que se aspira a ingresar, durante o tempo correspondente ao período de prácticas ou o curso selectivo, estes seguirán percibindo os trienios en cada momento perfeccionados e ese tempo computará, para efectos de consolidación de trienios e de dereitos pasivos, como servido no novo corpo ou escala no caso de que, de maneira efectiva, se adquira a condición de funcionario de carreira nestes últimos.

Sete. O previsto na presente lei aplicarase, así mesmo, ás retribucións fixadas en euros que corresponderían en territorio nacional aos funcionarios destinados no estranxeiro, sen prexuízo da sucesiva aplicación dos módulos que procedan en virtude da normativa vixente.

Artigo 23. *Persoal laboral do sector público estatal.*

Un. Para os efectos da presente lei, a masa salarial do persoal laboral do sector público estatal será a definida no seu artigo 18.catro, co límite das contías sobre as cales emitiu informe favorable o Ministerio de Facenda e Función Pública a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

Dous. A masa salarial do persoal laboral do sector público estatal non poderá experimentar un crecemento superior ao establecido no artigo 18.dous desta lei, sen prexuízo do que poida derivar da consecución dos obxectivos asignados a cada departamento ministerial, organismo público, resto de entes públicos, sociedades mercantís estatais, fundacións do sector público estatal e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal, mediante o incremento da produtividade ou a modificación dos sistemas de organización do traballo ou clasificación profesional, logo do informe sinalado no punto anterior.

Tampouco experimentarán incremento superior ao establecido no artigo 18.dous as retribucións de calquera outro persoal vinculado mediante unha relación de carácter laboral non acollido a convenio, con independencia da súa tipoloxía, modalidade ou natureza, incluído o persoal directivo do sector público.

Tres. O Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, autorizará a masa salarial dos departamentos ministeriais, organismos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e demais entes públicos e sociedades mercantís estatais, así como a das fundacións do sector público estatal e a dos consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal.

A masa salarial autorizada terase en conta para determinar, en termos de homoxeneidade, os créditos correspondentes ás retribucións do persoal laboral afectado. A autorización da masa salarial será requisito previo para o comezo das negociacións de convenios ou acordos colectivos.

As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos anualizados e de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos de persoal e antigüidade deste, como ao réxime privativo de traballo, xornada, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais; computaranse por separado as cantidades que correspondan ás variacións en tales conceptos.

No caso das sociedades mercantís e das entidades públicas empresariais, para determinar os conceptos de retribución variable ou produtividade, con independencia da súa concreta denominación, operará como límite máximo a contía autorizada, por eses mesmos conceptos, na masa salarial de 2013 incrementada nun máximo da porcentaxe

prevista no artigo 18.dous, actualizada nas correspondentes porcentaxes de incremento establecidas nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Nos supostos de organismos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e demais entes públicos, sociedades mercantís estatais, fundacións e consorcios que obtivesen no último exercicio cerrado, respecto do ano inmediatamente anterior, unha mellora na súa conta de resultados ou equivalente, consistente nun incremento dos beneficios ou nunha redución das perdas, a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos poderá autorizar un incremento adicional da masa salarial, en concepto de retribución variable, que poderá ser destinado a todo o seu persoal.

Para os máximos responsables e o persoal de alta dirección, este incremento de retribución variable non poderá supor en ningún caso que as súas retribucións totais superen o límite establecido no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades e na respectiva orde do ministro de Facenda e Función Pública de clasificación da entidade.

O previsto nos parágrafos anteriores representa o límite máximo da masa salarial, cuxa distribución e aplicación individual se producirán, de ser o caso, a través da negociación colectiva.

Corresponde ao ministro de Facenda e Función Pública, por proposta da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, a determinación da forma, do alcance e dos efectos do procedemento de autorización regulado neste punto.

Catro. Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo, cuxas retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberán comunicarse ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, as retribucións anualizadas, satisfeitas e devindicadas durante o ano anterior.

Cinco. As indemnizacións ou suplidos do persoal laboral, que se rexerán pola súa normativa específica, non poderán experimentar un crecemento superior ao que se estableza para o persoal non laboral da Administración xeral do Estado.

Seis. Os departamentos ministeriais, organismos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e demais entes públicos e sociedades mercantís estatais, así como as fundacións do sector público estatal e os consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal, remitirán á Dirección Xeral da Función Pública, para a súa autorización previa, o recoñecemento de créditos horarios e outros dereitos sindicais que se poidan establecer en relación co previsto no artigo 10 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo. Os acordos que fosen adoptados con anterioridade requirirán da dita aprobación para a súa aplicación.

O Ministerio de Facenda e Función Pública determinará a forma, o alcance e os efectos do procedemento de autorización regulado neste punto.

Artigo 24. *Retribucións do persoal das Forzas Armadas.*

Un. No ano 2018 as retribucións e outras remuneracións do persoal das Forzas Armadas cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de dedicación especial ou de produtividade que, de ser o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos previstos para tal fin. A contía de tales créditos destinada ao persoal citado incrementárase na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto da asignada en 31 de decembro de 2017 en termos anuais e homoxéneos de número e tipo de cargos.

Dous. No ano 2018 as retribucións que percibirán os militares profesionais previstos na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, non incluídos no punto anterior, serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios, excluídos estes nos casos en que a normativa así o prevea, que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia para efectos retributivos en que se ache clasificado o emprego correspondente, na contía establecida no artigo 18.cinco.1.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, incorporarán, cada unha delas, as contías de soldo e trienios fixadas no artigo 18.cinco.2 desta lei, en función do grupo ou subgrupo que corresponda ao emprego e o complemento de emprego mensual que se perciba.

A valoración e devindicación dos trienios, de ser o caso, e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa específica aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos do EBEP.

C) O complemento de emprego, o complemento específico e restantes retribucións que poidan corresponder, que se incrementarán na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto dos vixentes en 31 de decembro de 2017, sen prexuízo do disposto no artigo 18. sete desta lei.

D) O complemento de dedicación especial, incluído o concepto de atención continuada, e a gratificación por servizos extraordinarios, cuxas contías serán determinadas polo ministro de Defensa dentro dos créditos que se asignen para cada unha destas finalidades; estes créditos experimentarán o incremento máximo previsto no artigo 18. dous, respecto aos establecidos en 31 de decembro de 2017 en termos anuais.

O Ministerio de Facenda e Función Pública poderá modificar a contía dos créditos destinados a atender a dedicación especial e a gratificación por servizos extraordinarios, para adecuala ao número de efectivos asignados a cada programa e ao grao de consecución dos obxectivos fixados nel.

Para tal efecto, o ministro de Facenda e Función Pública autorizará as contías asignadas en concepto de incentivos ao rendemento. Se iso implicar calquera alteración dos créditos consignados nos orzamentos xerais do Estado, os seus efectos económicos estarán condicionados á aprobación do correspondente expediente de modificación orzamentaria.

En ningún caso, as contías asignadas por complemento de dedicación especial ou por gratificación por servizos extraordinarios orixinarán dereitos individuais respecto de valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

E) O incentivo por anos de servizo, cuxas contías e requisitos, para a súa percepción, serán fixados polo ministro de Defensa, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

Tres. Cando o Ministerio de Defensa subscribise concertos coas universidades para a utilización das institucións sanitarias do departamento segundo as bases establecidas para o réxime destes no Real decreto 1652/1991, do 11 de outubro, o persoal militar médico e sanitario que ocupe postos de traballo en tales centros, coa condición de prazas vinculadas, percibirá as retribucións básicas que lle correspondan e, en concepto de retribucións complementarias, os complementos de destino, específico e de produtividade nas contías establecidas en aplicación da base décimo terceira.oito, 4, 5 e 6.a) e b) do citado real decreto.

Este persoal poderá percibir, así mesmo, a axuda para vestiario e o complemento de dedicación especial en concepto de atención continuada, segundo o establecido no punto D) do número anterior, así como as pensións por recompensas e as prestacións familiares que lles poidan corresponder.

Catro. Os membros das Forzas Armadas que ocupen postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do ministerio ou os seus organismos autónomos percibirán as retribucións básicas correspondentes ao seu emprego militar e as complementarias asignadas ao posto que desempeñen, de acordo coas contías establecidas na presente lei para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta do EBEP, sen prexuízo de continuar percibindo as pensións e gratificacións que sexan

consecuencia de recompensas militares, así como a axuda para vestiario na mesma contía e condicións que o resto do persoal das Forzas Armadas.

O disposto no presente artigo debe entenderse sen prexuízo da regulación específica que para determinados conceptos e persoal das Forzas Armadas se establece na normativa vixente.

Artigo 25. Retribucións do persoal do corpo da Garda Civil.

Un. No ano 2018 as retribucións e outras remuneracións do persoal do corpo da Garda Civil cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado experimentarán o incremento previsto no artigo 18.dous, respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2017, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de produtividade que, de ser o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos previstos para este fin. A contía de tales créditos destinada ao persoal citado experimentará o incremento previsto no artigo 18.dous, respecto da asignada en 31 de decembro de 2017 en termos anuais e homoxéneos de número e tipo de cargos.

Dous. No ano 2018 as retribucións que percibirá o persoal do corpo da Garda Civil non incluído no punto anterior serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia, para efectos retributivos, en que se ache clasificado o emprego correspondente, na contía establecida no artigo 18.cinco.1 desta lei.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, incorporarán, cada unha delas, as contías de soldo e trienios fixadas no artigo 18.cinco.2 desta lei, en función do grupo ou subgrupo que corresponda ao emprego que se desempeñe e o complemento de destino mensual que se perciba.

A valoración e devindicación dos trienios e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios públicos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos do EBEP.

C) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que se incrementarán na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto das vixentes en 31 de decembro de 2017, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 18.sete desta lei.

D) O complemento de produtividade e as gratificacións por servizos extraordinarios rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación do artigo 22 desta lei. O Ministerio do Interior determinará as súas contías dentro dos créditos que se asignen para cada unha destas finalidades. Estes créditos experimentarán o incremento máximo previsto no artigo 18.dous respecto ao asignado en 31 de decembro de 2017, en termos anuais.

Artigo 26. Retribucións do persoal do Corpo Nacional de Policía.

Un. No ano 2018 as retribucións e outras remuneracións do persoal do Corpo Nacional de Policía cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos experimentarán o incremento previsto no artigo 18.dous, respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2017, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de produtividade que, de ser o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos previstos para tal fin. A contía de tales créditos destinada a este persoal experimentará o incremento previsto no artigo 18.dous respecto da asignada en 31 de decembro de 2017 en termos anuais e homoxéneos de número e tipo de cargos.

Dous. No ano 2018 as retribucións dos funcionarios do Corpo Nacional de Policía non incluídos no punto anterior serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificada, para efectos económicos, a categoría correspondente, na contía establecida no artigo 18.cinco.1 desta lei.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, incorporarán, cada unha delas, as contías de soldo e trienios fixadas no artigo 18.cinco.2 desta lei, en función do grupo ou subgrupo que corresponda á categoría que se desempeñe, e o complemento de destino mensual que se perciba.

A valoración e devindicación dos trienios e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos do EBEP.

C) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que se incrementarán na porcentaxe prevista no artigo 18.dous respecto das vixentes en 31 de decembro de 2017, sen prexuízo do previsto no artigo 18.siete desta lei.

D) O complemento de produtividade e as gratificacións por servizos extraordinarios rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no artigo 22 desta lei. O Ministerio do Interior determinará as súas contías dentro dos créditos que se asignen para cada unha destas finalidades. Estes créditos experimentarán o incremento máximo previsto no artigo 18.dous, respecto ao asignado en 31 de decembro de 2017, en termos anuais.

Artigo 27. Retribucións dos membros das carreiras xudicial e fiscal, do corpo de letrados da Administración de xustiza e dos corpos ao servizo da Administración de xustiza.

Un. No ano 2018, do acordo co disposto no artigo 18.dous desta lei, as retribucións dos membros das carreiras xudicial e fiscal serán as seguintes:

1. O soldo, a que se refiren os anexos I e IV, respectivamente, da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, queda establecido para o ano 2018, nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Carreira xudicial	
Presidente da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	24.784,80
Presidente de sala da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	23.479,80
Presidente do Tribunal Superior de Xustiza	23.926,92
Maxistrado	21.269,16
Xuíz	18.609,96
Carreira fiscal	
Fiscal superior da Comunidade Autónoma	23.926,92
Fiscal	21.269,16
Avogado fiscal	18.609,96

2. A retribución por antigüidade ou trienios que, de ser o caso, corresponda.

3. As pagas extraordinarias, que se devindicarán de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta do EBEP, serán dúas ao ano por un importe, cada unha delas, dunha mensualidade do soldo, antigüidade ou trienios, segundo o caso, e a contía que se sinala no anexo X da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, nos valores vixentes en 31 de decembro de 2017 incrementados, como máximo, na porcentaxe prevista no artigo 18.dous.

4. As retribucións complementarias e as variables e especiais dos membros das carreiras xudicial e fiscal que se incrementarán na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto das vixentes en 31 de decembro de 2017.

O crédito total destinado ás retribucións variables por obxectivos dos membros das carreiras xudicial e fiscal sinaladas no capítulo III do título I e no título II da Lei 15/2003, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, non poderá exceder o 5 por cento da contía global das retribucións fixas dos membros das carreiras xudicial e fiscal, respectivamente.

5. O establecido neste punto enténdese sen prexuízo do previsto no artigo 9.2 da Lei 15/2003.

Dous. Os fiscais que, en desenvolvemento da Lei 24/2007, do 9 de outubro, pola que se modifica a Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, sexan nomeados fiscais xefes dunha fiscalía de área creada onde exista unha sección da Audiencia Provincial en sede distinta da capital de provincia, percibirán o complemento de destino polo criterio de grupo de poboación correspondente aos fiscais destinados na sede da fiscalía provincial e o complemento de destino en concepto de representación, o complemento específico e a contía a incluír en pagas extraordinarias que corresponden a un destino de tenente fiscal de fiscalía provincial.

Os restantes fiscais xefes dunha fiscalía de área percibirán o complemento específico correspondente a un destino de tenente fiscal de fiscalía provincial.

Os fiscais xefe e tenentes fiscais da fiscalía provincial percibirán as retribucións complementarias e a contía que se incluírá en pagas extraordinarias que corresponderían aos fiscais xefe e tenentes fiscais da Audiencia Provincial, respectivamente.

O tenente fiscal da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado percibirá as retribucións complementarias e a contía que se incluírá en pagas extraordinarias que corresponden ao tenente fiscal inspector da Fiscalía Xeral do Estado.

Os fiscais adscritos a fiscais de sala da Fiscalía Xeral do Estado e os fiscais da Unidade de Apoio da Fiscalía Xeral do Estado percibirán, en concepto de complemento específico, o correspondente aos fiscais da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado.

Os fiscais decanos de seccións territoriais de fiscalía provincial percibirán, en concepto de complemento específico, o correspondente aos fiscais coordinadores.

Os fiscais decanos de seccións especializadas percibirán as retribucións complementarias e paga extraordinaria correspondentes aos fiscais decanos de seccións territoriais.

Os fiscais da categoría segunda, non coordinadores, das fiscalías de comunidade autónoma, incluídos os das seccións territoriais das ditas fiscalías, percibirán o complemento de destino e a contía que se incluírá na paga extraordinaria correspondentes aos tenentes fiscais de fiscalía de comunidade autónoma, salvo naquelas comunidades autónomas en que a fiscalía non estea disgregada organicamente en fiscalía da comunidade autónoma e fiscalía provincial da provincia onde teña a súa sede.

Tres. No ano 2018, de acordo co disposto no artigo 18.dous desta lei, as retribucións dos membros do corpo de letrados da Administración de xustiza e dos corpos ao servizo da Administración de xustiza serán as seguintes:

1. O soldo, de acordo co detalle que a continuación se reflicte, e a retribución por antigüidade ou trienios que, de ser o caso, lles corresponda.

a) O soldo dos membros do corpo de letrados da Administración de xustiza queda establecido para o ano 2018 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Letrados da Administración de xustiza de primeira categoría	18.609,96
Letrados da Administración de xustiza de segunda categoría	17.688,36
Letrados da Administración de xustiza de terceira categoría	16.434,12

b) O soldo dos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza queda establecido para o ano 2018 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	15.951,72
Xestión procesual e administrativa	13.774,44
Tramitación procesual e administrativa	11.321,52
Auxilio xudicial	10.269,12
Técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	13.774,44
Axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	11.321,52

c) Os trienios perfeccionados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2004, nos corpos ao servizo da Administración de xustiza declarados a extinguir pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, quedan establecidos, para o ano 2018, nas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

	Euros
Corpo de oficiais	551,52
Corpo de auxiliares	425,28
Corpo de axentes xudiciais.	367,20
Corpo de técnicos especialistas.	551,52
Corpo de auxiliares de laboratorio.	425,28
Corpo de axentes de laboratorio a extinguir.	367,20
Corpo de secretarios de vulgados de paz de municipios con máis de 7.000 habitantes, a extinguir.	620,52

Os trienios perfeccionados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1995 polo persoal encadrado nos corpos de médicos forenses e técnicos facultativos quedan establecidos para o ano 2018 en 665,04 euros anuais, referidos a doce mensualidades.

2. As pagas extraordinarias, que se devindarán de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta do EBEP, serán dúas ao ano por un importe, cada unha delas, dunha mensualidade do soldo, antigüidade ou trienios, segundo o caso, e a contía complementaria que se sinala no anexo XI da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, nos valores vixentes en 31 de decembro de 2017, incrementados como máximo na porcentaxe prevista no artigo 18.dous.

3.a) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios do corpo de letrados da Administración de xustiza, cando lles resulte de aplicación o Real decreto 2033/2009, do 30 de decembro, queda establecido para o ano 2018 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Postos de tipo I	16.677,84
Postos de tipo II	14.245,56
Postos de tipo III	13.601,40
Postos de tipo IV	13.498,68
Postos de tipo V	9.761,16

As restantes retribucións complementarias, variables e especiais dos funcionarios do parágrafo anterior incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto das

vixentes en 31 de decembro de 2017, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 18. sete desta lei.

Os membros do corpo de letrados da Administración de xustiza que ocupen postos distintos dos sinalados no primeiro parágrafo deste número 3.a) percibirán as retribucións complementarias, variables e especiais establecidas no Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, incrementadas na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto das vixentes en 31 de decembro de 2017.

3.b) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, a que se refire o punto tres.1.b) deste mesmo artigo, de conformidade co previsto no Real decreto 1033/2007, do 20 de xullo, queda establecido para o ano 2018 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Tipo	Subtipo	Euros
Xestión procesual e administrativa e técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	I	A	4.124,04
	I	B	4.926,36
	II	A	3.797,16
	II	B	4.599,48
	III	A	3.633,84
	III	B	4.436,16
	IV	C	3.470,52
	IV	D	3.634,20
Tramitación procesual e administrativa e axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	I	A	3.579,48
	I	B	4.381,92
	II	A	3.252,84
	II	B	4.055,16
	III	A	3.089,40
	III	B	3.891,72
	IV	C	2.926,08
Auxilio xudicial	I	A	2.811,84
	I	B	3.614,16
	II	A	2.484,72
	II	B	3.287,28
	III	A	2.321,40
	III	B	3.123,84
	IV	C	2.158,08
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	I		19.474,44
	II		19.223,16
	III		18.971,76
Escala a extinguir de xestión procesual e administrativa, procedentes do corpo de secretarios de xulgados de municipios de máis de 7.000 habitantes			5.266,20

As restantes retribucións complementarias, variables e especiais dos funcionarios a que se refire o parágrafo anterior incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18. dous, respecto das vixentes en 31 de decembro de 2017, sen prexuízo do disposto no artigo 18. sete desta lei.

4. Nas retribucións complementarias a que se fai referencia nos números 3.a) e 3.b) anteriores entenderanse incluídas as cantidades que, en cada caso, se recoñecen, en concepto de paga adicional complementaria no punto segundo do Acordo do Consello de Ministros do 8 de maio de 2009, publicado pola Orde 1230/2009, do 18 de maio, do Ministerio da Presidencia.

Catro. No ano 2018 as retribucións básicas e complementarias correspondentes aos funcionarios a que se refire o artigo 624 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder

xudicial, incrementaranse na porcentaxe prevista no artigo 18.dous, respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2017, sen prexuízo do previsto no artigo 18.sete desta lei.

Cinco. No ano 2018 as retribucións dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal serán as seguintes:

1. Vicepresidente do Tribunal Supremo:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	30.856,56
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades)	89.727,96
Total	120.584,52

Presidentes de sala do Tribunal Supremo e presidente da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo):

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	28.492,52
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades)	85.173,84
Total	113.666,36

Maxistrados do Tribunal Supremo e presidentes de sala da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo):

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	26.993,12
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades)	83.715,48
Total	110.708,60

2. Fiscal xeral do Estado: 117.869,16 euros, que se percibirán en doce mensualidades sen dereito a pagas extraordinarias.

Tenente fiscal do Tribunal Supremo:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	28.492,52
Outras remuneracións (que se percibirán, en 12 mensualidades)	85.173,84
Total	113.666,36

Fiscal xefe inspector, fiscal xefe da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional e fiscal xefe da Fiscalía da Audiencia Nacional:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	26.993,12
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades)	85.173,84
Total	112.166,96

Fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica e da Unidade de Apoio do Fiscal Xeral do Estado e das fiscalías especiais antidroga e contra a corrupción e a criminalidade organizada e fiscais de sala do Tribunal Supremo:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades)	26.993,12
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades)	83.715,48
Total	110.708,60

3. Os membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal, coa excepción do fiscal xeral do Estado que se regula no número seguinte, a que se refiren os números anteriores deste punto, percibirán catorce mensualidades da retribución por antigüidade ou trienios, de ser o caso, que lles corresponda. Así mesmo, percibirán dúas pagas ao ano, en xuño e decembro, pola contía, cada unha delas, que se detalla a continuación:

Determinados membros do poder xudicial e o Ministerio Fiscal	Contía en euros
Vicepresidente do Tribunal Supremo	7.477,33
Presidentes de sala do Tribunal Supremo e presidente da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo)	7.097,82
Maxistrados do Tribunal Supremo e presidentes de sala da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo)	6.976,29
Tenente fiscal do Tribunal Supremo	7.097,82
Fiscal xefe inspector, fiscal xefe da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional e fiscal xefe da Fiscalía da Audiencia Nacional	7.097,82
Fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica e da Unidade de Apoio do Fiscal Xeral do Estado e das fiscalías especiais antidroga e contra a corrupción e a criminalidade organizada e fiscais de sala do Tribunal Supremo	6.976,29

Estas contías devindicaranse de acordo coa normativa sobre pagas extraordinarias aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

4. O fiscal xeral do Estado percibirá, ademais da contía sinalada no número 2 deste punto, 14 mensualidades da retribución por antigüidade ou trienios, de ser o caso, que lle corresponda e a derivada da aplicación do artigo 32.catro, número 3, parágrafo segundo, da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, vixentes en 31 de decembro de 2017, incrementadas na porcentaxe prevista no artigo 18.dous.

Estas contías devindicaranse de acordo coa normativa sobre pagas extraordinarias aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

O fiscal xeral do Estado percibirá, ademais da contía sinalada no número 2 deste punto, 14 mensualidades da retribución por antigüidade ou trienios, de ser o caso, que lle corresponda e a derivada da aplicación do artigo 32.catro, número 3, parágrafo segundo, da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, vixentes en 31 de decembro de 2017, incrementadas na porcentaxe prevista no artigo 18.dous.

5. O soldo e as retribucións complementarias dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refiren os puntos 1 e 2 do presente punto serán os establecidos nestes e nos puntos 3 e 4, respectivamente, da mesma epígrafe. Para estes efectos, quedan excluídos do ámbito de aplicación da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, sen prexuízo do dereito á devindicación das retribucións especiais que lles puidesen corresponder nas contías vixentes en 31 de decembro de 2017 incrementadas na porcentaxe prevista no artigo 18.dous.

Seis. Cando o persoal comprendido neste artigo teña recoñecidos trienios en corpos ou escalas aos cales resulte de aplicación o establecido no artigo 18, punto cinco desta lei,

con obxecto de posibilitar, se procede, a percepción das pagas extraordinarias de trienios ou antigüidade na contía dunha mensualidade ordinaria dos ditos conceptos, poderase distribuír en catorce pagamentos de igual contía o importe anual total polos trienios (e/ou antigüidade) recoñecidos nos citados corpos ou escalas, constituído polos trienios (e/ou antigüidade) referidos a doce mensualidades máis as pagas extraordinarias por trienios (e/ou antigüidade). Neste caso, as contías anuais referidas a doce mensualidades ordinarias máis dúas extraordinarias recóllense a continuación:

Grupo/Subgrupo EBEP	Trienios – Euros
A1	584,68
A2	484,76
B	433,98
C1	374,20
C2	259,34
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (EBEP).	195,44

Artigo 28. *Retribucións do persoal estatutario e do persoal da Seguridade Social non estatutario.*

Un. No ano 2018 as retribucións do persoal funcionario da Administración da Seguridade Social, xa homologado co resto do persoal da Administración xeral do Estado, serán as establecidas no artigo 22 desta lei.

Dous. No ano 2018 o persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino, nas contías sinaladas para os ditos conceptos retributivos no artigo 22.un.A), B) e C) desta lei, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, dous, do dito real decreto lei e de que a contía anual do complemento de destino, fixado na letra C) do citado artigo 22.un, se satisfaga en catorce mensualidades.

Para os efectos da aplicación, para o citado persoal estatutario, do disposto no artigo 22.un.B) da presente lei, a contía do complemento de destino correspondente a cada unha das pagas extraordinarias farase efectiva tamén en catorce mensualidades, e a dita contía calcularase nunha doceava parte dos correspondentes importes por niveis sinalados no artigo 22.un.C).

O importe das retribucións correspondentes aos complementos específico e de atención continuada que, de ser o caso, estean fixados ao referido persoal, experimentará o incremento previsto no artigo 18.dous, respecto das vixentes en 31 de decembro de 2017, sen prexuízo do previsto no artigo 18.sete desta lei.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme os criterios sinalados no artigo 2.tres.c) e na disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987, e nas demais normas ditadas no seu desenvolvemento.

Tres. No ano 2018 as retribucións do restante persoal funcionario e estatutario do ámbito de aplicación deste artigo experimentarán o incremento previsto no artigo 18.dous, respecto das vixentes en 31 de decembro de 2017.

CAPÍTULO III

Outras disposicións en materia de réxime do persoal activo

Artigo 29. *Prohibición de ingresos atípicos.*

Os empregados públicos comprendidos dentro do ámbito de aplicación da presente lei, con excepción daqueles sometidos ao réxime de arancel, non poderán percibir participación

ningunha dos tributos, comisións ou outros ingresos de calquera natureza, que correspondan á Administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdición, nin participación ou premio en multas impostas mesmo cando estivesen normativamente atribuídas a eles; deberán percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo, e sen prexuízo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades e do disposto na normativa específica sobre desfrute de vivenda por razón do traballo ou cargo desempeñado.

Artigo 30. *Recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación.*

Un. No ano 2018 as contías que se percibirán polos conceptos de recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación experimentarán o incremento previsto no artigo 18.dous, respecto das recoñecidas en 31 de decembro de 2017.

Dous. A Cruz Laureada de San Fernando e a medalla militar individual rexeranse pola súa lexislación especial.

Tres. A Cruz á Constancia e as diferentes categorías da Real e Militar Orde de San Hermenexildo rexeranse polo establecido no Real decreto 1189/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Real e Militar Orde de San Hermenexildo.

Artigo 31. *Outras normas comúns.*

Un. O persoal contratado administrativo e os funcionarios de corpos de sanitarios locais, así como o persoal cuxas retribucións en 2017 non correspondesen ás establecidas con carácter xeral no título III da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017, e non lles fosen de aplicación as establecidas expresamente no mesmo título da presente lei, continuarán percibindo, durante o ano 2018, as retribucións vixentes en 31 de decembro de 2017, co incremento previsto no artigo 18.dous.

Dous. Na Administración xeral do Estado, nos seus organismos autónomos e axencias estatais, nos casos de adscrición dun funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo a que se lle adscribe, tal funcionario percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación das retribucións básicas que autorice o Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública, por proposta dos departamentos ministeriais interesados.

Para os únicos efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, poderase autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do funcionario.

Tres. As indemnizacións por razón do servizo seguirán percibíndose nas contías vixentes en 2017.

Artigo 32. *Requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario.*

Un. Será preciso informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública para determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal laboral e non funcionario ao servizo:

- a) Da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos.
- b) Das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- c) Das axencias estatais, de conformidade coa súa normativa específica.
- d) Das restantes entidades públicas empresariais e do resto dos organismos e entes públicos, nas condicións e polos procedementos que para o efecto establece a Comisión Interministerial de Retribucións, atendendo ás características específicas daquelas.

Dous. Entenderase por determinación ou modificación de condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

- a) Determinación das retribucións de postos de nova creación.
- b) Sinatura de convenios colectivos, acordos ou instrumentos similares subscritos polos organismos citados no punto un anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- c) Aplicación do Convenio único para o persoal laboral da Administración do Estado e dos convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- d) Fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo, con excepción do persoal temporal suxeito á relación laboral de carácter especial regulada no artigo 2, punto 1, letra e), do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro. Non obstante, deberase facilitar información das retribucións deste último persoal ao Ministerio de Facenda e Función Pública. Exceptúase, igualmente, a fixación das retribucións do persoal a que se refire o Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades, que se aterá ao disposto na dita norma.
- e) Outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral, con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.
- f) Determinación das retribucións correspondentes ao persoal contratado no exterior.

Tres. O informe citado no punto un deste artigo afectará todos os organismos, entidades e axencias sinalados nas letras a), b), c) e, para os do punto d), nos termos que determine a Comisión Interministerial de Retribucións, e será emitido polo procedemento e co alcance previsto nos puntos seguintes:

1. Os organismos afectados remitirán ao Ministerio de Facenda e Función Pública o correspondente proxecto, con carácter previo ao seu acordo ou sinatura no caso dos convenios colectivos ou contratos individuais, xunto coa valoración de todos os seus aspectos económicos.
2. O informe, que no suposto de proxectos de convenios colectivos, acordos ou instrumentos similares será emitido no prazo máximo de quince días contado desde a data de recepción do proxecto e da súa valoración, versará sobre todos aqueles aspectos de que deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano corrente como para exercicios futuros e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ao control do seu crecemento, sen prexuízo do disposto no artigo 23 desta lei.

Catro. O Ministerio de Facenda e Función Pública determinará e, de ser o caso, actualizará as retribucións do persoal laboral no exterior de acordo coas circunstancias específicas de cada país.

Cinco. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios aos que determinen as futuras leis de orzamentos xerais do Estado.

Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación das retribucións sen o cumprimento dos requisitos establecidos no presente artigo.

Seis. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, no caso das sociedades mercantís estatais, das entidades públicas empresariais, das fundacións do sector público estatal, dos consorcios que, de acordo co establecido no artigo 120 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, se encontran adscritos ao sector público estatal, das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e dos seus centros mancomunados, e doutras entidades estatais de dereito público,

será preceptivo o informe da Comisión de seguimento da negociación colectiva das empresas públicas, presidida polo titular da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, de conformidade co que estableza a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra do informe da Comisión de seguimento da negociación colectiva das empresas públicas.

Igualmente, o Banco de España informará a Comisión de seguimento da negociación colectiva das empresas públicas, con carácter previo, tanto do inicio da negociación dun convenio ou acordo colectivo, como de calquera proposta de acordo que vaia ser remitida á representación dos traballadores, así como dos convenios ou acordos alcanzados.

Artigo 33. *Contratación de persoal laboral con cargo aos créditos de investimentos.*

Un. Os departamentos ministeriais, organismos autónomos, axencias estatais, entidades xestoras da Seguridade Social, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Xerencia de Informática da Seguridade Social poderán formalizar, con cargo aos respectivos créditos de investimentos, contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos, sempre que se dea a concorrencia dos requisitos sinalados no artigo 19.dous e dos seguintes:

- a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras por administración directa e con aplicación da lexislación de contratos do Estado, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.
- b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais do Estado.
- c) Que as obras ou servizos non poidan ser executados co persoal fixo do cadro de persoal e non exista dispoñibilidade suficiente no crédito orzamentario destinado á contratación de persoal.

Dous. A contratación poderá exceder o exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que deban exceder o dito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevé no artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

Tres. Os contratos deberán contar co informe, con carácter previo á súa formalización, da Avogacía do Estado no departamento, organismo ou entidade ou, de ser o caso, do letrado da Administración da Seguridade Social que, en especial, se pronunciará sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e formalidades exixidos pola lexislación laboral.

Catro. Os contratos regulados no presente artigo serán obxecto de fiscalización previa nos casos en que resulte preceptiva, de conformidade co disposto nos artigos 152 a 156 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Para estes efectos, os créditos de investimentos entenderanse adecuados para contratar persoal eventual se non existe crédito suficiente para iso no concepto orzamentario destinado especificamente á dita finalidade.

Nos organismos públicos do Estado que non estean suxeitos á función interventora, esta contratación requirirá informe favorable do correspondente interventor delegado, que versará sobre a non dispoñibilidade de crédito no concepto orzamentario destinado á contratación de persoal eventual no capítulo correspondente. En caso de desconformidade co informe emitido, o organismo autónomo ou a entidade pública empresarial poderán elevar o expediente ao Ministerio de Facenda e Función Pública para a súa resolución.

Artigo 34. *Competencia do Ministerio de Facenda e Función Pública en materia de custos do persoal ao servizo do sector público no ámbito da negociación colectiva.*

Todos os acordos, convenios, pactos ou calquera outro instrumento de negociación colectiva similar, así como as medidas que se adopten no seu cumprimento ou desenvolvemento, cuxo contido se refira a gastos imputables ao capítulo de gastos de persoal dos orzamentos dos departamentos ministeriais, organismos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e demais entes públicos do sector público estatal, sociedades mercantís estatais, fundacións do sector público estatal e consorcios participados maioritariamente polo sector público estatal requirirán, para a súa plena efectividade, o informe previo e favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través do titular da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, e serán nulos de pleno dereito os que se alcancen sen tal informe, sen que deles poida en ningún caso derivar, directa ou indirectamente, incremento do gasto público en materia de custos de persoal e/ ou incremento de retribucións por encima do autorizado no artigo 18.dous desta lei.

TÍTULO IV

Das pensións públicas

CAPÍTULO I

Revalorización de pensións

Artigo 35. *Índice de revalorización de pensións.*

As pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como de clases pasivas do Estado, experimentarán en 2018 con carácter xeral un incremento do 0,25 por cento, nos termos que se indican nos artigos correspondentes desta lei.

CAPÍTULO II

Determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado e das especiais de guerra

Artigo 36. *Determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado.*

Un. O disposto neste artigo aplicarase ás pensións ordinarias e extraordinarias que, en propio favor ou no dos seus familiares, cause o persoal incluído no ámbito de cobertura do réxime de clases pasivas do Estado que se relaciona a continuación, agrupado de acordo coa súa lexislación reguladora:

1. Persoal a que se aplica o título I do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril:

a) Os funcionarios de carreira de carácter civil da Administración do Estado, da Administración de xustiza, das Cortes Xerais e doutros órganos constitucionais ou estatais cuxa lexislación reguladora así o prevea, os transferidos ás comunidades autónomas, así como o persoal militar de carreira, o persoal militar de complemento e o das escalas de tropa e mariñeiría profesional que teña adquirido o dereito a permanecer nas Forzas Armadas ata a idade de retiro que, con posterioridade ao 31 de decembro de 1984, se encontre en calquera situación administrativa e non fose declarado xubilado ou retirado antes da dita data.

b) O persoal que, a partir do 1 de xaneiro de 1986, se encontrase como funcionario en prácticas e o que, a partir do 1 de xaneiro 1985, fose alumno dalgunha escola ou academia militar e fose promovido a cabaleiro alférez cadete, alférez-alumno, sarxento-alumno ou gardamariña.

c) Os funcionarios interinos nomeados antes do 1 de xaneiro de 1965 e que percibisen soldo detallado nos orzamentos xerais do Estado con cargo a persoal, cando o feito causante dos dereitos pasivos se producise con posterioridade ao 31 de decembro de 1985.

2. Persoal a que se aplica a lexislación vixente en 31 de decembro de 1984, coas modificacións que se recollen no título II do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado:

a) Os funcionarios de carreira de carácter civil da Administración do Estado, da Administración de xustiza, das Cortes Xerais e doutros órganos constitucionais ou estatais cuxa lexislación reguladora así o prevexa, os transferidos ás comunidades autónomas, así como o persoal militar de carreira, o persoal militar de complemento e o das escalas de tropa e mariñeiría profesional que teña adquirido o dereito a permanecer nas Forzas Armadas ata a idade de retiro que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, falecese ou fose declarado xubilado ou retirado.

b) Os funcionarios interinos nomeados antes do 1 de xaneiro de 1965 e que percibisen soldo detallado nos orzamentos xerais do Estado con cargo a persoal, cando o feito causante dos dereitos pasivos se producise con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1986.

Dous. Para a determinación inicial das pensións causadas polo persoal mencionado no punto un.1 deste artigo, teranse en conta para 2018 os haberes reguladores que se indican a continuación:

a) Haberes reguladores para o persoal ingresado nalgún corpo, escala, praza, emprego ou categoría administrativa con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

Grupo/Subgrupo EBEP	Haber regulador Euros/ano
A1	41.108,90
A2	32.353,74
B	28.330,94
C1	24.848,22
C2	19.659,06
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (EBEP)	16.760,92

b) Haberes reguladores para o persoal ingresado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Haber regulador Euros/ano
10	41.108,90
8	32.353,74
6	24.848,22
4	19.659,06
3	16.760,92

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Haber regulador Euros/ano
4,75	41.108,90
4,50	41.108,90
4,00	41.108,90
3,50	41.108,90
3,25	41.108,90
3,00	41.108,90
2,50	41.108,90
2,25	32.353,74
2,00	28.330,94
1,50	19.659,06
1,25	16.760,92

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Haber regulador Euros/ano
Secretario xeral	41.108,90
De letrados	41.108,90
Xerente	41.108,90

CORTES XERAIS

Corpo	Haber regulador Euros/ano
De letrados	41.108,90
De arquivistas-bibliotecarios	41.108,90
De asesores facultativos	41.108,90
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	41.108,90
Técnico-administrativo	41.108,90
Administrativo	24.848,22
De subalternos	19.659,06

Tres. Para a determinación inicial das pensións causadas polo persoal mencionado no punto un.2 deste artigo, que produzan efectos económicos a partir do 1 de xaneiro de 2018, teranse en conta as bases reguladoras que resulten de aplicar as seguintes regras:

a) Tomarase o importe que corresponda ao causante polos conceptos de soldo e, de ser o caso, grao, en función do corpo ou dos índices multiplicador ou de proporcionalidade e grao de carreira administrativa que teña asignado en 31 de decembro de 1984 o corpo, carreira, escala, praza, emprego ou categoría a que pertencese aquel, e que se recollen a continuación:

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual – Euros
10 (5,5)	8		27.558,38
10 (5,5)	7		26.800,98
10 (5,5)	6		26.043,62
10 (5,5)	3		23.771,43
10	5		23.384,71
10	4		22.627,36
10	3		21.869,98
10	2		21.112,54
10	1		20.355,15
8	6		19.664,72
8	5		19.058,94
8	4		18.453,11
8	3		17.847,29
8	2		17.241,50
8	1		16.635,67
6	5		14.980,91
6	4		14.526,69
6	3		14.072,54
6	2		13.618,28
6	1	(12 por 100)	14.689,24
6	1		13.164,05
4	3		11.085,15
4	2	(24 por 100)	13.227,32
4	2		10.782,26
4	1	(12 por 100)	11.703,00
4	1		10.479,35
3	3		9.571,26
3	2		9.344,12
3	1		9.117,02

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
4,75	45.003,62
4,50	42.635,00
4,00	37.897,75
3,50	33.160,53
3,25	30.791,95
3,00	28.423,32
2,50	23.686,10
2,25	21.317,48
2,00	18.948,89
1,50	14.211,66
1,25	11.843,06

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
Secretario xeral	42.635,00
De letrados	37.897,75
Xerente	37.897,75

CORTES XERAIS

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
De letrados	24.801,76
De arquiteiros-bibliotecarios	24.801,76
De asesores facultativos	24.801,76
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	22.775,79
Técnico-administrativo	22.775,79
Administrativo	13.716,39
De subalternos	10.849,82

b) Á cantidade resultante do establecido na letra anterior sumaráselle a contía que se obteña de multiplicar o número de trienios acreditados polo valor unitario de cada trienio en función do corpo, carreira, escala, praza, emprego ou categoría en que prestase servizos o causante, atendendo, de ser o caso, aos índices de proporcionalidade ou multiplicadores asignados a eles nos cadros seguintes:

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
10	890,27
8	712,23
6	534,12
4	356,13
3	267,09

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
3,50	1.658,02
3,25	1.539,61
3,00	1.421,17
2,50	1.184,28
2,25	1.067,34

Índice multiplicador	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
2,00	947,46
1,50	710,59
1,25	592,17

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
Secretario xeral	1.658,02
De letrados	1.658,02
Xerente	1.658,02

CORTES XERAIS

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
De letrados	1.014,10
De arquiveiros-bibliotecarios	1.014,10
De asesores facultativos	1.014,10
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	1.014,10
Técnico-administrativo	1.014,10
Administrativo	608,47
De subalternos	405,62

Catro. O importe mensual das pensións a que se refire este artigo obterase dividindo entre 14 a contía anual calculada segundo o disposto nas regras contidas nos puntos precedentes e de acordo coa lexislación que resulte aplicable.

Artigo 37. Determinación inicial das pensións especiais de guerra.

Un. O importe das pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, de pensións, asistencia médico-farmacéutica e asistencia social a familiares de falecidos como consecuencia da Guerra Civil, non poderá ser inferior, para 2018, á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social, excepto para as pensións causadas polo persoal non funcionario en favor de orfos non incapacitados, cuxa contía será de 1.867,56 euros anuais.

Dous. 1. As pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 35/1980, do 26 de xuño, de mutilados de guerra ex-combatentes da zona republicana, cuxos causantes non tivesen a condición de militar profesional das forzas e institutos armados, fixéanse para 2018 nas seguintes contías:

a) A pensión de mutilación será a que resulte de aplicar as porcentaxes establecidas para cada grao de incapacidade á cantidade de 5.079,78 euros anuais.

b) A suma da remuneración básica, a remuneración substitutoria de trienios e as remuneracións suplementarias en compensación por retribucións non percibidas será de 13.700,05 euros anuais.

c) As pensións en favor de familiares serán iguais á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social, excepto para as pensións en favor de orfos non incapacitados, cuxa contía será de 1.867,56 euros anuais.

2. O importe das pensións en favor de familiares de ex-combatentes que tivesen a condición de militar profesional, recoñecidas ao abeiro da Lei 35/1980, non poderá ser inferior, para 2018, á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Tres. As pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 6/1982, do 29 de marzo, sobre retribución básica a mutilados civís de guerra, fíxanse, para 2018, nas seguintes contías:

a) A retribución básica para quen teña recoñecida unha incapacidade de segundo, terceiro ou cuarto grao, en 9.590,03 euros anuais.

b) As pensións en favor de familiares, na contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Catro. As pensións recoñecidas ao abeiro do Decreto 670/1976, do 5 de marzo, en favor de mutilados de guerra que non se puideron integrar no corpo de cabaleiros mutilados de guerra pola patria, estableceranse, para 2018, no importe que resulte de aplicar as porcentaxes establecidas para cada grao de incapacidade á contía de 6.086,22 euros anuais.

Cinco. A contía para 2018 das pensións causadas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, sobre recoñecemento de dereitos e servizos prestados a aqueles que durante a Guerra Civil formaron parte das Forzas Armadas e de orde pública e corpo de carabineiros da República, fixarase aplicando o importe polos conceptos de soldo e grao que proceda de entre os contidos no precedente artigo 36.tres.a).

As contías destas pensións non poderán ser inferiores ás seguintes:

a) Nas pensións en favor de causantes, á contía mínima das pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

b) Nas pensións de viuvez, á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Seis. O importe mensual das pensións a que se refire este artigo obterase dividindo entre 12 a contía anual establecida segundo o disposto nos puntos precedentes e de acordo coa lexislación que resulte aplicable.

Xunto ás doce mensualidades ordinarias aboaranse dúas mensualidades extraordinarias do mesmo importe, excepto nas pensións de mutilación recoñecidas ao abeiro da Lei 35/1980, do 26 de xuño.

Non obstante o establecido no último inciso do parágrafo anterior, cando o mutilado fose clasificado como útil conforme o disposto na citada lei, terá dereito ás referidas mensualidades extraordinarias.

CAPÍTULO III

Limitacións no sinalamento inicial das pensións públicas

Artigo 38. *Limitación do sinalamento inicial das pensións públicas.*

Un. O importe que se percibirá como consecuencia do sinalamento inicial das pensións públicas enumeradas no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, non poderá superar, durante o ano 2018, a contía íntegra de 2.580,13 euros mensuais, sen prexuízo das pagas extraordinarias que poidan corresponder ao seu titular, cuxa contía tamén estará afectada polo citado límite.

Malia o disposto no parágrafo anterior, se o pensionista ten dereito a percibir menos ou máis de catorce pagas ao ano, incluídas as extraordinarias, este límite mensual deberá ser

adecuado, para efectos de que se alcance ou non supere a contía íntegra anual de 36.121,82 euros.

Dous. Cando un mesmo titular cause simultaneamente dereito a dúas ou máis pensións públicas, o importe conxunto que se percibirá como consecuencia do sinalamento inicial de todas elas estará suxeito aos mesmos límites que se establecen no punto anterior.

Para tal efecto determinarase, en primeiro lugar, o importe íntegro de cada unha das pensións públicas de que se trate e, se a suma de todas elas excede os 2.580,13 euros mensuais, reduciranse proporcionalmente ata absorber o dito exceso.

Non obstante, se algunha das pensións que se causen está a cargo do Fondo especial dunha das mutualidades de funcionarios incluídas no artigo 42.1.c) da Lei 37/1988, do 28 de decembro, a minoración ou supresión efectuarase preferentemente sobre o importe íntegro desta pensión e, de ser posible, no momento do seu recoñecemento; con posterioridade, se for necesario, reduciranse proporcionalmente as restantes pensións para que a suma de todas elas non supere o indicado límite máximo.

Tres. Cando se efectúe o sinalamento inicial dunha pensión pública en favor de quen xa estea a percibir outra ou outras pensións públicas, se a suma conxunta do importe íntegro de todas elas supera os límites establecidos no punto un deste artigo, minorarase ou suprimirase do importe íntegro da nova pensión a contía que exceda o referido límite.

Non obstante, se a nova pensión, no presente ou en anteriores exercicios económicos, tivese a consideración de renda exenta de acordo co disposto na lexislación reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, por solicitude do seu titular, minorarase ou suprimirase a pensión ou pensións públicas que o interesado causase anteriormente. En tales supostos, os efectos da regularización retrotraeranse ao día 1 de xaneiro do ano en que se solicite ou á data inicial de aboamento da nova pensión, se esta for posterior.

Catro. Se, no momento do sinalamento inicial a que se refiren os puntos anteriores, os organismos ou entidades competentes non poden coñecer a contía e natureza das outras pensións que correspondan ao beneficiario, tal sinalamento inicial realizarase con carácter provisional ata que se practiquen as oportunas comprobacións.

A regularización definitiva dos sinalamentos provisionais suporá, de ser o caso, a existencia do reintegro do percibido indebidamente polo titular da pensión. Este reintegro poderase practicar con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

Cinco. Se con posterioridade á minoración ou supresión do importe do sinalamento inicial a que se refiren os puntos dous e tres deste artigo se modifica, por calquera circunstancia, a contía ou composición das outras pensións públicas percibidas polo titular, revisaranse de oficio ou por instancia de parte as limitacións que se efectuasen, con efectos do primeiro día do mes seguinte ao da variación.

En todo caso, os sinalamentos iniciais realizados en supostos de concorrencia de pensións públicas estarán suxeitos a revisión periódica.

Seis. A minoración ou supresión do importe dos sinalamentos iniciais de pensións públicas que se poidan efectuar por aplicación das normas limitativas non significará mingua ou prexuízo doutros dereitos anexos ao recoñecemento da pensión.

Sete. O límite máximo de percepción establecido neste artigo non se aplicará ás seguintes pensións públicas que se causen durante o ano 2018:

- a) Pensións extraordinarias do sistema da Seguridade Social e do réxime de clases pasivas do Estado orixinadas por actos terroristas.
- b) Pensións extraordinarias recoñecidas ao abeiro da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- c) Pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño.

Oito. Cando no momento do sinalamento inicial das pensións públicas concorran nun mesmo titular algunha ou algunhas das pensións mencionadas no punto anterior, ou das recoñecidas por actos terroristas en favor de quen non teña dereito a pensión en calquera

réxime público da Seguridade Social, ao abeiro do título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo, con outra ou outras pensións públicas, as normas limitativas deste artigo só se aplicarán respecto das non procedentes de actos terroristas.

CAPÍTULO IV

Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas

Artigo 39. *Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas.*

Un. As pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, así como as pensións de clases pasivas do Estado, experimentarán no ano 2018 un incremento do 0,25 por cento, de conformidade co previsto no artigo 35 desta lei, sen prexuízo das excepcións contidas nos artigos seguintes deste capítulo e dos importes de garantía que figuran no precedente artigo 37, respecto das pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial da Guerra Civil.

A contía inicial das pensións de xubilación ou retiro e de viuvez de clases pasivas do Estado causadas durante 2018 ao abeiro da lexislación vixente en 31 de decembro de 1984, calculada de acordo coas bases reguladoras establecidas para esta clase de pensións no presente exercicio económico, corríxirase mediante a aplicación das porcentaxes do 1 e 2 por cento segundo corresponda, establecidas para os anos 2004, 2006, 2007 e 2008 no punto catro das disposicións adicionais quinta e sexta, así como na disposición adicional décima das leis 61/2003, do 30 de decembro; 30/2005, do 29 de decembro; 42/2006, do 28 de decembro; e 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para os anos 2004, 2006, 2007 e 2008, respectivamente.

Dous. De acordo co establecido na disposición adicional sexta, punto un, do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, as pensións das mutualidades integradas no Fondo especial da mutualidade xeral de funcionarios civís do Estado, causadas con posterioridade ao 31 de decembro de 2012, experimentarán o 1 de xaneiro do ano 2018 unha redución, respecto dos importes percibidos en 31 de decembro de 2017, do 20 por cento da diferenza entre a contía correspondente ao 31 de decembro de 1978 –ou de 1977, se se trata do Montepío de Funcionarios da Organización Sindical– e a de 31 de decembro de 1973.

Tres. As pensións aboadas con cargo aos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, e non indicadas nos puntos anteriores deste artigo, experimentarán no ano 2018 o incremento que, de ser o caso, proceda, segundo a súa normativa reguladora, sobre as contías percibidas en 31 de decembro de 2017, salvo as excepcións contidas nos seguintes artigos deste capítulo.

Artigo 40. *Pensións non revalorizables.*

Un. No ano 2018 non se revalorizarán as pensións públicas seguintes:

a) As pensións aboadas con cargo a calquera dos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, cuxo importe íntegro mensual, sumado, de ser o caso, ao importe íntegro mensual das outras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda os 2.580,13 euros íntegros en cómputo mensual, entendéndose esta cantidade nos termos expostos no precedente artigo 38.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable ás pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado e do sistema da Seguridade Social orixinadas por actos terroristas, nin ás pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas, recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño, nin ás pensións recoñecidas en virtude da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) As pensións de clases pasivas recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado causadas antes do 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só percíbise esta pensión como tal legoeiro.

c) As pensións das mutualidades integradas no Fondo especial da mutualidade xeral de funcionarios civís do Estado que, en 31 de decembro de 2017, xa alcanzasen as contías correspondentes ao 31 de decembro de 1973.

Dous. No caso de mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social de calquera tipo que integren persoal de empresas ou sociedades con participación maioritaria do Estado, comunidades autónomas, corporacións locais ou organismos autónomos e se financien con fondos procedentes de tales órganos ou entidades públicas, ou no caso de que estes estean aboando directamente ao persoal incluído na acción protectora daquelas pensións complementarias por calquera concepto sobre as que lles correspondería aboar aos réximes xerais que sexan de aplicación, as revalorizacións a que se refire o artigo 39 serán consideradas como límite máximo, e poderanse aplicar coeficientes menores e mesmo inferiores á unidade ás ditas pensións complementarias, de acordo coas súas regulacións propias ou cos pactos que se produzan.

Artigo 41. *Limitación do importe da revalorización das pensións públicas.*

Un. Para o ano 2018 o importe da revalorización das pensións públicas non poderá supor un valor íntegro anual superior a 36.121,82 euros.

Dous. Cando un mesmo titular perciba dúas ou máis pensións públicas, a suma do importe anual íntegro de todas elas, unha vez revalorizadas as que procedan, non poderá superar o límite máximo sinalado. Se o supera, minorarase proporcionalmente a contía da revalorización ata absorber o exceso sobre tal límite.

Para tal efecto, cada entidade ou organismo competente para revalorizar as pensións determinará o límite máximo de percepción anual para as pensións ao seu cargo. Este límite consistirá nunha cifra que garde coa contía íntegra de 36.121,82 euros anuais a mesma proporción que manteña a pensión ou pensións coa suma de todas as pensións públicas percibidas polo titular.

O referido límite (L) obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$L = \frac{P}{T} \times 36.121,82 \text{ euros anuais}$$

onde «P» é o valor íntegro teórico anual alcanzado en 31 de decembro de 2017 pola pensión ou pensións a cargo do organismo ou entidade competente e «T» é o resultado de engadir á cifra anterior o valor íntegro anual das restantes pensións concorrentes do mesmo titular na mesma data.

Malia o anterior, se algunha das pensións públicas que percibe o interesado está a cargo do fondo especial dunha das mutualidades de funcionarios incluídas no artigo 42.1.c) da Lei 37/1988, do 28 de decembro, ou se trata das pensións non revalorizables a cargo dalgunha das entidades a que se refire o artigo 40.dous desta lei, a aplicación das regras recollidas nos parágrafos anteriores adaptarase regulamentariamente para alcanzar o límite máximo de percepción.

Tres. O disposto nos puntos catro a oito, ambos inclusive, do precedente artigo 38 será aplicable, cando así proceda, aos supostos de revalorización de pensións concorrentes.

CAPÍTULO V

Complementos por mínimos

Artigo 42. *Recoñecemento de complementos para mínimos nas pensións de clases pasivas.*

Un. De acordo co disposto no artigo 27.2 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, terán dereito a percibir os complementos económicos necesarios para alcanzar a contía mínima os pensionistas de clases pasivas do Estado que non perciban, durante 2018, ingresos de traballo ou de capital ou que, percibíndoos, non excedan os 7.151,80 euros ao ano. Para tal efecto, computaranse entre tales ingresos as plusvalías ou ganancias patrimoniais.

Para acreditar os ingresos de traballo ou de capital, poderáselle exixir ao pensionista unha declaración destes e, de ser o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

Non obstante, os pensionistas de clases pasivas do Estado que perciban ingresos polos conceptos indicados en contía superior á cifra sinalada no parágrafo primeiro deste punto terán dereito a un complemento por mínimos cando a suma en cómputo anual de tales ingresos e dos correspondentes á pensión xa revalorizada resulte inferior á suma de 7.151,80 euros máis o importe, en cómputo anual, da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate. Neste caso, o complemento para mínimos consistirá na diferenza entre os importes de ambas as sumas, sempre que esta diferenza non determine para o interesado unha percepción mensual conxunta de pensión e complemento por importe superior ao da contía mínima de pensión que corresponda en termos mensuais.

Presumirase que concorren os requisitos establecidos nos parágrafos anteriores cando o interesado percibise durante 2017 ingresos por contía igual ou inferior a 7.133,97 euros anuais. Esta presunción poderá ser destruída, de ser o caso, polas probas obtidas pola Administración.

Para os únicos efectos de garantía de complementos para mínimos, equiparanse a ingresos de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

Cando, de conformidade coas previsións legais, se teña recoñecida unha parte proporcional da pensión de viuvez, o complemento para mínimos aplicarase, de ser o caso, na mesma proporción que se tivo en conta para o recoñecemento da pensión.

Os efectos económicos do recoñecemento dos complementos retrotraeranse ao día 1 de xaneiro do ano en que se soliciten ou á data de inicio da pensión, se esta for posterior ao 1 de xaneiro.

Non obstante, se a solicitude de tal recoñecemento se efectúa con ocasión de exercer o dereito ao cobramento dunha pensión cuxo feito causante se produciu no exercicio anterior, os efectos económicos poderán ser os da data de inicio desta, cunha retroactividade máxima dun ano desde a solicitude.

Dous. Os recoñecementos de complementos económicos que se efectúen en 2018 por declaracións do interesado terán carácter provisional ata que se comprobe a realidade ou efectividade do declarado.

A Administración poderá revisar periodicamente, de oficio ou por instancia do interesado, as resolucións de recoñecemento de complementos económicos, o que poderá supor, de ser o caso, a exixencia do reintegro do percibido indebidamente polo titular da pensión. Este reintegro poderá practicarse con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

Tres. Para ter dereito ao complemento para mínimos nos supostos de pensións causadas a partir de xaneiro de 2013, será necesario residir en territorio español. Para as pensións causadas a partir da indicada data, o importe dos ditos complementos en ningún caso poderá superar a contía fixada para as pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Catro. Durante 2018 as contías mínimas das pensións de clases pasivas experimentarán un incremento do 0,25 por cento.

Cinco. Os complementos económicos regulados nos puntos precedentes deste artigo non se aplicarán ás pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial derivada da Guerra Civil, cuxas contías se fixan no artigo 37 desta lei, excepto ás pensións de orfandade recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, así como ás recoñecidas a favor de orfos non incapacitados maiores de 21 anos, causadas por persoal non funcionario ao abeiro das leis 5/1979, do 18 de setembro, e 35/1980, do 26 de xuño.

Artigo 43. Recoñecemento dos complementos por mínimos nas pensións da Seguridade Social.

Un. Nos termos que regulamentariamente se determinen, terán dereito a percibir os complementos necesarios para alcanzar a contía mínima de pensións os pensionistas do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, que non perciban durante 2018 rendementos do traballo, do capital ou de actividades económicas e ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para tales rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas e computados conforme o artigo 59 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, ou que, percibíndoos, non excedan os 7.151,80 euros ao ano. Estes complementos por mínimos non teñen carácter consolidable e son absorbibles con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorización ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

Para acreditar as rendas e ingresos, a entidade xestora poderá exixir ao pensionista unha declaración destes e, de ser o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

Non obstante, os pensionistas do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva que perciban ingresos polos conceptos indicados en contía superior á cifra sinalada no parágrafo primeiro deste punto terán dereito a un complemento por mínimos cando a suma en cómputo anual de tales ingresos e dos correspondentes á pensión xa revalorizada resulte inferior á suma de 7.151,80 euros máis o importe, en cómputo anual, da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate. Neste caso, o complemento por mínimos consistirá na diferenza entre os importes de ambas as sumas, sempre que esta diferenza non determine para o interesado unha percepción mensual conxunta de pensión e complemento por importe superior ao da contía mínima de pensión que corresponda en termos mensuais. Para os únicos efectos de garantía de complementos por mínimos, equipararanse a ingresos de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

As cantidades a tanto global e os pagamentos periódicos aboados, con carácter compensatorio, aos pensionistas españois, ao abeiro do Acordo suscrito entre España e o Reino Unido, o 18 de setembro de 2006, non se computarán para ningún efecto para o recoñecemento dos complementos para alcanzar a contía mínima das pensións.

Dous. Entenderase que concorren os requisitos indicados no punto anterior cando o interesado manifeste que vai percibir durante 2018 rendementos computados na forma sinalada no punto un, por contía igual ou inferior a 7.151,80 euros.

Os pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade contributiva que, ao longo do exercicio 2018, perciban rendas acumuladas superiores ao límite a que se refire o parágrafo anterior están obrigados a comunicar tal circunstancia ás entidades xestoras no prazo dun mes desde que se produza.

Para acreditar as rendas e ingresos as entidades xestoras da Seguridade Social poderán en todo momento requirir aos perceptores de complementos por mínimos unha declaración destes, así como dos seus bens patrimoniais e, de ser o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

Tres. Para efectos do previsto neste artigo, considerarase que existe cónxuxe a cargo do titular dunha pensión cando aquel estea convivindo co pensionista e dependa economicamente del.

Entenderase que existe dependencia económica cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que o cónxuxe do pensionista non sexa, pola súa vez, titular dunha pensión a cargo dun réxime básico público de previsión social. Enténdense comprendidos no dito concepto as pensións recoñecidas por outro Estado, así como os subsidios de garantía de ingresos mínimos e por axuda de terceira persoa, ambos previstos no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e as pensións asistenciais reguladas na Lei 45/1960, do 21 de xullo, pola que se crean determinados fondos nacionais para a aplicación social do imposto e do aforro.

b) Que os rendementos por calquera natureza do pensionista e do seu cónxuxe, computados na forma sinalada no punto un deste artigo, resulten inferiores a 8.342,65 euros anuais.

Cando a suma, en cómputo anual, dos rendementos referidos no parágrafo anterior e do importe, tamén en cómputo anual, da pensión que se vaia complementar resulte inferior á suma de 8.342,65 euros e da contía anual da pensión mínima con cónxuxe a cargo de que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades que corresponda.

Catro. Con respecto ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013, para ter dereito ao complemento para alcanzar a contía mínima das pensións, será necesario residir en territorio español. Para as pensións causadas a partir da indicada data, o importe de tales complementos en ningún caso poderá superar a contía a que se refire o punto 2 do artigo 59 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Cinco. Durante o ano 2018 as contías mínimas das pensións do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, experimentarán un incremento do 0,25 por cento.

CAPÍTULO VI

Outras disposicións en materia de pensións públicas

Artigo 44. *Determinación inicial e revalorización das pensións non contributivas da Seguridade Social.*

Un. Para o ano 2018, a contía das pensións de xubilación e invalidez do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, fixarase en 5.178,60 euros íntegros anuais.

Dous. Para o ano 2018, establécese un complemento de pensión, fixado en 525 euros anuais, para o pensionista que acredite fidedignamente carecer de vivenda en propiedade e ter, como residencia habitual, unha vivenda alugada ao pensionista cuxo propietario non teña con el relación de parentesco ata terceiro grao, nin sexa cónxuxe ou persoa con que constitúa unha unión estable e conviva con análoga relación de afectividade á conxugal. No caso de unidades familiares en que convivan varios perceptores de pensións non contributivas, só poderá percibir o complemento o titular do contrato de alugamento ou, de seren varios, o primeiro deles.

As normas para recoñecer este complemento serán as establecidas no Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o alugamento de vivenda a favor dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva. Enténdese que as referencias feitas ao ano 2012 deben considerarse realizadas ao ano 2018.

Artigo 45. *Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.*

Un. A partir do 1 de xaneiro do ano 2018, a contía das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, non concorrentes con outras pensións públicas, queda fixada en cómputo anual en 5.728,80 euros.

Para os ditos efectos, non se considerarán pensións concorrentes a prestación económica recoñecida ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, nin a pensión percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que fose a lexislación reguladora, nin o subsidio por axuda de terceira persoa previsto no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, nin as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

Dous. O importe das pensións de vellez ou invalidez do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez será, en cómputo anual, de 5.560,80 euros cando concorran con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez, sen prexuízo da aplicación, á suma dos importes de todas elas, do límite establecido na disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, salvo que os interesados tivesen recoñecidos importes superiores con anterioridade ao 1 de setembro de 2005, caso en que se aplicarán as normas xerais sobre revalorización, sempre que, por efecto destas normas, a suma das contías das pensións concorrentes siga sendo superior ao mencionado límite.

Tres. As pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non experimentarán revalorización en 2018 cando entren en concorrencia con outras pensións públicas diferentes ás mencionadas no precedente punto.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando a suma en cómputo anual de todas as pensións concorrentes, unha vez revalorizadas, e as do referido seguro obrigatorio de vellez e invalidez sexa inferior á contía fixada para a pensión de tal seguro no punto un deste artigo, a pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante entre ambas as cantidades. Esta diferenza non ten carácter consolidable e será absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorización ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

Catro. Cando, para o recoñecemento dunha pensión do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, se totalizasen períodos de seguro ou de residencia cumpridos noutros países vinculados a España por norma internacional da Seguridade Social que prevexa tal totalización, o importe da pensión rateada a cargo de España non poderá ser inferior ao 50 por 100 da contía da pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez que en cada momento corresponda.

Esta mesma garantía aplicarase en relación cos titulares doutras pensións distintas das do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez que opten por algunha destas pensións, sempre que na data do feito causante da pensión que se veña percibindo reunisen todos os requisitos exixidos polo dito seguro.

TÍTULO V

Das operacións financeiras

CAPÍTULO I

Débeda pública

Artigo 46. *Débeda pública.*

Un. Autorízase ao ministro de Economía, Industria e Competitividade un incremento anual do saldo vivo da débeda do Estado en 53.668.213,08 miles de euros. O cómputo realizarase mediante comparación do saldo vivo da débeda do Estado, en termos efectivos, entre inicio e fin do exercicio orzamentario.

Dous. Este límite será efectivo ao termo do exercicio, poderá ser superado no seu curso e quedará automaticamente revisado:

- a) Polo importe das modificacións netas de créditos orzamentarios correspondentes aos capítulos I a VIII.
- b) Polas desviacións entre as previsións de ingresos contidas na presente lei e a súa evolución real.
- c) Pola diferenza entre os créditos orzamentarios totais dos capítulos I a VIII e o importe global das obrigacións recoñecidas dos citados capítulos no exercicio.
- d) Polos anticipos de tesouraría e a variación neta das operacións non orzamentarias con impacto na tesouraría do Estado, previstas legalmente.
- e) Pola variación neta nos dereitos e nas obrigacións do Estado recoñecidos e pendentes de ingreso e pagamento no exercicio, así como nos dereitos recadados e nas obrigacións pagadas correspondentes a exercicios anteriores.
- f) Polo importe neto imputado aos conceptos englobados no capítulo IX que non forman parte da emisión e amortización de débeda pública.

As citadas revisións incrementaran ou reducirán o límite sinalado no punto anterior segundo supoñan un aumento ou unha diminución, respectivamente, da necesidade de financiamento do Estado.

Artigo 47. *Operacións de crédito autorizadas a organismos e entidades integrantes do sector público institucional estatal.*

Un. Autorízanse os organismos autónomos que figuran no anexo III desta lei a concertar operacións de crédito durante o exercicio orzamentario polos importes que, para cada un, figuran no anexo citado.

Así mesmo, autorízanse os demais organismos e entidades integrantes do sector público institucional estatal que figuran nese mesmo anexo III a concertar operacións de crédito durante o exercicio orzamentario polos importes que, para cada unha, figuran no dito anexo. A autorización refírese, neste caso, de acordo co establecido no artigo 111.2 da Lei xeral orzamentaria, ás operacións de crédito que non se concerten e cancelen dentro do ano.

Dous. Os organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria; Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas; Instituto Xeolóxico e Mineiro de España; Instituto de Saúde Carlos III; Instituto de Astrofísica de Canarias; Instituto Español de Oceanografía; e Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas), o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas, dependente do Ministerio de Defensa, e a Universidade Nacional de Educación a Distancia poderán concertar operacións de crédito como consecuencia dos anticipos reembolsables que se lles conceden con cargo ao capítulo 8 do orzamento do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Esta autorización será aplicable unicamente aos anticipos que se concedan co fin de facilitar a dispoñibilidade de fondos para o pagamento da parte dos gastos que, unha vez xustificadas, se financien con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ou ao Fondo Social Europeo.

Tres. Os organismos dependentes do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente que figuran no citado anexo III, con carácter previo á concertación das operacións correspondentes e co fin de verificar o destino do endebedamento, deberán solicitar autorización da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos achegando un plan económico-financieiro xustificativo da operación, incluídos os supostos en que o endebedamento se solicite para cubrir déficits de tesouraría que se produzan por desfase entre os pagamentos que realice o organismo en actuacións cofinanciadas con fondos europeos e os retornos comunitarios correspondentes a tales pagamentos.

Artigo 48. Información da evolución da débeda do Estado ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade e ao Congreso dos Deputados e ao Senado; e das contas abertas polo Tesouro no Banco de España ou noutras entidades financeiras ao Congreso dos Deputados e ao Senado.

Os organismos públicos que teñen ao seu cargo a xestión de débeda do Estado ou asumida por este, mesmo cando o asumido sexa unicamente a carga financeira, remitirán á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade a seguinte información: trimestralmente, sobre os pagamentos efectuados e sobre a situación da débeda o día último do trimestre, e ao comezo de cada ano, sobre a previsión de gastos financeiros e amortizacións para o exercicio.

O Goberno comunicará trimestralmente ás Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, o saldo detallado das operacións financeiras concertadas polo Estado e polos organismos autónomos e o número de contas abertas polo Tesouro no Banco de España ou noutras entidades financeiras, así como os importes e a evolución dos saldos. A Oficina porá a dita documentación á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

Artigo 49. Recursos alleos do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

De acordo co disposto no artigo 53.5 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, durante o exercicio orzamentario de 2018 os recursos alleos do FROB non superarán o importe de 15.439.260 miles de euros.

CAPÍTULO II

Avais públicos e outras garantías

Artigo 50. Importe dos avais do Estado.

Un. O importe máximo dos avais que outorgará a Administración xeral do Estado durante o exercicio do ano 2018 non poderá exceder os 500.000 miles de euros.

Dous. Dentro do total sinalado no punto anterior, aplicaranse os seguintes límites máximos de outorgamento de aval:

a) 460.000 miles de euros para os avais que poderá autorizar o Consello de Ministros segundo o establecido nos artigos 114.2 e 115 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Aplicarase este mesmo límite aos avais outorgados ás operacións concertadas polos suxeitos recollidos na letra b) do artigo 114.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro.

b) 40.000 miles de euros para garantir as obrigacións derivadas de operacións de crédito concertadas por empresas navieiras domiciliadas en España, destinadas á modernización da frota mercante das empresas armadoras españolas mediante a

transformación de buques rexistrados e abandeirados en España ou noutro Estado membro da Unión Europea, non superiores a 15 anos de antigüidade, para utilizar gas natural licuado como combustible, instalar depuradores dos gases de exhaustación dos seus motores ou instalar sistemas de tratamento de auga de lastre a bordo.

A efectividade do aval que sexa outorgado con anterioridade á formalización da transformación do buque quedará condicionada a que a dita formalización se produza dentro dos seis meses seguintes á data de notificación do outorgamento do aval.

O importe avalado non poderá superar o 70% do prezo total das transformacións financiadas no buque.

En todo caso, a autorización de avais basearase nunha avaliación da viabilidade económico-financieira da operación e do risco.

As solicitudes, o outorgamento e as condicións destes avais rexeranse conforme o establecido na presente lei e na Orde PRE/2986/2008, do 14 de outubro, pola que se publica o Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos polo que se establece o procedemento para a concesión de avais do Estado para o financiamento de operacións de crédito destinadas á renovación e modernización da frota mercante española, ou nas disposicións posteriores que a modifiquen. Durante todo o período de vixencia do aval os buques deberanse rexistrar e abandeirar nun Estado membro da Unión Europea.

Tres. Autorízase a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira para que, na execución dos avais do Estado a que se refiren o punto dous.e) do artigo 52 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, o punto dous.b) do artigo 54 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2013, poida efectuar os pagamentos correspondentes ás obrigacións garantidas mediante operacións de tesouraría con cargo ao concepto específico establecido para tal fin.

Con posterioridade á súa realización, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira aplicará definitivamente ao orzamento de gastos os pagamentos realizados no exercicio, salvo os efectuados no mes de decembro de cada ano, que se aplicarán ao orzamento no ano seguinte.

Artigo 51. Avais para garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulización de activos.

Un. As sociedades xestoras de fondos de titulización de activos deberán remitir á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira a información necesaria para o control do risco asumido por parte do Estado en virtude dos avais, en particular a referente ao volume total do principal pendente de amortización dos valores de renda fixa emitidos polos fondos de titulización de activos e á taxa de activos impagados ou falidos da carteira titulizada.

Dous. Autorízase a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira para que, na execución dos avais do Estado a que se refire o presente artigo e outorgados en exercicios anteriores, poida efectuar os pagamentos correspondentes ás obrigacións garantidas mediante operacións non orzamentarias con cargo ao concepto específico habilitado para tal fin.

Con posterioridade á súa realización, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira aplicará definitivamente ao orzamento de gastos os pagamentos realizados no exercicio, salvo os efectuados ao final do exercicio, que se aplicarán ao orzamento no ano seguinte.

Artigo 52. Avais das entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais.

Autorízase a Sociedade Estatal de Participacións Industriais a prestar avais no exercicio do ano 2018, en relación coas operacións de crédito que concerten e coas obrigacións derivadas de concursos de adxudicación en que participen durante o citado

exercicio as sociedades mercantís en cuxo capital participe directa ou indirectamente, ata un límite máximo de 1.210.000 miles de euros.

Artigo 53. *Información sobre avais públicos outorgados.*

O Goberno comunicará trimestralmente ás Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, o saldo vivo e características principais dos avais públicos outorgados. A Oficina porá a dita documentación á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

CAPÍTULO III

Relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial

Artigo 54. *Fondo de Cooperación para a Promoción do Desenvolvemento (Fonprode).*

Un. A dotación ao Fondo para a Promoción do Desenvolvemento ascenderá no ano 2018 a 199.230,00 miles de euros, con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.143A.874 «Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (Fonprode)», que se destinarán aos fins previstos no artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

Dous. O Consello de Ministros poderá autorizar operacións con cargo ao Fonprode por un importe anual de ata 375.000,00 miles de euros.

Tres. Só se poderán autorizar con cargo ao Fonprode operacións de carácter reembolsable, así como aquelas operacións necesarias para facer fronte aos gastos derivados da xestión do fondo ou doutros gastos asociados ás operacións formalizadas polo Fondo.

Poderanse autorizar igualmente as operacións de refinanciamento de créditos concedidos con anterioridade con cargo ao Fondo que se leven a cabo en cumprimento dos oportunos acordos bilaterais ou multilaterais de renegociación da débeda exterior dos países prestameiros de que España sexa parte.

Catro. A compensación anual ao ICO establecida no artigo 14 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, será efectuada con cargo aos recursos do propio Fonprode, logo de autorización por acordo do Consello de Ministros, polos gastos en que incorra no desenvolvemento e na execución da función que se lle encomenda.

Artigo 55. *Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento (FCAS).*

A dotación ao Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento a que se refire a disposición adicional sexaxésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, ascenderá, no ano 2018, a 15.000,00 miles de euros e destinarase aos fins previstos no punto tres da dita disposición adicional.

Serán recursos adicionais á dotación prevista para o FCAS os retornos procedentes de reintegros de programas do FCAS aprobados por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Serán igualmente recursos do FCAS os importes depositados nas súas contas correntes.

O Consello de Ministros poderá autorizar operacións con cargo ao Fondo por un importe anual de ata 42.000,00 miles de euros, tendo en conta os recursos adicionais previstos no parágrafo anterior.

Só se poderán autorizar con cargo ao FCAS operacións de carácter reembolsable coas seguintes excepcións:

– As operacións necesarias para facer fronte aos gastos derivados da xestión do fondo, é dicir, os gastos de avaliación, seguimento, inspección e asistencia técnica ou outros gastos asociados ás operacións formalizadas polo fondo.

– As operacións de carácter non reembolsable que se financien cos recursos extraordinarios procedentes de reintegros de programas bilaterais que non se puidesen levar a cabo total ou parcialmente, así como de excedentes de programas xa finalizados, sempre que tales operacións se realicen no mesmo exercicio en que se produza o reintegro. Excepcionalmente, en 2018 poderán utilizarse fondos procedentes de reintegros rendidos en 2017.

O Goberno informará as Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, durante o primeiro semestre do ano, das operacións autorizadas polo Consello de Ministros con cargo a este Fondo do ano anterior. A Oficina porá a dita documentación á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

Artigo 56. Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM).

Un. Durante a vixencia desta lei a dotación ao Fondo para a Internacionalización da Empresa ascenderá a 218.087,60 miles de euros con cargo á aplicación orzamentaria 27.09.431A.871 «Ao Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM)», que se destinarán aos fins previstos no artigo 4 da Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española.

Dous. Poderanse autorizar operacións con cargo ao FIEM por un importe anual de ata 500.000,00 miles de euros.

Quedan expresamente excluídas desta limitación as operacións de refinanciamento de créditos concedidos con anterioridade con cargo ao Fondo que se leven a cabo en cumprimento dos oportunos acordos bilaterais ou multilaterais de renegociación da débeda exterior dos países prestameiros de que España sexa parte.

O Consello de Ministros poderá autorizar proxectos individuais de especial relevancia para a internacionalización atendendo ao seu importe. De ser o caso, acordará a imputación de parte do proxecto dentro do límite previsto no parágrafo primeiro deste punto e os sucesivos importes do proxecto quedarán para imputación en exercicios posteriores, dentro dos límites previstos nas correspondentes leis de orzamentos anuais.

Non se poderán autorizar con cargo ao FIEM operacións de carácter non reembolsable; quedan excluídas desta limitación as operacións necesarias para facer fronte aos gastos derivados da xestión do Fondo, que en calquera caso axustará a súa actividade de forma que non presente necesidade de financiamento medida segundo o Sistema europeo de contas nacionais.

Tres. Serán recursos adicionais á dotación prevista para o FIEM os retornos que teñan lugar durante o exercicio económico en curso e que teñan a súa orixe en operacións do FIEM ou en operacións aprobadas con cargo ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento, por iniciativa do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Catro. A compensación anual ao ICO establecida no artigo 11.4 da Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española, será efectuada con cargo aos recursos do propio FIEM, logo de autorización por acordo do Consello de Ministros, polos gastos en que incorra no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda.

Cinco. O Goberno informará anualmente as Cortes Xerais, a través da súa Oficina Orzamentaria, e o Consello Económico e Social das operacións, proxectos e actividades autorizadas con cargo ao FIEM, dos seus obxectivos e beneficiarios do financiamento, condicións financeiras e avaliacións, así como sobre o desenvolvemento das operacións en curso ao longo do período previsto. A Oficina Orzamentaria das Cortes Xerais porá a dita documentación á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

Artigo 57. Reembolsos do Estado ao Instituto de Crédito Oficial.

Un. Reembolsos do Estado ao Instituto de Crédito Oficial como consecuencia da xestión de sistema Convenio de axuste recíproco de xuros (CARX).

Durante a vixencia desta lei o Estado reembolsará ao Instituto de Crédito Oficial tanto as cantidades que este satisfixese ás institucións financeiras en pagamento das operacións de axuste de xuros previstas na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, como os custos de xestión das ditas operacións en que aquel incorrese.

Para este propósito, a dotación para o exercicio económico en curso ao sistema CARX será a que figure na partida orzamentaria 27.09.431A.444.

No caso de que existan saldos positivos do sistema a favor do Instituto de Crédito Oficial en 31 de decembro do ano en curso, unha vez deducidos os custos de xestión en que incorrese o ICO, estes ingresarán no Tesouro.

Dentro do conxunto de operacións de axuste de xuros aprobadas ao longo do exercicio económico en curso, o importe dos créditos á exportación a que se refire o artigo 4.2 do regulamento aprobado polo Real decreto 677/1993, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para a concesión de apoio oficial ao crédito á exportación mediante convenios de axuste recíproco de xuros, que poderán ser aprobados durante o dito exercicio, ascende a 480.000,00 miles de euros.

Coa finalidade de optimizar a xestión financeira das operacións de axuste recíproco de xuros, o Instituto de Crédito Oficial poderá, con cargo aos mesmos ingresos e dotacións sinalados no parágrafo anterior e conforme os seus estatutos e normas de actuación, concertar por si ou a través de axentes financeiros de intermediación operacións de intercambio financeiro que teñan por obxecto cubrir o risco que para o Tesouro poida supor a evolución dos tipos de xuro, logo de informe favorable da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e autorización da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Dous. Reembolsos do Estado ao Instituto de Crédito Oficial como consecuencia doutras actividades.

Nos supostos de xuros subvencionados polo Estado, en operacións financeiras instrumentadas a través do Instituto de Crédito Oficial, os acordos do Consello de Ministros ou da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos incluírán información acerca da reserva de créditos ou da forma de financiar o gasto que deles derive.

Artigo 58. Adquisición de accións e participacións de institucións financeiras multilaterais.

Un. Non se poderán realizar operacións de adquisición de accións e participacións de institucións financeiras multilaterais ou de achegas a fondos constituídos nelas con impacto en déficit público e financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 27.06.923P.895 «Institucións financeiras multilaterais».

Dous. Para efectos do cumprimento do previsto no punto anterior, a Dirección Xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional xuntará ás propostas de financiamento con cargo á dita aplicación orzamentaria un informe sobre o seu impacto no déficit público, que será elaborado logo da correspondente solicitude pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

TÍTULO VI

Normas tributarias

CAPÍTULO I

Impostos directos

Sección 1.^a Imposto sobre a renda das persoas físicas

Artigo 59. Redución por obtención de rendementos do traballo.

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das

persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o artigo 20, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 20. *Redución por obtención de rendementos do traballo.*

Os contribuíntes con rendementos netos do traballo inferiores a 16.825 euros, sempre que non teñan rendas, excluídas as exentas, distintas das do traballo superiores a 6.500 euros, minorarán o rendimento neto do traballo nas seguintes contías:

- a) Contribuíntes con rendementos netos do traballo iguais ou inferiores a 13.115 euros: 5.565 euros anuais.
- b) Contribuíntes con rendementos netos do traballo comprendidos entre 13.115 e 16.825 euros: 5.565 euros menos o resultado de multiplicar por 1,5 a diferenza entre o rendimento do traballo e 13.115 euros anuais.

Para estes efectos, o rendimento neto do traballo será o resultante de minorar o rendimento íntegro nos gastos previstos nas letras a), b), c), d) e e) do artigo 19.2 desta lei.

Como consecuencia da aplicación da redución prevista neste artigo, o saldo resultante non poderá ser negativo.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional cuadraxésimo sétima, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional cuadraxésimo sétima. *Redución por obtención de rendementos do traballo e determinación do tipo de retención sobre os rendementos do traballo durante o período impositivo 2018.*

1. No período impositivo 2018, cando o imposto se devindicase con anterioridade á entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, a redución por obtención de rendementos do traballo a que se refire o artigo 20 desta lei será a prevista na normativa vixente en 31 de decembro de 2017.

Cando o imposto correspondente ao período impositivo 2018 se devindicase a partir da entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, a redución por obtención de rendementos do traballo a que se refire o artigo 20 desta lei será a resultante de incrementar a contía derivada da aplicación da normativa vixente en 31 de decembro de 2017 na metade da diferenza positiva resultante de minorar o importe da redución por obtención de rendementos do traballo aplicando a normativa vixente en 1 de xaneiro de 2019 na contía da redución calculada consonte a normativa vixente en 31 de decembro de 2017.

2. No período impositivo 2018, para determinar o tipo de retención ou ingreso á conta que se practicará sobre os rendementos do traballo satisfeitos con anterioridade á entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, aplicarase a normativa vixente en 31 de decembro de 2017.

A partir da entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, para calcular o tipo de retención ou ingreso á conta que se practicará sobre os rendementos que se satisfagan ou aboan a partir da dita data, aplicarase a normativa vixente en 31 de decembro de 2017, coas seguintes especialidades:

1) O cadro cos límites cuantitativos excluínates da obrigaón de reter a que se refire o artigo 81.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas que se tomará en consideración, salvo cando se trate de pensións ou haberes pasivos do réxime da Seguridade Social e de clases pasivas ou prestacións ou subsidios por desemprego, será o seguinte:

Situación do contribuínte	N.º de fillos e outros descendentes		
	0 – Euros	1 – Euros	2 ou máis – Euros
1. ^a Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente	–	15.168	16.730
2. ^a Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros anuais, excluídas as exentas	14.641	15.845	17.492
3. ^a Outras situacións	12.643	13.455	14.251

No caso de pensións ou haberes pasivos da Seguridade Social ou prestacións ou subsidios por desemprego, o cadro será o seguinte:

Situación do contribuínte	N.º de fillos e outros descendentes		
	0 – Euros	1 – Euros	2 ou máis – Euros
1. ^a Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente	–	15.106,5	16.451,5
2. ^a Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros anuais, excluídas as exentas	14.576	15.733	17.386
3. ^a Outras situacións	13.000	13.561,5	14.184

2) A redución por obtención de rendementos do traballo a que se refire a letra d) do punto 3 do artigo 83 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas que se tomará en consideración será a prevista no segundo parágrafo do punto 1 desta disposición adicional.

O tipo de retención ou ingreso á conta regularizarase de acordo co indicado, se procede, nos primeiros rendementos do traballo que se satisfagan ou aboan a partir da entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, do acordo co sinalado no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Non obstante, a regularización a que se refire o parágrafo anterior poderá realizarse, á opción do pagador, nos primeiros rendementos do traballo que se satisfagan ou aboan a partir do mes seguinte á entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018; neste caso, o tipo de retención ou ingreso á conta que se practicará sobre os rendementos do traballo satisfeitos con anterioridade a esta data determinarase tomando en consideración a normativa vixente en 31 de decembro de 2017.

Regulamentariamente poderán modificarse as contías previstas neste punto.»

Artigo 60. *Dedución por rendas obtidas en Ceuta ou Melilla.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícanse os ordinis 1.º e 2.º do punto 4 do artigo 68 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que quedan redactados da seguinte forma:

«1.º Contribuíntes residentes en Ceuta ou Melilla.

a) Os contribuíntes que teñan a súa residencia habitual e efectiva en Ceuta ou Melilla deducirán o 60 por cento da parte da suma das cotas íntegras estatal e

autonómica que proporcionalmente corresponda ás rendas computadas para determinar as bases liquidables que fosen obtidas en Ceuta ou Melilla.

b) Tamén aplicarán esta dedución os contribuíntes que manteñan a súa residencia habitual e efectiva en Ceuta ou Melilla durante un prazo non inferior a tres anos, nos períodos impositivos iniciados con posterioridade ao final dese prazo, polas rendas obtidas fóra das ditas cidades cando, ao menos, unha terceira parte do patrimonio neto do contribuínte, determinado conforme a normativa reguladora do imposto sobre o patrimonio, estea situado nas ditas cidades.

A contía máxima das rendas, obtidas fóra das ditas cidades, que se pode acoller a esta dedución será o importe neto dos rendementos e ganancias e perdas patrimoniais obtidos nas ditas cidades.

2.º Os contribuíntes que non teñan a súa residencia habitual e efectiva en Ceuta ou Melilla deducirán o 60 por cento da parte da suma das cotas íntegras estatal e autonómica que proporcionalmente corresponda ás rendas computadas para a determinación das bases liquidables positivas que fosen obtidas en Ceuta ou Melilla.

En ningún caso se aplicará esta dedución ás rendas seguintes:

- Ás procedentes de institucións de investimento colectivo, salvo cando a totalidade dos seus activos estea investida en Ceuta ou Melilla, nas condicións que regulamentariamente se determinen.
- Ás rendas a que se refiren as alíneas a), e) e i) do punto seguinte.»

Artigo 61. *Dedución por maternidade.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase o artigo 81 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 81. *Dedución por maternidade.*

1. As mulleres con fillos menores de tres anos con dereito á aplicación do mínimo por descendentes previsto no artigo 58 desta lei, que realicen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dadas de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade, poderán minorar a cota diferencial deste imposto ata en 1.200 euros anuais por cada fillo menor de tres anos.

Nos supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, a dedución poderase practicar, con independencia da idade do menor, durante os tres anos seguintes á data da inscrición no Rexistro Civil.

Cando a inscrición non sexa necesaria, a dedución poderase practicar durante os tres anos posteriores á data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.

En caso de falecemento da nai, ou cando a garda e custodia se atribúa de forma exclusiva ao pai ou, de ser o caso, a un titor, sempre que cumpra os requisitos previstos neste artigo, este terá dereito á práctica da dedución pendente.

2. O importe da dedución a que se refire o punto 1 anterior poderase incrementar ata en 1.000 euros adicionais cando o contribuínte que teña dereito a ela satisfíxese no período impositivo gastos de custodia do fillo menor de tres anos en gardarías ou centros de educación infantil autorizados.

No período impositivo en que o fillo menor cumpra tres anos, o incremento previsto neste punto poderá resultar de aplicación respecto dos gastos efectuados con posterioridade ao cumprimento da dita idade ata o mes anterior a aquel en que poida comezar o segundo ciclo de educación infantil.

Para estes efectos, entenderanse por gastos de custodia as cantidades satisfeitas a gardarías e centros de educación infantil pola preinscripción e matrícula dos menores, a asistencia, en horario xeral e ampliado, e a alimentación, sempre que se producisen por meses completos e non teñan a consideración de rendementos do traballo en especie exentos por aplicación do disposto nas letras b) ou d) do punto 3 do artigo 42 desta lei.

3. A dedución prevista no punto 1 anterior calcularase de forma proporcional ao número de meses en que se cumpran de forma simultánea os requisitos previstos no dito punto e terá como límite para cada fillo as cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades devindicadas en cada período impositivo con posterioridade ao nacemento ou adopción.

O incremento da dedución previsto no punto 2 anterior calcularase de forma proporcional ao número de meses en que se cumpran de forma simultánea os requisitos dos puntos 1 e 2 anteriores, salvo o relativo a que sexa menor de tres anos nos meses a que se refire o segundo parágrafo do punto 2 anterior, e terá como límite para cada fillo tanto as cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades devindicadas en cada período impositivo con posterioridade ao nacemento ou adopción, como o importe total do gasto efectivo non subvencionado satisfeito no dito período á gardaría ou centro educativo en relación con ese fillo.

Para efectos do cálculo destes límites, computaranse as cotizacións e cotas polos seus importes íntegros, sen tomar en consideración as bonificacións que poidan corresponder.

4. Poderáselle solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o aboamento do importe da dedución previsto no punto 1 anterior de forma anticipada. Nestes supostos, non se minorará a cota diferencial do imposto.

5. Estableceranse regulamentariamente o procedemento e as condicións para ter dereito á práctica desta dedución, os supostos en que se poida solicitar de forma anticipada o seu aboamento e as obrigacións de información que deberán cumprir as gardarías ou centros infantís.»

Artigo 62. *Deducións por familia numerosa ou persoas con discapacidade a cargo.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 81 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os contribuíntes que realicen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade poderán minorar a cota diferencial do imposto nas seguintes deducións:

a) Por cada descendente con discapacidade con dereito á aplicación do mínimo por descendentes previsto no artigo 58 desta lei, ata 1.200 euros anuais.

b) Por cada ascendente con discapacidade con dereito á aplicación do mínimo por ascendentes previsto no artigo 59 desta lei, ata 1.200 euros anuais.

c) Por ser un ascendente, ou un irmán orfo de pai e nai, que forme parte dunha familia numerosa conforme a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, ou por ser un ascendente separado legalmente, ou sen vínculo matrimonial, con dous fillos sen dereito a percibir anualidades por alimentos e polos cales teña dereito á totalidade do mínimo previsto no artigo 58 desta lei, ata 1.200 euros anuais. En caso de familias numerosas de categoría especial, esta dedución incrementarase nun 100 por cento. Este incremento non se terá en conta para efectos do límite a que se refire o punto 2 deste artigo.

A contía da dedución a que se refire o parágrafo anterior incrementarase ata en 600 euros anuais por cada un dos fillos que formen parte da familia numerosa

que exceda o número mínimo de fillos exixido para que a familia adquirise a condición de familia numerosa de categoría xeral ou especial, segundo corresponda. Este incremento non se terá en conta para efectos do límite a que se refire o punto 2 deste artigo.

d) Polo cónxuxe non separado legalmente con discapacidade, sempre que non teña rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 euros nin xere o dereito ás deducións previstas nas letras a) e b) anteriores, ata 1.200 euros anuais.

Así mesmo, poderán minorar a cota diferencial do imposto nas deducións previstas anteriormente os contribuíntes que perciban prestacións contributivas e asistenciais do sistema de protección do desemprego, pensións aboadas polo réxime xeral e polos réximes especiais da Seguridade Social ou polo réxime de clases pasivas do Estado, así como os contribuíntes que perciban prestacións análogas ás anteriores recoñecidas aos profesionais non integrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos polas mutualidades de previsión social que actúen como alternativas ao réxime especial da Seguridade Social mencionado, sempre que se trate de prestacións por situacións idénticas ás previstas para a correspondente pensión da Seguridade Social.

Cando dous ou máis contribuíntes teñan dereito á aplicación dalgunha das anteriores deducións respecto dun mesmo descendente, ascendente ou familia numerosa, o seu importe ratearase entre eles por partes iguais, sen prexuízo do disposto no punto 4 deste artigo.»

Dous. Modifícase o punto 3 e engádesse un punto 4 na disposición adicional cuadraxésimo segunda, que quedan redactados da seguinte forma:

«3. En relación coa dedución establecida no artigo 81 bis desta lei por cónxuxe non separado legalmente con discapacidade e o incremento da dedución previsto por cada un dos fillos que excedan o número mínimo de fillos exixido para a adquisición da condición de familia numerosa de categoría xeral ou especial, teranse en conta as seguintes regras especiais:

a) Para efectos do cómputo do número de meses para o cálculo do importe da dedución, o estado civil do contribuínte e o número de fillos que exceda o número mínimo de fillos exixido para que a familia adquirise a condición de familia numerosa de categoría xeral ou especial determinaranse de acordo coa situación existente o derradeiro día de cada mes.

b) O importe do aboamento mensual da dedución de forma anticipada por cónxuxe non separado legalmente con discapacidade será de 100 euros.

No caso de familias numerosas, as contías establecidas na letra c) do ordinal 1.º do punto 4 do referido artigo 60 bis incrementaranse en 50 euros mensuais por cada un dos fillos que formen parte da familia numerosa que exceda o número mínimo de fillos exixido para que a familia adquirise a condición de familia numerosa de categoría xeral ou especial, segundo corresponda.

c) Para o aboamento anticipado da dedución por cónxuxe non separado legalmente, a contía das rendas anuais que se tomará en consideración será a correspondente ao último período impositivo cuxo prazo de presentación de autoliquidación finalizase ao inicio do exercicio en que se solicita o seu aboamento anticipado.

4. O establecido nos puntos 1 e 3 desta disposición adicional, así como o prazo, contido e formato da declaración informativa a que se refire o punto 2 desta disposición adicional, poderán ser modificados regulamentariamente.»

Tres. Engádese unha disposición transitoria trixésimo terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria trixésimo terceira. *Aplicación no exercicio 2018 da dedución establecida no artigo 81 bis.*

No período impositivo 2018, a dedución por cónxuxe non separado legalmente con discapacidade e o incremento da dedución previsto por cada un dos fillos que excedan o número mínimo de fillos exixido para adquirir a condición de familia numerosa de categoría xeral ou especial determinaranse tomando en consideración exclusivamente os meses iniciados con posterioridade á entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.»

Artigo 63. *Obrigación de declarar.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase o punto 2 do artigo 96, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Non obstante, non terán que declarar os contribuíntes que obteñan rendas procedentes exclusivamente das seguintes fontes, en tributación individual ou conxunta:

a) Rendementos íntegros do traballo, co límite de 22.000 euros anuais.

b) Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais sometidos a retención ou ingreso á conta, co límite conxunto de 1.600 euros anuais.

O disposto nesta letra non será de aplicación respecto das ganancias patrimoniais procedentes de transmisións ou reembolsos de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo en que a base de retención, conforme o que se estableza regulamentariamente, non proceda determinala pola contía a integrar na base imponible.

c) Rendas inmobiliarias imputadas en virtude do artigo 85 desta lei, rendementos íntegros do capital mobiliario non suxeitos a retención derivados de letras do Tesouro e subvencións para a adquisición de vivendas de protección oficial ou de prezo taxado e demais ganancias patrimoniais derivadas de axudas públicas, co límite conxunto de 1.000 euros anuais.

En ningún caso terán que declarar os contribuíntes que obteñan exclusivamente rendementos íntegros do traballo, de capital ou de actividades económicas, así como ganancias patrimoniais, co límite conxunto de 1.000 euros anuais e perdas patrimoniais de contía inferior a 500 euros.»

Dous. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei, modifícase o punto 3 do artigo 96, e engádese unha disposición transitoria, que quedan redactados da seguinte forma:

«3. O límite a que se refire a letra a) do punto 2 anterior será de 14.000 euros para os contribuíntes que perciban rendementos íntegros do traballo nos seguintes supostos:

a) Cando procedan de máis dun pagador. Non obstante, o límite será de 22.000 euros anuais nos seguintes supostos:

1.º Se a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, non supera no seu conxunto a cantidade de 1.500 euros anuais.

2.º Cando se trate de contribuíntes cuxos únicos rendementos do traballo consistan nas prestacións pasivas a que se refire o artigo 17.2.a) desta lei e a determinación do tipo de retención aplicable se realizase de acordo co procedemento especial que regulamentariamente se estableza.

b) Cando se perciban pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos diferentes das previstas no artigo 7 desta lei.

c) Cando o pagador dos rendementos do traballo non estea obrigado a reter de acordo co previsto regulamentariamente.

d) Cando se perciban rendementos íntegros do traballo suxeitos a tipo fixo de retención.»

«Disposición transitoria trixésimo cuarta. *Obrigación de declarar no período impositivo 2018.*

Cando o imposto correspondente ao período impositivo 2018 se devindicase a partir da entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, o límite de 14.000 euros establecido no primeiro parágrafo do punto 3 do artigo 96 desta lei será de 12.643 euros.»

Artigo 64. *Importe dos pagamentos á conta en Ceuta e Melilla.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícanse os puntos 1, 2, 3, 4, 5, 8 e 11 do artigo 101 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo derivados de relacións laborais ou estatutarias e de pensións e haberes pasivos determinarase consonte o procedemento que regulamentariamente se estableza.

Para determinar a porcentaxe de retención ou ingreso á conta poderanse ter en consideración as circunstancias persoais e familiares e, de ser o caso, as rendas do cónxuxe e as reducións e deducións, así como as retribucións variables previsibles, nos termos que regulamentariamente se establezan, e aplicarase a seguinte escala:

Base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Cota de retención – Euros	Resto base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0,00	0,00	12.450,00	19,00
12.450,00	2.365,50	7.750,00	24,00
20.200,00	4.225,50	15.000,00	30,00
35.200,00	8.725,50	24.800,00	37,00
60.000,00	17.901,50	En diante	45,00

Para estes efectos, presumiranse retribucións variables previsibles, como mínimo, as obtidas no ano anterior, salvo que concorran circunstancias que permitan acreditar de maneira obxectiva un importe inferior.

Se se trata de atrasos que corresponda imputar a exercicios anteriores, a porcentaxe de retención e ingreso á conta será do 15 por cento, salvo que resulten de aplicación as porcentaxes previstas nos puntos 2 e 3 deste artigo.

As porcentaxes de retención e ingreso á conta previstas neste punto reduciranse nun 60 por cento cando se trate de rendementos obtidos en Ceuta ou Melilla que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.

2. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces e demais membros doutros órganos representativos será do 35 por cento.

Non obstante, nos termos que regulamentariamente se establezan, cando os rendementos procedan de entidades cun importe neto da cifra de negocios inferior a 100.000 euros, a porcentaxe de retención e ingreso á conta será do 19 por cento.

As porcentaxes de retención e ingreso á conta previstas neste punto reduciranse nun 60 por cento cando se trate de rendementos obtidos en Ceuta ou Melilla que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.

3. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares, ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación, será do 15 por cento. Esta porcentaxe reducirase nun 60 por cento cando se trate de rendementos do traballo obtidos en Ceuta e Melilla que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.

4. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do capital mobiliario será do 19 por cento.

Esta porcentaxe reducirase nun 60 por cento cando se trate de rendementos que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei procedentes das sociedades a que se refire a letra h) do ordinal 3.º do citado artigo.

5. As porcentaxes das retencións e ingresos á conta sobre os rendementos derivados de actividades económicas serán:

a) O 15 por cento, no caso dos rendementos de actividades profesionais establecidos en vía regulamentaria.

Non obstante, aplicarase a porcentaxe do 7 por cento sobre os rendementos de actividades profesionais que se establezan regulamentariamente.

Estas porcentaxes reduciranse nun 60 por cento cando os rendementos teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.

b) O 2 por cento no caso de rendementos procedentes de actividades agrícolas ou gandeiras, salvo no caso das actividades gandeiras de engorda de porcino e avicultura, en que se aplicará o 1 por cento.

c) O 2 por cento no caso de rendementos procedentes de actividades forestais.

d) O 1 por cento para outras actividades empresariais que determinen o seu rendimento neto polo método de estimación obxectiva, nos supostos e coas condicións que regulamentariamente se establezan.»

«8. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de bens inmoables urbanos, calquera que sexa a súa cualificación, será do 19 por cento.

Esta porcentaxe reducirase nun 60 por cento cando o inmoable estea situado en Ceuta ou Melilla, nos termos previstos no artigo 68.4 desta lei.»

«11. As porcentaxes dos pagamentos fraccionados que deban practicar os contribuíntes que exerzan actividades económicas serán as seguintes:

a) O 20 por cento, cando se trate de actividades que determinen o rendimento neto polo método de estimación directa, en calquera das súas modalidades.

b) O 4 por cento, cando se trate de actividades que determinen o rendimento neto polo método de estimación obxectiva. A porcentaxe será o 3 por cento cando se trate de actividades que teñan só unha persoa asalariada e o 2 por cento cando non se dispoña de persoal asalariado.

c) O 2 por cento, cando se trate de actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras, calquera que sexa o método de determinación do rendimento neto.

Estas porcentaxes reduciranse nun 60 por cento para as actividades económicas que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.»

Artigo 65. *Dedución aplicable ás unidades familiares formadas por residentes fiscais en Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, engádesse unha disposición adicional cuadraxésimo oitava na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional cuadraxésimo oitava. *Dedución aplicable ás unidades familiares formadas por residentes fiscais en Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.*

1. Cando a unidade familiar a que se refire o artigo 82.1 desta lei estea formada por contribuíntes deste imposto e por residentes noutro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo co cal exista un efectivo intercambio de información tributaria, nos termos previstos no punto 4 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, os contribuíntes por este imposto poderán deducir da cota íntegra que corresponde á súa declaración individual, de ser o caso, o resultado das seguintes operacións:

1.º Sumaranse as cotas íntegras estatal e autonómica minoradas nas deducións previstas nos artigos 67 e 77 desta lei, dos membros da unidade familiar contribuíntes por este imposto xunto coas cotas do imposto sobre a renda de non residentes correspondentes ás rendas obtidas en territorio español nese mesmo período impositivo polo resto de membros da unidade familiar.

2.º Determinarase a cota líquida total deste imposto que resultase de ter podido optar por tributar conxuntamente co resto de membros da unidade familiar. Para estes exclusivos efectos, enténdese que todos os membros da unidade familiar son contribuíntes por este imposto. Para o dito cálculo soamente se terá en conta, para cada fonte de renda, a parte das rendas positivas dos membros non residentes integrados na unidade familiar que excedan as rendas negativas obtidas por estes últimos.

3.º Restaráselle á contía prevista no ordinal 1.º anterior a cota a que se refire o ordinal 2.º anterior. Cando esa diferenza sexa negativa, a cantidade computable será cero.

4.º Deducirase da cota íntegra estatal e autonómica, unha vez efectuadas as deducións previstas nos artigos 67 e 77 desta lei, a contía prevista no ordinal 3.º anterior. Para estes efectos, minorarase a cota íntegra estatal do imposto na proporción que representen as cotas do imposto sobre a renda de non residentes respecto da contía total prevista no ordinal 1.º do punto 1 anterior, e o resto minorará a cota íntegra estatal e autonómica por partes iguais.

Cando sexan varios os contribuíntes deste imposto integrados na unidade familiar, esta minoración efectuarase de forma proporcional ás respectivas cotas íntegras, unha vez efectuadas as deducións previstas nos artigos 67 e 77 desta lei, de cada un deles.

2. O disposto no punto 1 anterior non resultará de aplicación cando algún dos membros integrados na unidade familiar optase por tributar consonte o disposto no artigo 93 desta lei ou no artigo 46 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, ou non dispoña do número de identificación fiscal.

3. A Administración poderá requirir do contribuínte cantos documentos xustificativos xulgue necesarios para acreditar o cumprimento das condicións que determinan a aplicación desta dedución.

Cando a documentación que se achegue para xustificar a aplicación do réxime ou as circunstancias persoais ou familiares que deban ser tidas en conta esta redactada nunha lingua non oficial en territorio español, presentarase xunto coa correspondente tradución.»

Artigo 66. Dedución por investimento en empresas de nova ou recente creación.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase o ordinal 1.º do punto 1 do artigo 68 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactado da seguinte forma:

«1.º Os contribuíntes poderán deducirse o 30 por cento das cantidades satisfeitas no período de que se trate pola subscrición de accións ou participacións en empresas de nova ou recente creación cando se cumpra o disposto nos ordinais 2.º e 3.º deste punto. Ademais da achega temporal ao capital, poderán achegar os seus coñecementos empresariais ou profesionais adecuados para o desenvolvemento da entidade en que invisten, nos termos que estableza o acordo de investimento entre o contribuínte e a entidade.

A base máxima de dedución será de 60.000 euros anuais e estará formada polo valor de adquisición das accións ou participacións subscritas.

Non formarán parte da base de dedución as cantidades satisfeitas pola subscrición de accións ou participacións cando respecto de tales cantidades o contribuínte practique unha dedución establecida pola Comunidade Autónoma no exercicio das competencias previstas na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.»

Artigo 67. Gravame especial sobre os premios de determinadas lotarías e apostas.

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o punto 2 da disposición adicional trixésimo terceira, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Estarán exentos do gravame especial os premios cuxo importe íntegro sexa igual ou inferior a 40.000 euros. Os premios cuxo importe íntegro sexa superior a 40.000 euros someteranse a tributación respecto da parte deste que exceda o dito importe.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación sempre que a contía do décimo, fracción ou cupón de lotaría, ou da aposta efectuada, sexa de ao menos 0,50 euros. En caso de ser inferior a 0,50 euros, a contía máxima exenta sinalada no parágrafo anterior reducirase de forma proporcional.

No suposto de que o premio sexa de titularidade compartida, a contía exenta prevista nos parágrafos anteriores ratearase entre os cotitulares en función da cota que lles corresponda.»

Dous. Engádesse unha disposición transitoria trixésimo quinta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria trixésimo quinta. *Contía exenta do gravame especial sobre os premios de determinadas lotarías e apostas nos exercicios 2018 e 2019.*

Os premios derivados de xogos subscritos con anterioridade á entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, estarán exentos do gravame especial na contía prevista no punto 2 da disposición adicional trixésimo terceira desta lei na súa redacción vixente en 31 de decembro de 2017.

Esta contía será de 10.000 euros para os premios derivados de xogos subscritos no período impositivo 2018 a partir da entrada en vigor da citada lei, e de 20.000 euros para os premios derivados de xogos subscritos no período impositivo 2019.»

Sección 2.^a Imposto sobre sociedades

Artigo 68. *Redución das rendas procedentes de determinados activos intanxibles.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase o artigo 23 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 23. *Redución das rendas procedentes de determinados activos intanxibles.*

1. As rendas positivas procedentes da cesión do dereito de uso ou de explotación de patentes, modelos de utilidade, certificados complementarios de protección de medicamentos e de produtos fitosanitarios, debuxos e modelos legalmente protexidos que deriven de actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, e software avanzado rexistrado que derive de actividades de investigación e desenvolvemento, terán dereito a unha redución na base imponible na porcentaxe que resulte de multiplicar por un 60 por cento o resultado do seguinte coeficiente:

a) No numerador, os gastos en que incorreu a entidade cedente directamente relacionados coa creación do activo, incluídos os derivados da subcontratación con terceiros non vinculados con aquela. Estes gastos incrementaranse nun 30 por cento, sen que, en ningún caso, o numerador poida superar o importe do denominador.

b) No denominador, os gastos en que incorreu a entidade cedente directamente relacionados coa creación do activo, incluídos os derivados da subcontratación tanto con terceiros non vinculados con aquela como con persoas ou entidades vinculadas con aquela e da adquisición do activo.

En ningún caso se incluírán no coeficiente anterior gastos financeiros, amortizacións de inmobles ou outros gastos non relacionados directamente coa creación do activo.

A redución prevista neste punto tamén resultará de aplicación ás rendas positivas procedentes da transmisión dos activos intanxibles referidos nel, cando a dita transmisión se realice entre entidades que non teñan a condición de vinculadas.

Para efectos de determinar o réxime de protección legal dos activos intanxibles a que se refire o parágrafo primeiro deste punto, aplicarase o disposto na normativa española, da Unión Europea e internacional en materia de propiedade industrial e intelectual que resulte aplicable en territorio español.

2. Para efectos de aplicar esta redución, terán a consideración de rendas positivas susceptibles de redución os ingresos procedentes da cesión do dereito de uso ou de explotación dos activos e as rendas positivas procedentes da súa transmisión que superen a suma dos gastos en que incorreu a entidade directamente relacionados coa creación dos activos que non fosen incorporados ao valor dos activos, das cantidades deducidas por aplicación do artigo 12.2 desta lei en relación

cos activos e daqueles gastos directamente relacionados cos activos, que se integrasen na base imponible.

En caso de que nun período impositivo se obteñan rendas negativas e en períodos impositivos anteriores a entidade obtivese rendas positivas ás cales aplicase a redución prevista neste artigo, a renda negativa dese período impositivo reducirase na porcentaxe que resulte da aplicación do punto 1.

O disposto no parágrafo anterior aplicarase en canto as rendas negativas non superen o importe das rendas positivas integradas en períodos impositivos anteriores aplicando a redución prevista neste artigo. O exceso integrarase na súa totalidade na base imponible e, en tal caso, as rendas positivas obtidas nun período impositivo posterior integraranse na súa totalidade ata o dito importe. Poderase aplicar ao exceso a porcentaxe que resulte da aplicación do punto 1.

3. Para aplicar a redución prevista no punto 1 deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que o cesionario utilice os dereitos de uso ou de explotación no desenvolvemento dunha actividade económica e que os resultados desa utilización non se materialicen na entrega de bens ou prestación de servizos polo cesionario que xeren gastos fiscalmente deducibles na entidade cedente, sempre que, neste último caso, a dita entidade estea vinculada co cesionario.

b) Que o cesionario non resida nun país ou territorio de nula tributación ou cualificado como paraíso fiscal, salvo que estea situado nun Estado membro da Unión Europea e o contribuínte acredite que a operativa responde a motivos económicos válidos e que realice actividades económicas.

c) Cando un mesmo contrato de cesión inclúa prestacións accesorias de bens ou servizos deberá diferenciarse no dito contrato a contraprestación correspondente a estes.

d) Que a entidade dispoña dos rexistros contables necesarios para poder determinar cada un dos ingresos e dos gastos directos a que se refire este artigo, correspondentes aos activos obxecto de cesión.

4. Esta redución deberá terse en conta para efectos da determinación do importe da cota íntegra a que se refire o artigo 31.1.b) desta lei.

5. En ningún caso darán dereito á redución as rendas procedentes da cesión do dereito de uso ou de explotación, ou da transmisión, de marcas, obras literarias, artísticas ou científicas, incluídas as películas cinematográficas, de dereitos persoais susceptibles de cesión, como os dereitos de imaxe, de programas informáticos distintos dos referidos no punto 1, equipamentos industriais, comerciais ou científicos, planos, fórmulas ou procedementos secretos, de dereitos sobre informacións relativas a experiencias industriais, comerciais ou científicas, nin de calquera outro dereito ou activo distinto dos sinalados no punto 1.

6. Para efectos de aplicar a presente redución, con carácter previo á realización das operacións, o contribuínte poderá solicitar á Administración tributaria a adopción dun acordo previo de valoración en relación cos ingresos procedentes da cesión dos activos e dos gastos asociados, así como das rendas xeradas na transmisión. Con esta solicitude xuntarase unha proposta de valoración, que se fundamentará no valor de mercado.

A proposta poderá entenderse desestimada unha vez transcorrido o prazo de resolución.

Fixarase regulamentariamente o procedemento para resolver os acordos previos de valoración a que se refire este punto.

7. Así mesmo, con carácter previo á realización das operacións, o contribuínte poderá solicitar á Administración tributaria un acordo previo de cualificación dos activos como pertencentes a algunha das categorías a que se refire o punto 1 deste artigo, e de valoración en relación cos ingresos procedentes da cesión daqueles e dos gastos asociados, así como das rendas xeradas na transmisión. Con esta

solicitudude xuntarase unha proposta de valoración, que se fundamentará no valor de mercado.

A proposta poderá entenderse desestimada unha vez transcorrido o prazo de resolución.

A resolución deste acordo requirirá informe vinculante emitido pola Dirección Xeral de Tributos, en relación coa cualificación dos activos. En caso de estimalo procedente, a Dirección Xeral de Tributos poderá solicitar opinión non vinculante ao respecto ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Fixarase regulamentariamente o procedemento para a resolución dos acordos previos de cualificación e valoración a que se refire este punto.»

Artigo 69. *Dedución por investimentos en producións cinematográficas, series audiovisuais e espectáculos en vivo de artes escénicas e musicais.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o punto 2 do artigo 36 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Os produtores rexistrados no Rexistro de Empresas Cinematográficas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que se encarguen da execución dunha produción estranxeira de longametraxes cinematográficas ou de obras audiovisuais que permitan a confección dun soporte físico previo á súa produción industrial seriada terán dereito a unha dedución do 20 por cento dos gastos realizados en territorio español, sempre que os gastos realizados en territorio español sexan, ao menos, de 1 millón de euros.

A base da dedución estará constituída polos seguintes gastos realizados en territorio español directamente relacionados coa produción:

1.º Os gastos de persoal creativo, sempre que teña residencia fiscal en España ou nalgún Estado membro do Espazo Económico Europeo, co límite de 100.000 euros por persoa.

2.º Os gastos derivados da utilización de industrias técnicas e outros provedores.

O importe desta dedución non poderá ser superior a 3 millóns de euros, por cada produción realizada.

A dedución prevista neste punto queda excluída do límite a que se refire o último parágrafo do punto 1 do artigo 39 desta lei. Para efectos do cálculo do dito límite, non se computará esta dedución.

O importe desta dedución, conxuntamente co resto de axudas percibidas polo contribuínte, non poderá superar o 50 por cento do custo de produción.

Os produtores que se acollan a este incentivo fiscal asumirán as seguintes obrigacións:

1.º Incorporar nos títulos de crédito e na publicidade da produción unha referencia específica a que se acolleron ao incentivo fiscal e indicar de forma expresa os lugares específicos de rodaxe en España e a colaboración do Goberno de España, das comunidades autónomas, da *Spain Film Commission* e das *Film Commissions/Film Offices* que interviñesen.

2.º Remitir ao Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) para o seu arquivamento, clasificación e xestión os seguintes materiais:

- Unha copia da produción audiovisual en formato dixital de alta calidade en versión orixinal e nas versións comercializadas en España.
- Sinopse e unha ficha técnica e artística actualizada.
- Material gráfico de promoción da produción (carteis, fotografías, etc.).

– Unha cantidade suficiente de fotogramas da obra incentivada coa autorización implícita para seren utilizados na promoción do territorio onde se rodou.

3.º As empresas beneficiarias comprométese a ceder os dereitos de reprodución parcial das obras audiovisuais e dos materiais gráficos entregados para realizar actividades e elaborar materiais de promoción en España e no estranxeiro con fins culturais ou turísticos, que poderán realizar as entidades estatais, rexionais, provinciais ou locais con competencias en cultura, turismo e/ou economía, así como a *Spain Film Commission* e as *Film Commissions/Film Offices* que interviñesen.

4.º Informar o Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) para efectos estatísticos:

- Da data de inicio e finalización da produción.
- Do importe do gasto total da produción realizado en España, sexa ou non obxecto finalmente do incentivo.»

Artigo 70. *Facultades da Administración para determinar a base imponible e outros elementos tributarios.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o artigo 131 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 131. *Facultades da Administración para determinar a base imponible e outros elementos tributarios.*

Para os efectos de determinar a base imponible, a Administración tributaria aplicará as normas a que se refire o artigo 10.3 desta lei.

No caso do dereito á conversión de activos por imposto diferido en crédito exixible fronte á Administración tributaria a que se refire o artigo 130 desta lei, a Administración tributaria poderá comprobar calquera das circunstancias determinantes da dita conversión, en particular as perdas contables.»

Artigo 71. *Réxime legal dos pagamentos fraccionados.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase a disposición adicional décimo cuarta da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Modificacións no réxime legal dos pagamentos fraccionados.*

1. Os contribuíntes cuxo importe neto da cifra de negocios nos 12 meses anteriores á data en que se inicie o período impositivo sexa, ao menos, 10 millóns de euros deberán ter en conta, en relación cos pagamentos fraccionados que se realicen na modalidade prevista no punto 3 do artigo 40 desta lei, as seguintes especialidades:

a) A cantidade a ingresar non poderá ser inferior, en ningún caso, ao 23 por cento do resultado positivo da conta de perdas e ganancias do exercicio dos 3, 9 ou 11 primeiros meses de cada ano natural ou, para contribuíntes cuxo período impositivo non coincida co ano natural, do exercicio transcorrido desde o inicio do período impositivo ata o día anterior ao inicio de cada período de ingreso do pagamento fraccionado, determinado de acordo co Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento, minorado exclusivamente nos pagamentos fraccionados realizados con anterioridade, correspondentes ao mesmo período impositivo. No caso de contribuíntes aos cales resulte de aplicación o tipo de

gravame previsto no parágrafo primeiro do punto 6 do artigo 29 desta lei, a porcentaxe establecida neste parágrafo será do 25 por cento.

Quedarán excluído do resultado positivo referido o importe deste que se corresponda con rendas derivadas de operacións de quitación ou espera consecuencia dun acordo de acredores do contribuínte. No dito resultado inclúese aquela parte do seu importe que se integre na base impositiva do período impositivo. Tamén quedarán excluído, para estes efectos, o importe do resultado positivo consecuencia de operacións de aumento de capital ou fondos propios por compensación de créditos que non se integre na base impositiva por aplicación do punto 2 do artigo 17 desta lei.

No caso de entidades parcialmente exentas ás cales resulte de aplicación o réxime fiscal especial establecido no capítulo XIV do título VII desta lei, tomarase como resultado positivo o correspondente exclusivamente a rendas non exentas. No caso de entidades ás cales resulte de aplicación a bonificación establecida no artigo 34 desta lei, tomarase como resultado positivo o correspondente exclusivamente a rendas non bonificadas.

O disposto nesta letra non resultará de aplicación ás entidades a que se refiren os puntos 3, 4 e 5 do artigo 29 desta lei nin ás referidas na Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario, nin ás entidades de capital risco reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

b) A porcentaxe a que se refire o último parágrafo do punto 3 do artigo 40 desta lei será o resultado de multiplicar por dezanove vinteavos o tipo de gravame arredondado por exceso.

2. O previsto nesta disposición non resultará de aplicación aos pagamentos fraccionados cuxo prazo de declaración comezase antes da entrada en vigor do Real decreto lei 2/2016, do 30 de setembro.

A excepción prevista nesta disposición para as entidades de capital risco reguladas na Lei 22/2014 non resultará de aplicación aos pagamentos fraccionados cuxo prazo de declaración comezase antes da entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.»

Artigo 72. *Réxime transitorio da redución de ingresos procedentes de determinados activos intanxibles.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase a disposición transitoria vixésima da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria vixésima. *Réxime transitorio da redución de ingresos procedentes de determinados activos intanxibles do contribuínte dispoñibles con anterioridade ao 1 de xullo de 2016.*

1. O establecido nesta disposición resultará de aplicación para os activos intanxibles do contribuínte dispoñibles con anterioridade ao 1 de xullo de 2016.

2. As cesións do dereito de uso ou de explotación de activos intanxibles que se realizasen con anterioridade á entrada en vigor da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, poderán optar por aplicar, en todos os períodos impositivos que resten ata a finalización dos contratos correspondentes, o réxime establecido no artigo 23 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, segundo a redacción dada pola disposición adicional oitava.1.oito da Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en

materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea.

O disposto neste punto resultará de aplicación ata o 30 de xuño de 2021.

A partir do 1 de xullo de 2021, as cesións que se realicen de acordo co sinalado neste punto deberán aplicar o réxime establecido no artigo 23 desta lei, segundo a redacción dada pola Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

3. As cesións do dereito de uso ou de explotación que se realizasen desde a entrada en vigor da Lei 14/2013 ata o 30 de xuño de 2016 poderán optar por aplicar, en todos os períodos impositivos que resten ata a finalización dos contratos correspondentes, o réxime establecido no artigo 23 da presente lei, segundo a redacción vixente en 1 de xaneiro de 2015.

O disposto neste punto resultará de aplicación ata o 30 de xuño de 2021, excepto no caso de que os activos intanxibles se adquirisen entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2016 directa ou indirectamente a unha entidade vinculada co cedente e no momento da adquisición non estivesen acollidos a un réxime de redución das rendas procedentes de determinados activos intanxibles; neste caso, o disposto neste punto resultará de aplicación ata o 31 de decembro de 2017.

A partir do 1 de xullo de 2021, ou do 1 de xaneiro de 2018, respectivamente, as cesións que se realizasen de acordo co sinalado neste punto deberán aplicar o réxime establecido no artigo 23 desta lei, segundo a redacción dada pola Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

4. As opcións a que se refiren os dous puntos anteriores exerceranse a través da declaración do período impositivo 2016.

5. As transmisións de activos intanxibles que previamente fosen obxecto de cesións para as cales o contribuínte exercese a opción establecida nos puntos 2 ou 3, que se realicen desde o 1 de xullo de 2016 ata o 30 de xuño de 2021 poderán optar por aplicar o réxime establecido no artigo 23 da presente lei, segundo a redacción vixente en 1 de xaneiro de 2015, excepto no caso de que os activos intanxibles se adquirisen entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2016 directa ou indirectamente a unha entidade vinculada co transmitente e no momento da adquisición non estivesen acollidos a un réxime de redución das rendas procedentes de determinados activos intanxibles; neste caso, unicamente poderán aplicar o dito réxime as que se realicen ata o 31 de decembro de 2017.

Esta opción exercerase na declaración correspondente ao período impositivo en que se realizou a transmisión.»

Sección 3.^a Imposto sobre o patrimonio

Artigo 73. Imposto sobre o patrimonio no exercicio 2018.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase o punto segundo do artigo único do Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal, que queda redactado da seguinte forma:

«Segundo. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2019, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 33. *Bonificación xeral da cota íntegra.*

Sobre a cota íntegra do imposto aplicarase unha bonificación do 100 por cento aos suxeitos pasivos por obrigación persoal ou real de contribuír.»

Dous. Derróganse os artigos 6, 36, 37 e 38.»

*Sección 4.^a impostos locais**Artigo 74. Imposto sobre actividades económicas.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir da entrada en vigor desta lei e con vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións no Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas:

Un. Modificación da epígrafe 251.3 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas:

A) Modifícase o título da epígrafe, que queda redactado da seguinte forma:

«Epígrafe 251.3. Fabricación de produtos químicos inorgánicos (inclúe a fabricación de gases industriais, excepto gases comprimidos).»

B) Modifícase a nota da epígrafe, que queda redactada da seguinte forma:

«Nota: Esta epígrafe comprende a obtención de ácido sulfúrico e produtos derivados (anhídrido sulfuroso e os seus derivados, sulfato de cobre, sulfato de aluminio, sulfuro de carbono, sulfato de sodio e sulfuro de sodio, xofres sublimados, refinados e precipitados, etc.); fabricación de gases industriais, en estado líquido ou gasoso (excepto gases comprimidos; considéranse gases comprimidos os gases industriais que, tras seren fabricados en estado líquido ou gasoso, son envasados a unha presión superior a 150 bares); electroquímica; obtención de carburo de calcio; obtención de fósforo, calcio, arsénico, cianuro, bromo, iodo; ácidos inorgánicos; bases, hidróxidos e peróxidos; haluros non metálicos; sales e outros produtos químicos inorgánicos de base e a obtención de isótopos radioactivos.»

Dous. Modificación da epígrafe 253.1 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas:

A) Modifícase o título da epígrafe, que queda redactado da seguinte forma:

«Epígrafe 253.1. Fabricación de gases comprimidos e de anhídrido carbónico solidificado (xeo seco).»

B) Modifícase a nota da epígrafe, que queda redactada da seguinte forma:

«Nota: considérase gas comprimido calquera gas industrial dos fabricados baixo a epígrafe 251.3 envasado a unha presión superior a 150 bares.»

Tres. Modificación do grupo 847, «Servizos integrais de correos e telecomunicacións», da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas:

Suprímese a nota 3.^a

Catro. Modificación da regra 4.^a da Instrución para a aplicación das tarifas do imposto sobre actividades económicas:

Engádesse unha nova letra J) no punto 2 da regra 4.^a da instrución, que queda redactada da seguinte maneira:

«J) Sen prexuízo do disposto no punto 4 desta regra, calquera das rúbricas das tarifas faculta os suxeitos pasivos para prestar aos seus clientes, por conta das entidades financeiras cuxa actividade estea clasificada nos grupos 811 e 812 da sección primeira das tarifas, o servizo combinado de retirada de efectivo e pagamento polos bens ou servizos adquiridos (servizo de *cashback*)».

CAPÍTULO II

Impostos indirectos*Sección 1.^a Impostos sobre o valor engadido***Artigo 75. Exencións interiores.**

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2019 e vixencia indefinida, modifícase o ordinal 6.º do punto un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado da seguinte forma:

«6.º Os servizos prestados directamente aos seus membros por unións, agrupacións ou entidades autónomas, incluídas as agrupacións de interese económico, constituídas exclusivamente por persoas que exerzan unha actividade exenta ou non suxeita ao imposto que non orixine o dereito á dedución, cando concorran as seguintes condicións:

- a) Que tales servizos se utilicen directa e exclusivamente na dita actividade e sexan necesarios para o seu exercicio.
- b) Que os membros se limiten a reembolsar a parte que lles corresponda nos gastos feitos en común.
- c) Que a actividade exenta exercida sexa distinta das sinaladas nos ordinais 16.º, 17.º, 18.º, 19.º, 20.º, 22.º, 23.º, 26.º e 28.º do punto un deste artigo.

A exención tamén se aplicará cando, cumprido o requisito previsto na letra b) precedente, a pro rata de dedución non exceda o 10 por cento e o servizo non se utilice directa e exclusivamente nas operacións que orixinen o dereito á dedución.

A exención non alcanza os servizos prestados por sociedades mercantís.»

Artigo 76. Exencións nas exportacións de bens.

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a letra a) do ordinal 2º, letra A), do artigo 21 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactada como segue:

«a) A exención farase efectiva mediante o reembolso do imposto soportado nas adquisicións.»

Artigo 77. Exencións nas operacións asimiladas ás exportacións.

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, o punto trece do artigo 22 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, queda redactado da seguinte forma:

«Trece. Os transportes de viaxeiros e as súas equipaxes por vía marítima ou aérea procedentes de ou con destino a un porto ou aeroporto situado fóra do ámbito espacial do imposto.

Entenderanse incluídos neste punto os transportes por vía aérea amparados por un único título de transporte que inclúan voos de conexión aérea.»

Artigo 78. Tipos impositivos reducidos.

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícanse o ordinal 6.º do punto un.2 e o ordinal 3.º do punto dous.2, ambos do artigo 91 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que quedan redactados da seguinte forma:

«6.º A entrada a bibliotecas, arquivos e centros de documentación, museos, galerías de arte, pinacotecas, salas cinematográficas, teatros, circos, festexos taurinos, concertos e aos demais espectáculos culturais en vivo.»

«3.º Os servizos de teleasistencia, axuda a domicilio, centro de día e de noite e atención residencial, a que se refiren as letras b), c), d) e e) do punto 1 do artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, sempre que se presten en prazas concertadas en centros ou residencias ou mediante prezos derivados dun concurso administrativo adjudicado ás empresas prestadoras, ou como consecuencia dunha prestación económica vinculada a tales servizos que cubra máis do 10 por cento do seu prezo, en aplicación, en ambos os casos, do disposto na lei.»

Artigo 79. Servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e os prestados por vía electrónica.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2019 e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. Modifícanse os ordinais 4.º e 8.º do punto un do artigo 70, que quedan redactados da seguinte forma:

«4.º Os prestados por vía electrónica, de telecomunicacións e de radiodifusión e televisión, cando o destinatario non sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, sempre que este se encontre establecido ou teña a súa residencia ou domicilio habitual no territorio de aplicación do imposto, nos seguintes casos:

a) Cando concorran os seguintes requisitos:

a') Seren efectuados por un empresario ou profesional que actúe como tal establecido unicamente noutro Estado membro por ter nel a sede da súa actividade económica, ou o seu único establecemento ou establecementos permanentes na Comunidade ou, na súa falta, o lugar do seu domicilio permanente ou residencia habitual.

b') Que o importe total, excluído o imposto, de tales prestacións de servizos a destinatarios que non sexan un empresario ou profesional que actúe como tal, que se encontren establecidos ou teñan a súa residencia ou domicilio habitual no territorio da Comunidade, excluído o Estado membro sinalado na letra a'), excedese durante o ano natural precedente a cantidade de 10.000 euros ou o seu equivalente na súa moeda nacional.

O previsto nesta letra a) será de aplicación, en todo caso, ás prestacións de servizos efectuadas durante o ano en curso, unha vez superado o límite cuantitativo indicado no parágrafo anterior.

Tamén se considerarán realizadas no territorio de aplicación do imposto as mencionadas prestacións de servizos efectuadas nas condicións sinaladas nesta letra a), aínda que non se superase o citado límite, cando os empresarios ou profesionais optasen polo dito lugar de tributación no Estado membro onde estean establecidos.

b) Seren efectuados por un empresario ou profesional que actúe como tal distinto dos referidos na letra a') da letra a) anterior.»

«8.º Os prestados por vía electrónica, de telecomunicacións e de radiodifusión e televisión, cando concorran os seguintes requisitos:

a) Que o destinatario non sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, sempre que este se encontre establecido ou teña a súa residencia ou domicilio habitual noutro Estado membro.

b) Seren efectuados por un empresario ou profesional que actúe como tal establecido unicamente no territorio de aplicación do imposto por ter nel a sede da súa actividade económica, ou o seu único establecemento permanente no territorio da Comunidade ou, na súa falta, o lugar do seu domicilio permanente ou residencia habitual.

c) Que o importe total, excluído o imposto, de tales prestacións de servizos, aos destinatarios citados na letra a), non excedese durante o ano natural precedente a cantidade de 10.000 euros ou o seu equivalente na súa moeda nacional.

O previsto neste número será de aplicación ás prestacións de servizos efectuadas durante o ano en curso ata que superase o límite cuantitativo indicado no parágrafo anterior.

Tales empresarios ou profesionais poderán optar por non aplicar o disposto neste número, na forma que regulamentariamente se estableza, aínda que non superasen o límite de 10.000 euros. A opción comprenderá, como mínimo, dous anos naturais.»

Dous. Modifícase a letra a) do punto dous do artigo 163 octiesdecies, que queda redactada da seguinte forma:

«a) «Empresario ou profesional non establecido na Comunidade»: todo empresario ou profesional que teña a sede da súa actividade económica fóra da Comunidade e non posúa un establecemento permanente no territorio da Comunidade;»

Tres. Modifícase a letra a) do punto un do artigo 163 noniesdecies, que queda redactada da seguinte forma:

«a) Declarar o inicio, a modificación ou o cesamento das súas operacións comprendidas neste réxime especial. Esta declaración presentarase por vía electrónica.

A información facilitada polo empresario ou profesional non establecido na Comunidade ao declarar o inicio das súas actividades gravadas incluírá os seguintes datos de identificación: nome, enderezos postal e de correo electrónico, enderezos electrónicos dos sitios da internet a través dos cales opere, de ser o caso, o número mediante o cal estea identificado ante a Administración fiscal do territorio terceiro en que teña a súa sede de actividade e unha declaración en que manifeste que non situou a sede da súa actividade económica no territorio da Comunidade e que non posúe nel un establecemento permanente. Igualmente, o empresario ou profesional non establecido na Comunidade comunicará toda posible modificación da citada información.

No caso de empresarios ou profesionais establecidos nas illas Canarias, Ceuta ou Melilla, a información que deberán facilitar ao declarar o inicio das súas actividades gravadas incluírá nome, enderezos postal e de correo electrónico e os enderezos electrónicos dos sitios da internet a través dos cales opere e número de identificación fiscal asignado pola Administración tributaria española.

Para efectos deste réxime, a Administración tributaria identificará o empresario ou profesional non establecido na Comunidade mediante un número individual.

A Administración tributaria notificará por vía electrónica ao empresario ou profesional non establecido na Comunidade o número de identificación que lle asignase.»

*Sección 2.^a Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados**Artigo 80. Escala por transmisións e rehabilitacións de grandezas e títulos nobiliarios.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei, a escala a que fai referencia o parágrafo primeiro do artigo 43 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, será a seguinte:

Escala	Transmisións directas – Euros	Transmisións transversais – Euros	Rehabilitacións e recoñecemento de títulos estranxeiros – Euros
1.º Por cada título con grandeza	2.781	6.971	16.713
2.º Por cada grandeza sen título	1.988	4.983	11.932
3.º Por cada título sen grandeza	793	1.988	4.783

*Sección 3.^a Imposto sobre actividades de xogo**Artigo 81. Tipos de gravame.*

Con efectos desde o 1 de xullo de 2018 e vixencia indefinida, modifícase o punto 7 do artigo 48 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, que queda redactado da seguinte forma:

«7. Tipo de gravame.

1. Os tipos aplicables serán:

1.º Apostas deportivas do Estado, suxeitas ás obrigacións derivadas do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios das apostas deportivas do Estado: 22 por cento sobre a base imponible da letra a) do punto 6 deste artigo.

2.º Apostas deportivas mutuas, de contrapartida e cruzadas; apostas hípcas mutuas e de contrapartida; outras apostas mutuas, de contrapartida e cruzadas: 20 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo.

3.º Rifas: 20 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo, salvo as declaradas de utilidade pública ou benéfica, que tributarán ao 5 por cento da mesma base imponible.

4.º Concursos e outros xogos: 20 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo.

5.º Combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais: 10 por cento sobre a base imponible determinada para elas no punto 6 deste artigo.

2. Os tipos relativos ás operadoras con residencia fiscal nos seus territorios e realmente radicadas nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla serán:

1.º Apostas deportivas do Estado, suxeitas ás obrigacións derivadas do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios das apostas deportivas do Estado: 22 por cento sobre a base imponible da letra a) do punto 6 deste artigo.

2.º Apostas deportivas mutuas, de contrapartida e cruzadas; apostas hípcas mutuas e de contrapartida; outras apostas mutuas, de contrapartida e cruzadas: 10 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo.

3.º Rifas: 10 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo, salvo as declaradas de utilidade pública ou benéfica, que tributarán ao 2,5 por cento da mesma base imponible.

4.º Concursos e outros xogos: 10 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo.

5.º Combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais: 5 por cento sobre a base imponible determinada para elas no punto 6 deste artigo.

3. As comunidades autónomas, respecto das actividades que sexan exercidas por operadores, organizadores ou por quen desenvolva a actividade gravada por este imposto con residencia fiscal no seu territorio, poderán elevar os tipos do imposto ata un máximo do 20 por cento dos tipos establecidos neste punto, incremento que se aplicará, exclusivamente, sobre a parte proporcional da base imponible correspondente á participación no xogo dos residentes fiscais no territorio da Comunidade Autónoma que eleve os tipos.»

Sección 4.ª Impostos especiais

Artigo 82. Imposto sobre hidrocarburos.

Primeiro. Con efectos desde o 1 de xullo de 2018 e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. Modifícanse os puntos 3 e 4 do artigo 50, que quedan redactados da seguinte forma:

«3. Sen prexuízo do establecido no punto 7 do artigo 8, a aplicación dos tipos impositivos fixados neste artigo quedará condicionada ao cumprimento dos requisitos que se previsen regulamentariamente, incluídos, de ser o caso, a adición de rastrexadores e marcadores, a utilización realmente dada aos produtos ou o emprego de medios de pagamento específicos.

4. Nas subministracións de gas natural destinado a ser utilizado nunha planta de coxeración de enerxía eléctrica e enerxía térmica útil, suxeita ás condicións de eficiencia enerxética a que se refire a normativa de aplicación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou que cumpra os requisitos que se establezan regulamentariamente, aplicaranse os tipos impositivos regulados nas epígrafes 1.10.1 e 1.10.2 do punto 1 deste artigo en función da porcentaxe de gas natural que corresponda imputar á produción de electricidade medida en bornes de alternador e á enerxía térmica útil.»

Dous. Modifícase o punto 4 do artigo 51, que queda redactado da seguinte forma:

«4. A fabricación e importación dos produtos clasificados no código NC 2705 e do biogás, que se destinen á produción de electricidade ou á coxeración de electricidade e calor ou ao seu autoconsumo nas instalacións onde se xerasen.

Para os efectos da aplicación desta exención, a produción de electricidade ou a coxeración de electricidade e calor deben realizarse nunha instalación cuxa actividade de produción de enerxía eléctrica ou de coxeración de enerxía eléctrica e calor útil para o seu posterior aproveitamento enerxético queda comprendida no ámbito de aplicación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e cuxo establecemento e funcionamento fosen autorizados consonte o establecido no título IV da dita lei.»

Segundo. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2019 e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

Un. Derróganse o punto 13 do artigo 7, a letra f) do punto 2 do artigo 8 e o artigo 50 ter.

Dous. Modifícanse o primeiro parágrafo e a tarifa 1.^a do punto 1 do artigo 50, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 50. *Tipos impositivos.*

1. O tipo de gravame aplicable formarase mediante a suma do tipo xeral e do tipo especial. Para as epígrafes en que non se determinen un tipo xeral e un tipo especial, o tipo de gravame será o establecido na epígrafe. Estes tipos son os que se indican nas tarifas e epígrafes que figuran a continuación:

Tarifa 1.^a:

Epígrafe 1.1. Gasolinas con chumbo: 433,79 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 72 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.2.1. Gasolinas sen chumbo de 98 I.O. ou de octanaxe superior: 431,92 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 72 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.2.2. As demais gasolinas sen chumbo: 400,69 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 72 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.3. Gasóleos para uso xeral: 307 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 72 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.4. Gasóleos utilizables como carburante nos usos previstos no punto 2 do artigo 54 e, en xeral, como combustible: 78,71 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 18 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.5. Fuelóleos: 14 euros por tonelada de tipo xeral e 3 euros por tonelada de tipo especial.

Epígrafe 1.6. GLP para uso xeral: 57,47 euros por tonelada.

Epígrafe 1.8. GLP destinados a usos distintos aos de carburante: 15 euros por tonelada.

Epígrafe 1.9. Gas natural para uso xeral: 1,15 euros por xigajoule.

Epígrafe 1.10.1. Gas natural destinado a usos distintos aos de carburante, así 0,65 euros por xigajoule.

Epígrafe 1.10.2. Gas natural destinado a usos con fins profesionais sempre e cando non se utilicen en procesos de coxeración e xeración directa ou indirecta de enerxía eléctrica: 0,15 euros por xigajoule.

Para efectos do previsto nesta epígrafe, considérase gas natural destinado a usos con fins profesionais as subministracións de gas natural efectuadas para o seu consumo en plantas e instalacións industriais, con exclusión do que se utilice para producir enerxía térmica útil cuxo aproveitamento final se produza en establecementos ou locais que non teñan a condición de plantas ou instalacións industriais. Así mesmo, terá a consideración de gas natural destinado a usos con fins profesionais o gas natural utilizado en cultivos agrícolas.

Epígrafe 1.11. Queroseno para uso xeral: 306 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 72 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.12. Queroseno destinado a usos distintos dos de carburante: 78,71 euros por 1.000 litros.

Epígrafe 1.13. Bioetanol e biometanol para uso como carburante:

a) Bioetanol e biometanol mesturado con gasolinas sen chumbo de 98 I.O. ou de octanaxe superior: 431,92 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 72 euros por 1.000 litros de tipo especial.

b) Bioetanol e biometanol, mesturado coas demais gasolinas sen chumbo ou sen mesturar: 400,69 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 72 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.14. Biodiésel para uso como carburante: 307 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 72 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.15. Biodiésel para uso como carburante nos usos previstos no punto 2 do artigo 54 e, en xeral, como combustible, e biometanol para uso como combustible: 78,71 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 18 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.16. Gasóleos destinados á produción de enerxía eléctrica ou á coxeración de enerxía eléctrica e de calor en instalacións cuxa actividade de produción quede comprendida no ámbito de aplicación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico: 29,15 euros por 1.000 litros.

Epígrafe 1.17. Fuelóleos destinados á produción de enerxía eléctrica ou á coxeración de enerxía eléctrica e de calor en instalacións cuxa actividade de produción quede comprendida no ámbito de aplicación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico: 12,00 euros por tonelada.»

Tres. Modifícanse os puntos 4 e 6 do artigo 52 bis, que quedan redactados da seguinte forma:

«4. A base da devolución estará constituída polo volume de gasóleo que fose adquirido polo interesado e destinado á súa utilización como carburante nos vehículos mencionados no punto 2 anterior. A base así determinada expresarase en miles de litros.»

«6.a) O tipo estatal da devolución, expresado en euros por 1.000 litros, será o importe positivo resultante de restar a cantidade de 306 euros do tipo xeral da epígrafe 1.3 e a cantidade de 48 euros do tipo especial, vixentes no momento de se xerar o dereito á devolución.

b) O tipo estatal da devolución poderá ser modificado pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

c) A contía máxima da devolución que se percibirá non excederá a que correspondería a 50.000 litros por vehículo e ano, salvo que se trate de taxis, caso en que a contía máxima da devolución non excederá a que correspondería a 5.000 litros por taxi e ano. O ministro de Facenda e Función Pública poderá dispor o fraccionamento destes límites para a súa aplicación en relación con períodos de tempo inferiores ao ano.»

Artigo 83. *Exencións no imposto especial sobre o carbón.*

Con efectos desde o 1 de xullo de 2018 e vixencia indefinida, engádese un punto 4 ao artigo 79 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Sen prexuízo do establecido no punto 2, a aplicación das exencións recollidas neste artigo estará suxeita ao cumprimento das condicións que regulamentariamente se establezan.»

Artigo 84. *Imposto especial sobre a electricidade.*

Con efectos desde o 1 de xullo de 2018 e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. Modifícanse os puntos 5 e 6 do artigo 94, que quedan redactados da seguinte forma:

«5. A enerxía eléctrica consumida polos titulares das instalacións de produción de enerxía eléctrica de tecnoloxía renovable, coxeración e residuos cuxa potencia instalada non supere os 50 megawatts (MW).»

«6. A enerxía eléctrica consumida que fose xerada por pilas de combustibles.»

Dous. Modifícase o punto 2 do artigo 96, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Nos supostos de irregularidades en relación coa xustificación do uso ou destino dado á electricidade que se beneficiou dunha exención ou dunha redución en razón do seu destino, os subministradores estarán obrigados ao pagamento da débeda tributaria do imposto e das sancións que se poidan impor, mentres non xustifiquen que a subministración se efectuou a un consumidor autorizado pola oficina xestora ou, de ser o caso, facultado para gozar de tales beneficios fiscais.»

Tres. Modifícase o artigo 98, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 98. *Base liquidable.*

1. A base liquidable será o resultado de practicar, de ser o caso, sobre a base imponible unha redución do 85 por cento, que será aplicable, sempre que se cumpran os requisitos e condicións que regulamentariamente se establezan, sobre a cantidade de enerxía eléctrica que se destine a algún dos seguintes usos:

a) Redución química e procesos electrolíticos.

b) Procesos mineralóxicos. Considéranse procesos mineralóxicos os clasificados na división 23 do Regulamento (CE) n.º 1893/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, polo que se establece a nomenclatura estatística de actividades económicas NACE Revisión 2 e polo que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 3037/90 do Consello, e determinados regulamentos da CE sobre aspectos estatísticos específicos.

c) Procesos metalúrxicos. Considéranse procesos metalúrxicos os relativos á produción de metal e á súa preparación, así como, dentro da produción de produtos metálicos, a produción de pezas de forxado, prensa, cuñaxe e estiramento, aneis laminados e produtos de mineral en po, e tratamento de superficies e termotratamento de fundición, quecemento, conservación, distensión ou outros termotratamentos.

d) Actividades industriais cuxo custo de electricidade represente máis do 50 por cento do custo dun produto.

Para estes efectos, o custo dun produto defínese como a suma das compras totais de bens e servizos máis os custos de man de obra máis o consumo do capital fixo. O custo calcúlase por unidade en media.

O custo da electricidade defínese como o valor de compra real da electricidade ou o custo de produción de electricidade, se se xera na propia empresa, incluídos todos os impostos, coa excepción do IVE deducible.

e) Regas agrícolas.

f) Actividades industriais cuxas compras ou consumo de electricidade representen, ao menos, o 5 por cento do valor da produción.

Para estes efectos, enténdese por:

– “Compras ou consumo de electricidade”: o custo real da enerxía eléctrica adquirida ou consumida incluídos todos os impostos, coa excepción do IVE deducible.

– «Valor da produción»: estará constituído polo importe da cifra de negocios, ao cal se engadirá a variación de existencias, de produtos en curso e de produtos terminados.

2. A base liquidable será o resultado de practicar, de ser o caso, sobre a base imponible unha redución do 100 por cento, que será aplicable, sempre que se cumpran os requisitos e condicións que regulamentariamente se establezan, sobre a cantidade de enerxía eléctrica subministrada ás embarcacións atracadas en porto que non teñan a condición de embarcacións privadas de recreo.

Para estes efectos, entenderase por «embarcacións privadas de recreo» as embarcacións utilizadas polo seu propietario ou pola persoa física ou xurídica que as poida utilizar en virtude de arrendamento ou por calquera outro medio, para fins non comerciais e, en particular, para fins distintos do transporte de pasaxeiros ou mercadorías ou da prestación de servizos a título oneroso, ou que non se destinen a necesidades determinadas polas autoridades públicas.»

Catro. Modifícase o artigo 99, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 99. *Tipo impositivo.*

1. Sen prexuízo do establecido no punto 2 deste artigo, o imposto exixirase ao tipo do 5,11269632 por cento.

2. As cotas íntegras resultantes da aplicación do tipo impositivo fixado no punto 1 non poderán ser inferiores ás contías seguintes:

a) 0,5 euros por megawatt-hora (MWh), cando a electricidade subministrada ou consumida se utilice en usos industriais ou en embarcacións atracadas en porto que non teñan a condición de embarcacións privadas de recreo.

b) 1 euro por megawatt-hora (MWh), cando a electricidade subministrada ou consumida se destine a outros usos.

Cando se incumpra a condición prevista neste punto, as contías indicadas nas letras a) e b) terán a consideración de tipos impositivos aplicables en lugar do establecido no punto 1 e aplicaranse sobre a subministración ou consumo total do período expresado en megawatt-hora (MWh).

3. Para efectos do previsto no punto 2, considéranse destinados a usos industriais:

- a) Os efectuados en alta tensión ou en plantas e instalacións industriais.
- b) Os efectuados en baixa tensión con destino a regas agrícolas.

4. O disposto no punto 2 non será de aplicación para os supostos previstos nas letras a), b), c) e d) do punto 1 do artigo 98.»

Cinco. Modifícase o punto 2 do artigo 102, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Os obrigados a presentar autoliquidacións por este imposto, os representantes a que fai referencia o punto 4 deste artigo, así como os beneficiarios das exencións reguladas nos puntos 5, 6 e 7 do artigo 94 desta lei e das reducións a que fai referencia o punto 1 do artigo 98, deberán solicitar a inscrición no rexistro territorial correspondente á oficina xestora de impostos especiais do lugar en que radique o establecemento onde exerzan a súa actividade ou, na súa falta, onde radique o seu domicilio fiscal.

O ministro de Facenda e Función Pública establecerá a estrutura do censo de obrigados tributarios por este imposto, así como o procedemento e o prazo para a inscrición destes no rexistro territorial.»

Seis. Dáse redacción á disposición adicional terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional terceira.

A aplicación efectiva do establecido no punto 2 do artigo 98 quedará condicionada á súa compatibilidade co ordenamento comunitario.»

Sección 5.ª Imposto sobre os gases fluorados de efecto invernadoiro

Artigo 85. *Tipo impositivo.*

Con efectos desde o 1 de setembro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase o punto once do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade ambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, que queda redactado da seguinte forma:

«Once. Tipo impositivo.

1. Tarifa 1.ª:

O imposto exíxirase en función do potencial de quecemento atmosférico.

O tipo impositivo estará constituído polo resultado de aplicar o coeficiente 0,015 ao potencial de quecemento atmosférico que corresponda a cada gas fluorado, co máximo de 100 euros por quilogramo, conforme as seguintes epígrafes:

Epígrafe	Gas fluorado de efecto invernadoiro	Potencial de quecemento atmosférico (PQA)	Tipo €/kg
1.1.	Hexafluoruro de xofre	22.800	100
1.2.	HFC - 23	14.800	100
1.3.	HFC - 32	675	10,13
1.4.	HFC - 41	92	–
1.5.	HFC - 43-10mee	1.640	24,6
1.6.	HFC - 125	3.500	52,5
1.7.	HFC - 134	1.100	16,5
1.8.	HFC - 134a	1.430	21,45
1.9.	HFC - 152a	124	–
1.10.	HFC - 143	353	5,3
1.11.	HFC - 143a	4.470	67,05
1.12.	HFC - 227ea	3.220	48,3
1.13.	HFC - 236cb	1.340	20,1
1.14.	HFC - 236ea	1.370	20,55
1.15.	HFC - 236fa	9.810	100
1.16.	HFC - 245ca	693	10,4
1.17.	HFC - 245fa	1.030	15,45
1.18.	HFC - 365mfc	794	11,91
1.19.	Perfluorometano	7.390	100
1.20.	Perfluoroetano	12.200	100
1.21.	Perfluoropropano	8.830	100
1.22.	Perfluorobutano	8.860	100
1.23.	Perfluoropentano	9.160	100
1.24.	Perfluorohexano	9.300	100
1.25.	Perfluorociclobutano	10.300	100

2. Tarifa 2.ª:

Epígrafe 2.1 Preparados: o tipo impositivo estará constituído polo resultado de aplicar o coeficiente 0,015 ao potencial de quecemento atmosférico (PQA) que se obteña do preparado en virtude do disposto no número 2 do punto cinco, co máximo de 100 euros por quilogramo.

3. Tarifa 3.^a:

Epígrafe 3.1 Gases rexenerados e reciclados da tarifa 1.^a: o tipo impositivo estará constituído polo resultado de aplicar o coeficiente de 0,50 ao tipo establecido na tarifa 1.^a

Epígrafe 3.2 Preparados rexenerados e reciclados da tarifa 2.^a: o tipo impositivo estará constituído polo resultado de aplicar o coeficiente de 0,50 ao tipo establecido na tarifa 2.^a»

CAPÍTULO III

Outros tributos

Artigo 86. *Taxas.*

Un. Elévanse, a partir da entrada en vigor desta lei, os tipos de contía fixa das taxas da Facenda estatal ata a contía que resulte da aplicación do coeficiente 1,01 ao importe exixible durante o ano 2017, tendo en conta o disposto polo artigo 64 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017.

Exceptúanse do previsto no parágrafo anterior as taxas que fosen creadas ou obxecto de actualización específica por normas ditadas no ano 2017.

Exceptúase do previsto no primeiro parágrafo a contía da taxa de regularización catastral prevista na disposición adicional terceira, punto oito, letra d), do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo.

As taxas exixibles pola Xefatura Central de Tráfico axustaranse, unha vez aplicado o coeficiente anteriormente indicado, ao múltiplo de 10 céntimos de euro inmediato superior, excepto cando o importe que haxa que axustar sexa múltiplo de 10 céntimos de euro.

Dous. Considéranse tipos de contía fixa aqueles que non se determinen por unha porcentaxe da base ou cuxa base non se valore en unidades monetarias.

Tres. Desde a entrada en vigor desta lei o punto cuarto do artigo 3 do Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar, terá a seguinte redacción:

«Cuarto. A partir da entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, rexerán os seguintes tipos e cotas fixas:

Tipos tributarios e cotas fixas.

Un. Tipos tributarios.

- a) O tipo tributario xeral será do 10 por 100.
- b) Nos casinos de xogo aplicarase a seguinte tarifa:

Porción da base imponible comprendida entre en euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
Entre 0 e 1.322.226,63.	10
Entre 1.322.226,64 e 2.187.684,06.	17,5
Entre 2.187.684,07 e 4.363.347,88.	22,5
Máis de 4.363.347,88.	27,555

Dous. Cotas fixas.

Nos casos de explotación de máquinas ou aparellos automáticos aptos para a realización dos xogos, a cota determinarase en función da clasificación das

máquinas realizada polo Regulamento de máquinas recreativas e de azar, aprobado polo Real decreto 2110/1998, do 2 de outubro, segundo as normas seguintes:

A) Máquinas tipo “B” ou recreativas con premio:

a) Cota anual: 1.765,5 euros.

b) Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos tipo “B” en que poidan intervir dous ou máis xogadores de forma simultánea e sempre que o xogo de cada un deles sexa independente do realizado por outros xogadores, serán de aplicación as seguintes cotas:

Máquinas ou aparellos de dous xogadores: dúas cotas consonte o previsto na letra a) anterior.

Máquinas ou aparellos de tres ou máis xogadores: a cota incrementárase nun 50 % por cada xogador adicional a partir do terceiro.

B) Máquinas tipo “C” ou de azar:

a) Cota anual: 2.010,38 euros.»

Catro. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e de vixencia indefinida, o importe das taxas do documento nacional de identidade e de pasaportes, previstas na Lei 84/1978, do 28 de decembro, pola que se regula a taxa por expedición do documento nacional de identidade (BOE do 12 de xaneiro de 1979) e no Decreto 466/1960, do 10 de marzo, polo que se valida a taxa por expedición de pasaportes (BOE do 16 de marzo), será o seguinte:

Taxas	Importe da taxa en euros
Taxa 013 de expedición do pasaporte.	30,00
Taxa 014 de expedición do DNI.	12,00

Artigo 87. *Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.*

Un. A taxa por reserva de dominio público radioeléctrico establecida no punto 3 do anexo I da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións (en diante, Lei xeral de telecomunicacións), debe calcularse mediante a expresión:

$$T = [N \times V] / 166,386 = [S \text{ (km}^2\text{)} \times B \text{ (kHz)} \times F (C_1, C_2, C_3, C_4, C_5)] / 166,386$$

Onde:

T = importe da taxa anual en euros.

N = número de unidades de reserva radioeléctrica (URR) calculado como o produto de $S \times B$, é dicir, superficie en quilómetros cadrados da zona de servizo, por largo de banda reservado expresado en kHz.

V = valor da URR, determinado en función dos cinco coeficientes C_i , establecidos na Lei xeral de telecomunicacións, e cuxa cuantificación, de conformidade coa dita lei, será establecida na Lei de orzamentos xerais do Estado.

$F (C_1, C_2, C_3, C_4, C_5)$ = esta función é o produto dos cinco coeficientes indicados anteriormente.

Nos casos de reservas de dominio público radioeléctrico que afecten todo o territorio nacional, o valor da superficie S que se considerará para o cálculo da taxa é o de 505.990 quilómetros cadrados.

Nos servizos de radiocomunicacións que proceda, a superficie S que se considerará poderá incluír, de ser o caso, a correspondente ao mar territorial español ou espazo aéreo baixo xurisdición española.

O importe mínimo que se ingresará en concepto de taxa por reserva do dominio público radioeléctrico mantense en 100 euros.

Para fixar o valor dos coeficientes C_1 a C_5 en cada servizo de radiocomunicacións, tívose en conta o significado que lles atribúe a Lei xeral de telecomunicacións e as normas regulamentarias que a desenvolven:

1.º Coeficiente C_1 : grao de utilización e conxestión das distintas bandas e nas distintas zonas xeográficas. Valóranse os seguintes conceptos:

- Número de frecuencias por concesión ou autorización.
- Zona urbana ou rural.
- Zona de servizo.

2.º Coeficiente C_2 : tipo de servizo para o cal se pretende utilizar e, en particular, se este implica para quen o preste as obrigacións de servizo público recollidas no título III da Lei xeral de telecomunicacións. Valóranse os seguintes conceptos:

- Soporte a outras redes (infraestrutura).
- Prestación a terceiros.
- Autoprestación.
- Servizos de telefonía con dereitos exclusivos.
- Servizos de radiodifusión.

3.º Coeficiente C_3 : banda ou sub-banda do espectro. Valóranse os seguintes conceptos:

- Características radioeléctricas da banda (idoneidade da banda para o servizo solicitado).
- Previsións de uso da banda.
- Uso exclusivo ou compartido da sub-banda.

4.º Coeficiente C_4 : equipamentos e tecnoloxía que se empregan. Valóranse os seguintes conceptos:

- Redes convencionais.
- Redes de asignación aleatoria.
- Modulación en radioenlaces.
- Diagrama de radiación.

5.º Coeficiente C_5 : valor económico derivado do uso ou aproveitamento do dominio público reservado. Valóranse os seguintes conceptos:

- Experiencias non comerciais.
- Rendibilidade económica do servizo.
- Interese social da banda.
- Usos derivados da demanda de mercado.
- Densidade de poboación.

Considerando os distintos factores que afectan a determinación da taxa, establecéronse diversas modalidades para cada servizo a cada unha das cales se lle asigna un código identificativo.

A seguir, indícanse cales son os factores de ponderación dos distintos coeficientes, así como a súa posible marxe de valoración respecto ao valor de referencia. O valor de referencia tómase por defecto e aplícase naqueles casos en que, pola natureza do servizo ou da reserva efectuada, o coeficiente correspondente non é de aplicación.

Coeficiente C_1 : mediante este coeficiente tense en conta o grao de ocupación das distintas bandas de frecuencia para un determinado servizo. Para estes efectos, fíxose unha tabulación en marxes de frecuencia cuxos extremos inferiores e superior comprenden

as bandas tipicamente utilizadas nos respectivos servizos. Tamén prevé este coeficiente a zona xeográfica de utilización, distinguindo xeralmente entre zonas de elevado interese e alta utilización, as cales se asimilan aos grandes municipios, e zonas de baixo interese e escasa utilización, como poden ser os pequenos municipios e os contornos rurais. Pártese dun valor unitario ou de referencia para as bandas menos conxestionadas e nas zonas xeográficas de escasa utilización, e sobe o custo relativo ata un máximo de dous por estes conceptos para as bandas de frecuencia máis demandadas e en zonas de alto interese ou utilización.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	1 a 2	–
Zona alta/baixa utilización	+ 25 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.
Demanda da banda	Ata + 20 %	
Concesións e usuarios	Ata + 30 %	

Coeficiente C_2 : mediante este coeficiente faise unha distinción entre as redes de autoprestación e as que teñen por finalidade a prestación a terceiros dun servizo de radiocomunicacións con contraprestación económica. Dentro destes últimos tívose en conta, de ser o caso, a consideración de servizo público, tomándose en consideración no valor deste coeficiente a bonificación por servizo público que se establece no anexo I da Lei xeral de telecomunicacións, que queda incluída no valor que se establece para este parámetro.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia.	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	1 a 2	–
Prestación a terceiros/ autoprestación.	Ata + 10 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.

Coeficiente C_3 : co coeficiente C_3 considéranse as posibles modalidades de outorgamento da reserva de dominio público radioeléctrico dunha determinada frecuencia ou sub-banda de frecuencias, con carácter exclusivo ou compartido con outros usuarios nunha determinada zona xeográfica. Estas posibilidades son de aplicación no caso do servizo móbil. Para outros servizos a reserva de dominio público radioeléctrico debe ser con carácter exclusivo pola natureza deste. Aquelas reservas solicitadas en bandas non adecuadas ao servizo, en función das tendencias de utilización e previsións do Cadro nacional de atribución de frecuencias (CNAF), penalízanse cunha taxa máis elevada, co fin de favorecer a tendencia cara á harmonización das utilizacións radioeléctricas, o que se reflicte na valoración deste coeficiente.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia.	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	1 a 2	–

Concepto	Escala de valores	Observacións
Así mesmo, non se varían os valores dos terreos e as augas dos portos, as cotas íntegras da taxa de ocupación, os tipos de gravame da taxa de actividade e as contías básicas da taxa de axudas á navegación, de conformidade co establecido nos artigos 177, 178, 190 e 240, respectivamente, da citada norma.

Artigo 94. *Taxas en materia de propiedade industrial: deseño industrial.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícanse os importes das taxas que se indican na seguinte relación, contidas no anexo da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, que quedan establecidos como segue:

- 1.3 Taxa de restablecemento de dereitos: 105,35 euros.
- 1.6 Modificacións da solicitude ou do deseño autorizadas pola lei: 23,19 euros.
- 1.10 Recursos e revisión de actos administrativos: pola presentación dun recurso ou solicitude de revisión: 88,09 euros.
- 2.2 Pola inscrición do cambio de nome do titular: por cada rexistro afectado: 16,38 euros ata un máximo de 2.789,65 euros (non consta na nova Lei de patentes).
- 3.2 Consulta e vista dun expediente: 3,56 euros.
- 3.3 Copia dos documentos existentes nun expediente: 11,38 euros (máis un suplemento por cada páxina que exceda as 10 de 1,13 euros).
- 4.1 Pola publicación no Boletín Oficial de la Propiedad Industrial, por solicitude do recorrente, do anuncio da interposición dun recurso contencioso-administrativo en materia de deseño: 142,24 euros.
- 4.2 Pola publicación no Boletín Oficial de la Propiedad Industrial, por instancia de parte, da resolución dun recurso contencioso-administrativo en materia de deseño: 142,24 euros.

Artigo 95. *Taxas en materia de propiedade industrial: marcas.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícanse os importes das taxas que se indican na seguinte relación, contidas no anexo da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, que quedan establecidos como segue:

- 1.3 Taxa de restablecemento de dereitos: 105,35 euros.
- 1.6 Modificacións: pola modificación da modalidade, distintivo, lista de produtos ou servizos, do regulamento de uso ou, en xeral, por calquera modificación do expediente autorizada pola lei, xa sexa da solicitude ou do rexistro da marca, cando o efectúe de modo espontáneo o solicitante ou titular e non como consecuencia dun suspenso decretado de oficio: 23,19 euros.
- 1.7 Oposicións: por formulación de oposición: 43,27 euros.
- 1.10 Recursos e revisión de actos administrativos: pola presentación dun recurso ou solicitude de revisión: 88,09 euros.
- 2.2 Pola inscrición do cambio de nome do titular: por cada rexistro afectado 16,38 euros, ata un máximo de 2.789,65 euros.
- 3.2 Consulta e vista dun expediente: 3,56 euros.
- 3.3 Copia dos documentos existentes no expediente: 11,38 euros máis un suplemento por cada páxina que exceda as 10 de 1,13 euros.
- 4.1 Pola publicación no Boletín Oficial de la Propiedad Industrial, por solicitude do recorrente, do anuncio da interposición dun recurso contencioso-administrativo en materia de signos distintivos: 142,24 euros.
- 4.2 Pola publicación no Boletín Oficial de la Propiedad Industrial por instancia de parte, da resolución dun recurso contencioso-administrativo sobre signos distintivos: 142,24 euros.

Artigo 96. *Taxas en materia de propiedade industrial: patentes.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícanse os importes das taxas que se indican na seguinte relación, contidas no anexo da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, que quedan establecidos como segue:

- 1.3 Taxa de restablecemento de dereitos: 105,35 euros.

- 1.6 Modificacións da solicitude ou do deseño autorizadas pola lei: 23,19 euros.
- 1.10 Recursos e revisión de actos administrativos: pola presentación dun recurso ou solicitude de revisión: 88,09 euros.
- 2.2 Pola inscrición do cambio de nome do titular: por cada rexistro afectado: 16,38 euros ata un máximo de 2.789,65 euros (non consta na nova Lei de patentes).
- 3.2 Consulta e vista dun expediente: 3,56 euros.
- 3.3 Copia dos documentos existentes nun expediente: 11,38 euros (máis un suplemento por cada páxina que exceda as 10 de 1,13 euros).
- 4.1 Pola publicación no Boletín Oficial de la Propiedad Industrial, por solicitude do recorrente, do anuncio da interposición dun recurso contencioso-administrativo en materia de deseño: 142,24 euros.
- 4.2 Pola publicación no Boletín Oficial de la Propiedad Industrial, por instancia de parte, da resolución dun recurso contencioso-administrativo en materia de deseño: 142,24 euros.

Artigo 97. *Canons ferroviarios.*

A partir do primeiro día do mes seguinte á data de entrada en vigor da presente lei, serán de aplicación as contías unitarias seguintes para os canons ferroviarios:

Un. Canon por utilización das liñas ferroviarias integrantes da rede ferroviaria de interese xeral.

1. Modalidades e contías exixibles.

1.1 Canon por adxudicación de capacidade (modalidade A). Polo servizo de asignación daquelas franxas horarias, definidas na declaración sobre a rede, aos correspondentes candidatos co fin de que un tren poida circular entre dous puntos durante un período de tempo determinado.

A contía determinarase multiplicando a tarifa unitaria por cada tren-quilómetro adxudicado, distinguindo por tipo de liña afectada e tipo de servizo.

Establécense dous tipos de tarifa, un para os servizos que se leven a cabo en liñas tipo A e outro para aqueles que se produzan no resto de liñas.

Euros tren-km

Modalidade A	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas tipo A	1,9275	0,9258	1,9275	0,9536	0,4850	0,4446
Liñas tipo distinto de A	0,5082	0,5133	0,5118	1,3851	0,4110	0,0724

1.2 Canon por utilización das liñas ferroviarias (modalidade B). Pola acción e efecto de utilizar unha liña ferroviaria.

A contía determinarase multiplicando a tarifa unitaria por cada tren-quilómetro circulado, distinguindo por tipo de liña e tipo de servizo.

Establécense dous tipos de tarifa, un para os servizos que se leven a cabo en liñas tipo A e outro para aqueles que se produzan no resto de liñas.

Euros tren-km

Modalidade B	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas tipo A	4,7931	2,3017	4,7931	2,3707	1,2500	1,1055

Modalidade B	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas tipo distinto de A	0,7247	0,7320	0,7299	1,9752	0,5865	0,1032

1.3 Canon por utilización das instalacións de transformación e distribución da enerxía eléctrica de tracción (modalidade C). Pola acción ou efecto de utilizar as instalacións de electrificación dunha liña ferroviaria.

A contía determinarase multiplicando a tarifa unitaria a cada tren-quilómetro circulado por liñas ferroviarias electrificadas distinguindo por tipo de liña, tipo de servizo e tipo de tracción.

Establécense dous tipos de tarifa, un para os servizos que se leven a cabo en liñas tipo A e outro para aqueles que se produzan no resto de liñas.

Euros tren-km

Modalidade C	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas tipo A	0,8020	0,3835	0,8020	0,3950	0,2500	0,1855
Liñas tipo distinto de A	0,2018	0,2039	0,2033	0,5500	0,1635	0,0287

1.4 Adición ao canon por adxudicación de capacidade (modalidade A) polo uso non eficiente desta.

A contía determinarase multiplicando a tarifa unitaria por cada tren-km de diferenza, en valor absoluto, entre o número de trens-quilómetro adxudicados e o número de trens-quilómetro realizados, por tipo de liña e tipo de servizo:

– Para os servizos de viaxeiros, por cada tren quilómetro de diferenza, en valor absoluto, entre a capacidade adxudicada e a utilizada nun mes por tipo de liña e tipo de servizo, cando a dita diferenza sexa superior ao 2 por cento da capacidade adxudicada e en canto exceda a dita porcentaxe.

– Para os servizos de mercadorías, por cada tren quilómetro de diferenza, en valor absoluto, entre a capacidade adxudicada e a utilizada nun mes por tipo de liña, cando a diferenza sexa superior ao 15 por cento da capacidade adxudicada e en canto exceda a dita porcentaxe.

Euros tren-km circulados en exceso ou en defecto

Tipo de liña	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liñas A	11,0201	3,9888	8,4803	4,4210	1,9850	1,7356
Liñas tipo distinto de A	1,4346	1,4492	1,4450	6,2700	1,1610	0,2043

1.5 Adición ao canon por utilización das liñas ferroviarias (modalidade B) polo uso de redes de altas prestacións ou a explotación de servizos de largo variable ou outras situacións de elevada intensidade de tráfico en determinados períodos horarios.

A contía será a que resulte de multiplicar a tarifa unitaria por cada praza quilómetro, calculada sobre a base do tren quilómetro do canon de utilización e por todas as prazas que ten o tren en cada traxecto, diferenciando por cada unha das liñas tipo A e por tipo de servizo.

Euros/100 prazas-km ofertadas

Liñas tipo A	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Liña Mad-Barna-Fronteira	1,7611	0,2317	0,3023	0,4959	0,0000	0,0000
Liña Mad-Toledo-Sev-Málaga	0,8647	0,1504	0,1962	0,3218	0,0000	0,0000
Resto liñas A	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000

Euros tren-km

Liñas tipo distinto de A	Tipo de servizo					
	VL1	VL2	VL3	VCM	VOT	M
Adición modalidade B	0,0000	0,0000	0,0000	2,3597	0,0000	0,0000

1.6 Bonificación para incentivar o crecemento do transporte ferroviario

Coa finalidade de incentivar a explotación eficaz da rede ferroviaria e fomentar novos servizos de transporte ferroviario conforme o establecido no artigo 97.6 da Lei 38/2015, aplicarase unha bonificación no canon por utilización das liñas integrantes da rede ferroviaria de interese xeral, modalidades A e B, para os aumentos de tráfico anuais de acordo cos seguintes criterios:

- Para as liñas A aplicarase para cada combinación de liña individual e tipo de servizo.
- Para o resto de liñas B, C, D e E aplicarase para cada combinación de tipo de liña e tipo de servizo. Aplicarase ao conxunto de suxeitos pasivos que operan en cada combinación.

Para a aplicación desta bonificación o administrador de infraestruturas ferroviarias establecerá anualmente na declaración sobre a rede:

- a) O tráfico de referencia, Tref, medido en tren-km, será o tráfico que o administrador de infraestruturas ferroviarias considera normal de acordo coa situación preexistente ou coa súa previsible evolución.
- b) O tráfico obxectivo, Tobx, medido en tren-km, será o tráfico que o administrador de infraestruturas ferroviarias determinará de acordo coas súas expectativas de mercado das infraestruturas e cos servizos que utilizan estas.
- c) A porcentaxe de bonificación obxectivo para os tráficos incrementais, Bobx, aplicable aos tráficos incrementais cando se alcance o tráfico obxectivo fixado de acordo coas expectativas de crecemento de tráfico. Se o incremento corresponde a un valor intermedio entre o tráfico de referencia e o tráfico obxectivo, aplicarase unha bonificación inferior á bonificación obxectivo, aplicando un sistema progresivo.

A bonificación calcularase aplicando a fórmula que para tal efecto recolle a Lei 38/2015 no seu artigo 97.6.

Dous. Canon por utilización das instalacións de servizo titularidade dos administradores xerais de infraestruturas ferroviarias.

1. Modalidades e contías exixibles.

Canon pola utilización das estacións de transporte de viaxeiros (modalidade A).

A contía desta modalidade de canon calcularase:

- i. En estacións de categoría 1, 2, 3, 4 ou 5, multiplicando a tarifa unitaria polo número de paradas, considerando a categoría da estación, o tipo de parada e o tipo de tren.
- ii. En estacións de categoría 6, aplicando a cada núcleo de proximidades os importes tarifarios resultantes dos custos de explotación do conxunto da estacións desta categoría por núcleo de proximidades, pagamento que se fraccionará en 12 mensualidades.
- iii. Por servizos fóra do horario de apertura das estacións, multiplicando a tarifa unitaria polo número de horas ou fracción de apertura extraordinaria das estacións, por categoría de estación.

Proposta de tarifas canon por utilización de estacións de viaxeiros - A1

Euros parada tren

Clasificación estación	Tipo de parada	Nacional / Internacional	Interurbano	Urbanos
1	DESTINO	164,0000	33,7842	8,1082
1	INTERMEDIA	63,7800	13,1383	3,1532
1	ORIXE	182,2200	37,5380	9,0091
2	DESTINO	78,1100	16,0904	3,8617
2	INTERMEDIA	30,3800	6,2574	1,5018
2	ORIXE	86,7900	17,8782	4,2908
3	DESTINO	75,2111	15,0422	3,6101
3	INTERMEDIA	29,2487	5,8497	1,4039
3	ORIXE	83,5678	16,7136	4,0113
4	DESTINO	33,4830	6,6966	1,6072
4	INTERMEDIA	13,0212	2,6042	0,6250
4	ORIXE	37,2034	7,4407	1,7858
5	DESTINO	13,4793	2,6959	0,6470
5	INTERMEDIA	5,2419	1,0484	0,2516
5	ORIXE	14,9770	2,9954	0,7189

Proposta de tarifas canon por utilización de estacións de viaxeiros categoría 6 - A2

Núcleo	Importe mensual - Euros
Asturias	12.851
Barcelona	146.857
Bilbo	29.945
Cádiz	1.228
Madrid	358.874
Málaga	21.413
Murcia	1.282
Donostia/San Sebastián	24.542
Santander	1.630
Sevilla	9.498
Valencia	13.127
Asturias (RAM)	16.982
Murcia (RAM)	9.254
Cantabria (RAM)	10.160
Bizcaia (RAM)	1.854

Núcleo	Importe mensual – Euros
León (RAM)	5.995
Total mensual.	665.491

Apertura extraordinaria de estacións - A 3

Euros/hora

Estacións categoría 1	632
Estacións categoría 2	108
Estacións categoría 3	51
Estacións categoría 4	23
Estacións categoría 5	10
Estacións categoría 6	7

1.1 Adición por intensidade de uso das instalacións das estacións de viaxeiros de ADIF Alta Velocidad.

Esta adición calcúlase multiplicando a tarifa unitaria polo número de viaxeiros subidos ou baixados efectivamente, en cada parada na estación, diferenciando por tipo de viaxeiro.

Adición por intensidade de uso das instalacións de estacións de ADIF A.V.

	Euros viaxeiro		
	Nacional/ Internacional	Interurbanos	Urbanos
Taxa por viaxeiro subido e baixado	0,4084	0,0871	0,0209

1.2 Canon de paso por cambiadores de largo (modalidade B).

A contía desta modalidade será a que resulte de multiplicar a tarifa unitaria ao número de pasos de tren por un cambiador de largo en calquera dos sentidos.

Paso por cambiadores de largo - B

Euros por paso por cambiador	134,8211
------------------------------	----------

1.3 Canon pola utilización de vías con plataforma en estacións para o estacionamento de trens para servizos comerciais de viaxeiros ou outras operacións (modalidade C).

C.1 Por estacionamento de trens para servizos comerciais de viaxeiros sen outras operacións.

Con carácter xeral, establécese un período de 15 minutos durante o cal o canon non será aplicable.

Para os efectos de cómputo do tempo de estacionamento en plataformas non se considerarán as paradas intermedias dun traxecto comercial, nin aqueles en que o administrador de infraestruturas ferroviarias decida a permanencia do tren na vía de estacionamento.

A contía do canon será a que resulte de aplicar a cada tren a tarifa unitaria polo tempo de estacionamento, en función da categoría da estación.

Estacionamento de trens para servizos comerciais de viaxeiros - C1

	Tipo de estacionamento (euros/tren)		
	A	B	C
Estacións categoría 1	2,2458	3,3688	4,4917
Estacións categoría 2	1,1229	1,6998	2,2458
Tipo de estacionamento:			
A Por cada 5 minutos adicionais ou fracción entre 15 e 45 min.			
B Por cada 5 minutos adicionais ou fracción entre 45 e 120 min.			
C Por cada 5 minutos adicionais ou fracción a partir de 120 min.			

C.2 Por estacionamento de trens para outras operacións.

A contía do canon será a que resulte de aplicar a tarifa unitaria, determinada en función da categoría da estación e do tipo de operación que se realice no tren, ao número de operacións de cada tipo realizadas durante o tempo de estacionamento.

Estacionamento de trens para outras operacións C-2

	Euros
Operación de limpeza de tren en estacións de categoría 1-2	0,6818
Operación de limpeza de tren no resto de estacións	0,5681
Carga e descarga a bordo do tren en estacións de categoría 1-2	0,6722
Carga e descarga a bordo do tren no resto de estacións	0,5601
Por outras operacións	0,3947

1.4 Canon por utilización de vías noutras instalacións de servizo: de punto, de formación de trens e manobras, de mantemento, lavado e limpeza, de fornecemento de combustible (modalidade D).

Establécese segundo tempo de utilización da vía da instalación de servizo, a vía cos seus compoñentes básicos, como son a vía, a catenaria, os desvíos e o equipamento adicional.

A contía desta modalidade será a resultante de computar o importe por utilización da vía completa autorizada, o importe asociado ao equipamento con que está dotada esa vía e o importe do equipamento opcional solicitado, aplicando o importe unitario de cada concepto polas unidades correspondentes, rateando para o período solicitado e afectado polo coeficiente de rendemento establecido no artigo 98.4.D) da Lei 38/2015.

Proposta de tarifas de canons por utilización doutras instalacións

Canon por utilización vías punto e outros - D

Compoñentes base	
C vía	5,402 euros/m de vía-ano
C catenaria	1,826 euros/m de catenaria-ano
C desvío tipo I (manual)	564,755 euros/ud.-ano
C desvío tipo II (telemandado)	2.165,954 euros/ud.-ano
Compoñentes de equipamento asociados á vía	

Compoñentes base	
C Corredor entrevías	1,191 euros/m de vía-ano
C Iluminación vía	1,368 euros /m de vía-ano
C Iluminación praia	2,026 euros /m de vía-ano
C Rede de protección contra incendios	5,953 euros/m de vía-ano
C Peirao de carga/descarga	52,490 euros/m de vía-ano
Compoñentes de equipamento opcionais	
C Bandexa recollida graxas	521,516 euros/ud.-ano
C Bandexa recollida carburante	820,049 euros/ud.-ano
C Escaleiras de acceso a cabina	20,945 euros/ud./ano
C Foso-furo de descarga	118,050 euros/ud./ano
C Foso de mantemento (sen tomas)	188,388 euros/ud./ano
C Rampla para carga/descarga	602,613 euros/ud./ano
C Toma subministración de auga, eléctrica ou aire comprimido	43,750 euros/ud./ano

Así mesmo, en aplicación do artigo 98.4.D), establécense as seguintes contías mínimas:

– A contía mínima por utilización de instalacións de servizo para reposición de combustible, para todos os puntos de subministración de combustible de ADIF, fixos e móbiles, será de 3,75 €.

– A contía mínima pola utilización do resto de instalacións de servizo suxeitas a esta modalidade será o equivalente ao dun período mínimo de uso de cada instalación de servizo de 4 horas.

1.5 Canon por utilización de puntos de carga para mercadorías (modalidade E).

A contía desta modalidade será a resultante de computar o importe por utilización da vía completa autorizada, o compoñente asociado ao uso da franxa de superficie paralela á vía (praia), o importe asociado ao equipamento con que está dotada esa vía e o importe do equipamento opcional solicitado, aplicando o importe unitario de cada concepto polas unidades correspondentes, rateando para o período solicitado e afectado polo coeficiente de rendemento establecido no artigo 98.4.E) da Lei 38/2015.

Proposta de tarifas de canons por utilización doutras instalacións

Canon por utilización de puntos de carga para mercadorías - E

Compoñentes base	
C vía	5,402 euros/m de vía-ano
C catenaria	1,826 euros/m de catenaria-ano
C desvío tipo I (manual)	564,755 euros/ud.-ano
C desvío tipo II (telemandado)	2.165,954 euros/ud.-ano
C Praia tipo I (formigón/lastra)	19,340 euros/m-ano
C Praia tipo II (aglomerado)	11,232 euros/m-ano
C Praia tipo III (saburras)	5,191 euros/m-ano
Compoñentes de equipamento asociados á vía	
C Corredor entrevías	1,191 euros/m de vía-ano

C Iluminación vía	1,368 euros /m de vía-ano
C Iluminación praia	2,026 euros /m de vía-ano
C Rede de protección contra incendios	5,953 euros/m de vía-ano
C Peirao de carga/descarga	52,490 euros/m de vía-ano
Compoñentes de equipamento opcionais	
C Bandexa recollida graxas	521,516 euros/ud./ano
C Bandexa recollida carburante	820,049 euros/ud./ano
C Escaleiras de acceso a cabina	20,945 euros/ud./ano
C Foso-furo de descarga	118,050 euros/ud./ano
C Foso de mantemento (sen tomas)	188,388 euros/ud./ano
C Rampla para carga/descarga	602,613 euros/ud./ano
C Toma de subministración de auga, eléctrica ou aire comprimido	43,750 euros/ud.-ano

Artigo 98. Prestacións patrimoniais de carácter público.

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao penúltimo parágrafo do artigo 87 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que quedará redactado como segue:

«Para aquelas aeronaves susceptibles de seren conectadas a máis dunha pasarela simultaneamente que estacionen en posicións de pasarelas especialmente deseñadas para esta finalidade, a contía unitaria por cada pasarela adicional conectada reducirase nun setenta e cinco por cento.»

TÍTULO VII

Dos entes territoriais

CAPÍTULO I

Entidades locais

Sección 1.^a Liquidación definitiva da participación en tributos do Estado correspondente ao ano 2016

Artigo 99. Réxime xurídico e saldos debedores.

Un. Unha vez coñecida a variación dos ingresos tributarios do Estado do ano 2016 respecto de 2004, e os demais datos necesarios, calcularase a liquidación definitiva da participación en tributos do Estado correspondente ao exercicio 2016, nos termos dos artigos 111 a 124 e 135 a 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, tendo ademais en conta as normas recollidas nos artigos 85 a 88, 90 e 91, 93 a 96, 98 e 100 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016.

Dous. Os saldos debedores que poidan derivar da liquidación a que se refire o punto anterior, no compoñente de financiamento que non corresponda á cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais, serán reembolsados polas entidades locais afectadas mediante compensación con cargo ás entregas á conta que, en concepto de participación nos tributos do Estado definida na sección 3.^a e na subsección 1.^a da sección 5.^a deste capítulo, se perciban con posterioridade á mencionada liquidación, nun período máximo de tres anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ao 25 por cento dunha entrega mensual, salvo que, aplicando este criterio, se exceda o prazo sinalado, caso en que se axustarán a frecuencia e a contía das retencións correspondentes co obxecto de que non se produza esta situación.

Tres. Os saldos debedores que poidan derivar da liquidación a que se refire o punto un anterior, no compoñente de financiamento que corresponda á cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais, serán reembolsados polas entidades locais afectadas mediante compensación con cargo aos posibles saldos acredores que deriven da liquidación do compoñente correspondente ao concepto de participación nos tributos do Estado definida na sección 3.^a e na subsección 1.^a da sección 5.^a deste capítulo. Os saldos debedores restantes despois de aplicar a compensación anteriormente citada serán reembolsados polas entidades locais mediante compensación nas entregas á conta que, por cada imposto estatal incluído naquela cesión, perciban, sen as limitacións de porcentaxes e prazos establecidos no punto anterior.

Catro. Se o importe das liquidacións definitivas a que se refire o punto dous deste artigo é a favor do Estado, reflectirase como dereito no capítulo IV do orzamento de ingresos do Estado.

Cinco. O importe da liquidación definitiva das compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas a favor das comunidades autónomas uniprovinciais de Cantabria, Madrid e La Rioja poderán ser obxecto de integración nas contías que lles correspondan en aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das cidades con estatuto de autonomía, por acordo da respectiva Comisión Mixta, logo de informe da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, mediante as modificacións e axustes que procedan nos respectivos créditos orzamentarios.

Seis. Cando as retencións citadas neste artigo concorran coas reguladas no artigo 125, terán carácter preferente fronte a aquelas e non computarán para o cálculo das porcentaxes establecidas no punto dous do citado artigo.

Sección 2.^a Cesión a favor dos municipios da recadación de impostos estatais no ano 2018

Artigo 100. *Cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. Os municipios incluídos no ámbito subxectivo do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña en 2018 mediante doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva. O importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIRPF_m = 0,021336 \times CL_{2015m} \times IA_{2018/2015} \times 0,95$$

Onde:

- $ECIRPF_m$: importe anual de entregas á conta por cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas do municipio m.
- CL_{2015m} : cota líquida estatal do imposto sobre a renda das persoas físicas no municipio m no ano 2015, último coñecido.
- $IA_{2018/2015}$: índice de actualización da cota líquida estatal entre o ano 2015, último coñecido, e o ano 2018. Este índice é o resultado de dividir o importe da previsión orzamentaria, para 2018, por retencións, pagamentos á conta e pagamentos fraccionados entre o importe dos dereitos liquidados por estes conceptos, correspondentes ao ano 2015, último do cal se coñecen as cotas líquidas dos municipios.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada municipio e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da cota líquida correspondente a cada municipio, determinada nos termos do artigo 115 do texto refundido da Lei reguladora das facendas

locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 101. Cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.

Un. Os municipios a que se refire o artigo 100 precedente participarán na recadación líquida que se obteña, polo imposto sobre o valor engadido, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIVE_m = PCIVE^* \times RPIVE \times ICP^i \times (P_m / P_i) \times 0,95$$

Onde:

– PCIVE*: porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre o valor engadido a favor dos municipios, que, para estas entregas á conta, será do 2,3266 por cento.

– ECIVE_m: importe anual das entregas á conta do municipio m, en concepto de cesión da recadación de imposto sobre o valor engadido prevista para o ano 2018.

– RPIVE: importe da previsión orzamentaria da recadación líquida que corresponde ao Estado do imposto sobre o valor engadido para o ano 2018.

– ICP_i: índice provisional de consumo da Comunidade Autónoma i para o ano 2018. Para estes efectos, terase en conta o último dato dispoñible, que corresponde ao utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2015.

– P_m e P_i: poboacións do municipio m e da Comunidade Autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2018 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada municipio, e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre o valor engadido.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida por IVE que resulte da aplicación do disposto no artigo 116 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 102. Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.

Un. Os municipios a que se refire o artigo 100 participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios e sobre o alcohol e bebidas derivadas, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIEE(h)_m = PCIIEE^* \times RPIIEE(h) \times ICP^i(h) \times (P_m / P_i) \times 0,95$$

Onde:

– PCIIEE*: porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre o alcohol e bebidas derivadas que, para estas entregas á conta, será do 2,9220 por cento.

– $ECIIEE(h)_m$: importe anual das entregas á conta do municipio m , en concepto de cesión da recadación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto prevista no ano 2018.

– $RPIIEE(h)$: importe da previsión orzamentaria da recadación líquida que corresponde ao Estado do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto para o ano 2018.

– $ICP_i(h)$: índice provisional de consumo da Comunidade Autónoma i a que pertence o municipio m elaborado, para o ano 2018, para efectos da asignación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto. Para estes efectos, teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2015.

– P_m e P_i : poboacións do municipio m e da Comunidade Autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2018 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada municipio e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste punto.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do punto anterior que resulte da aplicación do disposto nos puntos 1 e 2 do artigo 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicará, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 103. *Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. Os municipios a que se refire o artigo 100 participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIEE(k)_m = PCIIEE^* \times RPIIEE(k) \times IP_m(k) \times 0,95$$

Onde:

– $PCIIEE^*$: porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco que, para estas entregas á conta, será do 2,9220 por cento.

– $ECIIEE(k)_m$: importe anual das entregas á conta do municipio m , en concepto de cesión da recadación do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto prevista no ano 2018.

– $RPIIEE(k)$: importe da previsión orzamentaria da recadación líquida que corresponde ao Estado do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto para o ano 2018.

– $IP_m(k)$: índice provisional, para o ano 2018, referido ao municipio m , de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos, e o de vendas a expendedorías de tabaco, ponderadas ambas polos correspondentes tipos impositivos. Para estes efectos, considerarase índice provisional o que corresponda ao último ano dispoñible.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada municipio e tramitarase como devolucions de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste punto.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do punto anterior que resulte da aplicación do disposto no artigo 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Sección 3.^a Participación dos municipios nos tributos do Estado

Subsección 1.^a Participación dos municipios no Fondo Complementario de Financiamento

Artigo 104. *Determinación das entregas á conta.*

Un. O importe total das entregas á conta da participación de cada municipio incluído no ámbito subxectivo do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Fondo Complementario de Financiamento correspondente a 2018, recoñecerase con cargo ao crédito específico consignado na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942 M Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado.

Dous. O citado importe será o 95 por cento do Fondo Complementario de Financiamento do ano base 2004 multiplicado polo índice de evolución correspondente segundo o artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e tendo en conta a disposición adicional centésimo décima da presente norma.

Tres. Á contía calculada segundo o punto anterior para cada municipio engadiráselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2004.

b. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2006.

Catro. As entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento para o exercicio 2018 serán aboadas mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do importe total que resulte da aplicación das normas recollidas nos puntos anteriores.

Artigo 105. *Liquidación definitiva.*

Un. A práctica da liquidación definitiva do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2018 a favor dos municipios realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, consonte as regras contidas nos artigos 119 e 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Dous. Á contía calculada para cada municipio nos termos do punto anterior engadiránselle as compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2004.

b. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2006.

Tres. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre os importes das entregas á conta calculadas consonte o disposto no artigo anterior e da participación definitiva calculada nos termos dos puntos anteriores.

Subsección 2.^a Participación do resto de municipios

Artigo 106. *Participación dos municipios nos tributos do Estado para o exercicio 2018.*

Un. O importe total destinado a pagar as entregas á conta aos municipios incluídos no ámbito subxectivo do artigo 122 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, será o equivalente ao 95 por cento da súa participación total nos tributos do Estado para o ano base 2004, multiplicado polo índice de evolución correspondente segundo o artigo 123 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e tendo en conta a disposición adicional centésimo décima da presente norma. Recoñecerase con cargo ao crédito específico consignado na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado.

Dous. A práctica da liquidación definitiva correspondente ao ano 2018 a favor dos municipios antes citados realizarase consonte as regras contidas nos artigos 123 e 124 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e con cargo ao crédito que se dote no concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, incluído na sección, servizo e programa citados no punto anterior.

Tres. O importe total que resulte da aplicación das regras contidas nos puntos anteriores distribuirase de acordo cos seguintes criterios:

a. Como regra xeral, cada concello percibirá unha cantidade igual á resultante da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 2003, calculada consonte o disposto nos puntos dous, tres, catro e cinco do artigo 65 da Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003.

b. O resto distribuirase proporcionalmente ás diferenzas positivas entre a cantidade que cada concello obtería dunha repartición en función das variables e porcentaxes que a continuación se mencionan e as cantidades previstas no parágrafo anterior. Para estes efectos, as variables e porcentaxes aplicables serán as seguintes:

1. O 75 por cento en función do número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón da poboación municipal vixente en 31 de decembro de 2018 e aprobado oficialmente polo Goberno, ponderado polos seguintes coeficientes, segundo estratos de poboación:

Estrato	Número de habitantes	Coeficientes
1	De máis de 50.000	1,40

Estrato	Número de habitantes	Coefficientes
2	De 20.001 a 50.000	1,30
3	De 5.001 a 20.000	1,17
4	Ata 5.000	1,00

2. O 12,5 por cento en función do esforzo fiscal medio de cada municipio no exercicio 2016 ponderado polo número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2018 e oficialmente aprobado polo Goberno.

Para estes efectos, considérase esforzo fiscal municipal no ano 2016 o resultante da aplicación da fórmula seguinte:

$$E_{fm} = [\sum a(RcO/RPm)] \times P_i$$

No desenvolvemento desta fórmula teranse en conta os seguintes criterios:

A. O factor *a* representa o peso medio relativo de cada tributo en relación coa recadación líquida total obtida no exercicio económico de 2016, durante o período voluntario, polo imposto sobre bens inmobles, polo imposto sobre actividades económicas, excluídas as cantidades percibidas como consecuencia da distribución das cotas nacionais e provinciais do imposto sobre actividades económicas e a recarga provincial atribuíble ás respectivas deputacións provinciais, e polo imposto sobre vehículos de tracción mecánica, para todos os municipios integrados nesta forma de financiamento.

B. A relación *RcO/RPm* calcularase, para cada un dos tributos citados no parágrafo precedente e en relación con cada municipio, da seguinte maneira:

i. No imposto sobre bens inmobles urbanos ou rústicos, multiplicando o factor *a* polo tipo impositivo real fixado polo pleno da corporación para o período de referencia, dividido por 0,4 ou 0,3, respectivamente, que representan os tipos mínimos exixibles en cada caso e dividíndoo pola súa vez entre o tipo máximo potencialmente exixible en cada municipio. Para estes efectos, aplicaranse os tipos de gravame real e máximo, segundo o disposto nos puntos 1 e 3 do artigo 72 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

O resultado así obtido no imposto sobre bens inmobles urbanos ponderarase pola razón entre a base imponible media por habitante de cada concello e a base imponible media por habitante do estrato en que se encadre, incluída, de ser o caso, a que corresponda aos bens inmobles de características especiais. Para estes efectos, deberase ter en conta o disposto na disposición adicional novena do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e que, ademais, os tramos de poboación se identificarán cos utilizados para a distribución do 75 por cento asignado á variable poboación.

ii. No imposto sobre actividades económicas, multiplicando o factor *a* polo importe do padrón municipal do imposto incluída a incidencia da aplicación do coeficiente de situación a que se refire o artigo 87 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, vixente no período impositivo de 2016 e dividíndoo entre a suma das cotas mínimas fixadas nas tarifas do imposto, en relación con cada suposto de suxeición a este, e ponderadas polos coeficientes recollidos no artigo 86 da mesma norma.

iii. No imposto sobre vehículos de tracción mecánica, multiplicando o factor *a* por 1.

iv. A suma $\sum a(RcO/RPm)$ multiplicarase polo factor P_i , que é a súa poboación de dereito deducida do padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2018 e aprobado oficialmente polo Goberno.

C. O coeficiente de esforzo fiscal medio por habitante, para cada municipio, en ningún caso poderá ser superior ao quíntuplo do menor valor calculado do coeficiente de esforzo fiscal medio por habitante dos concellos incluídos no estrato de poboación superior a 50.000 habitantes.

3. O 12,5 por cento en función do inverso da capacidade tributaria. Entenderase como capacidade tributaria a resultante da relación existente entre as bases impositivas medias do imposto sobre bens inmobles urbanos por habitante de cada concello e a do estrato en que este se encadre, ponderada pola relación entre a poboación de dereito de cada municipio e a poboación total dos incluídos nesta modalidade de participación, deducidas do padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2018 e aprobado oficialmente polo Goberno. Para estes efectos, os tramos de poboación identificaranse cos utilizados para a distribución do 75 por cento asignado á variable poboación.

Para o cálculo desta variable teranse en conta os datos relativos ás bases impositivas do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e de características especiais, das entidades locais, correspondentes ao exercicio 2016.

Catro. Á contía que resulte da aplicación das normas do punto anterior engadiránselle as compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2004.

b. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2006.

Cinco. A participación dos municipios turísticos determinarase consonte o punto 4 do artigo 125 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o disposto nos puntos tres e catro anteriores. Para estes efectos, teranse en conta as porcentaxes de cesión recollidas no artigo 103 da presente norma. O importe da cesión así calculada non poderá supor, en ningún caso, minoración da participación que resulte da aplicación dos puntos tres e catro do presente artigo. Consideraranse municipios turísticos os que cumpran as condicións recollidas no punto 1 do mencionado artigo 125, referidas ao 1 de xaneiro de 2016.

Seis. Para os municipios turísticos resultantes da revisión efectuada en 1 de xaneiro de 2016, a cesión da recadación dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco calculada para o ano base 2004, a que fai referencia o artigo 125.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, será o resultado de dividir a cesión da recadación líquida dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco correspondente a cada municipio no exercicio 2016 entre a evolución dos ingresos tributarios do Estado neste último respecto de 2004.

Artigo 107. *Entregas á conta.*

Un. As entregas á conta da participación nos tributos do Estado para o exercicio de 2018 a que se refire o artigo anterior serán aboadas aos concellos mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do respectivo crédito.

Dous. A participación individual de cada municipio determinarase de acordo cos criterios establecidos para a distribución da liquidación definitiva, coas seguintes variacións:

a. Empregarase a poboación do padrón municipal vixente e oficialmente aprobado polo Goberno en 1 de xaneiro do ano 2018. As variables esforzo fiscal e inverso da capacidade tributaria referiranse aos datos da última liquidación definitiva practicada. En

todo caso, considerárase como entrega mínima á conta da participación nos tributos do Estado para cada municipio unha cantidade igual ao 95 por cento da participación total definitiva correspondente ao ano 2003, calculada consonte o disposto nos puntos dous, tres, catro e cinco do artigo 65 da Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003.

b. Á contía calculada segundo o parágrafo anterior para cada municipio engadiráselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

1. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2004.

2. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2006.

Tres. A participación individual de cada municipio turístico determinarase de acordo co punto anterior. O importe resultante reducirase na contía da cesión da recadación dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco calculada no ano base 2004, incrementada nos mesmos termos que a previsión de crecemento dos ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto de 2004. Ao resultado anterior sumarase a cesión que por aqueles impostos lles corresponda en concepto de entregas á conta en 2018, aplicando as normas do punto un do artigo 103 desta lei, sen que, en ningún caso, a contía que se vaia transferir sexa inferior á calculada consonte o disposto no punto anterior.

Sección 4.^a Cesión da recadación de impostos estatais a favor das provincias, comunidades autónomas uniprovinciais, cabidos e consellos insulares

Artigo 108. *Cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As provincias e entes asimilados incluídos no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña en 2018 mediante o pagamento de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo global da contía destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIRPF_p = 0,012561 \times CL_{2015p} \times IA_{2018/2015} \times 0,95$$

Onde:

– $ECIRPF_p$: importe anual de entregas á conta por cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas da entidade provincial ou asimilada p.

– CL_{2015p} : cota líquida estatal do imposto sobre a renda das persoas físicas no ámbito da entidade provincial ou asimilada p no ano 2015, último coñecido.

– $IA_{2018/2015}$: índice de actualización da cota líquida estatal entre o ano 2015, último coñecido, e o ano 2018. Este índice é o resultado de dividir o importe da previsión orzamentaria, para 2018, por retencións, pagamentos á conta e pagamentos fraccionados, entre o importe dos dereitos liquidados por estes conceptos, correspondentes ao ano 2015, último do cal se coñecen as cotas líquidas no ámbito da entidade provincial ou asimilada.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada provincia ou entidade asimilada mediante transferencia por doceavas partes mensuais, e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da cota líquida correspondente a cada provincia ou ente asimilado, determinada nos termos do artigo 137 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 109. *Cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As provincias e entes asimilados a que se refire o artigo precedente participarán na recadación líquida que se obteña, polo imposto sobre o valor engadido, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación, para cada unha daquelas entidades, da contía global destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIVE_p = PCIVE^{**} \times RPIVE \times ICP_i \times (P_p / P_i) \times 0,95$$

Onde:

– PCIVE^{**}: porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre o valor engadido a favor das provincias e entes asimilados que, para estas entregas á conta, será do 1,3699 por cento.

– ECIVE_p: importe anual das entregas á conta da provincia ou entidade asimilada p, en concepto de cesión da recadación de imposto sobre o valor engadido prevista no ano 2018.

– RPIVE: importe da previsión orzamentaria da recadación líquida correspondente ao Estado do imposto sobre o valor engadido para o ano 2018.

– ICP_i: índice provisional de consumo da Comunidade Autónoma i para o ano 2018. Para estes efectos, teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2015.

– P_p e P_i: poboacións da provincia ou ente asimilado p e da Comunidade Autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2018 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada provincia ou entidade asimilada, e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto de imposto sobre o valor engadido.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido que resulte da aplicación do disposto no artigo 138 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 110. *Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As entidades incluídas no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios e sobre o alcohol e bebidas derivadas, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo, para cada provincia ou ente asimilado, da contía global destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIEE(h)_p = PCIIIEE^{**} \times RPIIEE(h) \times ICP^i(h) \times (P_p / P_i) \times 0,95$$

Onde:

– PCIIIEE^{**}: porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre o alcohol e bebidas derivadas a favor das provincias e entes asimilados que, para estas entregas á conta, será do 1,7206 por cento.

– ECIIIEE(h)_p: importe anual das entregas á conta da provincia ou ente asimilado p, en concepto de cesión da recadación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto prevista no ano 2018.

– RPIIEE(h): importe da previsión orzamentaria da recadación líquida correspondente ao Estado do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto para o ano 2018.

– ICP_i(h): índice provisional de consumo da Comunidade Autónoma i a que pertence a provincia ou entidade asimilada p, elaborado, para o ano 2018 para efectos da asignación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto. Para estes efectos, teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2015.

– P_p e P_i: poboacións da provincia ou entidade asimilada p e da Comunidade Autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2018 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada provincia ou entidade asimilada e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste punto.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do punto anterior que resulte da aplicación do artigo 139 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Artigo 111. *Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As provincias e entes asimilados incluídos no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo, para cada provincia ou entidade asimilada, do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIEE(k)_p = PCIIIEE^{**} \times RPIIEE(k) \times IPP(k) \times 0,95$$

Onde:

– PCIIIEE^{**}: porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco a favor das provincias e entes asimilados, que, para estas entregas á conta, será do 1,7206 por cento.

– $ECIIEE(k)_p$: importe anual das entregas á conta da provincia ou ente asimilado p, en concepto de cesión da recadación do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto prevista no ano 2018.

– $RPIIEE(k)$: importe da previsión orzamentaria da recadación líquida correspondente ao Estado do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto para o ano 2018.

– $IPp(k)$: índice provisional, para o ano 2018, referido á provincia ou ente asimilado p, de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos, e o de vendas a expendedorías de tabaco, ponderadas ambas polos correspondentes tipos impositivos. Para estes efectos, teranse en conta datos correspondentes ao último ano dispoñible.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada entidade, e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste punto.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no artigo anterior, que resulte da aplicación do artigo 139 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión recollida no punto anterior, conforme o establecido na disposición derradeira sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Sección 5.^a Participación das provincias, comunidades autónomas uniprovinciais e consellos e cabidos insulares nos tributos do Estado

Subsección 1.^a Participación no Fondo Complementario de Financiamento

Artigo 112. *Determinación das entregas á conta.*

Un. O importe total das entregas á conta da participación de cada provincia e entidade asimilada incluída no ámbito subxectivo do vixente artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Fondo Complementario de Financiamento correspondente a 2018, e tendo en conta a disposición adicional centésimo décima da presente norma, recoñecerase con cargo ao crédito Transferencias ás deputacións e cabidos insulares. Entregas á conta ás deputacións e cabidos insulares, pola súa participación nos ingresos dos capítulos I e II do orzamento do Estado, por recursos non susceptibles de cesión ás comunidades autónomas, consignado na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado.

Dous. O citado importe será o 95 por cento do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2004 aplicando o índice de evolución correspondente segundo o artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tres. Á contía calculada segundo o punto anterior engadiráselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre as actividades económicas seguintes:

a. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2004.

b. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2006.

Catro. As entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento para o exercicio 2018 serán aboadas ás entidades locais a que se refire este artigo, mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do importe total que resulte da aplicación das normas recollidas nos puntos anteriores.

Artigo 113. *Liquidación definitiva.*

Un. A práctica da liquidación definitiva do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2018 a favor das provincias e entidades asimiladas realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, consonte as regras contidas nos artigos 141 e 143 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Dous. A contía anterior incrementarase, de ser o caso, no importe das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2004.

b. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2018 respecto a 2006.

O importe da liquidación definitiva das compensacións anteriores a favor das comunidades autónomas uniprovinciais de Cantabria, Madrid e La Rioja poderá ser obxecto de integración nas contías que lles corresponden en aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das cidades con estatuto de autonomía, por acordo da respectiva comisión mixta, logo de informe da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, mediante as modificacións e axustes que procedan nos respectivos créditos orzamentarios.

Tres. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre a suma dos importes das entregas á conta calculadas consonte o disposto no artigo anterior e da participación definitiva calculada nos termos dos puntos anteriores.

Subsección 2.^a Participación no Fondo de Achega á Asistencia Sanitaria

Artigo 114. *Determinación das entregas á conta.*

Un. Para o mantemento dos centros sanitarios de carácter non psiquiátrico das deputacións, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e consellos e cabidos insulares asígnase, con cargo ao crédito Transferencias ás deputacións e cabidos insulares. Entregas á conta ás deputacións e cabidos insulares pola súa participación nos ingresos dos capítulos I e II do orzamento do Estado por recursos non susceptibles de cesión ás comunidades autónomas consignado na sección 36, servizo 21 Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, a cantidade de 711,6 millóns de euros en concepto de entregas á conta. As entregas á conta da participación neste fondo para o ano 2018 serán aboadas ás deputacións provinciais, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, cabidos e consellos insulares mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do crédito. A asignación para o mantemento dos centros sanitarios realizarase en proporción ás contías percibidas por este concepto na liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano 2004, e librarase

simultaneamente coas entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento regulado na subsección anterior.

Dous. Cando a xestión económica e financeira dos centros hospitalarios, nos termos previstos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, se transfira ás correspondentes comunidades autónomas, asignaráselles ás ditas entidades as entregas á conta da participación do ente transferidor do servizo, que poderán ser obxecto de integración na súa participación nos tributos do Estado por acordo da respectiva Comisión Mixta, logo de informe da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, mediante as modificacións e axustes que procedan nos respectivos créditos orzamentarios.

Artigo 115. *Liquidación definitiva.*

Un. A práctica da liquidación definitiva da asignación do fondo de achega á asistencia sanitaria do ano 2018, correspondente ás provincias, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e illas, realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, consonte as regras contidas nos artigos 143 e 144 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tomando como base de cálculo as contías que, por este concepto, resultaron da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano 2004.

Dous. Cando a xestión económica e financeira dos centros hospitalarios, nos termos previstos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, se transfira ás correspondentes comunidades autónomas, asignarase na mesma medida ás ditas entidades a participación do ente transferidor do servizo no citado fondo.

Sección 6.^a Réximes especiais

Artigo 116. *Participación dos territorios históricos do País Vasco e Navarra nos tributos do Estado.*

Un. A participación dos municipios do País Vasco e de Navarra nos tributos do Estado fixarase consonte as normas contidas na subsección 2.^a, da sección 3.^a deste capítulo, no marco do concerto e convenio económico, respectivamente.

Dous. A participación das deputacións forais do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra nos tributos do Estado determinarase segundo o establecido no artigo 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no marco do concerto e convenio económico, respectivamente.

Artigo 117. *Participación das entidades locais das illas Canarias nos tributos do Estado.*

Un. A cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais a favor dos municipios das illas Canarias incluídos no ámbito subxectivo de aplicación do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como dos cabidos insulares, axustarase ao disposto no artigo 158 desta última norma.

Dous. A participación no Fondo Complementario de Financiamento das entidades locais citadas no punto anterior determinarase consonte o disposto na subsección 1.^a, da sección 3.^a, e na subsección 1.^a, da sección 5.^a, deste capítulo, tendo en consideración o disposto no mencionado artigo 158 daquela norma.

Tres. A participación do resto de municipios das illas Canarias nos tributos do Estado determinarase mediante a aplicación das normas contidas na subsección 2.^a, da sección 3.^a, deste capítulo, e consonte a mesma proporción que os municipios de réxime común.

Artigo 118. *Participación das cidades de Ceuta e de Melilla nos tributos do Estado.*

Un. As cidades de Ceuta e de Melilla, en canto entidades asimiladas aos municipios, participarán nos tributos do Estado consonte as normas xerais contidas neste capítulo.

Dous. As cidades de Ceuta e de Melilla, en canto entidades asimiladas ás provincias, participarán nos tributos do Estado segundo o establecido no artigo 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sección 7.^a Compensacións, subvencións e axudas

Artigo 119. *Subvencións ás entidades locais por servizos de transporte colectivo urbano.*

Un. Para dar cumprimento ao previsto na disposición adicional quinta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, con cargo aos créditos da sección 32, servizo 02, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, concepto 462, figura un crédito por importe de 51,05 millóns de euros destinado a subvencionar o servizo de transporte colectivo urbano prestado polas entidades locais que reúnan os requisitos que se especifican no seguinte punto.

Dous. Na distribución do crédito poderán participar os concellos que dispoñan dun servizo de transporte público colectivo urbano interior, calquera que sexa a forma de xestión, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Dispor dun plan de mobilidade sustentable, coherente coa Estratexia española de mobilidade sustentable, segundo o establecido no artigo 102, «Fomento dos plans de mobilidade sustentable», da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, na súa redacción dada pola disposición derradeira trixésimo primeira da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012.

b) Ter máis de 50.000 habitantes de dereito, segundo o padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2017 e aprobado oficialmente polo Goberno.

c) Ter máis de 20.000 habitantes de dereito, segundo as cifras de poboación do padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2017 e aprobado oficialmente polo Goberno, en que concorran ademais que o número de unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano sexa superior a 36.000 na data sinalada.

d) Os municipios que, mesmo non reunindo algunha das condicións recollidas nos puntos b) e c) anteriores, sexan capitais de provincia.

e) Exceptúanse os municipios que, cumprindo os requisitos anteriores, participen nun sistema de financiamento alternativo do servizo de transporte público urbano interior, en que achegue financiamento a Administración xeral do Estado. Esta excepción será, en todo caso, de aplicación ao ámbito territorial das illas Canarias, Consorcio Rexional de Transportes de Madrid, Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona e Autoridade do Transporte Metropolitano de Valencia.

Tres. A dotación orzamentaria, unha vez satisfeitas as obrigacións de pagamento correspondentes a sentenzas xudiciais firmes do mesmo concepto, distribuirase conforme os seguintes criterios, que se aplicarán consonte os datos de xestión económica e financeira que se deduzan do modelo a que se refire o punto seis do presente artigo:

A. O 5 por cento do crédito en función da lonxitude da rede municipal en traxecto de ida e expresada en quilómetros. As liñas circulares que non teñan traxecto de ida e volta computaranse pola metade.

B. O 5 por cento do crédito en función da relación viaxeiros/habitantes de dereito de cada municipio ponderada pola razón do número de habitantes citado dividido entre 50.000. A cifra de habitantes de dereito será a da poboación do padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2017 e oficialmente aprobado polo Goberno.

C. O 5 por cento do crédito en función de criterios ambientais, para dar cumprimento ao previsto no Plan de medidas urxentes para a estratexia española de cambio climático e enerxía limpa, que prevé a incorporación de criterios de eficiencia enerxética para a concesión de subvencións ao transporte público urbano. Esta medida, definida no Plan de activación de aforro e eficiencia enerxética executado polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, a través do IDAE, consiste en establecer un mecanismo de valoración da eficiencia enerxética aplicada aos sistemas de transporte público que permita avaliar de forma homoxénea os avances producidos, e telos en conta para a distribución destas axudas.

A porcentaxe antes mencionada distribuirase en función da puntuación obtida no cumprimento de criterios ambientais, referidos ao exercicio 2017, que serán os que figuran no cadro seguinte:

Municipios gran poboación		Resto de municipios		Puntuación máxima
Criterios	Ratio cumprimento	Criterios	Ratio cumprimento	
Porcentaxe de autobuses urbanos GNC/GLP/BIOCOMBUSTIBLES.	> 20 %	Porcentaxe de autobuses urbanos GNC/GLP/BIOCOMBUSTIBLES.	> 5 %	20
Incremento no n.º total de viaxeiros respecto ao ano anterior.	> 1 %	Incremento no n.º total de viaxeiros respecto ao ano anterior.	SI/NON	15
Prazas-km ofertadas en transporte público: incremento con respecto á media dos tres anos anteriores.	> 1 %	Prazas-km ofertadas en transporte público: incremento con respecto ao ano anterior.	SI/NON	15
Existencia de vehículos eléctricos ou híbridos na frota de autobuses.	SI/NON	Existencia de vehículos eléctricos ou híbridos na frota de autobuses.	SI/NON	10
Porcentaxe de autobuses con accesibilidade a PMR.	> 50 %	Porcentaxe de autobuses con accesibilidade a PMR.	> 20 %	10
Densidade das liñas de autobús urbano (km/1000 hab.).	> 2	Densidade das liñas de autobús urbano (km/1000 hab.).	> 1	10
Incremento en n.º de viaxes de TP respecto á media dos tres anos anteriores.	> 1 %	Incremento en n.º de viaxes de TP respecto ao ano anterior.	SI/NON	5
Rede de carrís bici: n.º de habitantes por km de carril bici.	< 8.000	Rede de carrís bici: n.º de habitantes por km de carril bici.	< 6.000	3
Lonxitude carrís bus (porcentaxe s/ lonxitude total da rede).	> 2 %	Existen carrís bus.	SI/NON	3
Porcentaxe de condutores bus urbano con formación en conducción eficiente (%).	> 20 %	Porcentaxe de condutores bus urbano con formación en conducción eficiente (%).	> 15 %	3
Paradas con información en tempo real de chegada de autobuses (Porcentaxe/sobre total de paradas).	> 3 %	Paradas con información en tempo real de chegada de autobuses (Porcentaxe/sobre total de paradas).	> 3 %	3
Persoas con capacitación en xestión de frotas con criterios de eficiencia enerxética (n.º persoas formadas/100 vehículos).	> 1	Persoas con capacitación en xestión de frotas con criterios de eficiencia enerxética (n.º persoas formadas/100 vehículos).	SI/NON	3
TOTAL				100

D. O 85 por cento do crédito en función do déficit medio por título de transporte emitido, consonte o seguinte procedemento:

a) O importe que se subvencionará a cada municipio virá dado polo resultado de multiplicar o número de títulos de transporte pola subvención correspondente a cada un dos ditos títulos.

b) A subvención correspondente a cada título obterase aplicando ao seu déficit medio as contías e porcentaxes definidas na escala seguinte:

1.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte de cada municipio que non supere o 12,5 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 100 por cento.

2.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte de cada municipio que exceda o tramo anterior e non supere o 25 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 55 por cento.

3.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte de cada municipio que exceda o tramo anterior e non supere o 50 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 27 por cento.

4.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte de cada municipio que exceda o tramo anterior e non supere o 100 por cento do déficit medio global subvencionarase coa porcentaxe de financiamento que resulte de dividir o resto do crédito non atribuído aos tramos anteriores entre o total do déficit incluído neste tramo, considerando todos os municipios que teñan dereito a subvención.

5.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte de cada municipio que exceda o déficit medio global non será obxecto de subvención.

A porcentaxe de financiamento do 4.º tramo da escala non poderá exceder o 27 por cento. O exceso de crédito que poida resultar da aplicación desta restrición distribuirase proporcionalmente ao financiamento obtido por cada municipio, correspondente aos tramos 2.º e 3.º

En ningún caso se poderá recoñecer da aplicación destas normas unha subvención que, en termos globais, exceda o 85 por cento do crédito dispoñible. Se se produce esta circunstancia, axustarase de forma sucesiva, na proporción necesaria, a porcentaxe correspondente aos tramos 3.º, 2.º e, de ser o caso, 1.º, na forma disposta no tramo 4.º, ata esgotar o citado crédito.

c) O déficit medio de cada municipio será o resultado de dividir o déficit de explotación entre o número de títulos de transporte. O déficit medio global será o resultado de dividir a suma dos déficits de todos os municipios que teñan dereito á subvención entre o total de títulos de transporte dos ditos municipios.

d) O importe da subvención por título virá dado pola suma da contía que se subvencionará en cada tramo, que se obterá multiplicando a parte do déficit medio incluída en cada tramo pola porcentaxe de financiamento aplicable no dito tramo.

O déficit de explotación estará determinado polo importe das perdas de explotación que se deduza das contas de perdas e ganancias das empresas ou entidades que presten o servizo de transporte público, elaboradas consonte o Plan de contabilidade e as normas e principios contables xeralmente aceptados que en cada caso resulten de aplicación, cos seguintes axustes:

a') En canto aos gastos de explotación, exclúiranse aqueles que se refiran a tributos, con independencia do suxeito activo da relación xurídico-tributaria.

b') En canto aos gastos e ingresos de explotación, exclúiranse aqueles que teñan a súa orixe na prestación de servizos ou realización de actividades alleas á do transporte público urbano pola cal se solicita a subvención. Así mesmo, exclúirase calquera subvención e achega que recoñeza, a favor da empresa ou entidade que preste o servizo de transporte público urbano, o concello en cuxo termo municipal se realice a prestación.

c') En todo caso, deduciranse do déficit para o cálculo do financiamento correspondente a este punto os importes atribuídos como subvención polos criterios de lonxitude da rede, relación viaxeiros/habitantes de dereito e polos criterios ambientais.

Catro. As subvencións deberán destinarse a financiar a prestación deste servizo.

Cinco. Para os concellos do País Vasco e Navarra, a subvención que lles corresponda corríxirase na mesma proporción aplicable á súa participación en tributos do Estado.

Seis. As entidades locais, no prazo comprendido entre o 1 de maio e o 30 de xuño do ano 2018, e co fin de distribuír o crédito destinado a subvencionar a prestación dos servizos de transporte público colectivo urbano, deberán presentar, na forma que determinen os órganos competentes do Ministerio de Facenda e Función Pública, a seguinte documentación:

1. En todos os casos, o número de quilómetros de calzada da rede en traxecto de ida, o número de viaxeiros ao ano, o número de prazas ofertadas ao ano, recadación e prezos medios referidos ao exercicio 2017, segundo o modelo definido pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

2. Se se trata de servizos realizados pola propia entidade ou organismo autónomo dependente en réxime de xestión directa, documento detallado das partidas de ingresos e gastos imputables ao servizo de transporte e do déficit ou resultado real producido no exercicio 2017, segundo o modelo definido pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

3. Se se trata de servizos realizados en réxime de xestión directa por unha sociedade mercantil municipal ou de empresas ou particulares que presten o servizo en réxime de concesión ou calquera outra modalidade de xestión indirecta, xuntaranse as contas anuais co seu correspondente informe de auditoría.

Así mesmo, os administradores deberán elaborar un documento en que se detallen as partidas de ingresos e gastos do servizo de transporte e do déficit ou resultado real producido no exercicio 2017, e os criterios de imputación dos referidos ingresos e gastos, segundo o modelo definido pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

Deberá ser obxecto de revisión por parte dun auditor o documento coas partidas de ingresos e gastos imputables ao servizo e do déficit ou resultado real producido no exercicio 2017 e os criterios de imputación dos ingresos e gastos, entendendo que está auditado cando a información estea incluída na memoria das contas anuais e estas fosen auditadas.

4. En calquera caso, o documento oficial en que se recollan, actualizados, os acordos reguladores das condicións financeiras en que a actividade se realiza.

5. En todos os casos, xustificación de que o concello solicitante da subvención e a empresa, organismo ou entidade que preste o servizo, están ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

6. Certificación do interventor da aplicación do importe recibido como subvención ao transporte colectivo urbano no exercicio inmediato anterior á finalidade prevista no punto catro do artigo 95 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017.

7. Certificación do secretario municipal sobre o cumprimento dos criterios ambientais.

8. Certificación do secretario municipal sobre a existencia dun plan de mobilidade sustentable, e a súa coherencia coa Estratexia española de mobilidade sustentable, en que faga constar expresamente a súa data de aprobación definitiva que, en calquera caso, deberá ser anterior á data de finalización do prazo para presentar a solicitude.

Aos concellos que non cumprisen co envío da documentación na forma prevista neste artigo non se lles recoñecerá o dereito a percibir a axuda destinada a financiar o servizo de transporte público colectivo de viaxeiros por causa de interese xeral e co fin de evitar prexuízos financeiros aos demais perceptores.

Artigo 120. Compensación aos concellos dos beneficios fiscais concedidos ás persoas físicas ou xurídicas nos tributos locais.

Para dar cumprimento ao previsto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dótase na sección 32, servizo 02, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, concepto 461.00, do vixente orzamento de gastos do Estado un crédito coa finalidade de compensar os beneficios fiscais en tributos locais de exacción obrigatoria que poida conceder o Estado mediante lei e nos termos previstos no punto dous do citado artigo 9.

As solicitudes de compensación serán obxecto de comprobación previa ao seu pagamento; no caso do imposto sobre actividades económicas, coa información existente nas bases de datos da matrícula do dito imposto e, no caso do imposto sobre bens inmobles, nas bases de datos do Catastro inmobiliario.

Para estes efectos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado e a Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda e Función Pública facilitarán a intercomunicación informática coa Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

Autorízase o Ministerio de Facenda e Función Pública a ditar as normas necesarias para establecer o procedemento que se deberá seguir en cada caso, co fin de proceder á compensación, en favor dos municipios, das débedas tributarias efectivamente condonadas e das exencións legalmente concedidas.

Artigo 121. Outras compensacións e subvencións ás entidades locais.

Un. Con cargo aos créditos consignados na sección 32, servizo 02, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, concepto 461.01, farase efectiva a compensación das cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica obxecto de condonación no ano 2018, como consecuencia da aplicación dos beneficios fiscais establecidos no vixente Convenio de cooperación para a defensa cos Estados Unidos, de data 1 de decembro de 1988.

O cálculo da cantidade que se compensará realizarase consonte os convenios subscritos cos concellos afectados.

Dous. Con cargo aos créditos da sección 32, servizo 02, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, Outras achegas a entidades locais, concepto 464.02, concédese unha axuda de 8 millóns de euros para a súa asignación ás cidades de Ceuta e de Melilla, destinada aos custos de funcionamento das plantas desalinizadoras instaladas para o abastecemento de auga.

As axudas a que se refire o parágrafo anterior faranse efectivas na forma que se estableza no instrumento regulador correspondente, que para o outorgamento de subvencións nominativas establece o artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

A anterior contía repartirase entre as cidades de Ceuta e Melilla en función do número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro do exercicio inmediatamente anterior. Á cidade de Ceuta correspóndenlle 3,96 millóns de euros e á de Melilla 4,04 millóns de euros.

Tres. Con cargo ao crédito consignado na sección 32, servizo 02, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, concepto 464.01, tamén se fará efectiva a compensación ás cidades de Ceuta e Melilla por perdas de recadación do imposto sobre a produción, os servizos e a importación (IPSI), correspondente ás importacións e ao gravame complementario sobre os elaborados do tabaco, regulada no artigo 11 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Con periodicidade mensual, tramitarase un pagamento a cada unha daquelas cidades por importe equivalente á doceava parte da compensación definitiva recoñecida no

exercicio inmediato anterior, en concepto de anticipo á conta da cantidade que resulte a pagar no exercicio 2018.

Unha vez achegada toda a documentación necesaria para efectuar os cálculos establecidos no artigo 11 da Lei 53/2002 antes mencionada, realizarase a liquidación correspondente, e aboarase a diferenza entre o importe da compensación definitiva que resulte e o das entregas á conta realizadas.

Catro. Con cargo ao crédito consignado na sección 32, servizo 02, Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais, programa 942N, Concepto 464.01, farase efectiva a compensación ás cidades de Ceuta e Melilla, por perdas de recadación do imposto sobre a produción, os servizos e a importación (IPSI), correspondente ao gravame complementario sobre carburantes e combustibles petrolíferos, tomando como base o recadado no exercicio 2010.

A contía da compensación obterase pola diferenza, sempre que sexa negativa, entre a recadación líquida obtida por tal concepto no exercicio 2017 e a producida no ano 2010. Para iso, deberá achegarse un certificado do interventor da respectiva cidade autónoma acreditativo da recadación líquida nos ditos exercicios. Unha vez achegada a documentación necesaria, realizarase a correspondente liquidación para o seu aboamento.

Artigo 122. Anticipos a favor dos concellos por desfases na xestión recadatoria dos tributos locais.

Un. Cando por circunstancias relativas á emisión dos padróns non se poida liquidar o imposto sobre bens inmoables antes do 1 de agosto do ano 2018, os concellos afectados poderán percibir do Tesouro Público anticipos á conta do mencionado imposto, co fin de salvaguardar as súas necesidades mínimas de tesouraría, logo de autorización do Pleno da respectiva corporación.

Tales anticipos serán concedidos por solicitude dos respectivos municipios, logo de informe da Dirección Xeral do Catastro, e serán tramitados e resoltos pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

Na tramitación dos expedientes teranse en conta os seguintes condicionamentos:

- a. Os anticipos non poderán exceder o 75 por cento do importe da recadación previsible como imputable a cada padrón.
- b. O importe anual que se lle anticipará a cada corporación mediante esta fórmula non excederá o dobre da última anualidade percibida por ela en concepto de participación nos tributos do Estado.
- c. En ningún caso se poderán solicitar anticipos correspondentes a máis de dous períodos impositivos sucesivos con referencia a un mesmo tributo.
- d. As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares e comunidades autónomas uniprovinciais e outros organismos públicos recadadores que, pola súa vez, realizen anticipos aos concellos de referencia, na forma prevista no artigo 149.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderán ser perceptores da contía que corresponda do anticipo, ata o importe do efectivamente anticipado e co fin de poder cancelar en todo ou en parte as correspondentes operacións de tesouraría, logo da oportuna xustificación.
- e. Unha vez ditada a correspondente resolución definitiva, os anticipos libraranse polo seu importe neto a favor dos concellos ou entidades a que se refire a letra d anterior por cuartas partes mensuais, a partir do día 1 de setembro de cada ano, e suspenderanse as correlativas entregas no mes seguinte a aquel en que se emenden as deficiencias sinaladas no parágrafo primeiro deste punto.

Os anticipos concedidos consonte o disposto neste punto estarán sometidos, de ser o caso, ás mesmas retencións previstas na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e serán reintegrados polas respectivas entidades locais unha vez que se

reciba o informe da Dirección Xeral do Catastro que comunique a rectificación dos mencionados padróns.

Dous. Mediante resolución da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local poderánselles conceder aos concellos, en caso de urxente e extraordinaria necesidade de tesouraría, anticipos para reintegrar dentro do exercicio corrente con cargo á súa participación nos tributos do Estado. Para a concesión destes anticipos deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a. Acordo do pleno da corporación que autorice o seu presidente a solicitar o anticipo e fixe os termos de tal solicitude.
- b. Informe da Intervención municipal en que se concrete a situación económico-financeira da entidade local que xustifique con precisión a causa extraordinaria que fai necesario o anticipo.
- c. Informe da Tesouraría municipal da previsión de ingresos e os gastos do exercicio correspondente.

Sección 8.^a Normas instrumentais en relación coas disposicións incluídas neste capítulo

Artigo 123. *Normas de xestión orzamentaria de determinados créditos a favor das entidades locais.*

Un. Autorízase o Ministerio de Facenda e Función Pública a comprometer gastos con cargo ao exercicio de 2019, ata un importe máximo equivalente á doceava parte dos créditos consignados no orzamento para 2018, destinados a satisfacer as entregas á conta da participación en tributos do Estado a favor dos concellos e deputacións provinciais ou entes asimilados, do mes de xaneiro de 2019. As diferenzas que poidan xurdir en relación coa determinación das entregas á conta definitivas imputables ao mencionado exercicio serán obxecto de axuste nas entregas á conta do mes de febreiro do exercicio citado.

Dous. Os expedientes de gasto e as ordes de pagamento conxuntas que se expidan para efectos de cumprir os compromisos que se establecen nos artigos precedentes do presente capítulo tramitaranse, asemade, a favor das corporacións locais afectadas, e o seu cumprimento, en canto á disposición efectiva de fondos, poderá realizarse con cargo ás contas de acredores non orzamentarios que, para estes fins, están habilitadas na Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, de forma que se produza o pagamento conxunto e simultáneo das respectivas obrigacións a todos os perceptores en razón da data das correspondentes resolucións e en igualdade de condicións.

Decláranse de urxente tramitación:

Os expedientes de modificación de crédito con relación aos compromisos sinalados.

Os expedientes de gasto, vinculados aos compromisos de referencia, a que se refire a Orde do 27 de decembro de 1995.

Para estes efectos, deberán ser obxecto de acumulación as distintas fases do procedemento de xestión orzamentaria e adoptaranse en igual medida procedementos especiais de rexistro contable das respectivas operacións.

Tres. Nos supostos previstos no punto anterior, cando proceda a tramitación de expedientes de ampliación de crédito e para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, as solicitudes de incrementos de crédito xustificaranse, en todo caso, con base nas peticións adicionais formuladas polas entidades locais afectadas.

Catro. Os créditos incluídos no orzamento de gastos para os fins sinalados no punto un anterior poderanse transferir coa periodicidade necesaria á conta extraorzamentaria correspondente, habilitada para estes efectos na Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira. Este procedemento poderase aplicar co obxecto de materializar o pagamento simultáneo das obrigacións que deriven da participación das entidades locais nos tributos

do Estado, tanto en concepto de entregas á conta como de liquidación definitiva, así como para realizar o pagamento simultáneo das obrigacións que deriven das solicitudes presentadas polas corporacións locais, unha vez que se diten as resolucións pertinentes que dean orixe ao recoñecemento das ditas obrigacións por parte do Estado.

Artigo 124. *Información que deberán subministras as corporacións locais.*

Un. Co fin de realizar a liquidación definitiva da participación dos concellos nos tributos do Estado, correspondente a 2018, as respectivas corporacións locais deberán facilitar, antes do 30 de xuño do ano 2018, na forma que determinen os órganos competentes do Ministerio de Facenda e Función Pública, a seguinte documentación:

1. Unha certificación comprensiva da recadación líquida obtida en 2016 polo imposto sobre bens inmobles, polo imposto sobre actividades económicas e polo imposto sobre vehículos de tracción mecánica. No imposto sobre bens inmobles especificarase a recadación correspondente aos bens inmobles de características especiais.

2. Unha certificación comprensiva das bases impositibles deducidas dos padróns do ano 2016, así como das altas producidas neles, correspondentes ao imposto sobre bens inmobles, urbanos, e dos tipos exixibles no municipio nos tributos que se citan no parágrafo precedente. En relación co imposto sobre bens inmobles especificarase a información tributaria correspondente aos bens inmobles de características especiais. Ademais, especificarase as reducións que se aplicasen en 2016, a que se refire a disposición adicional novena do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3. Unha certificación das cotas exixibles no imposto sobre actividades económicas en 2016, incluída a incidencia da aplicación do coeficiente a que se refire o artigo 86 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, vixentes naquel período impositivo.

Dous. O procedemento de remisión da documentación en papel poderase substituír pola transmisión electrónica da información nos modelos habilitados para tal fin, sempre que o soporte utilizado para o envío incorpore a sinatura electrónica do interventor ou, de ser o caso, do titular do órgano da corporación local que teña atribuída a función de contabilidade.

A sinatura electrónica recoñecida, entendida nos termos previstos pola Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, terá respecto dos datos transmitidos pola entidade local o mesmo valor que a sinatura manuscrita en relación cos consignados en papel, polo que a súa aplicación na transmisión electrónica da información eximirá da obrigaón de remitir a citada documentación en soporte papel.

Tres. A Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local ditará a correspondente resolución en que estableza os modelos que conteñan o detalle da información necesaria, así como a regulación do procedemento para a presentación telemática da documentación e a súa sinatura electrónica.

Catro. Aos municipios que, estando no ámbito de aplicación da subsección 2.^a da sección 3.^a deste capítulo, non achegasen a documentación que se determina nas condicións sinaladas anteriormente aplicaráselles, de ser o caso, un módulo de ponderación equivalente ao 60 por cento do esforzo fiscal medio aplicable ao municipio con menor coeficiente por este concepto, dentro do tramo de poboación en que se encadre, para efectos de practicar a liquidación definitiva da súa participación nos tributos do Estado para o ano 2018.

Artigo 125. *Retencións que se practicarán ás entidades locais en aplicación da disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Un. Logo de solicitude do órgano competente que teña atribuída legalmente a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, a Secretaría Xeral de

Financiamento Autonómico e Local aplicará as retencións que deban practicarse na participación dos municipios e provincias nos tributos do Estado.

De concorreren na retención débedas derivadas de tributos do Estado e débedas por cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta con estas, e a contía de todas elas superar a cantidade retida, aquela ratearase en función dos importes destas.

Dous. O importe da retención será o 50 por cento da contía asignada á respectiva entidade local, tanto en cada entrega á conta como na liquidación definitiva anual correspondente á participación nos tributos do Estado, excepto cando a contía da débeda sexa inferior a esa cantidade.

Cando se trate de débedas derivadas de tributos do Estado que fosen legalmente repercutidos, de ingresos á conta correspondentes a retribucións en especie, de cantidades retidas ou que se deberían ter retido á conta de calquera imposto, ou de cotizacións sociais que fosen ou deberían ter sido obxecto de retención, a retención que se practicará será do 100 por cento da contía asignada á respectiva entidade local, tanto en cada entrega á conta como na liquidación definitiva anual correspondente á participación nos tributos do Estado, excepto cando a contía da débeda sexa inferior a esa cantidade.

Tres. A contía que se reterá no conxunto do exercicio poderase reducir cando se xustifique a existencia de graves desfases de tesouraría xerados pola prestación daquelas obrigacións relativas:

- a. Ao cumprimento regular das obrigacións de persoal.
- b. Á prestación dos servizos públicos obrigatorios en función do número de habitantes do municipio.
- c. Á prestación de servizos sociais, protección civil e extinción de incendios, para cuxa realización non se exixa contraprestación ningunha en forma de prezo público ou taxa equivalente ao custo do servizo realizado.

En ningún caso se poderá establecer unha porcentaxe de retención inferior ao 25 por cento da entrega á conta.

Non será aplicable a redución de retencións a aquelas entidades locais que se integrasen en consorcios de saneamento financeiro do cal formen parte institucións doutras administracións públicas.

Nos procedementos de redución da porcentaxe de retención, a Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local ditará a resolución correspondente, tendo en conta a situación financeira da entidade e a necesidade de garantir a prestación dos servizos públicos obrigatorios. Para iso, a entidade local deberá achegar, con carácter imprescindible e non exclusivo:

- Certificado expedido polos órganos de recadación das entidades acreedoras polo que se acredite que se atendeu o pagamento das obrigacións correntes nos doce meses precedentes ao mes inmediato anterior á data de solicitude da certificación.
- Informe da situación financeira actual suscrito polo interventor local que inclúa o cálculo do remanente de tesouraría na data de solicitude da redución da porcentaxe de retención e que poña de manifesto os termos en que tal situación afecta o cumprimento das obrigacións recollidas no parágrafo primeiro do presente punto.
- Plan de saneamento, aprobado polo pleno, que inclúa o exercicio en curso. Para estes efectos, considerárase equivalente ao plan de saneamento a existencia dun plan de axuste valorado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Función Pública no marco de medidas extraordinarias de liquidez a que se refire a disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Na resolución fixarase o período de tempo en que a porcentaxe de retención deberá ser reducida, sen que caiba a súa extensión máis alá da finalización do exercicio económico. En todo caso, tal redución estará condicionada a que a entidade local aprobe un plan de saneamento ou verifique o cumprimento doutro en curso.

Catro. Cando a débeda naza como consecuencia do reintegro de anticipos de financiamento a cargo do Tesouro público, a retención deberase adecuar ás condicións fixadas na resolución de concesión do correspondente anticipo, xa sexa mediante a cancelación total do débito en forma singular, ou en retencións sucesivas ata a definitiva extinción deste.

Cinco. As resolucións en que se declare a extinción das débedas con cargo ás cantidades que se retivesen corresponderán, en cada caso, ao órgano legalmente competente que teña atribuída a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, e producirán os seus efectos, na parte conconcorrente da débeda, desde o momento en que se efectuou a retención.

Seis. As normas contidas neste artigo serán de aplicación nos supostos de débedas firmes contraídas polas entidades locais co Instituto de Crédito Oficial, pola liña de crédito instruída por este último a que se refire a sección segunda do capítulo II do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo. Así mesmo, serán de aplicación as normas deste precepto nos supostos de débedas firmes contraídas con calquera dos compartimentos do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, constituído polo artigo 7 do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

Sete. No caso de que resulte de aplicación a medida contida no artigo 18.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a porcentaxe de retención aplicable será, como máximo, a fixada no primeiro parágrafo do punto dous deste artigo, sempre que as débedas con provedores a que se refire aquel precepto non concorran con outras das entidades locais con acredores públicos ás cales resulte de aplicación este precepto.

No caso de que exista a mencionada concorrencia de débedas, a retención aplicable será, como máximo e con carácter xeral, do 70 por cento sen que se poida reducir por aplicación do punto tres. Corresponderá o 50 por cento, como máximo, aos acredores públicos e o 20 por cento, como máximo, aos provedores das entidades locais a que resulte de aplicación o artigo 18.5 da Lei orgánica 2/2012. O primeiro tramo citado asignaráselles aos acredores públicos de acordo co criterio recollido nos puntos un e dous deste artigo.

No caso de que exista concorrencia de débedas con provedores e débedas derivadas de tributos do Estado que fosen legalmente repercutidos, de ingresos á conta correspondentes a retribucións en especie, de cantidades retidas ou que se deberían ter retido á conta de calquera imposto, ou de cotizacións sociais que fosen ou deberían ter sido obxecto de retención, practicarase unha retención do 100 por cento da contía asignada á respectiva entidade local, de acordo co disposto no segundo parágrafo do punto tres anterior, sen que o importe que se asigne para o pagamento a provedores das entidades locais poida exceder o 20 por cento da contía que, en termos brutos, lles corresponda por todos os conceptos que integran a súa participación en tributos do Estado.

CAPÍTULO II

Comunidades autónomas

Artigo 126. *Entregas á conta do Fondo de Suficiencia Global.*

Os créditos orzamentarios destinados a facer efectivas as entregas á conta do Fondo de Suficiencia Global establecidas no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, unha vez tidas en conta as revisións e demais preceptos aplicables a elas son, para cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, os que se inclúen nos correspondentes servizos da sección 36 «Sistemas de financiamento de entes territoriais»,

programa 941M «Transferencias a comunidades autónomas por participación nos ingresos do Estado», concepto 451 «Fondo de Suficiencia Global».

Artigo 127. *Liquidación definitiva dos recursos do Sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía e participación nos fondos de converxencia.*

Un. De conformidade co que establece o punto 2 do artigo 11 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, cando se coñezan os valores definitivos no ano 2018 de todos os recursos correspondentes ao ano 2016 regulados no título I da citada lei, practicarase a liquidación do dito exercicio. De acordo co previsto no punto 3 do citado artigo 11, nese momento determinarase, segundo o establecido nos artigos 23 e 24, no parágrafo terceiro do punto sete da disposición transitoria primeira e na disposición adicional primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, a participación de cada comunidade ou cidade con estatuto de autonomía nos fondos de converxencia autonómica regulados no título II da citada lei correspondentes a 2016.

Dous. No suposto de que o saldo global da liquidación correspondente ao ano 2016 fose a favor da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, realizaranse os pagamentos das liquidacións positivas descontando deles, mediante compensación, o importe das liquidacións a favor do Estado.

Tres. No suposto de que o saldo global da liquidación fose a favor do Estado, realizaranse, de acordo co establecido no artigo 11.3 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, os pagamentos das liquidacións a favor da Comunidade descontando neles, por esta mesma orde de prelación, o saldo a favor do Estado da transferencia do Fondo de Garantía, o saldo dos tributos cedidos e o saldo do Fondo de Suficiencia Global.

Os saldos restantes da liquidación que non puidesen ser obxecto de compensación compensaranse conforme o previsto no artigo 11.3 da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

Catro. En cumprimento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, o Estado compensará, no suposto legalmente previsto, as comunidades autónomas cuxos importes, tanto da transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais como do Fondo de Suficiencia Global, correspondentes a 2016, sexan negativos, a través do crédito orzamentario sinalado no punto cinco. O importe desta compensación, que terá signo positivo, para cada Comunidade Autónoma acreedora dela, será aquel que permita que, despois de se ter repartido a totalidade dos recursos do Fondo de Competitividade, o índice de financiamento descrito no punto 5 do artigo 23 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, alcance a unidade, co límite do importe do valor definitivo do seu Fondo de Suficiencia Global negativo.

Para os efectos do previsto nos puntos anteriores deste artigo, o importe desta compensación incluírase na liquidación definitiva da participación da Comunidade no Fondo de Competitividade.

Cinco. Aos créditos dos subconceptos que corresponda dotados na sección 36, servizo 20 - «Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Varias CC.AA.», programa 941M «Transferencias a comunidades autónomas por participación nos ingresos do Estado», concepto 452 «Liquidación definitiva do financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía de exercicios anteriores», aplicaranse segundo a súa natureza:

1) O importe das liquidacións definitivas do ano 2016 do Fondo de Suficiencia Global, regulado no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, así como da achega do Estado ao Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, que resulten a favor das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

Se o importe das liquidacións definitivas a que se refire o parágrafo anterior for a favor do Estado, reflectirase como dereito no capítulo IV do orzamento de ingresos do Estado.

2) O importe das liquidacións definitivas do ano 2016 das participacións das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía nos fondos de Converxencia Autonómica, regulados nos artigos 23, 24, no parágrafo terceiro do punto sete da

disposición transitoria primeira e na disposición adicional primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, determinadas conforme o punto un deste artigo.

3) A compensación prevista na disposición adicional terceira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, se resulta esta compensación aplicable, determinada conforme o punto catro deste artigo.

Artigo 128. *Transferencias a comunidades autónomas correspondentes ao custo dos novos servizos traspasados.*

Se a partir do 1 de xaneiro de 2018 se efectúan novas transferencias de servizos ás comunidades autónomas, dotaranse nos conceptos específicos da sección 36 que, no seu momento, determine a Dirección Xeral de Orzamentos, os créditos que se precisen para transferir ás comunidades autónomas o custo efectivo dos servizos asumidos.

Para estes efectos, os reais decretos que aproben as novas transferencias de servizos conterán, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Data en que a Comunidade Autónoma debe asumir efectivamente a xestión do servizo transferido.
- b) O financiamento anual, en euros, do exercicio 2018, desagregado nos diferentes capítulos de gasto que comprenda.
- c) A valoración referida ao ano base 2007, correspondente ao custo efectivo anual deste, para efectos da revisión do valor do Fondo de Suficiencia Global da Comunidade Autónoma que corresponde prevista no artigo 21.1 da Lei 22/2009.

Artigo 129. *Fondos de compensación interterritorial.*

Un. Na sección 33 dos orzamentos xerais do Estado dótanse dous fondos de compensación Interterritorial; a suma de ambos ascende a 432.430,00 miles de euros, en cumprimento do disposto na Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos fondos de compensación interterritorial, modificada pola Lei 23/2009, do 18 de decembro.

Dous. O Fondo de Compensación, dotado con 324.330,61 miles de euros, destinarase a financiar gastos de investimento de acordo co previsto no artigo 2 da Lei 22/2001.

Tres. O Fondo Complementario, dotado con 108.099,39 miles de euros, poderán aplicalo as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía propio ao financiamento dos gastos de posta en marcha ou funcionamento dos investimentos realizados con cargo á sección 33 dos orzamentos xerais do Estado nos termos previstos no artigo 6.2 da Lei 22/2001.

Catro. A porcentaxe que representa o Fondo de Compensación destinada ás comunidades autónomas sobre a base de cálculo constituída polo investimento público é do 27,80 por cento, de acordo co artigo 2.1.a) da dita lei. Ademais, en cumprimento da disposición adicional única da Lei 22/2001, a porcentaxe que representa a suma do Fondo de Compensación e do Fondo Complementario destinado ás comunidades autónomas é do 37,07 por cento, que se eleva ao 37,65 por cento se se inclúen as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, e alcanza o 38,02 por cento se se ten en conta a variable «rexión ultraperiférica» definida na Lei 23/2009, de modificación da Lei 22/2001.

Cinco. Os proxectos de investimento que poden financiarse con cargo aos fondos anteriores son os que se detallan no anexo á sección 33.

Seis. No exercicio 2018 serán beneficiarias destes fondos as comunidades autónomas de Galicia, Andalucía, Principado de Asturias, Cantabria, Rexión de Murcia, Comunidade Valenciana, Castilla-La Mancha, Canarias, Extremadura, Castilla y León e as cidades de Ceuta e Melilla, de acordo coa disposición adicional única da Lei 22/2001, do 27 de decembro.

Sete. Os remanentes de crédito dos Fondos de Compensación Interterritorial de exercicios anteriores incorporaranse automaticamente ao orzamento do ano 2018 á

disposición da mesma Administración a que correspondía a execución dos proxectos en 31 de decembro de 2017.

Oito. Mentres os remanentes de créditos orzamentarios de exercicios anteriores se incorporan ao vixente, o Tesouro Público poderá efectuar anticipos de tesouraría ás comunidades autónomas por igual importe ás peticións de fondos efectuadas por elas «á conta» dos recursos que deban percibir unha vez que se efectúe a devandita incorporación.

TÍTULO VIII

Cotizacións sociais

Artigo 130. *Bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional durante o ano 2018.*

As bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, serán os seguintes:

Un. Topes máximo e mínimo das bases de cotización á Seguridade Social.

1. O tope máximo da base de cotización en cada un dos réximes da Seguridade Social que o teñan establecido queda fixado, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, na contía de 3.803,70 euros mensuais.

2. De acordo co establecido no artigo 19.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, durante o ano 2018 as bases de cotización nos réximes da Seguridade Social e respecto das contingencias que se determinan neste artigo terán como tope mínimo as contías do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, incrementadas nun sexto, salvo disposición expresa en contrario.

Dous. Bases e tipos de cotización no réxime xeral da Seguridade Social.

1. As bases mensuais de cotización para todas as contingencias e situacións protexidas polo réxime xeral da Seguridade Social, exceptuadas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, estarán limitadas, para cada grupo de categorías profesionais, polas bases mínimas e máximas seguintes:

a) As bases mínimas de cotización, segundo categorías profesionais e grupos de cotización, incrementaranse, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma e respecto das vixentes en 31 de decembro de 2017, na mesma porcentaxe en que aumente o salario mínimo interprofesional.

As bases mínimas de cotización aplicables aos traballadores con contrato a tempo parcial adecuaranse para que a cotización nesta modalidade de contratación sexa equivalente á cotización a tempo completo pola mesma unidade de tempo e similares retribucións.

b) As bases máximas, calquera que sexa a categoría profesional e grupo de cotización, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, serán de 3.803,70 euros mensuais ou de 126,79 euros diarios.

2. Os tipos de cotización no réxime xeral da Seguridade Social serán, durante o ano 2018, os seguintes:

a) Para as contingencias comúns, o 28,30 por cento, do cal o 23,60 por cento será por conta da empresa e o 4,70 por cento por conta do traballador.

b) Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse as porcentaxes da tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da

Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, sendo as primas resultantes por conta exclusiva da empresa.

3. Durante o ano 2018, para a cotización adicional por horas extraordinarias establecida no artigo 149 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aplicaranse os seguintes tipos de cotización:

a) Cando se trate das horas extraordinarias motivadas por forza maior, o 14,00 por cento, do cal o 12,00 por cento será por conta da empresa e o 2,00 por cento por conta do traballador.

b) Cando se trate das horas extraordinarias non comprendidas no parágrafo anterior, o 28,30 por cento, do cal o 23,60 por cento será por conta da empresa e o 4,70 por cento por conta do traballador.

4. A partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, a base máxima de cotización por continxencias comúns aplicable aos representantes de comercio será a prevista con carácter xeral no punto dous.1.b).

5. Para efectos de determinar, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, a base máxima de cotización por continxencias comúns dos artistas, aplicarase o seguinte:

a) A base máxima de cotización para todos os grupos correspondentes ás distintas categorías profesionais será de 3.803,70 euros mensuais.

Non obstante, o límite máximo das bases de cotización en razón das actividades realizadas por un artista, para unha ou varias empresas, terá carácter anual e determinarase pola elevación a cómputo anual da base mensual máxima sinalada.

b) O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, tendo en conta a base e o límite máximos establecidos no punto anterior, fixará as bases de cotización para determinar as liquidacións provisionais dos artistas, a que se refire o artigo 32.5.b) do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

6. Para efectos de determinar, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, a base máxima de cotización por continxencias comúns dos profesionais taurinos, aplicarase o seguinte:

a) A base máxima de cotización para todos os grupos correspondentes ás distintas categorías profesionais será de 3.803,70 euros mensuais. Non obstante, o límite máximo das bases de cotización para os profesionais taurinos terá carácter anual e será determinada pola elevación a cómputo anual da base mensual máxima sinalada.

b) O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, tendo en conta a base e o límite máximos establecidos no punto anterior, fixará as bases de cotización para determinar as liquidacións provisionais dos profesionais taurinos, a que se refire o artigo 33.5.b) do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social.

Tres. Cotización no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

1. Durante o ano 2018, os importes das bases mensuais de cotización tanto por continxencias comúns como profesionais dos traballadores incluídos neste sistema especial que presten servizos durante todo o mes determinaranse conforme o establecido no artigo 147 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, con aplicación das seguintes bases máximas e mínimas:

a) As bases mínimas de cotización, segundo categorías profesionais e grupos de cotización, incrementaranse, desde o día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, e respecto das vixentes en 31 de decembro de 2017, na mesma porcentaxe en que aumente o salario mínimo interprofesional.

b) As bases máximas, calquera que sexa a categoría profesional e grupo de cotización, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, serán de 3.803,70 euros mensuais.

Cando os traballadores inicien ou finalicen a súa actividade sen coincidir co principio ou fin dun mes natural, sempre que a dita actividade teña unha duración de ao menos 30 días naturais consecutivos, esta modalidade de cotización realizarase con carácter proporcional aos días en que figuren de alta neste sistema especial durante o mes.

2. Durante o ano 2018, os importes das bases diarias de cotización tanto por continxencias comúns como profesionais por xornadas reais correspondentes a cada un dos grupos de traballadores que realicen labores agrarios por conta allea, e respecto aos cales non se optase pola modalidade de cotización prevista no punto anterior, determinarase conforme o establecido no artigo 147 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, dividindo para tal efecto entre 23 os importes das bases máximas e mínimas establecidos no punto tres.1.

Independentemente do número de horas realizadas en cada xornada, a base de cotización non poderá ter unha contía inferior á base mínima diaria do grupo 10 de cotización.

Cando se realicen no mes natural 23 ou máis xornadas reais, a base de cotización correspondente a elas será a establecida no punto tres.1.

3. Durante o ano 2018, o importe da base mensual de cotización dos traballadores agrarios por conta allea incluídos neste sistema especial será, durante os períodos de inactividade dentro do mes natural, o establecido para a base mínima por continxencias comúns correspondente ao grupo 7 da escala de grupos de cotización do réxime xeral da Seguridade Social.

Para estes efectos, entenderase que existen períodos de inactividade dentro dun mes natural cando o número de xornadas reais realizadas durante este sexa inferior ao 76,67 por cento dos días naturais en que o traballador figure de alta no sistema especial no dito mes.

A cotización respecto a estes períodos de inactividade determinarase aplicando a seguinte fórmula:

$$C = [(n/N) - (xr \times 1,304/N)] bc \times tc$$

Onde:

C= contía da cotización.

n= número de días no sistema especial sen cotización por bases mensuais de cotización.

N= número de días de alta no sistema especial no mes natural.

xr= número de días no mes natural en que se realizaron xornadas reais.

bc= base de cotización mensual.

tc= tipo de cotización aplicable, conforme o indicado no punto tres.4.b).

En ningún caso a aplicación da fórmula anterior poderá dar lugar a que C alcance un valor inferior a cero.

Para efectos da aplicación desta fórmula, cando os traballadores non figuren de alta no sistema especial durante un mes natural completo, a cotización respecto dos períodos de inactividade realizarase con carácter proporcional aos días de alta no dito mes.

4. Os tipos aplicables á cotización dos traballadores por conta allea incluídos neste sistema especial serán, durante o ano 2018, os seguintes:

a) Durante os períodos de actividade:

Para a cotización por continxencias comúns respecto aos traballadores encadrados no grupo de cotización 1, o 28,30 por cento, do cal o 23,60 por cento será por conta da empresa e o 4,70 por cento por conta do traballador.

Respecto aos traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 a 11, o 23,35 por cento, do cal o 18,65 por cento será por conta da empresa e o 4,70 por cento por conta do traballador.

Para a cotización por continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse os tipos de cotización da tarifa de primas aprobada pola disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, e as primas resultantes serán por conta exclusiva da empresa.

b) Durante os períodos de inactividade, o tipo de cotización será o 11,50 por cento e a cotización resultante será por conta exclusiva do traballador.

5. A partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, aplicaranse as seguintes reducións nas achegas empresariais á cotización a este sistema especial durante os períodos de actividade con prestación de servizos:

a) Na cotización respecto aos traballadores encadrados no grupo de cotización 1, aplicarase unha redución de 8,10 puntos porcentuais da base de cotización, do cal resultará un tipo efectivo de cotización por continxencias comúns do 15,50 por cento. En ningún caso a cota empresarial resultante será superior a 279,00 euros ao mes ou 12,13 euros por xornada real traballada.

b) Na cotización respecto aos traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 ao 11, a redución axustarase ás seguintes regras:

1.^a) Para bases de cotización iguais ou inferiores a 986,70 euros mensuais ou a 42,90 euros por xornada realizada, aplicarase unha redución de 7,11 puntos porcentuais da base de cotización, do cal resultará un tipo efectivo de cotización por continxencias comúns do 11,54 por cento.

2.^a) Para bases de cotización superiores ás contías indicadas no punto anterior, e ata 3.803,70 euros mensuais ou 165,38 euros por xornada realizada, será de aplicación a porcentaxe resultante de aplicar as seguintes fórmulas:

Para bases mensuais de cotización, a fórmula que se aplicará será:

$$\% \text{ redución mes} = 7,11 \% \times \left(1 + \frac{\text{Base mes} - 986,70}{\text{Base mes}} \times 2,52 \times \frac{6,15 \%}{7,11 \%} \right)$$

Para bases de cotización por xornadas reais, a fórmula que se aplicará será:

$$\% \text{ redución xornada} = 7,11 \% \times \left(1 + \frac{\text{Base mes} - 42,90}{\text{Base xornada}} \times 2,52 \times \frac{6,15 \%}{7,11 \%} \right)$$

Non obstante, a cota empresarial resultante non poderá ser inferior a 81,67 euros mensuais ou 3,55 euros por xornada real traballada.

6. Durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, así como de maternidade e paternidade causadas durante a situación de actividade, a cotización efectuarase en función da modalidade de contratación dos traballadores:

a) Respecto dos traballadores agrarios con contrato indefinido, a cotización durante as referidas situacións rexerese polas normas aplicables con carácter xeral no réxime xeral da Seguridade Social. O tipo resultante aplicable será:

1.º Para os traballadores encadrados no grupo de cotización 1, o tipo do 15,50 por cento, aplicable á base de cotización por continxencias comúns.

2.º Para os traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 a 11, o tipo do 2,75 por cento, aplicable á base de cotización por continxencias comúns.

Para todos os traballadores, calquera que sexa o seu grupo de cotización, na cotización por desemprego aplicarase unha redución na cota equivalente a 2,75 puntos porcentuais da base de cotización.

b) Respecto dos traballadores agrarios con contrato temporal e fixo descontínuo, resultará de aplicación o establecido na letra a) en relación cos días contratados en que non puidesen prestar os seus servizos por encontrarse nalgunha das situacións antes indicadas.

En canto aos días en que non estea prevista a prestación de servizos, estes traballadores estarán obrigados a ingresar a cotización correspondente aos períodos de inactividade, excepto nos supostos de percepción dos subsidios por maternidade e paternidade, que terán a consideración de períodos de cotización efectiva para efectos das correspondentes prestacións por xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia.

7. Durante a percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo, se corresponde cotizar neste sistema especial, o tipo de cotización será o 11,50 por cento.

8. Con relación aos traballadores incluídos neste sistema especial, non resultará de aplicación a cotización adicional por horas extraordinarias a que se refire o punto dou.3.

9. Autorízase o Ministerio de Emprego e Seguridade Social a regular os procedementos e adaptacións normativas necesarios para articular a harmonización da cotización en situación de actividade e inactividade, así como a comprobación dos requisitos necesarios para aplicar as reducións previstas e regularizar a cotización resultante delas.

Catro. Cotización no sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

Neste sistema especial, as bases e os tipos de cotización serán, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, os seguintes:

1. As bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaranse actualizando as retribucións mensuais e as bases de cotización da escala vixente no ano 2017, en idéntica proporción ao incremento que experimente o salario mínimo interprofesional.

2. O tipo de cotización por continxencias comúns, sobre a base de cotización que corresponda segundo o indicado no punto anterior, será o 27,40 por cento, do cal o 22,85 por cento será por conta do empregador e o 4,55 por cento por conta do empregado.

3. Para a cotización polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, sobre a base de cotización que corresponda, segundo o indicado no punto catro.1, aplicarase o tipo de cotización previsto para o efecto na tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, e o resultante será por conta exclusiva do empregador.

Cinco. Cotización no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

No réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, as bases máxima e mínima e os tipos de cotización serán, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, os seguintes:

1. A base máxima de cotización será de 3.803,70 euros mensuais. A base mínima de cotización será de 932,70 euros mensuais.

2. A base de cotización dos traballadores autónomos que, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, teñan unha idade inferior a 47 anos, será a elixida por eles dentro das bases máxima e mínima fixadas no punto anterior.

Igual elección poderán efectuar aqueles traballadores autónomos que nesa data teñan unha idade de 47 anos e a súa base de cotización no mes de decembro de 2017 fose igual ou superior a 2.023,50 euros mensuais, ou que causen alta neste réxime especial con posterioridade á citada data.

Os traballadores autónomos que, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, teñan 47 anos de idade, se a súa base de cotización é inferior a 2.023,50 euros mensuais, non poderán elixir unha base de contía superior a 2.052,00 euros mensuais, salvo que exerzan a súa opción en tal sentido antes do 30 de xuño de 2018, o que producirá efectos a partir do 1 de xullo do mesmo ano, ou que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, tivese que pórse á fronte del e darse de alta neste réxime especial con 47 anos de idade, caso en que non existirá esta limitación.

3. A base de cotización dos traballadores autónomos que, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, teñan 48 ou máis anos cumpridos, estará comprendida entre as contías de 1.005,90 e 2.052,00 euros mensuais, salvo que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, tivese que pórse á fronte del e darse de alta neste réxime especial con 45 ou máis anos de idade, caso en que a elección de bases estará comprendida entre as contías de 932,70 e 2.052,00 euros mensuais.

Non obstante, os traballadores autónomos que, con anterioridade aos 50 anos, cotizasen en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social por espazo de cinco ou máis anos, rexeranse polas seguintes regras:

a) Se a última base de cotización acreditada foi igual ou inferior a 2.023,50 euros mensuais, deberán cotizar por unha base comprendida entre 932,70 euros mensuais e 2.052,00 euros mensuais.

b) Se a última base de cotización acreditada foi superior a 2.023,50 euros mensuais, deberán cotizar por unha base comprendida entre 932,70 euros mensuais e o importe daquela, incrementado nun 1,40 por cento, co tope da base máxima de cotización.

O previsto no punto cinco.3.b) será, así mesmo, de aplicación con respecto aos traballadores autónomos que, con 48 ou 49 anos de idade, exercesen a opción prevista no parágrafo segundo do punto catro.2 do artigo 132 da Lei 39/2010, do 22 de decembro.

4. Os traballadores autónomos dedicados á venda ambulante ou a domicilio (CNAE 4781 Comercio ao retallo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en postos de venda e feiras; 4782 Comercio ao retallo de produtos téxtiles, roupa e calzado en postos de venda e feiras; 4789 Comercio ao retallo doutros produtos en postos de venda e feiras, e 4799 Outro comercio ao retallo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras) poderán elixir como base mínima de cotización, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, a establecida con carácter xeral no punto cinco.1, ou a base mínima de cotización vixente para o réxime xeral.

Os traballadores autónomos dedicados á venda a domicilio (CNAE 4799) poderán elixir como base mínima de cotización, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, a establecida con carácter xeral no punto cinco.1, ou unha base de cotización equivalente ao 55 por cento desta última.

5. O tipo de cotización neste réxime especial da Seguridade Social será o 29,80 por cento ou o 29,30 por cento se o interesado está acollido á protección por continxencias profesionais ou por cesamento de actividade. Cando o interesado non teña cuberta a protección por incapacidade temporal, o tipo de cotización será o 26,50 por cento.

Os traballadores incluídos neste réxime especial que non teñan cuberta a protección dispensada ás continxencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais efectuarán unha cotización adicional equivalente ao 0,10 por cento, aplicado sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos VIII e IX do título II da Lei xeral da seguridade social.

6. Para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse as porcentaxes da tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

7. Aos traballadores autónomos que, en razón do seu traballo por conta allea desenvolvido simultaneamente, coticen, respecto das continxencias comúns, en réxime de pluriactividade e o fagan no ano 2018, tendo en conta tanto as achegas empresariais como as correspondentes ao traballador no réxime da Seguridade Social que corresponda pola súa actividade por conta allea, así como as efectuadas no réxime especial, por unha contía igual ou superior a 12.917,37 euros, terán dereito a unha devolución do 50 por cento do exceso en que as súas cotizacións superen a mencionada contía, co tope do 50 por cento das cotas ingresadas no citado réxime especial, en razón da súa cotización polas continxencias comúns de cobertura obrigatoria.

En tal suposto, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social aboará o reintegro que en cada caso corresponda antes do 1 de maio do exercicio seguinte, salvo cando concorran especialidades na cotización que impidan efectualo nese prazo ou resulte necesaria a chegada de datos por parte do interesado, caso en que o reintegro se realizará con posterioridade a esa data.

8. Aos socios traballadores das cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que perciban ingresos directamente dos compradores seralles de aplicación, para efectos da cotización, o previsto no punto cinco.4, parágrafo primeiro.

Nos supostos en que se acredite que a venda ambulante se leva a cabo en mercados tradicionais ou «feiras», con horario de venda inferior a oito horas ao día, poderase elixir entre cotizar pola base mínima establecida no punto cinco.1 ou por unha base equivalente ao 55 por cento desta última. En calquera caso, deberase cotizar obrigatoriamente polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicando, sobre a base de cotización elixida, a tarifa de primas contida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

9. Os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que quedasen incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos en aplicación do establecido no artigo 120.catro.8 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, terán dereito, durante 2018, a unha redución do 50 por cento da cota que deben ingresar.

Tamén terán dereito a esa redución os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que iniciasen a súa actividade e quedasen incluídos no citado réxime especial a partir do 1 de xaneiro de 2009.

A redución aplicarase sobre a cota que resulte de aplicar sobre a base mínima elixida, de conformidade co previsto no punto cinco.8, o tipo de cotización vixente no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

10. O disposto no segundo parágrafo do punto cinco.8 será de aplicación ás persoas que se dediquen, de forma individual, á venda ambulante en mercados tradicionais ou «feiras» con horario de venda inferior a oito horas ao día, sempre que non dispoñan de establecemento fixo propio nin produzan os artigos ou produtos que vendan.

11. Para os traballadores autónomos que nalgún momento do ano 2017 e de maneira simultánea tivesen contratado ao seu servizo un número de traballadores por conta allea igual ou superior a dez, a base mínima de cotización a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma será de 1.199,10 euros mensuais.

Esta base mínima de cotización será tamén aplicable, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, aos traballadores autónomos incluídos neste réxime especial ao abeiro do establecido no artigo 305.2.b) e e) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, coa excepción daqueles que causen alta inicial nel, durante os 12 primeiros meses da súa actividade, contados desde a data de efectos da dita alta.

Seis. Cotización no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecido no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

1. Desde o día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, os tipos de cotización dos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecido no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, serán os seguintes:

a) Respecto das contingencias de cobertura obrigatoria, cando o traballador optase por elixir como base de cotización unha base comprendida entre 932,70 euros mensuais e 1.119,30 euros mensuais, o tipo de cotización aplicable será o 18,75 por cento.

Se o traballador optou por unha base de cotización superior a 1.119,30 euros mensuais, á contía que exceda esta última seralle de aplicación o tipo de cotización do 26,50 por cento.

b) Respecto á mellora voluntaria da incapacidade temporal por contingencias comúns, o tipo de cotización aplicable á contía completa da base de cotización do interesado será do 3,30 por cento, ou do 2,80 por cento se o interesado está acollido á protección por contingencias profesionais ou por cesamento de actividade.

2. Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicarase o disposto no punto cinco.6. No suposto de que os interesados non optasen pola cobertura da totalidade das contingencias profesionais, seguirase aboando en concepto de cobertura das contingencias de incapacidade permanente e morte e supervivencia unha cota resultante de aplicar á base de cotización indicada no punto seis.1.a) o tipo do 1,00 por cento.

3. Os traballadores incluídos neste sistema especial que non optasen por dar cobertura, no ámbito de protección dispensada, á totalidade das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais efectuarán unha cotización adicional equivalente ao 0,10 por cento, aplicado sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos VIII e IX do título II da Lei xeral da seguridade social.

Sete. Cotización no réxime especial dos traballadores do mar.

1. O establecido nos puntos un e dous será de aplicación aos traballadores por conta allea ou asimilados do réxime especial dos traballadores do mar, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, respecto á cotización por contingencias comúns e do que se establece no punto 2 seguinte.

2. A cotización para todas as contingencias e situacións protexidas neste réxime especial dos traballadores por conta allea ou por conta propia incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, efectuarase sobre as remuneracións que se determinen anualmente mediante orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións representativas do sector. Tal determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibida no ano precedente.

As bases que se determinen serán únicas, sen que poidan ser inferiores nin superiores ás que se establezan para as distintas categorías profesionais, de conformidade co disposto no parágrafo 1 do punto dous.

3. O tipo de cotización por contingencias comúns dos traballadores por conta propia será do 29,30 por cento, ao estaren acollidos de forma obrigatoria á protección por contingencias profesionais.

4. A cotización para todas as contingencias e situacións protexidas dos traballadores por conta propia incluídos no grupo primeiro de cotización a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, rexerase polo disposto na normativa reguladora do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, tendo en conta a obrigatoriedade establecida no punto 3.

Oito. Cotización no réxime especial para a minaría do carbón.

1. A partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, a cotización no réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón determinarase mediante a aplicación do previsto no punto dous, sen prexuízo de que, para efectos da cotización por continxencias comúns, as bases de cotización se normalicen de acordo coas seguintes regras:

Primeira. Terase en conta o importe das remuneracións percibidas ou que tivesen dereito a percibir os traballadores, computables para efectos de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017, ambos inclusive.

Segunda. Estas remuneracións totalizaranse agrupándoas por categorías, grupos profesionais e especialidades profesionais e zonas mineiras, tendo en conta o disposto no artigo 57 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social. Os importes obtidos, así totalizados, dividiranse entre a suma dos días a que correspondan.

Terceira. Este resultado constituirá a base normalizada diaria de cotización por continxencias comúns, cuxo importe non poderá ser inferior ao fixado para o exercicio inmediatamente anterior para esa categoría profesional, incrementado na mesma porcentaxe experimentada no presente exercicio polo tope máximo de cotización a que se refire o punto un.1, nin superior á cantidade resultante de elevar a contía anual o citado tope máximo e dividilo entre os días naturais do exercicio en curso.

2. O Ministerio de Emprego e Seguridade Social fixará a contía das bases normalizadas mediante a aplicación das regras previstas no número anterior.

Nove. Base de cotización á Seguridade Social durante a percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo e durante a percepción da prestación por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

1. Durante a percepción da prestación por desemprego por extinción da relación laboral, a base de cotización á Seguridade Social daqueles traballadores polos que exista obrigación legal de cotizar será a base reguladora da prestación por desemprego, determinada segundo o establecido no punto 1 do artigo 270 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, con respecto, en todo caso, do importe da base mínima por continxencias comúns prevista para cada categoría profesional e, para efectos das prestacións da Seguridade Social, a dita base terá consideración de base de continxencias comúns.

Durante a percepción da prestación por desemprego por suspensión temporal da relación laboral ou por redución temporal de xornada, xa sexa por decisión do empresario ao abeiro do establecido no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou en virtude de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal, a base de cotización á Seguridade Social daqueles traballadores polos que exista obrigación legal de cotizar será equivalente á media das bases dos últimos seis meses de ocupación cotizada, por continxencias comúns e por continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento en que cesou a obrigación legal de cotizar.

O restablecemento da prestación por desemprego, nos supostos de suspensión do dereito, suporá o restablecemento da obrigación de cotizar pola base de cotización indicada nos parágrafos anteriores correspondente ao momento do nacemento do dereito.

Cando se extingue o dereito á prestación por desemprego e, en aplicación do punto 3 do artigo 269 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, o traballador opte por reabrir o dereito inicial, a base de cotización á Seguridade Social será a base reguladora da prestación por desemprego correspondente ao momento do nacemento do dereito inicial polo cal se opta.

Durante a percepción da prestación só se actualizará a base de cotización indicada nos parágrafos anteriores cando resulte inferior á base mínima de cotización á Seguridade Social vixente en cada momento que corresponda ao grupo de cotización do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego e ata ese tope.

2. Durante a percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo, se corresponde cotizar no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social, a base de cotización será a fixada con carácter xeral no punto nove.1.

3. Durante a percepción da prestación por desemprego, se corresponde cotizar no réxime especial para a minaría do carbón, a base de cotización será a normalizada vixente que corresponda á categoría ou especialidade profesional do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego.

A base de cotización actualizarase conforme a base vixente en cada momento que corresponda ao grupo de cotización ou categoría ou especialidade profesional do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego.

4. Durante a percepción da prestación económica por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, a base de cotización á Seguridade Social por continxencias comúns, ao réxime correspondente, será a base reguladora da dita prestación, determinada segundo o establecido no artigo 339 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, con respecto, en todo caso, do importe da base mínima ou base única de cotización prevista no correspondente réxime.

Aqueles colectivos que, conforme a normativa reguladora da cotización á Seguridade Social, durante a actividade coticen por unha base inferior á base mínima ordinaria de cotización para os traballadores por conta propia ou autónomos cotizarán por unha base de cotización reducida durante a percepción da prestación por cesamento de actividade.

Dez. Cotización por desemprego, Fondo de Garantía Salarial, formación profesional e cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

A cotización polas continxencias de desemprego, Fondo de Garantía Salarial, formación profesional e por cesamento de actividade levarase a cabo, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, de acordo co que a continuación se sinala:

1. A base de cotización para desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional en todos os réximes da Seguridade Social que as teñan cubertas, será a correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

As bases de cotización para desemprego no réxime especial dos traballadores do mar seraselles tamén de aplicación o disposto no artigo 11 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, sen prexuízo do sinalado no punto sete.

As bases de cotización por desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional dos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social serán as fixadas no punto tres.1 e 2, segundo a modalidade de cotización por continxencias profesionais que corresponda a cada traballador.

A base de cotización por desemprego dos contratos para a formación e a aprendizaxe será a base mínima correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

A base de cotización correspondente á protección por cesamento de actividade dos traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e dos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios establecido no citado réxime especial, será aquela pola cal optasen os traballadores incluídos en tales réxime e sistema especiais.

No réxime especial dos traballadores do mar, a base de cotización por cesamento de actividade dos traballadores por conta propia incluídos no grupo primeiro será igualmente

aquela pola cal optasen. Para os traballadores por conta propia incluídos nos grupos segundo e terceiro, a base de cotización virá determinada mediante orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e seranlles de aplicación os coeficientes correctores a que se refire o artigo 11 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.

2. A partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, os tipos de cotización serán os seguintes:

A) Para a continxencia de desemprego:

a) Contratación indefinida, incluídos os contratos indefinidos a tempo parcial e fixos discontinuos, así como a contratación de duración determinada nas modalidades de contratos formativos en prácticas e para a formación e a aprendizaxe, de remuda, interinidade e contratos, calquera que sexa a modalidade utilizada, realizados con traballadores discapacitados: o 7,05 por cento, do cal o 5,50 por cento será por conta do empresario e o 1,55 por cento por conta do traballador.

b) Contratación de duración determinada:

1.º Contratación de duración determinada a tempo completo: o 8,30 por cento, do cal o 6,70 por cento será por conta do empresario e o 1,60 por cento por conta do traballador.

2.º Contratación de duración determinada a tempo parcial: o 8,30 por cento, do cal o 6,70 por cento será por conta do empresario e o 1,60 por cento por conta do traballador.

O tipo de cotización para os traballadores por conta allea de carácter eventual, incluídos no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social, será o fixado no inciso 1.º da letra b) anterior, para a contratación de duración determinada a tempo completo, salvo cando sexa de aplicación o tipo de cotización previsto na letra a) anterior, para contratos concretos de duración determinada ou para traballadores discapacitados.

B) Para a cotización ao Fondo de Garantía Salarial, o 0,20 por cento por conta exclusiva da empresa.

O tipo aplicable para a cotización ao Fondo de Garantía Salarial no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social será o 0,10 por cento, que será por conta exclusiva da empresa.

C) Para a cotización por formación profesional, o 0,70 por cento, do cal o 0,60 por cento será por conta da empresa e o 0,10 por cento por conta do traballador.

O tipo aplicable para a cotización por formación profesional no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social será o 0,18 por cento, do cal o 0,15 por cento será por conta da empresa, e o 0,03 por cento por conta do traballador.

D) Para a protección por cesamento de actividade o tipo será do 2,20 por cento.

Once. Cotización nos contratos para a formación e a aprendizaxe.

As cotas por continxencias comúns por conta do empresario e por conta do traballador, por continxencias profesionais, por desemprego, ao Fondo de Garantía Salarial e por formación profesional dos contratos para a formación e a aprendizaxe incrementaranse, a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da presente norma, e respecto das contías viventes en 31 de decembro de 2017, na mesma porcentaxe que aumente a base mínima do réxime xeral.

Doce. Cotización do persoal investigador en formación.

A cotización do persoal investigador en formación incluído no campo de aplicación do Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, durante os dous primeiros anos levarase a cabo aplicando as regras contidas no punto anterior, respecto da cotización nos contratos para

a formación e a aprendizaxe, no que se refire á cotización por continxencias comúns e profesionais.

O sistema de cotización previsto neste punto non afectará a determinación da contía das prestacións económicas a que se teña dereito, respecto da cal se seguirá aplicando o importe da base mínima correspondente ao grupo 1 de cotización do réxime xeral.

Trece. Especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos bombeiros.

En relación cos bombeiros a que se refire o Real decreto 383/2008, do 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por continxencias comúns, tanto para a empresa como para o traballador.

Durante 2018, o tipo de cotización adicional a que se refire o parágrafo anterior será do 10,60 por cento, do cal o 8,84 por cento será por conta da empresa e o 1,76 por cento por conta do traballador.

Catorce. Especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos membros do corpo da Ertzaintza.

En relación cos membros do corpo da Ertzaintza a que se refire a disposición adicional vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por continxencias comúns, tanto para a empresa como para o traballador.

Durante 2018, o tipo de cotización adicional a que se refire o parágrafo anterior será do 9,20 por cento, do cal o 7,67 por cento será por conta da empresa e o 1,53 por cento por conta do traballador.

Quince. Salvo o establecido nos puntos anteriores, en ningún caso e por aplicación do artigo 19 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, as bases mínimas ou únicas de calquera dos réximes que integran o sistema da Seguridade Social poderán ser inferiores á base mínima do réxime xeral.

Dezaseis. Durante o ano 2018, a base de cotización por todas as continxencias dos empregados públicos encadrados no réxime xeral da Seguridade Social aos cales lles fose de aplicación o establecido na disposición adicional sétima do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, mentres permaneza a súa relación laboral ou de servizo, será coincidente coa do mes de decembro de 2010, salvo que por razón das retribucións que percibisen puidese corresponder unha de maior contía, caso en que será esta pola que se efectuará a cotización mensual.

Para efectos do indicado no parágrafo anterior, da base de cotización correspondente ao mes de decembro de 2010 deduciranse, de ser o caso, os importes dos conceptos retributivos que teñan unha periodicidade na súa devindicación superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e que integrasen a dita base sen ter sido obxecto de rateo.

Dezasete. Facúltase a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar as normas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto neste artigo.

Artigo 131. *Cotización a dereitos pasivos e ás mutualidades xerais de funcionarios para o ano 2018.*

Un. Con efectos do 1 de xaneiro de 2018, os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, xestionado pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE) a que se refire o Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, salvo a indicada no parágrafo h) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización dos funcionarios en activo e asimilados integrados en Muface fíxase no 1,69 por cento sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2017 para efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 1,60 por cento.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 35 do Real decreto legislativo 4/2000, representará o 6,72 por cento dos haberes reguladores establecidos para o ano 2017 para efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 1,60 por cento. Do dito tipo do 6,72, o 4,10 corresponde á achega do Estado por activo e o 2,62 á achega por pensionista exento de cotización.

Dous. Con efectos do 1 de xaneiro de 2018, os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, xestionado polo Instituto Social das Forzas Armadas (Isfas), a que se refire o Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 9, salvo a indicada na alínea f) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización e de achega do persoal militar en activo e asimilado integrado no Isfas fíxase no 1,69 por cento sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2017 para efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 1,60 por cento.

2. A contía da achega do Estado regulada no artigo 30 do texto refundido da Lei sobre seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2000, representará o 11,01 por cento dos haberes reguladores establecidos para o ano 2017 para efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 1,60 por cento. Do dito tipo do 11,01, o 4,10 corresponde á achega do Estado por activo e o 6,91 á achega por pensionista exento de cotización.

Tres. Con efectos do 1 de xaneiro de 2018, os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial da Seguridade Social dos Funcionarios da Administración de xustiza, xestionado pola Mutualidade Xeral Xudicial (Muxexu), a que se refire o Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, salvo a indicada na alínea f) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización do persoal da Administración de xustiza en activo e asimilado, integrado na Muxexu, fíxase no 1,69 por cento sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2017 para efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 1,60 por cento.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 23 do Real decreto legislativo 3/2000, representará o 5,18 por cento dos haberes reguladores establecidos para o ano 2017 para efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 1,60 por cento. Do dito tipo do 5,18, o 4,10 corresponde á achega do Estado por activo e o 1,08 á achega por pensionista exento de cotización.

Catro. Durante o ano 2018, do acordo coas previsións establecidas nos puntos anteriores, o importe da cota de dereitos pasivos e da correspondente ás mutualidades xerais de funcionarios, respecto do persoal incluído no ámbito de cobertura do réxime de clases pasivas do Estado e dos réximes especiais de funcionarios, determinarase mediante a aplicación do tipo porcentual do 3,86 por cento e do 1,69 por cento, respectivamente, sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2017 para efectos de cotización de dereitos pasivos, incrementados nun 1,6 por cento, e que se consignan a continuación:

Cotas mensuais de dereitos pasivos dos funcionarios civís do Estado, do persoal das Forzas Armadas, dos membros das carreiras xudicial e fiscal, dos do corpo de letrados da Administración de xustiza e dos corpos ao servizo da Administración de xustiza.

Grupo/Subgrupo EBEP	Cota mensual en euros
A1	111,90

Grupo/Subgrupo EBEP	Cota mensual en euros
A2	88,07
B	77,12
C1	67,64
C2	53,51
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (EBEP)	45,62

Cotas mensuais de cotización á Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, ao Instituto Social das Forzas Armadas e á Mutualidade Xeral Xudicial.

Grupo/Subgrupo EBEP	Cota mensual en euros
A1	48,99
A2	38,56
B	33,76
C1	29,61
C2	23,43
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (EBEP)	19,98

As citadas contías mensuais aboaranse dobremente nos meses de xuño e decembro. Coa excepción establecida no último inciso do parágrafo primeiro do artigo 23.1 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, e de acordo co disposto nel, o persoal militar profesional que non sexa de carreira e o persoal militar das escalas de complemento e reserva naval aboará as cotas mensuais de dereitos pasivos minoradas ao cincuenta por cento.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

I

Disposición adicional primeira. *Concesión de subvencións ou subscrición de convenios con comunidades autónomas que incumpran o seu obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto.*

Un. De conformidade co disposto no artigo 20.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a partir da entrada en vigor desta lei, a concesión de subvencións ou a subscrición de convenios por parte de calquera dos suxeitos que integran o subsector Administración central ou o subsector Administracións da Seguridade Social, a que se refire o artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coa Administración dunha comunidade autónoma, definida nos termos do citado artigo, que incumprise o seu obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto, nos termos que máis adiante se indican, cando impliquen unha transferencia de recursos dos subsectores da Administración central ou administracións da Seguridade Social á comunidade autónoma incumplidora, impliquen un compromiso de realización de gastos desta última, ou se dean ambas as circunstancias simultaneamente, precisarán con carácter previo á súa autorización informe favorable, preceptivo e vinculante do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Entenderase que se produciu o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto cando así resultase do último informe elevado polo ministro de Facenda e Función Pública ao Goberno conforme os parágrafos 3 e 4 do artigo 17 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Dous. Así mesmo, será necesario informe favorable, preceptivo e vinculante respecto da concesión de subvencións ou subscrición de convenios cando, de conformidade co

establecido no artigo 19 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o Goberno da Nación formule unha advertencia a unha Comunidade Autónoma no caso de que aprecie un risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto. Esta limitación aplicarase desde o momento en que se formule a advertencia.

Tres. Nos supostos previstos nos puntos anteriores e respecto dos convenios subscritos e en execución, non procederá a súa prórroga ou modificación sen o informe favorable previo do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Así mesmo, a modificación da concesión de subvencións, nos casos en que así estea previsto na súa normativa reguladora, non procederá sen o informe favorable previo do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Catro. O informe do Ministerio de Facenda e Función Pública a que se fai referencia nos puntos anteriores será emitido pola Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, que terá en conta, entre outros criterios:

- a) A amplitude da desviación que se producise respecto do obxectivo de estabilidade, de débeda pública ou da regra de gasto establecido. No caso do punto dous, a desviación referirase á estimación que motivou a advertencia respecto do obxectivo.
- b) As causas da dita desviación.
- c) O efecto respecto do déficit ou a débeda pública que poida derivar da subvención ou do convenio, así como o seu obxecto.
- d) A forma de financiamento do gasto que se propón.
- e) No caso de subvencións, ou de convenios que se subscriban coa Administración dunha Comunidade Autónoma para canalizar a colaboración entre administracións no curso da tramitación ou execución dunha subvención, o procedemento da súa concesión.

Cinco. Con carácter previo ao acordo da Conferencia sectorial sobre distribución de créditos regulado no artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, no caso en que este inclúa comunidades autónomas que se encontren na situación de incumprimento regulada no punto un desta disposición, a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos emitirá informe preceptivo e vinculante, en que valorará, para esas comunidades autónomas, os criterios previstos no punto catro desta disposición. A emisión deste informe producirá efectos igualmente, de conformidade co previsto no artigo 20.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Disposición adicional segunda. *Préstamos e anticipos financiados con cargo aos orzamentos xerais do Estado.*

Coa finalidade de atender ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a concesión de préstamos e anticipos financiados directa ou indirectamente con cargo ao capítulo 8 dos orzamentos xerais do Estado axustarase ás seguintes normas:

- a) Salvo autorización expresa do ministro de Facenda e Función Pública non se poderán conceder préstamos e anticipos ao tipo de xuro inferior ao da débeda emitida polo Estado en instrumentos con vencemento similar.

No suposto de préstamos e anticipos que se concedan a través de procedementos de concorrencia competitiva, o citado requisito deberá cumprirse no momento anterior á aprobación da convocatoria.

A determinación do tipo de xuro deberá quedar xustificada no expediente polo correspondente órgano xestor. Nos supostos en que non sexa posible unha relación directa coa referencia indicada, xuntarase informe da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Esta norma non será de aplicación aos seguintes casos:

- Anticipos que se concedan ao persoal.

- Anticipos reembolsables con fondos comunitarios.
- Préstamos ou anticipos cuxo tipo de xuro se regule en normas de rango legal.

b) Os beneficiarios dos préstamos ou anticipos deberán acreditar que se encontran ao día no pagamento das obrigacións de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Corresponde ao centro xestor do gasto comprobar o cumprimento de tales condicións con anterioridade ao pagamento, e exixirán, cando non poida acreditarse doutro modo, unha declaración responsable do beneficiario ou certificación do órgano competente se este é unha Administración pública.

Disposición adicional terceira. *Imputación das operacións de gasto do orzamento prorrogado aos orzamentos xerais do Estado para 2018.*

Un. 1. As operacións de gasto realizadas con cargo ao orzamento prorrogado imputaranse aos créditos autorizados pola presente lei. Cando nos orzamentos xerais do Estado para 2018 non haxa o mesmo crédito que no orzamento prorrogado ou, habéndoo, a súa dotación resulte insuficiente para imputar as correspondentes operacións de gasto aos créditos do departamento ministerial ou organismo do sector público administrativo estatal, seguirase o procedemento que se indica nos puntos seguintes desta disposición.

Este procedemento será tamén aplicable a aqueles compromisos de gasto e outras operacións imputadas ao orzamento de 2017 que, de acordo coa normativa vixente, se deberían ter rexistrado no orzamento prorrogado e non se efectuase a dita imputación.

2. A oficina de contabilidade obterá unha relación daquelas operacións que non se puidesen imputar aos créditos orzamentarios do orzamento de 2018 coa especificación dos distintos expedientes afectados, que remitirá ao respectivo servizo xestor coa indicación de que no prazo de trinta días deberá comunicar á dita oficina as actuacións que se realizarán con respecto ás operacións pendentes de rexistro contable incluídas na relación.

3. Se estas actuacións implican anulacións de operacións ou reaxustes de anualidades, o servizo xestor deberá remitir os xustificantes e documentos contables que os acrediten.

4. Se as citadas actuacións supoñen a tramitación de expedientes de modificacións orzamentarias, e estes non se aprobaron antes da finalización do prazo de trinta días citado anteriormente, o servizo xestor deberá comunicar á oficina de contabilidade, excepto no caso de que se trate de transferencias de crédito, as retencións de crédito que deberán ser rexistradas noutros créditos do seu orzamento por un importe igual ao das operacións pendentes de rexistro. O servizo xestor aplicará esas retencións de crédito aos créditos cuxa minoración ocasione menos trastornos para o servizo público. Unha vez aprobadas as modificacións orzamentarias e imputadas as operacións pendentes de rexistro, efectuarase a anulación das anteriores retencións de crédito.

5. Se, cumprido o citado prazo dos trinta días, o servizo xestor non comunicou á oficina de contabilidade as actuacións que se realizarán con respecto ás operacións pendentes de rexistro contable, a oficina de contabilidade rexistrará de oficio as retencións de crédito por un importe igual ao das ditas operacións. Estas retencións de crédito aplicaranse aos créditos que a oficina de contabilidade determine dentro do mesmo capítulo do orzamento a que estas correspondan, e preferentemente dentro do mesmo programa. A oficina de contabilidade comunicará ao servizo xestor as retencións de crédito realizadas de oficio.

6. Ata o momento en que se determinen as actuacións definitivas relativas ás operacións pendentes de rexistro, o servizo xestor poderá solicitar á oficina de contabilidade a anulación das retencións de crédito indicadas nos puntos anteriores, sempre que simultaneamente rexistre a dita oficina novas retencións de crédito, de acordo coa comunicación recibida do servizo xestor, por un importe igual ao das retencións de crédito que se anularán, co fin de que queden retidos os créditos naquelas dotacións cuxa minoración ocasione menos trastornos para o servizo público.

7. O rexistro no sistema de información contable das retencións de crédito e das anulacións de retencións de crédito a que se refiren os puntos 4, 5 e 6 anteriores efectuarano as oficinas de contabilidade, para efectos de poder efectuar o control efectivo da imputación definitiva de todas as operacións pendentes de rexistro.

Dous. As modificacións orzamentarias que determine o Ministerio de Facenda e Función Pública, realizadas ata a entrada en vigor da presente lei, terán efectividade nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. As modificacións aplicaranse segundo a estrutura orzamentaria incorporada aos estados de ingresos e gastos desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Préstamos do Estado á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.*

Co obxecto de proporcionar cobertura adecuada ás obrigacións da Seguridade Social e posibilitar o seu equilibrio orzamentario, o Goberno, logo de informe da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, poderá autorizar a concesión por parte do Estado de préstamos á Tesouraría Xeral da Seguridade Social por un importe de 13.830.090 miles de euros. Estes préstamos non devindicarán xuros e a súa cancelación producirase nun prazo máximo de dez anos a partir de 2019.

Disposición adicional quinta. *Absorción fondos Feder.*

Para asegurar a correcta absorción do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) para o período 2014-2020, da contía total prevista para a concesión de subvencións e axudas financiadas con cargo aos créditos orzamentarios consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital» da sección 27 «Ministerio de Economía, Industria e Competitividade», para a seguinte entidade e programas: entidade 303 «Axencia Estatal de Investigación», programa 463 B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica», reservaranse 170.000,00 miles de euros para financiar no exercicio 2018 as actuacións cofinanciadas polo Feder.

Na execución orzamentaria do gasto derivado destas novas convocatorias, así como no derivado de convocatorias de exercicios anteriores, deberá clasificarse rexionalmente o gasto mediante a formalización da documentación complementaria prevista na normativa reguladora de xestión contable, co fin de posibilitar o seguimento do previsto neste artigo por parte da intervención delegada competente.

Así mesmo, destinarase para esta finalidade a dotación de 30.000,00 miles de euros consignada na aplicación 27.12.467C.749.07 «Ao CDTI para proxectos de I+D+i empresarial cofinanciados polo Feder», cuxo crédito se librará na medida en que o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI) xustifique o gasto realizado nos proxectos cofinanciados polo Feder.

Para tal efecto, nas convocatorias ou actuacións a que se apliquen estes créditos, tanto a AEI como o CDTI informarán do importe destinado a financiar operacións nas diferentes rexións.

Disposición adicional sexta. *Traspaso do remanente de tesouraría afectado ao remanente de libre disposición do organismo autónomo Instituto Nacional de Administración Pública.*

Autorízase o organismo autónomo Instituto Nacional de Administración Pública, dependente do Ministerio de Facenda e Función Pública, a traspasar da parte afectada do remanente de tesouraría ao seu compoñente non afectado nos importes non utilizados ao final do exercicio 2017 ata un límite máximo de 302.410,00 euros, dos fondos destinados á execución dos plans de formación para o emprego asignados ao INAP como promotor, e dos destinados ás actividades complementarias que teñan relación co programa de formación para o emprego nas administracións públicas.

Disposición adicional sétima. *Ampliación do prazo de cancelación de préstamos outorgados á Seguridade Social.*

Amplíase en dez anos, a partir de 2018, o prazo para a cancelación do préstamo por importe de 125.443.000.000 pesetas (753.927.614,10 euros) outorgado á Seguridade Social polo Estado, a que se refire o artigo 11.tres da Lei 65/1997, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1998.

Disposición adicional oitava. *Convenios de colaboración entre as entidades xestoras da Seguridade Social, as comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria para o control e o seguimento da incapacidade temporal.*

Nos convenios de colaboración que formalicen as entidades xestoras da Seguridade Social coas comunidades autónomas e co Instituto Nacional de Xestión Sanitaria para o control e o seguimento da incapacidade temporal poderá preverse o anticipo de ata a contía total do importe previsto no respectivo convenio para o financiamento das actuacións que desenvolverán as comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

Para estes efectos, con carácter previo á formalización dos convenios a que se refire o parágrafo anterior, requirirase a autorización do Consello de Ministros. Con esta finalidade, o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, logo de informe do Ministerio de Facenda e Función Pública, elevará a oportuna proposta ao Consello de Ministros.

Disposición adicional novena. *Pagamento de débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias cuxa titularidade posúan as administracións públicas ou institucións sen ánimo de lucro.*

As institucións sanitarias cuxa titularidade posúan as administracións públicas ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, acollidas á moratoria prevista na disposición adicional trixésima da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995, poderán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a ampliación da carencia concedida a vinte e catro anos, xunto coa ampliación da moratoria concedida ata un máximo de dez anos con amortizacións anuais.

Cando as institucións sanitarias a que se refire o parágrafo anterior sexan declaradas en situación de concurso de acredores, a partir da data de entrada en vigor desta lei, a moratoria quedará extinguida desde a data da dita declaración.

Disposición adicional décima. *Orzamentos dos organismos reguladores.*

No marco da reforma dos organismos reguladores avanzarase nos principios de autonomía orzamentaria destes organismos.

Disposición adicional décimo primeira. *Normas de execución orzamentaria do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI).*

Un. Durante o exercicio 2018, a concesión de préstamos e anticipos por parte do CDTI axustarase ás normas previstas na disposición adicional segunda desta lei para os préstamos e anticipos que se financien con cargo ao capítulo 8 dos orzamentos xerais do Estado.

Dous. Non se requirirá a autorización prevista na letra a) da citada disposición adicional cando o tipo de xuro aplicable aos préstamos e anticipos sexa igual ou superior ao tipo de xuro euríbor a un ano publicado polo Banco de España correspondente ao mes anterior á aprobación da súa convocatoria ou, de ser o caso, ao mes anterior á súa concesión.

Tres. Trimestralmente, o CDTI informará o Ministerio de Facenda e Función Pública sobre a execución das operacións realizadas para efectos de verificar o cumprimento dos límites regulados nos puntos anteriores.

Disposición adicional décimo segunda. *Préstamos e anticipos da política de investigación, desenvolvemento e innovación.*

Durante o exercicio 2018, a concesión de préstamos e anticipos con cargo a créditos da política 46 «Investigación, desenvolvemento e innovación» non requirirá da autorización prevista na letra a) da disposición adicional segunda «Préstamos e anticipos financiados con cargo aos orzamentos xerais do Estado» desta lei, cando o tipo de xuro aplicable aos préstamos e anticipos sexa igual ou superior ao tipo de xuro euríbor a un ano publicado polo Banco de España correspondente ao mes anterior á aprobación da súa convocatoria ou, de ser o caso, ao mes anterior á súa concesión.

Disposición adicional décimo terceira. *Porcentaxe de afectación a fins dos recursos obtidos pola Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.*

Con vixencia exclusiva para o ano 2018, establécese que a porcentaxe obxecto de afectación aos fins sinalados no punto 3 da disposición adicional sexta da Lei de axuízamento criminal e desenvolvidos no artigo 2 do Real decreto 948/2015, do 23 de outubro, será do 50 por cento dos recursos obtidos pola Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

Disposición adicional décimo cuarta. *Reintegro de bolsas e axudas para formación, perfeccionamento e mobilidade de profesores.*

Os ingresos que se produzan durante o exercicio orzamentario, derivados das devolucións e reintegros de bolsas e axudas para formación, perfeccionamento e mobilidade de profesores, incluído o pagamento de primas de seguros, concedidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte nas distintas convocatorias realizadas polo dito departamento ministerial conforme o disposto na Orde ECD/1619/2013, do 4 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións nos ámbitos dos subprogramas de formación e mobilidade do Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016, poderán xerar crédito na aplicación 18.06.463A.788.01 do estado de gastos, mediante resolución do titular do departamento ministerial.

Disposición adicional décimo quinta. *Reintegro de bolsas e axudas ao estudo personalizadas.*

Os ingresos derivados dos reintegros e devolucións de bolsas e axudas ao estudo personalizadas concedidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte nas distintas convocatorias realizadas polo dito departamento ministerial conforme o disposto no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, que se produzan durante o exercicio orzamentario poderán xerar crédito na aplicación 18.08.323M.482.00 do estado de gastos, mediante resolución do titular do departamento ministerial.

Disposición adicional décimo sexta. *Réxime de pagamentos da última convocatoria de axudas á amortización de longametraxes.*

De acordo co establecido na disposición transitoria única do Real decreto lei 6/2015, do 14 de maio, polo que se modifica a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, se conceden varios créditos extraordinarios e suplementos de créditos no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas de carácter tributario, en 2018 publicarase a última convocatoria de axudas á amortización de longametraxes.

O aboamento das axudas concedidas nesta convocatoria farase efectivo mediante dous pagamentos, que se librarán en 2018 e 2019. A resolución de concesión fixará os importes de cada pagamento; o primeiro será, como mínimo, do 50 por 100 da axuda total concedida a cada beneficiario.

Disposición adicional décimo sétima. *Financiamento de actuacións de apoio á mobilidade eficiente enerxeticamente e sustentable.*

Un. Con efectos desde o ano 2018 e vixencia indefinida, habílitase o Goberno para establecer un sistema de axudas ás actuacións de apoio á mobilidade baseada en criterios de eficiencia enerxética, sustentabilidade e impulso do uso de enerxías alternativas, incluída a constitución das infraestruturas enerxéticas adecuadas, actuacións que poderán ser susceptibles de financiarse con cargo a fondos Feder.

Dous. A xestión do sistema de axudas a que se refire o parágrafo anterior será asumida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE). Para o financiamento do sistema de axudas consignarase unha dotación no orzamento do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Disposición adicional décimo oitava. *Subvencións estatais anuais para gastos de funcionamento e de seguridade de partidos políticos para 2018.*

Conforme o establecido na disposición adicional sexta da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, durante o ano 2018 a subvención estatal para gastos de funcionamento a partidos políticos (aplicación orzamentaria 16.01.924M.485.01 «Financiamento a partidos políticos») ascenderá a 52.704,14 miles de euros e a asignación anual a partidos políticos para gastos de seguridade (aplicación orzamentaria 16.01.924M.484 «Asignación anual a partidos políticos para sufragar gastos de seguridade») ascenderá a 2.706,20 miles de euros.

II

Disposición adicional décimo novena. *Militares de tropa e mariñeiría.*

Os cadros de persoal máximos de militares de tropa e mariñeiría que se alcancen o 31 de decembro de cada exercicio non poderán superar os 79.000 efectivos.

Autorízase o Ministerio de Defensa para iniciar os procesos de selección e recrutamento a partir da aprobación da presente lei.

Disposición adicional vixésima. *Oferta de emprego público para o acceso ás carreiras xudicial e fiscal.*

En 2018, a Oferta de emprego público para o acceso ás carreiras xudicial e fiscal non poderá superar o límite máximo de 300 prazas, que se destinarán á substitución paulatina de emprego temporal e á cobertura das necesidades da Administración de xustiza.

Estas prazas supoñen a concreción das dispoñibilidades orzamentarias a que se refire o artigo 306.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Autorización adicional de prazas de Enaire.*

A entidade pública empresarial Enaire terá no ano 2018 unha oferta extraordinaria de 70 prazas, logo de autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública. Estas prazas serán adicionais ás que lle correspondan conforme as regras da disposición adicional vixésimo novena.

Esta oferta adicional extraordinaria estará condicionada a que a súa execución non xere incremento na masa salarial autorizada á entidade en 2017 polo Ministerio de Facenda e Función Pública.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Contratos autorizados á sociedade estatal Servicios y Estudios para la Navegación Aérea y la Seguridad Aeronáutica S.M.E. M.P. S.A.*

A sociedade estatal Servicios y Estudios para la Navegación Aérea y la Seguridad Aeronáutica S.M.E. M.P. S.A. (SENASA) poderá subscribir en 2018, con carácter extraordinario, 109 contratos laborais indefinidos, logo de autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública, que se destinarán, exclusivamente, á consolidación de emprego temporal. Estas prazas serán adicionais ás que lle correspondan conforme as regras da disposición adicional vixésimo novena.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Oferta de emprego público extraordinaria de ADIF.*

O Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) terá en 2018 unha oferta extraordinaria de 183 prazas, logo de autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública. Estas prazas serán adicionais ás que lle correspondan conforme as regras da disposición adicional vixésimo novena.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Oferta adicional e extraordinaria para a escala de funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.*

Para a cobertura dos postos de traballo reservados aos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional autorízase unha oferta adicional e extraordinaria de ata un 30 por cento das prazas dotadas orzamentariamente que estean vacantes, correspondentes a aquelas subescalas en que a porcentaxe das prazas ocupadas de forma accidental ou interina supere o 8 por cento.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Persoal docente nos centros universitarios da Defensa e da Garda Civil.*

Un. Respectando en todo caso as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I do correspondente orzamento de gastos, as limitacións contidas no artigo 19 non resultarán de aplicación aos centros universitarios da Defensa no que se refire ao persoal docente, co fin de dar cobertura á culminación do proceso de implantación das titulacións universitarias que se imparten en tales centros.

Para tal fin, no ano 2018 o Goberno, por proposta do Ministerio de Facenda e Función Pública, autorizará a oferta de emprego público de 29 prazas para a incorporación de persoal docente nos centros citados no parágrafo anterior, na modalidade prevista no artigo 52 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Dous. Os centros universitarios da Defensa e da Garda Civil poderán proceder á contratación temporal de persoal docente para impartir os correspondentes títulos de grao, conforme as modalidades previstas nos artigos 49, 50, 53 e 54 da citada Lei orgánica 6/2001, con respecto ás previsións desta lei e das sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado sobre a contratación de persoal temporal.

Tres. Previamente ao disposto nos puntos anteriores, o Ministerio de Facenda e Función Pública, por proposta do Ministerio de Defensa ou do Ministerio do Interior, segundo o caso, aprobará os cadros de persoal destes centros para persoal docente que imparta os citados títulos de grao, especificando o seu tipo de vinculación laboral, así como as súas retribucións.

Disposición adicional vixésimo sexta. *Aumento dos cadros de persoal educativos dos centros existentes en Ceuta e Melilla.*

Atendendo ás circunstancias específicas que concorren no exercicio das competencias educativas no ámbito territorial das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, o Goberno poderá anticipar, de forma adicional á taxa de reposición que corresponda aos corpos de funcionarios docentes no dito territorio, ata un 25% da taxa de reposición deste colectivo que, de acordo cos datos de que dispoña e calculada cos criterios establecidos nesta lei, lles poida corresponder no exercicio 2019.

Disposición adicional vixésimo sétima. *Contratos autorizados ao Instituto Nacional de Ciberseguridad de España (Incibe).*

A Sociedade Mercantil Estatal Instituto Nacional de Ciberseguridad de España, S.A. M.P. poderá subscribir, con carácter extraordinario, 70 contratos laborais indefinidos, nun plan a tres anos, logo de autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública. Estas prazas serán adicionais ás que lle correspondan conforme as regras da disposición adicional vixésimo novena.

Disposición adicional vixésimo oitava. *Modificacións dos cadros de persoal estatutario dos centros e servizos sanitarios de organismos dependentes da Administración xeral do Estado.*

As modificacións dos cadros de persoal estatutario dos centros e servizos sanitarios de organismos dependentes da Administración xeral do Estado que supoñan incrementos netos do número de prazas ou do seu custo, ou a transformación de prazas de persoal sanitario en prazas de persoal de xestión e servizos ou viceversa, serán aprobadas logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

Disposición adicional vixésimo novena. *Contratación de persoal das sociedades mercantís públicas e das entidades públicas empresariais.*

Un. 1. As sociedades mercantís públicas e as entidades públicas empresariais a que se refire o artigo 18, punto un, desta lei poderán contratar novo persoal coas limitacións e requisitos establecidos na presente disposición.

2. As indicadas limitacións non serán de aplicación cando se trate de contratación de persoal, funcionario ou laboral, cunha relación preexistente de carácter fixo e indefinido no sector público estatal, autonómico ou local en que, respectivamente, estea incluída a correspondente entidade pública empresarial ou sociedade mercantil, así como naqueles ámbitos que presenten especiais dificultades de cobertura, a reservistas de especial dispoñibilidade que se encontren percibindo, ata o momento da subscripción do contrato, a asignación por dispoñibilidade na contía e coas condicións previstas no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría. Os contratos subscritos ao abeiro do establecido neste punto xerarán dereito a seguir percibindo, desde a data da súa subscripción, o complemento de antigüidade na mesma contía que se viñese percibindo no departamento ministerial, organismo público, sociedade, fundación ou consorcio de procedencia.

3. Non se poderá contratar persoal temporal, excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, ou cando se leve a cabo nos termos do artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

4. As sociedades mercantís públicas e entidades públicas empresariais que xestionen servizos públicos ou realicen actividades dos enumerados no artigo 19 un.3 terán, nos mesmos termos establecidos no dito precepto, como máximo, a taxa de reposición

establecida para o respectivo sector no citado precepto, sempre que quede xustificada a necesidade desa taxa para a adecuada prestación do servizo ou realización da actividade.

5. As sociedades mercantís públicas e as entidades públicas empresariais distintas das previstas no punto anterior que tivesen beneficios en dous dos tres últimos exercicios poderán realizar contratos indefinidos cun límite do 100 por cento da súa taxa de reposición, calculada conforme as regras do artigo 19.un.7.

As sociedades mercantís públicas e as entidades públicas empresariais distintas das previstas no punto anterior que non tivesen beneficios en dous dos tres últimos exercicios poderán realizar contratos indefinidos cun límite do 75 por cento da súa taxa de reposición, calculada conforme as regras do artigo 19.un.7.

6. Adicionalmente ao anterior, as sociedades mercantís públicas e as entidades públicas empresariais poderán formalizar contratos indefinidos nun número equivalente ao 5 por cento do total da súa taxa de reposición, que irán destinados a aqueles sectores ou ámbitos que consideren que requiren un reforzo adicional de efectivos.

Esta porcentaxe adicional utilizarase preferentemente en sectores coa consideración de prioritarios e cando se dea, entre outras, algunha das seguintes circunstancias: establecemento de novos servizos públicos, incremento de actividade estacional pola actividade turística ou alto volume de xubilacións esperadas.

7. Ademais, as sociedades mercantís públicas e as entidades públicas empresariais poderán dispor dunha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal das prazas, dotadas orzamentariamente, que estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompida ao menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017.

Os procesos de estabilización deberán aprobarse e publicarse nos exercicios 2018 a 2020. A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación colectiva.

Da resolución destes procesos non poderá derivar, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos. Neles deberanse ofertar, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se encontren desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

Dous. No caso das sociedades mercantís e das entidades públicas empresariais estatais, a contratación indefinida de persoal requirirá, en todo caso, ademais do establecido no punto un, o informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública, así como do accionista maioritario.

Así mesmo, a contratación temporal nas citadas sociedades e entidades públicas empresariais, ademais das condicións establecidas no punto un desta disposición, requirirá a autorización previa do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública. Para os efectos de obter a mencionada autorización, no primeiro semestre do ano as sociedades e entidades públicas empresariais deberán remitir ao dito ministerio, a través do accionista maioritario, ou do ministerio ou organismo autónomo de que dependan, unha relación das necesidades de contratación temporal previstas para o exercicio, sen prexuízo de poder solicitar posteriormente autorización para aquelas contratacións cuxa necesidade se presente no curso do exercicio.

A Secretaría de Estado de Función Pública poderá establecer bases ou criterios de actuación comúns nos procesos selectivos, co fin de facer efectiva a aplicación dos principios de libre concorrència, igualdade, publicidade, mérito e capacidade, así como a implantación do procedemento electrónico.

As sociedades mercantís e entidades públicas empresariais estatais deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Función Pública, xunto coa solicitude de autorización da masa salarial, información relativa a todo o persoal temporal que prestou servizos no exercicio anterior, detallando o número de xornadas anualizadas e o seu custo.

Tres. Excepcionalmente, o Ministerio de Facenda e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública, poderá autorizar, por riba dos límites anteriormente sinalados, as contratacións que resulten necesarias para

dar cumprimento a aqueles instrumentos de planificación estratéxicos que sexan aprobados polo accionista maioritario e que obtivesen o informe favorable da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Catro. O establecido no punto un desta disposición adicional ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Disposición adicional trixésima. *Contratación de persoal das fundacións do sector público.*

Un. 1. As fundacións do sector público poderán contratar novo persoal coas limitacións e requisitos establecidos na presente disposición.

2. As citadas limitacións non serán de aplicación cando se trate de contratacións de persoal, funcionario ou laboral, cunha relación preexistente de carácter fixo e indefinido no sector público estatal, autonómico ou local en que, respectivamente, estea incluída a correspondente fundación do sector público, así como naqueles ámbitos que presenten especiais dificultades de cobertura, a reservistas de especial dispoñibilidade que se encontren percibindo, ata o momento da subscripción do contrato, a asignación por dispoñibilidade na contía e condicións previstas no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría. Os contratos subscritos ao abeiro do establecido neste punto xerarán dereito, desde a data da súa subscripción, a seguir percibindo o complemento de antigüidade na mesma contía que se viña percibindo no departamento ministerial, organismo público, sociedade, fundación ou consorcio de procedencia.

3. Non se poderá contratar persoal temporal, excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

4. As fundacións que xestionen servizos públicos ou realicen actividades dos enumerados no artigo 19.un.3 terán, nos mesmos termos establecidos no dito precepto, como máximo, a taxa de reposición establecida para o respectivo sector no citado precepto, sempre que quede xustificada a necesidade da taxa para a adecuada prestación do servizo ou para a realización da actividade.

Pola súa parte, o resto de fundacións públicas poderá realizar contratos indefinidos cun límite do 75 por cento da súa taxa de reposición, calculada conforme as regras do artigo 19.un.7.

5. Adicionalmente ao anterior, as fundacións poderán formalizar contratos indefinidos nun número equivalente ao 5 por cento do total da súa taxa de reposición, que irán destinados a aqueles sectores ou ámbitos que consideren que requiren un reforzo adicional de efectivos.

Esta porcentaxe adicional utilizarase preferentemente en sectores coa consideración de prioritarios e cando se dea, entre outras, algunha das seguintes circunstancias: establecemento de novos servizos públicos, incremento de actividade estacional pola actividade turística ou alto volume de xubilacións esperadas.

6. Ademais do previsto nos números anteriores, as fundacións poderán dispor dunha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas, dotadas orzamentariamente, que estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompida ao menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017.

Os procesos de estabilización deberán aprobarse e publicarse nos exercicios 2018 a 2020. A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación colectiva.

Da resolución destes procesos non poderá derivar, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos. Neles deberanse ofertar, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se encontren desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

Dous. Nas fundacións do sector público estatal a contratación indefinida de persoal requirirá, en todo caso, ademais do establecido no punto un, o informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública.

Así mesmo, a contratación temporal nas citadas fundacións, ademais das condicións establecidas no punto un desta disposición, requirirá a autorización previa do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública. Para os efectos de obter a mencionada autorización, no primeiro semestre do ano o órgano competente do departamento ou entidade de adscrición da fundación deberá remitir unha relación das necesidades de contratación temporal previstas para o exercicio, sen prexuízo de poder solicitar posteriormente autorización para aquelas contratacións cuxa necesidade se presente no curso do exercicio.

A Secretaría de Estado de Función Pública poderá establecer bases ou criterios de actuación comúns nos procesos selectivos, co fin de facer efectiva a aplicación dos principios de libre concorrència, igualdade, publicidade, mérito e capacidade, así como a implantación do procedemento electrónico.

As fundacións do sector público estatal deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Función Pública, xunto coa solicitude de autorización da masa salarial, información relativa a todo o persoal temporal que prestou servizos no exercicio anterior, detallando o número de xornadas anualizadas e o seu custo.

Tres. O establecido no punto un desta disposición adicional ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Disposición adicional trixésimo primeira. *Contratación de persoal dos consorcios do sector público.*

Un. 1. Os consorcios que xestionen servizos públicos ou realicen actividades dos enumerados no artigo 19.un.3 terán, nos mesmos termos establecidos no dito precepto, como máximo, a taxa de reposición establecida para o respectivo sector no citado precepto, sempre que quede xustificada a necesidade da taxa para a adecuada prestación do servizo ou para a realización da actividade.

2. Os consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público, definido no artigo 18, punto un, que consonte a lexislación aplicable poidan contratar persoal propio non incluídos no punto anterior poderán realizar contratos indefinidos cun límite do 75 por cento da súa taxa de reposición, calculada conforme as regras do artigo 19.un.7.

3. As citadas limitacións non serán de aplicación, cando se trate de contratacións de persoal, funcionario ou laboral, cunha relación preexistente de carácter fixo e indefinido no sector público estatal, autonómico ou local en que, respectivamente, estea incluído o correspondente consorcio, así como naqueles ámbitos que presenten especiais dificultades de cobertura, á contratación de reservistas de especial dispoñibilidade que se encontren percibindo, ata o momento da subscripción do contrato, a asignación por dispoñibilidade na contía e coas condicións previstas no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría. Os contratos subscritos ao abeiro do establecido neste punto xerarán dereito a seguir percibindo, desde a data da súa subscripción, o complemento de antigüidade na mesma contía que se viña percibindo no departamento ministerial, organismo público, sociedade, fundación ou consorcio de procedencia.

4. Adicionalmente, os consorcios poderán formalizar contratos indefinidos nun número equivalente ao 5 por cento do total da súa taxa de reposición, que irán destinados a aqueles sectores ou ámbitos que consideren que requiren un reforzo adicional de efectivos.

Esta porcentaxe adicional utilizarase preferentemente en sectores coa consideración de prioritarios e cando se dea, entre outras, algunha das seguintes circunstancias: establecemento de novos servizos públicos, incremento de actividade estacional pola actividade turística ou alto volume de xubilacións esperadas.

5. Ademais, os consorcios poderán dispor dunha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal das prazas dotadas orzamentariamente que estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompida ao menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017.

Os procesos de estabilización deberán aprobarse e publicarse nos exercicios 2018 a 2020. A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación colectiva.

Da resolución destes procesos non poderá derivar, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos. Neles deberán ofertar, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se encontren desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

6. Non se poderá contratar persoal temporal, excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Dous. Nos consorcios sinalados no punto un con participación maioritaria do sector público estatal, a contratación indefinida de persoal requirirá, en todo caso, ademais do establecido no punto un, o informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública.

Así mesmo, a contratación temporal nos citados consorcios, ademais das condicións establecidas no punto un desta disposición, requirirá a autorización previa do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Función Pública. Para os efectos de obter a mencionada autorización, no primeiro semestre do ano o órgano competente do departamento ou entidade de adscrición do consorcio deberá remitir unha relación das necesidades de contratación temporal previstas para o exercicio, sen prexuízo de poder solicitar posteriormente autorización para aquelas contratacións cuxa necesidade se presente no curso do exercicio.

A Secretaría de Estado de Función Pública poderá establecer bases ou criterios de actuación comúns nos procesos selectivos, co fin de facer efectiva a aplicación dos principios de libre concorrencia, igualdade, publicidade, mérito e capacidade, así como a implantación do procedemento electrónico.

Os consorcios deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Función Pública, xunto coa solicitude de autorización da masa salarial, información relativa a todo o persoal temporal que prestou servizos no exercicio anterior, detallando o número de xornadas anualizadas e o seu custo.

Tres. O establecido no punto un desta disposición adicional ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Disposición adicional trixésimo segunda. *Persoal directivo do sector público estatal.*

O número de postos de persoal directivo existentes no ámbito do sector público estatal, relativos a departamentos ministeriais, organismos autónomos, axencias estatais, entes públicos, entidades públicas empresariais, sociedades mercantís estatais e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal, non poderá incrementarse respecto ao ano anterior.

Non obstante, as entidades ou centros de nova creación, as sociedades mercantís estatais e entidades públicas empresariais que presenten beneficios en dous dos últimos tres exercicios e que se encontren nun proceso de expansión, e as fundacións do sector público estatal que presenten resultado orzamentario positivo en dous dos últimos tres exercicios, poderán incrementar o número de directivos, logo de autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos. En ningún caso se poderá superar o número máximo de directivos que correspondan en virtude da súa clasificación segundo o Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades, e as ordes ministeriais de desenvolvemento.

Para os efectos deste artigo, entenderase por persoal directivo o que se determina no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo.

Disposición adicional trixésimo terceira. *Retribucións dos cargos directivos e restante persoal das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e dos seus centros mancomunados.*

Un. As retribucións que, por calquera concepto, perciban os directores xerentes e o persoal que exerza funcións executivas nas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e nos seus centros mancomunados rexeranse polo establecido no artigo 88 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e poderanse incrementar na porcentaxe máxima prevista no artigo 18. dous, respecto ás contías percibidas en 2017.

Dous. Sen prexuízo do disposto no citado artigo 88, as retribucións do resto do persoal ao servizo das mutuas e dos seus centros mancomunados quedarán sometidas ao disposto en relación co persoal laboral do sector público estatal e, concretamente, ao establecido no artigo 23 desta lei e na Orde HAP/1057/2013, do 10 de xuño, pola que se determinan a forma, o alcance e os efectos do procedemento de autorización da masa salarial regulado no artigo 27.tres da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, para as sociedades mercantís estatais, fundacións do sector público estatal e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, a autorización da masa salarial correspondente ao persoal sanitario poderá tomar en consideración as peculiaridades retributivas deste colectivo, derivadas das circunstancias que concorran no mercado laboral dos ámbitos xeográficos en que se presten os servizos, e que poidan incidir de forma directa nas retribucións de determinadas categorías de profesionais sanitarios.

Tres. De conformidade co previsto na disposición transitoria sexta da Lei 35/2014, do 26 de decembro, a eventual diferenza entre as retribucións percibidas polo persoal das mutuas e dos seus centros mancomunados que, no momento da entrada en vigor da dita lei, excedan as resultantes da aplicación do previsto no artigo 88 da Lei xeral da seguridade social será absorbida nunha terceira parte no exercicio 2018, sen que ao eventual exceso de retribucións que perciba tal persoal lle sexa de aplicación o incremento que se establece nos dous puntos anteriores.

Catro. Para efectos da aplicación das limitacións previstas nos puntos anteriores, serán computables igualmente as retribucións que proveñan do patrimonio histórico das mutuas ou das entidades vinculadas ao dito patrimonio.

Disposición adicional trixésimo cuarta. *Módulos para a compensación económica pola actuación de xuíces de paz e secretarios de xulgados de paz.*

Un. Os xuíces de paz, nomeados consonte o disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, percibirán, de acordo co número de habitantes de dereito do municipio, as retribucións anuais que se indican a continuación:

	Anual/euros
De 1 a 1.999 habitantes	1.110,82
De 2.000 a 4.999 habitantes	1.666,13
De 5.000 a 6.999 habitantes	2.221,46
De 7.000 a 14.999 habitantes	3.332,12
De 15.000 ou máis habitantes	4.442,80

Dous. O persoal, excluído o pertencente aos corpos ao servizo da Administración de xustiza, que desempeñe funcións de secretario dun xulgado de paz, con nomeamento expedido para o efecto, percibirá, de acordo co número de habitantes de dereito do municipio, as contías anuais que se indican a continuación:

	Anual/euros
De 1 a 499 habitantes	550,10
De 500 a 999 habitantes	817,10
De 1.000 a 1.999 habitantes	978,90
De 2.000 a 2.999 habitantes	1.140,59
De 3.000 a 4.999 habitantes	1.464,13
De 5.000 a 6.999 habitantes	1.787,66

Tres. As contías anteriores financiaranse con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias e devindicaranse por períodos trimestrais nos meses de marzo, xuño, setembro e decembro.

Disposición adicional trixésimo quinta. *Réxime retributivo dos membros das corporacións locais.*

De conformidade co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, e considerando o disposto no artigo 20 da presente lei, o límite máximo total que poden percibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos cales, de ser o caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, será o que se recolle a continuación, atendendo á súa poboación:

Habitantes	Referencia – Euros
Máis de 500.000	103.540,15
300.001 a 500.000	93.186,14
150.001 a 300.000	82.832,12
75.001 a 150.000	77.655,62
50.001 a 75.000	67.301,61
20.001 a 50.000	56.947,59
10.001 a 20.000	51.770,08
5.001 a 10.000	46.593,58
1.000 a 5.000	41.416,06

No caso de corporacións locais de menos de 1.000 habitantes, resultará de aplicación a seguinte escala, atendendo á súa dedicación:

Dedicación	Referencia – Euros
Dedicación parcial ao 75 %.	31.062,05
Dedicación parcial ao 50 %.	22.778,63
Dedicación parcial ao 25 %.	15.531,53

Disposición adicional trixésimo sexta. *Indemnizacións por razón do servizo do persoal destinado no estranxeiro.*

Queda suspendida a eficacia do artigo 26.3 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Disposición adicional trixésimo sétima. *Incentivos ao rendemento das axencias estatais.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 23.tres, os importes globais de incentivos ao rendemento que resulten da execución dos contratos de xestión das axencias estatais que dispoñan destes terán como límite máximo os importes que por eses mesmos conceptos lles autorizase o Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos no ano anterior, co incremento máximo establecido no artigo 18.dous.

Disposición adicional trixésimo oitava. *Cambio de situación administrativa do persoal militar.*

Un. Os militares de carreira que, na data de aprobación da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, se encontrasen na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público, e non pasasen á situación de servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das administracións públicas ou se lles aplique por prestar servizo nelas ou en organismos ou entidades do sector público un réxime xurídico distinto ao de persoal militar, poderán solicitar ao Ministerio de Defensa, nun prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación da presente lei, a modificación da súa situación administrativa pola de servizos na Administración civil, regulada no artigo 113 bis da Lei da carreira militar.

O cambio de situación administrativa producirase sen que sexa necesario ter cumpridos os tempos de servizos previstos no punto 2 do artigo 113 bis da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Dous. O tempo que permaneza na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público o persoal que pase á situación de servizos na Administración civil en aplicación desta disposición será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos.

Disposición adicional trixésimo novena. *Limitación do gasto na Administración xeral do Estado.*

Calquera nova actuación que propoñan os departamentos ministeriais non poderá supor aumento neto dos gastos de persoal.

Malia o disposto no parágrafo anterior, e para os únicos efectos de permitir a aprobación da norma regulamentaria que desenvolva, para o persoal investigador funcionario das escalas científicas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, o establecido no punto 5 do artigo 25 e nos puntos 1, 2 e 3 da disposición adicional sétima da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación, os referidos organismos poderán aumentar o gasto neto do persoal ao seu cargo, e fixarán, en todo caso, como data de efectos económicos do correspondente sistema retributivo a do 1 de xaneiro de 2018.

Igualmente, exceptúanse desta prohibición as medidas necesarias para a aplicación do Acordo entre o Ministerio do Interior, sindicatos de Policía Nacional e asociacións profesionais da Garda Civil do 12 de marzo de 2018.

Disposición adicional cuadraxésima. *Recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012.*

Un. As administracións e o resto de entidades que integran o sector público que non aboasen a totalidade das cantidades efectivamente deixadas de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, por aplicación do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, poderán realizar a dita devolución, tendo en conta a súa situación económico-financeira.

Dous. A devolución realizarase nos mesmos termos e co cumprimento dos requisitos sinalados na disposición adicional décimo segunda da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, no artigo 1 do Real decreto lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, e na disposición adicional décimo segunda da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016.

Tres. Esta disposición ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.18.^a, 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Disposición adicional cuadraxésimo primeira. *Restablecemento das retribucións minoradas en contías non previstas nas normas básicas do Estado.*

Un. As administracións e o resto das entidades que integran o sector público que en exercicios anteriores minorasen as retribucións dos seus empregados en contías non exixidas polas normas básicas do Estado ou que non aplicasen os incrementos retributivos máximos previstos nas leis de orzamentos xerais do Estado poderán restablecer as contías vixentes antes da minoración ou as que correspondan ata alcanzar o incremento permitido nas leis de orzamentos.

Dous. As cantidades que se devindiquen en aplicación desta medida non terán a consideración de incrementos retributivos dos regulados na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

Tres. Esta medida só poderán aprobala as administracións e entidades que cumpran os obxectivos de déficit e débeda, así como a regra de gasto, nos termos que resultan do artigo 17, puntos 3 e 4, da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Disposición adicional cuadraxésimo segunda. *Contratación de seguros de responsabilidade civil.*

Poderanse concertar seguros que cubran a responsabilidade civil profesional do persoal ao servizo da Administración do Estado, dos seus organismos autónomos, das entidades xestoras e dos servizos comúns da Seguridade Social nos cales concorran circunstancias que fagan necesaria tal cobertura, sen que en ningún caso poidan supor incremento da masa salarial, nos termos que establece a presente lei.

A determinación das funcións e continxencias concretas que se consideran incluídas no ámbito do parágrafo anterior corresponderá ao titular do departamento, organismo, entidade ou servizo correspondente.

Disposición adicional cuadraxésimo terceira. *Exixencia de responsabilidades nas administracións públicas e entidades dependentes delas pola utilización da contratación laboral.*

Un. Os contratos de traballo de persoal laboral nas administracións públicas e no seu sector público, calquera que sexa a súa duración, deberán formalizarse seguindo as prescricións e nos termos establecidos no Estatuto dos traballadores e demais normativa reguladora da contratación laboral, así como de acordo cos previsións da correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado, seranlles de aplicación os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público, e deberán respectar, en todo caso, o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e calquera outra normativa en materia de incompatibilidades.

Dous. Os órganos competentes en materia de persoal en cada unha das administracións públicas e nas entidades que conforman o seu sector público instrumental serán responsables do cumprimento da citada normativa e, en especial, velarán para evitar calquera tipo de irregularidade na contratación laboral temporal que poida dar lugar

á conversión dun contrato temporal en indefinido non fixo. Así mesmo, os órganos de persoal citados non poderán atribuír a condición de indefinido non fixo a persoal cun contrato de traballo temporal, nin a persoal de empresas que, pola súa vez, teñan un contrato administrativo coa Administración respectiva, salvo cando isto derive dunha resolución xudicial.

Tres. As actuacións irregulares na presente materia darán lugar á exigencia de responsabilidades aos titulares dos órganos referidos no punto segundo, de conformidade coa normativa vixente en cada unha das administracións públicas.

Catro. As administracións públicas promoverán nos seus ámbitos respectivos o desenvolvemento de criterios de actuación que permitan asegurar o cumprimento desta disposición, así como unha actuación coordinada dos distintos órganos con competencia en materia de persoal.

Cinco. A presente disposición, que ten vixencia indefinida e producirá efectos ás actuacións que se leven a cabo tras a súa entrada en vigor, dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, no relativo ao réxime xurídico das administracións públicas e o sistema de responsabilidade de todas as administracións.

III

Disposición adicional cuadraxésimo cuarta. *Incremento da porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión de viuvez en determinados supostos.*

A porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión de viuvez a favor de pensionistas con 65 ou máis anos que non perciban outra pensión pública, regulada na disposición adicional trixésima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, será do 56 por cento desde o día primeiro do mes seguinte á entrada en vigor desta lei.

Este incremento alcanzará o 60% o 1 de xaneiro de 2019.

Disposición adicional cuadraxésimo quinta. *Revisión de determinadas pensións de viuvez do réxime de clases pasivas do Estado.*

As pensións de viuvez causadas antes da entrada en vigor desta lei e vixentes nesta data, ás cales se deba aplicar o incremento da porcentaxe establecida no artigo 39.3 e na disposición adicional décimo novena do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, por concorreren os requisitos previstos no citado artigo, revisaranse de oficio con efectos económicos do día primeiro do mes seguinte á entrada en vigor desta lei.

A revisión prevista no parágrafo anterior levarana a cabo a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Función Pública e a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, no ámbito das súas respectivas competencias.

Disposición adicional cuadraxésimo sexta. *Prestacións familiares da Seguridade Social.*

A partir do 1 de xaneiro de 2018, a contía das prestacións familiares da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, así como o importe do límite de ingresos para o acceso a elas, regulados no capítulo I do título VI do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, serán os seguintes:

Un. A contía da asignación económica establecida no artigo 353.1 será, en cómputo anual, de 291,00 euros.

Dous. A contía das asignacións establecidas no artigo 353.2 para os casos en que o fillo ou menor a cargo teña a condición de persoa con discapacidade será:

a) 1.000,00 euros cando o fillo ou menor a cargo teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

b) 4.561,20 euros cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos e estea afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento.

c) 6.842,40 euros cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos, estea afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 75 por cento e, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite o concurso doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

Tres. A contía da prestación por nacemento ou adopción de fillo establecida no artigo 358.1, en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade, será de 1.000,00 euros.

Catro. Os límites de ingresos para ter dereito á asignación económica por fillo ou menor a cargo, a que se refiren os parágrafos primeiro e segundo do artigo 352.1.c), quedan fixados en 11.953,94 euros anuais e, se se trata de familias numerosas, en 17.991,42 euros, incrementándose en 2.914,12 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

Disposición adicional cuadraxésimo sétima. *Subsidios económicos previstos no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e pensións asistenciais.*

Un. A partir do 1 de xaneiro do ano 2018, os subsidios económicos a que se refire o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, fixaranse, segundo a clase de subsidio, nas seguintes contías:

	Euros/mes
Subsidio de garantía de ingresos mínimos.	149,86
Subsidio por axuda de terceira persoa.	58,45
Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte.	65,30

Dous. A partir do 1 de xaneiro do ano 2018, as pensións asistenciais recoñecidas en virtude do disposto na Lei 45/1960, do 21 de xullo, e no Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo, fixaranse na contía de 149,86 euros íntegros mensuais, e aboaranse dúas pagas extraordinarias do mesmo importe, que se devindicarán nos meses de xuño e decembro.

Tres. As pensións asistenciais serán obxecto de revisión periódica, co fin de comprobar que os beneficiarios manteñen os requisitos exixidos para o seu recoñecemento e, en caso contrario, declarar a extinción do dereito e exixir o reintegro das cantidades indebidamente percibidas. O Ministerio de Emprego e Seguridade Social poderá instar a incoación dos procedementos de revisión, para efectos de practicar o axuste económico e orzamentario do gasto xerado. Os resultados que ofrezan aqueles procedementos serán comunicados ao citado departamento ministerial.

Disposición adicional cuadraxésimo oitava. *Revalorización para o ano 2018 das prestacións de grande invalidez do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.*

As prestacións de grande invalidez do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, causadas ata o 31 de decembro de 2017, experimentarán en 2018 un incremento do 1,6 por cento.

Disposición adicional cuadraxésimo novena. *Actualización da contía da prestación económica establecida pola Lei 3/2005, do 18 de marzo.*

A partir do 1 de xaneiro de 2018, a contía das prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao

estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional ascenderá, en cómputo anual, á diferenza entre 7.316,47 euros e o importe anual que perciba cada beneficiario polas pensións a que se refiren as alíneas a), b) e c) do artigo 2 da Lei 3/2005, ou á diferenza entre 7.316,47 euros e as rendas ou ingresos anuais que perciban os beneficiarios a que se refire a alínea d) do artigo 2 da Lei 3/2005.

Disposición adicional quincuaxésima. *Axudas sociais aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH).*

Durante o ano 2018 as contías mensuais recoñecidas a favor das persoas contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), establecidas nas letras b), c) e d) do artigo 2.1 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, polo que se conceden axudas aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) como consecuencia de actuacións realizadas no sistema sanitario público, determinaranse mediante a aplicación das proporcións reguladas nas letras citadas sobre o importe de 623,04 euros.

Disposición adicional quincuaxésimo primeira. *Incremento adicional das pensións.*

Un. No ano 2018, as pensións contributivas aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como as pensións de clases pasivas do Estado, incrementaranse nun 1,35 % adicional ao previsto no artigo 35 desta lei.

Para a aplicación deste incremento tomarase a contía de pensión resultante da revalorización efectuada o 1 de xaneiro de 2018 conforme o artigo 35 desta lei.

No ano 2019, de non haber acordo na Comisión de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo para a revalorización anual, as pensións contributivas aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como as pensións de clases pasivas do Estado, incrementaranse nunha porcentaxe adicional equivalente á diferenza entre o índice de revalorización de pensións fixado para ese ano, conforme o establecido no artigo 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, e o 1,6 por cento.

Cando o pensionista perciba unha ou máis pensións públicas, o incremento previsto nesta disposición adicional non poderá supor, en ningún caso, que a suma de todas elas supere o límite máximo de pensións públicas previsto nesta lei.

Dous. No ano 2018, as contías mínimas das pensións de clases pasivas incrementaranse nun 2,75 % adicional ao previsto no artigo 42 desta lei, e quedan fixadas, nos importes seguintes, en cómputo anual, clase de pensión e requisitos concorrentes no titular:

Clase de pensión	Importe		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
Pensión de xubilación ou retiro	11.348,40	9.196,60	8.727,60
Pensión de viuvez	9.196,60		
Pensión familiar distinta da de viuvez, onde N é o número de beneficiarios da pensión ou pensións	$\frac{8.964,20}{N}$		

Tres. No ano 2018, as contías mínimas das pensións do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva incrementaranse nun 2,75 % adicional ao previsto no artigo 43 desta lei, do cal resultan os importes seguintes en cómputo anual, clase de pensión e requisitos concorrentes no titular:

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
Xubilación			
Titular con sesenta e cinco anos	11.348,40	9.196,60	8.727,60
Titular menor de sesenta e cinco anos	10.638,60	8.603,00	8.132,60
Titular con sesenta e cinco anos procedente de grande invalidez	17.022,60	13.795,60	13.091,40
Incapacidade permanente			
Grande invalidez	17.022,60	13.795,60	13.091,40
Absoluta	11.348,40	9.196,60	8.727,60
Total: titular con sesenta e cinco anos	11.348,40	9.196,60	8.727,60
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos	10.638,60	8.603,00	8.132,60
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos	5.720,40	5.720,40	5.666,78
Parcial do réxime de accidentes de traballo: titular con sesenta e cinco anos	11.348,40	9.196,60	8.727,60
Viuvez			
Titular con cargas familiares		10.638,60	
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100		9.196,60	
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos		8.603,00	
Titular con menos de sesenta anos		6.966,40	

Clase de pensión	Euros/ano
Orfandade	
Por beneficiario	2.809,80
Por beneficiario menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100	5.530,00
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 6.966,40 euros/ano distribuídos, de ser o caso, entre os beneficiarios.	
En favor de familiares	
Por beneficiario	2.809,80
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
Un só beneficiario con sesenta e cinco anos	6.791,40
Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos	6.400,80
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratear 4.156,60 euros/ano entre o número de beneficiarios.	

Catro. No ano 2018, as contías seguintes incrementaranse nun 2,75 % adicional ao previsto nos correspondentes artigos 42, 43, 44 e 45 desta lei, e quedan fixadas nos importes seguintes:

1. Límite de ingresos para o recoñecemento de complementos económicos por mínimos:

Nas pensións de clases pasivas: 7.347,99 euros/ano.

Nas pensións da Seguridade Social:

Sen cónxuxe a cargo: 7.347,99 euros/ano.

Con cónxuxe a cargo: 8.571,51 euros/ano.

2. Pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva: 5.321,40 euros/ano.

3. Pensións do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI):

– Pensións do SOVI non concorrentes: 5.887,00 euros/ano.

– Pensións do SOVI concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez: 5.714,80 euros/ano.

Cinco. No ano 2018, a contía do límite máximo de percepción de pensións públicas incrementárase nun 1,35 por cento adicional ao previsto nos artigos 38, 40 e 41 desta lei, e queda fixada nos importes seguintes: 36.609,44 euros/ano ou 2.614,96 euros/mes.

Disposición adicional quincuaxésimo segunda. *Cómputo dos períodos traballados en organizacións internacionais intergubernamentais para o recoñecemento e cálculo das pensións do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva.*

Para efectos do recoñecemento e cálculo das pensións do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, computaranse os períodos traballados en organizacións internacionais intergubernamentais situadas no territorio dun Estado membro da Unión Europea, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Disposición adicional quincuaxésimo terceira. *Adiamento da aplicación da disposición adicional vixésimo oitava da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.*

Adíase a aplicación do establecido na disposición adicional vixésimo oitava da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

Disposición adicional quincuaxésimo cuarta. *Prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas e organismos e entidades públicas dependentes delas.*

Un. Cada Administración pública poderá determinar, logo de negociación colectiva, as retribucións que percibirá o persoal ao seu servizo ou ao dos organismos e entidades públicas dependentes, en situación de incapacidade temporal e no caso do persoal funcionario ao cal se lle expedise licenza por enfermidade, de acordo coas seguintes regras:

1.^a Respecto ao persoal funcionario incluído no réxime xeral da Seguridade Social e ao persoal estatutario e laboral, poderase establecer un complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do cento por cento das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

2.^a Respecto ao persoal funcionario incluído no réxime de mutualismo administrativo, de acordo co réxime retributivo establecido na súa normativa, ademais do subsidio de incapacidade temporal, cada Administración pública poderá acordar, logo de negociación colectiva, para o período de tempo que non comprenda a aplicación do subsidio de incapacidade temporal, a percepción de ata o cen por cento das retribucións, básicas e complementarias, correspondentes ás súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal. Durante a percepción do subsidio por incapacidade temporal, este poderá ser complementado polo órgano encargado da xestión de persoal, logo de negociación colectiva, ata alcanzar como máximo o cen por cento das retribucións que o funcionario percibise o mes de inicio da incapacidade temporal.

Para o período de tempo en que xa se aplique o subsidio por incapacidade temporal, observárase o previsto na súa actual normativa reguladora.

Dous. Para a determinación do previsto nos puntos anteriores poderán, de ser o caso, establecerse diferentes escenarios retributivos en función do tipo de continxencia que dese lugar á incapacidade temporal ou á duración desta, sen que en ningún caso o réxime da Seguridade Social de pertenza poida xustificar un trato máis prexudicial para un ou outro colectivo, computando para iso tanto as prestacións ou subsidios a que se teña dereito como as retribucións que aboe a Administración respectiva, para o cal a dita Administración deberá aprobar, de acordo co previsto no punto anterior, o aboamento dunhas retribucións que permitan garantir esta equivalencia de percepcións.

Os supostos de incapacidade temporal derivados de continxencias profesionais, así como os que afecten a muller xestante, deberán ter necesariamente o trato máis favorable dos acordados pola Administración respectiva.

Tres. As distintas administracións públicas deberán regular a forma de xustificación das ausencias por causa de enfermidade ou que dean lugar a unha incapacidade temporal, mediante a exigencia do correspondente parte de baixa ou documentación acreditativa, segundo proceda, desde o primeiro día de ausencia.

Catro. Cada Administración pública deseñará un plan de control do absentismo, que deberá ser obxecto de difusión pública, a través do respectivo portal de transparencia. No dito portal serán igualmente obxecto de publicación os datos de absentismo, clasificados pola súa causa, cunha periodicidade ao menos semestral.

Cinco. O previsto nesta disposición resulta de aplicación ao persoal da carreira xudicial e fiscal, do corpo de letrados da Administración de xustiza, aos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza e ao persoal dos órganos constitucionais.

Seis. No caso da Administración do Estado, a regulación a que se refiren os puntos un e dous desta disposición aprobarase por decreto do Consello de Ministros.

Sete. Esta disposición ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.7.^a, 149.1.13.^a e 149.1.18.^a da Constitución.

Disposición adicional quincuaxésimo quinta. *Incremento da porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión de viuvez do réxime de clases pasivas do Estado en 2019.*

O incremento da porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión de viuvez do réxime de clases pasivas do Estado en favor de pensionistas con 65 ou máis anos que non perciban outra pensión pública, regulado no artigo 39.3 e na disposición adicional décimo novena do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, alcanzará oito ou catro puntos, segundo corresponda, o 1 de xaneiro de 2019.

Disposición adicional quincuaxésimo sexta. *Axudas ás persoas afectadas pola talidomida en España durante o período 1950-1985.*

Un. Concederáse unha axuda a aqueles que, durante o período 1950-1985, sufriron malformacións corporais durante o proceso de xestación compatibles coas descritas para a talidomida, cuxa orixe non poida ser explicada por outras embriopatías ou alteracións cromosómicas sempre que a xestación se producise en España. Estas axudas serán compatibles con calquera pensión pública a que a persoa beneficiaria teña dereito, e complementarias coa percepción doutras axudas ou prestacións de análoga natureza e finalidade ás reguladas nesta disposición e, en concreto, coas axudas establecidas no Real decreto 1006/2010, do 5 de agosto, polo que se regula o procedemento de concesión de axudas ás persoas afectadas pola talidomida en España durante o período 1960-1965.

Dous. O importe da axuda que se percibirá será o resultado de multiplicar 12.000 euros por cada un dos puntos porcentuais de discapacidade recoñecida á persoa afectada, por parte dos organismos competentes, na data de presentación da solicitude da axuda.

Tres. As persoas afectadas por talidomida en España teñen dereito ás prestacións farmacéuticas e ortoprotésicas que sexan precisas para desempeñar as actividades básicas da vida diaria, así como para suplir as deficiencias causadas polas lesións orixinadas pola embriopatía, e estarán exentas de calquera tipo de pagamento.

Catro. O Goberno de España solicitará da compañía propietaria da patente e, de ser o caso, daquelas que realizasen a distribución do fármaco en España a colaboración económica necesaria para a reparación das vítimas, así como o recoñecemento do dano causado. Esta colaboración destinarase a incrementar proporcionalmente as cantidades recoñecidas ás persoas afectadas.

Cinco. Autorízase o Goberno para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento do previsto nesta disposición adicional.

IV

Disposición adicional quincuaxésimo sétima. *Xuro legal do diñeiro.*

Un. De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 24/1984, do 29 de xuño, sobre modificación do tipo de xuro legal do diñeiro, este queda establecido no 3,00 por cento ata o 31 de decembro do ano 2018.

Dous. Durante o mesmo período, o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será o 3,75 por cento.

Tres. Durante o mesmo período, o xuro de demora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, será o 3,75 por cento.

Disposición adicional quincuaxésimo oitava. *Garantía do Estado para obras de interese cultural.*

Un. De acordo co establecido no punto 3 da disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, durante o exercicio 2018 o importe total acumulado, en todo momento, dos compromisos outorgados polo Estado respecto a todas as obras ou conxuntos de obras cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e os seus organismos públicos adscritos, non poderá exceder os 2.250.000 miles de euros. Excluirase do cómputo do dito importe máximo a contía prevista no punto dous desta disposición adicional.

O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen por primeira vez no ano 2018 para obras ou conxuntos de obras destinadas á súa exhibición nunha mesma exposición será de 231.000 miles de euros. Unha vez que se devolvan as obras aos cedentes e que os responsables das exposicións acrediten o termo da garantía outorgada sen incidencia ningunha, as cantidades comprometidas deixarán de estalo e poderán ser de novo outorgadas a unha nova exposición.

Excepcionalmente, este límite máximo poderá elevarse por riba dos 231.000 miles de euros por acordo do Consello de Ministros por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, por iniciativa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

O importe máximo comprometido nunha obra, para efectos da súa cobertura pola garantía do Estado, non poderá superar os 100.000 miles de euros.

Dous. O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen á Fundación Colección Thyssen-Bornemisza respecto ás obras destinadas á súa exhibición nas sedes da Fundación situadas en España en relación co «Contrato de préstamo de obras de arte entre, dunha parte, a Fundación Colección Thyssen-Bornemisza e, doutra, Omicron Collections Limited, Nautilus Trustees Limited, Coraldale Navigation Incorporated, Imiberia Anstalt e a Baronesa Carmen Thyssen-Bornemisza», para o ano 2018 será de 500.000 miles de euros.

Tres. No ano 2018 tamén será de aplicación a garantía do Estado ás exposicións organizadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, polo Consello de Administración de Patrimonio Nacional, e pola Sociedad Estatal de Acción Cultural S.A.

(AC/E) sempre e cando se celebren en institucións das cales a Administración xeral do Estado sexa titular. Así mesmo, a garantía do Estado será de aplicación ás exposicións organizadas pola Fundación Lázaro Galdiano na sede do seu museo.

Disposición adicional quincuaxésimo novena. *Cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española.*

Durante a vixencia desta lei, o límite máximo para nova contratación de cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española, excluídas as pólizas abertas de curto prazo, salvo as de créditos documentarios, que poderá emitir a Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación, Sociedad Anónima (CESCE) por conta do Estado, será para o exercicio económico en curso de 9.000.000 miles de euros.

Disposición adicional sexaxésima. *Dotación dos fondos de fomento ao investimento español con interese español no exterior.*

Un. Durante a vixencia desta lei, a dotación do Fondo para Inversións no Exterior establécese en 10.000,00 miles de euros no exercicio económico en curso. O comité executivo do Fondo para Inversións no Exterior poderá aprobar durante o dito exercicio operacións por un importe total máximo equivalente a 300.000,00 miles de euros.

Dous. Durante a vixencia desta lei, a dotación do Fondo de Operacións de Inversión no Exterior da Pequena e Mediana Empresa establécese en 2.000,00 miles de euros no exercicio económico en curso. O comité executivo do Fondo de Operacións de Inversión no Exterior da Pequena e Mediana Empresa poderá aprobar durante o dito exercicio operacións por un importe total máximo equivalente a 35.000,00 miles de euros.

Disposición adicional sexaxésima primeira. *Avais do Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE) e da Secretaría de Estado de Turismo.*

Un. Autorízase o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) para prestar avais no exercicio 2018 ata 50.000,00 miles de euros, con cargo ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética (FNEE), para cubrir o 50 % do risco dos préstamos concedidos con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO), no marco do convenio de colaboración entre o IDAE e o ICO para a instrumentación da liña «ICO-IDAE Eficiencia enerxética 2017-2018»

Dous. Autorízase a Secretaría de Estado de Turismo para prestar avais no exercicio 2018 ata 15.000,00 miles de euros, con cargo ao Fondo Financeiro do Estado para a Modernización das Infraestruturas Turísticas (FOMIT), para a cobertura do 50 % do risco dos préstamos concedidos a empresas do sector da hostalaría con cargo a fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) no marco do convenio de colaboración entre o IDAE e o ICO para a instrumentación da liña «ICO-IDAE Eficiencia enerxética 2017-2018. A Secretaría de Estado de Turismo adherirase ao dito convenio de colaboración para os efectos de desenvolver o establecido na presente disposición.

Disposición adicional sexaxésima segunda. *Creación do Fondo de compensación dos consorcios de zona franca, FCPJ.*

Créase o Fondo de compensación dos consorcios de zona franca, baixo a denominación de Fondo de compensación dos consorcios de zona franca, FCPJ, cuxo obxecto será a redistribución de recursos do conxunto dos consorcios de zona franca.

O Fondo adscríbese á Administración xeral do Estado. A súa xestión atribúese ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Subsecretaría de Facenda e Función Pública.

Estarán adheridos ao Fondo os consorcios de zona franca existentes en cada momento.

Para o cumprimento do seu obxecto, o Fondo sosterase mediante as achegas anuais que realicen os consorcios de zona franca. A contía das achegas establecerase mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública, a cal será obrigatoria para os consorcios de zona franca. O cálculo das achegas tomará como referencia os ingresos derivados do recurso financeiro regulado polo Real decreto legislativo 1/1999 nunha porcentaxe que oscilará entre un mínimo do 4% e un máximo do 12% do importe do dito recurso correspondente ao último exercicio liquidado. As leis de orzamentos xerais do Estado poderán modificar estas porcentaxes.

A distribución dos recursos do Fondo requirirá petición previa motivada do correspondente consorcio. Autorizarase mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública.

O grupo de coordinación regulado na Resolución do 11 de xullo de 2017, da Subsecretaría, pola que se crea o grupo de coordinación dos delegados especiais do Estado nos consorcios de zona franca, será oído na fixación e distribución dos recursos do Fondo.

Mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública desenvolveranse os requisitos para a realización de achegas, as condicións para a distribución e percepción de fondos e outros aspectos relacionados co funcionamento do Fondo.

Disposición adicional sexaxésimo terceira. *Apoio financeiro a empresas de base tecnolóxica. Préstamos participativos.*

O importe da achega do Estado á liña de financiamento creada no punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ao aforro familiar e á pequena e mediana empresa, será de 20.500,00 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 27.16.433M.821.11.

A aprobación de calquera acto ou negocio xurídico que se realice para dispor do crédito previsto no parágrafo anterior necesitará o informe favorable da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos sobre o cumprimento dos requisitos necesarios para facer posible o seu financiamento mediante fondos estruturais europeos.

Disposición adicional sexaxésimo cuarta. *Apoio financeiro a mozos emprendedores.*

O importe da achega do Estado á liña de financiamento creada na disposición adicional vixésimo terceira da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, será de 20.500,00 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 27.16.433M.821.12.

A aprobación de calquera acto ou negocio xurídico que se realice para dispor do crédito previsto no parágrafo anterior necesitará o informe favorable da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos sobre o cumprimento dos requisitos necesarios para facer posible o seu financiamento mediante fondos estruturais europeos.

Disposición adicional sexaxésimo quinta. *Apoio financeiro ás pequenas e medianas empresas.*

O importe da achega do Estado á liña de financiamento creada na disposición adicional vixésimo quinta da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, será de 57.500,00 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 27.16.433M.821.10.

A aprobación de calquera acto ou negocio xurídico que se realice para dispor do crédito previsto no parágrafo anterior necesitará o informe favorable da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos sobre o cumprimento dos requisitos necesarios para facer posible o seu financiamento mediante fondos estruturais europeos.

Disposición adicional sexaxésimo sexta. *Fondo de apoio para a promoción e o desenvolvemento de infraestruturas e servizos do Sistema de autonomía e atención á dependencia.*

Un. O Fondo de apoio para a promoción e desenvolvemento de infraestruturas e servizos do Sistema de autonomía e atención á dependencia, creado na disposición adicional sexaxésimo primeira da Lei 2/2008, de orzamentos xerais do Estado para 2009, e que ten por obxecto prestar apoio financeiro ás empresas que leven a cabo a dita actividade, terá unha dotación para o exercicio 2018 de 5.000 miles de euros, achegados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Esta dotación será desembolsada e transferida á Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) con cargo aos orzamentos xerais do Estado de 2018.

Dous. O procedemento e as condicións aplicables á xestión do Fondo, así como os criterios e procedementos de selección, concesión e control do financiamento que este outorgue serán os establecidos no convenio asinado para o exercicio 2009 entre o Ministerio de Economía e Facenda, o Ministerio de Sanidade e Política Social e a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), salvo que as institucións asinantes consideren necesario efectuar algunha modificación para o seu mellor funcionamento.

Tres. O Fondo poderá utilizar remanentes de convocatorias anteriores no financiamento que conceda a empresas en convocatorias posteriores. O Fondo poderá utilizar os recursos procedentes das amortizacións e os rendementos financeiros de financiamentos concedidos no financiamento que conceda a empresas en novas convocatorias.

Catro. O Fondo poderá dedicar parte dos seus recursos á constitución de fondos que terían o mesmo fin pero limitarían o seu ámbito de actuación a unha comunidade autónoma, logo de decisión por unanimidade da Comisión de Investimentos e Seguimento prevista no citado convenio. Estes novos fondos, constituídos a través dun convenio das partes, contarían cos recursos achegados polo Fondo do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, pola comunidade autónoma correspondente e polas entidades económico-financeiras que poidan estar interesadas.

Cinco. No momento da liquidación do Fondo, que se producirá o 30 de setembro de 2022, SEPI ingresará no Tesouro público a dotación percibida con cargo aos orzamentos xerais do Estado, menos o importe correspondente ás operacións de financiamento fallidas, se as houber, e os gastos derivados da xestión do Fondo desde a súa creación, máis os rendementos financeiros que poidan xerar as cantidades achegadas a el.

Seis. Este fondo carece de personalidade xurídica. As responsabilidades do Fondo limitaranse exclusivamente a aquelas que a entidade xestora contraese por conta del. Igualmente, os posibles acredores do Fondo non poderán facer efectivos os seus créditos contra o patrimonio da entidade xestora.

Disposición adicional sexaxésimo sétima. *Endebemento da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad.*

Co fin de garantir a adecuación á nova normativa reguladora do Sistema europeo de contas nacionais, así como o cumprimento dos obxectivos e compromisos adquiridos en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a entidade pública ADIF-Alta Velocidad precisará a autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública para levar a cabo as operacións de endebemento, calquera que sexa a forma en que estas se formalicen, incluídas no límite máximo de endebemento da entidade previsto na presente lei.

As autorizacións instrumentaranse de acordo coas seguintes regras, atendendo ao tipo de operacións:

1. En calquera caso, as operacións deberán estar previstas nos plans e programas de actuación e/ou investimento da entidade.

2. O saldo vivo da débeda a curto prazo non poderá variar desde o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018, nunha contía superior á que determine o Ministerio de Facenda e Función Pública.

3. Cada unha das operacións de endebedamento cun prazo de vencemento superior a un ano precisará a autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública.

4. O expediente de autorización será remitido por ADIF-Alta Velocidad ao Ministerio de Facenda e Función Pública con toda a documentación precisa e descritiva das operacións que se vaian efectuar e con indicación das consecuencias que delas poidan resultar nos plans e programas de actuación e/ou investimento da entidade, así como para a absorción de fondos comunitarios ou o cumprimento doutras obrigacións financeiras asumidas por ADIF-Alta Velocidad.

V

Disposición adicional sexaxésimo oitava. *Exención de determinadas rendas obtidas polas autoridades portuarias.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2017, e con vixencia indefinida, estarán exentas no imposto sobre sociedades as rendas obtidas polas autoridades portuarias como consecuencia da transmisión de elementos do seu inmovilizado, sempre que o importe total da transmisión se destine á amortización de préstamos concedidos por Portos do Estado ou por entidades oficiais de crédito para financiar investimentos en elementos do inmovilizado relacionados co seu obxecto ou finalidade específica.

Disposición adicional sexaxésimo novena. *Afectación da recadación das taxas de DNI e pasaportes.*

Afectación da recadación das taxas de expedición do documento nacional de identidade e pasaportes. Aféctase a recadación das taxas de expedición do documento nacional de identidade e pasaportes con vixencia indefinida ao financiamento das actividades desenvolvidas pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, en cumprimento das encomendas de xestión realizadas polos centros do Ministerio do Interior para a expedición dos indicados documentos, nas porcentaxes que se recollen a continuación:

Taxas	Porcentaxe de afectación
Taxa 013 de expedición do pasaporte	57 %
Taxa 014 de expedición do DNI	88 %

Disposición adicional septuaxésima. *Transferencia á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para compensar a redución de ingresos no sistema eléctrico consecuencia da eliminación da peaxe 6.1.b).*

Un. Con efectos exclusivos para 2018 e co fin de compensar no sistema eléctrico a redución de ingresos consecuencia da eliminación da peaxe de acceso 6.1.b), o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital transferirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia crédito por importe de 40.000 miles de euros da partida 20.18.000X.736.

Dous. O importe, transferido á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a que se refire o parágrafo anterior será incorporado dunha soa vez, como ingreso, ao sistema de liquidacións do sistema eléctrico xestionado por ese organismo.

Disposición adicional septuaxésimo primeira. *Actividades prioritarias de mecenado.*

Un. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, durante o ano 2018 consideraranse actividades prioritarias de mecenado as seguintes:

1.^a As levadas a cabo polo Instituto Cervantes para a promoción e difusión da lingua española e da cultura mediante redes telemáticas, novas tecnoloxías e outros medios.

2.^a As levadas a cabo pola Fundación Deporte Joven en colaboración co Consello Superior de Deportes no marco do proxecto «España compite: na empresa como no deporte» coa finalidade de contribuír ao impulso e proxección das pemes españolas no ámbito interno e internacional, a potenciación do deporte e a promoción do empresario como motor de crecemento asociado aos valores do deporte.

Os donativos, doazóns e achegas ás actividades sinaladas no parágrafo anterior que, de conformidade co punto dous desta disposición adicional, poden beneficiarse da elevación en cinco puntos porcentuais das porcentaxes e límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da citada Lei 49/2002 terán o límite de 50.000 euros anuais para cada achegante.

3.^a As levadas a cabo pola Biblioteca Nacional de España en cumprimento dos fins e funcións de carácter cultural e de investigación científica establecidos pola Lei 1/2015, do 24 de marzo, reguladora da Biblioteca Nacional de España, e polo Real decreto 640/2016, do 9 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da Biblioteca Nacional de España.

4.^a As actividades de fomento, promoción e difusión das artes escénicas e musicais levadas a cabo polas administracións públicas ou co apoio destas.

5.^a As levadas a cabo polo Museo Nacional do Prado para lograr os seus fins establecidos na Lei 46/2003, do 25 de novembro, reguladora do Museo Nacional do Prado, e no Real decreto 433/2004, do 12 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do Museo Nacional do Prado.

6.^a A conservación, restauración ou rehabilitación dos bens do patrimonio histórico español que se relacionan no anexo XIII desta lei.

7.^a Os proxectos e actuacións das administracións públicas dedicadas á promoción da sociedade da información e, en particular, aqueles que teñan por obxecto a prestación dos servizos públicos por medio dos servizos informáticos e telemáticos a través da internet.

8.^a Os programas de formación e promoción do voluntariado que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas.

9.^a Os programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas ou se realicen en colaboración con estas.

10.^a A investigación, o desenvolvemento e a innovación nas infraestruturas que forman parte do Mapa nacional de infraestruturas científicas e técnicas singulares (ICTS), aprobado o 7 de outubro de 2014 polo Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación e que, para este efecto, se relacionan no anexo XIV desta lei.

11.^a A investigación, o desenvolvemento e a innovación orientados a resolver os retos da sociedade identificados na Estratexia española de ciencia e tecnoloxía e de innovación para o período 2013-2020 e financiados ou realizados polas entidades que, para estes efectos, recoñeza o Ministerio de Facenda e Función Pública, por proposta do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

12.^a O fomento da difusión, divulgación e comunicación da cultura científica e da innovación levadas a cabo pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía.

13.^a As levadas a cabo pola Axencia Estatal de Investigación para o fomento e financiamento das actuacións que derivan das políticas de I+D da Administración xeral do Estado.

14.^a As levadas a cabo pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a loita contra a pobreza e a consecución dun desenvolvemento humano sustentable nos países en desenvolvemento.

15.^a As levadas a cabo pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a promoción e o desenvolvemento das relacións culturais e científicas con outros países, así como para a promoción da cultura española no exterior.

16.^a As actividades de promoción educativa no exterior recollidas no Real decreto 1027/1993, do 25 de xuño, polo que se regula a acción educativa no exterior.

17.^a As levadas a cabo pola Fundación ONCE no marco do Programa de bolsas «Oportunidade ao talento», así como as actividades culturais desenvolvidas por esta entidade no marco da Bienal de Arte Contemporánea, o espazo cultural «Cambio de sentido» e a exposición itinerante «El mundo fluye».

18.^a As levadas a cabo pola Fundación ONCE do can guía no marco do «Trinta Aniversario da Fundación ONCE do can guía».

19.^a As actividades que se leven a cabo en aplicación do Pacto iberoamericano de xuventude.

20.^a As levadas a cabo polo Fondo de bolsas Soledad Cazorla para Orfos da violencia de xénero (Fundación Mujeres).

Dous. As porcentaxes e os límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da citada Lei 49/2002 elevaranse en cinco puntos porcentuais en relación coas actividades incluídas no punto anterior.

Disposición adicional septuaxésimo segunda. *Beneficios fiscais aplicables á «50 Edición do Festival Internacional de Jazz de Barcelona».*

Un. O Programa «50 Edición do Festival Internacional de Jazz de Barcelona» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2018 ata o 31 de decembro de 2020.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo terceira. *Beneficios fiscais aplicables a «Centenarios do Real Sitio de Covadonga».*

Un. O Programa «Centenarios do Real Sitio de Covadonga» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2018 ata o 31 de decembro de 2019.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo cuarta. *Beneficios fiscais aplicables ao «Campionato Mundial Junior Balonmán Masculino 2019».*

Un. O programa «Campionato Mundial Junior Balonmán Masculino 2019» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2018 ata o 31 de decembro de 2020.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo quinta. *Beneficios fiscais aplicables ao «Campionato Mundial Balonmán Feminino 2021».*

Un. O programa «Campionato Mundial Balonmán Feminino 2021» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo sexta. *Beneficios fiscais aplicables a «Andalucía Valderrama Masters».*

Un. O Programa «Andalucía Valderrama Masters» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2018 ata o 31 de decembro de 2020.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «A Transición: 40 anos de liberdade de expresión».*

Un. O programa «A Transición: 40 anos de liberdade de expresión» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2018 ata o 31 de decembro de 2020.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo oitava. *Beneficios fiscais aplicables a «Barcelona Mobile World Capital».*

Un. O programa «Barcelona Mobile World Capital» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será do 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2020.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional septuaxésimo novena. *Beneficios fiscais aplicables á celebración do acontecemento «Ceuta e a Lexión, 100 anos de unión».*

Un. O programa «Ceuta e a Lexión, 100 anos de unión» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2018 ata o 20 de setembro de 2020.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésima. *Beneficios fiscais aplicables ao Programa «Campionato do Mundo de Tríatlon Multideporte Pontevedra 2019».*

Un. O programa «Campionato do Mundo de Tríatlon Multideporte Pontevedra 2019» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2018 ata o 31 de decembro de 2019.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo primeira. *Beneficios fiscais aplicables ao Programa «Bádminton World Tour».*

Un. O programa «Bádminton World Tour» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xuño de 2018 ata o 31 de maio de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo segunda. *Beneficios fiscais aplicables ao Programa «Novas metas».*

Un. O programa «Novas metas» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde 1 de xullo de 2018 ata o 30 de xuño de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo terceira. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Barcelona Equestrian Challenge (3.ª edición)».*

Un. O programa «Barcelona Equestrian Challenge (3.ª edición)» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo cuarta. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Universo Muller II».*

Un. O programa «Universo Muller II» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo quinta. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Logroño 2021, o noso V Centenario».*

Un. O programa «Logroño 2021, o noso V Centenario» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de outubro de 2018 ata o 30 de setembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo sexta. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Centenario Delibes».*

Un. O programa «Centenario Delibes» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2019 ata o 30 de xuño de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Ano Santo Xacobeo 2021».*

Un. O programa «Ano Santo Xacobeo 2021» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de outubro de 2018 ata o 30 de setembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase en conformidade polo Consello Xacobeo.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo oitava. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «VIII Centenario da Catedral de Burgos 2021».*

Un. O programa «VIII Centenario da Catedral de Burgos 2021» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de decembro de 2018 ata o 30 de novembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional octoxésimo novena. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Deporte inclusivo».*

Un. O programa «Deporte inclusivo» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2018 ata o 30 xuño de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésima. *Beneficios fiscais aplicables ao «Plan 2020 de apoio ao deporte de base II».*

Un. O programa «Plan 2020 de apoio ao deporte de base II» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo primeira. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «España, capital do talento novo».*

Un. O programa «España, capital do talento novo» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2018 ata o 31 de decembro de 2020.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo segunda. *Beneficios fiscais aplicables á «Commemoración do centenario da coroación de Nosa Señora do Rocío (1919-2019)».*

Un. O programa «Commemoración do centenario da coroación de Nosa Señora do Rocío (1919-2019)» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de setembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2020.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo terceira. *Beneficios fiscais aplicables ao «Traslado da imaxe de Nosa Señora do Rocío desde a aldea á vila de Almonte».*

Un. O programa «Traslado da Imaxe de Nosa Señora do Rocío desde a aldea á vila de Almonte» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de setembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2020.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo cuarta. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Camiño Lebaniego».*

Un. O programa «Camiño Lebaniego» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo quinta. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Ano Europeo do Patrimonio Cultural (2018)».*

Un. O programa «Ano Europeo do Patrimonio Cultural (2018)» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo sexta. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Expo Dubai 2020».*

Un. O programa Beneficios fiscais aplicables a «Expo Dubai 2020» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de outubro de 2019 ata o 31 de outubro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables a «Enfermidades neurodexenerativas 2020. Ano Internacional da Investigación e Innovación».*

Un. «Enfermidades neurodexenerativas 2020. Ano Internacional da Investigación e Innovación» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2020.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e programas efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo oitava. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «Camiño da Cruz de Caravaca».*

Un. O programa «Camiño da Cruz de Caravaca» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de setembro de 2017 ata o 31 de agosto de 2019.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional nonaxésimo novena. *Beneficios fiscais aplicables á celebración do «XXV aniversario da declaración pola UNESCO do Real Mosteiro de Santa María de Guadalupe como patrimonio da humanidade».*

Un. A celebración do «XXV aniversario da declaración pola UNESCO do Real Mosteiro de Santa María de Guadalupe como patrimonio da humanidade» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 8 de decembro de 2018 ao 31 de decembro 2020.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Disposición adicional centésima. *Beneficios fiscais aplicables ao evento «Automobile Barcelona 2019».*

Un. A celebración dos actos do evento «Automobile Barcelona 2019» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento alcanzará desde o 1 de setembro de 2018 ao 1 de setembro de 2021.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos e investimentos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun órgano administrativo competente que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción das actividades específicas serán realizados polo órgano competente a que se fixo referencia no punto tres desta disposición.

Cinco. Os beneficios deste programa serán os máximos previstos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

As cantidades satisfeitas, en concepto de patrocinio, polas empresas patrocinadoras ao órgano administrativo competente, entidades de titularidade pública ou entidades a que se refire o artigo 2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, encargadas da realización de programas e actividades do acontecemento, teranse en conta para efectos do cálculo do límite previsto no segundo parágrafo do ordinal primeiro do artigo 27.3 da Lei 49/2002, antes mencionada.

Disposición adicional centésimo primeira. *Réxime fiscal das achegas ao fondo ex ante constituído no marco dun sistema institucional de protección dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2017, cando no marco dun sistema institucional de protección dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, se constituíse un fondo *ex ante* que garanta que o sistema institucional de protección ten fondos directamente á súa disposición para medidas de apoio á liquidez e solvencia e que contribúan á prevención da resolución, as achegas que os seus membros realicen a tal fondo non se integrarán para efectos do imposto sobre sociedades na base imponible do fondo *ex ante* ou entidade que, no marco do citado sistema institucional de protección, as reciba.»

Disposición adicional centésimo segunda. *Efectividade da previsión do artigo 2 do Real decreto legislativo 1/1999, do 23 de decembro, polo que se adecúa a normativa do recurso previsto no parágrafo terceiro da base 9.ª do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos ao sistema tributario vixente.*

Implántase o recurso regulado no Real decreto legislativo 1/1999, do 23 de decembro, polo que se adecúa a normativa do recurso previsto no parágrafo terceiro da base 9.ª do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos, ao sistema tributario vixente, nos consorcios das zonas francas de Barcelona, Gran Canaria, Tenerife, Sevilla e Santander.

Disposición adicional centésimo terceira. *Asignación de cantidades a actividades de interese xeral consideradas de interese social.*

Un. O Estado destinará a subvencionar actividades de interese xeral consideradas de interese social, na forma que regulamentariamente se estableza, o 0,7 por cento da cota íntegra do imposto sobre sociedades correspondente aos contribuíntes cuxo período impositivo finalizase a partir da entrada en vigor desta lei, que manifesten expresamente a súa vontade en tal sentido.

Dous. Para estes efectos, entenderase por cota íntegra do imposto a cota íntegra total declarada, determinada nos termos previstos na Lei reguladora do imposto sobre sociedades.

A liquidación definitiva da asignación correspondente ao exercicio de 2018 levarase a cabo antes do 30 de abril de 2020 e efectuarase unha liquidación provisional o 30 de setembro de 2019 que posibilite a iniciación anticipada do procedemento para a concesión das subvencións.

As contías destinadas a estas subvencións –que en todo caso se destinarán a financiar proxectos de entidades de ámbito estatal– xestionaranse e outorgaranse de acordo co procedemento que regulamentariamente se estableza.

VI

Disposición adicional centésimo cuarta. *Suspensión da aplicación de determinados preceptos da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

Durante o ano 2018 suspéndese a aplicación do artigo 7.2, do artigo 8.2.a), do artigo 10 e do artigo 32.3, parágrafo primeiro, da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Disposición adicional centésimo quinta. *Suspensión normativa.*

Queda sen efecto para o exercicio 2018 o previsto no artigo 2 ter.4 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Disposición adicional centésimo sexta. *Asignación de cantidades a actividades de interese xeral consideradas de interese social.*

O Estado destinará a subvencionar actividades de interese xeral consideradas de interese social, na forma que regulamentariamente se estableza, o 0,7 por cento da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2018 correspondente aos contribuíntes que manifesten expresamente a súa vontade en tal sentido.

Para estes efectos, entenderase por cota íntegra do imposto a formada pola suma da cota íntegra estatal e da cota íntegra autonómica nos termos previstos na Lei reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A liquidación definitiva da asignación correspondente ao exercicio de 2018 levarase a cabo antes do 30 de abril de 2020 e efectuarase unha liquidación provisional o 30 de novembro de 2019 que posibilite a iniciación anticipada do procedemento para a concesión das subvencións.

A contía total asignada nos orzamentos de 2018 para actividades de interese xeral consideradas de interese social distribuirase aplicando as seguintes porcentaxes: O 77,72 por 100 ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o 19,43 por 100 ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e o 2,85 por 100 ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. Estas porcentaxes serán de aplicación sobre a liquidación definitiva practicada no propio exercicio 2018.

As contías destinadas a estas subvencións xestionaranas e outorgaranas as administracións competentes.

Disposición adicional centésimo sétima. *Autorización de pagamentos á conta polos servizos de proximidades e rexionais traspasados á Generalitat de Cataluña.*

Un. O establecido no punto un da disposición adicional septuaxésimo segunda da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, será de aplicación ao custo neto dos servizos de transporte de viaxeiros por ferrocarril de proximidades e rexionais cuxas funcións foron traspasadas á Generalitat de Cataluña, prestados en 2017 por Renfe Viajeros, S.A.

Dous. O libramento efectuarase unha vez que a Intervención Xeral da Administración do Estado emita o correspondente informe de control financeiro sobre a proposta de liquidación elaborada por Renfe-Operadora, en que verificará especialmente que os criterios de imputación de ingresos e gastos sexan análogos aos que deriven do contrato entre a Administración xeral do Estado e a sociedade mercantil estatal Renfe-Viajeros, S.A. para a prestación dos servizos públicos de transporte ferroviario de viaxeiros por ferrocarril de «proximidades», «media distancia» e «largo métrico», competencia da Administración xeral do Estado, suxeitos a obrigacións de servizo público no período 2016, prorrogado para o ano 2017. O informe deberá emitirse antes do 30 de setembro de 2018.

Para iso, Renfe-Viajeros S.A. deberá pór á disposición da Intervención da Administración Xeral do Estado, ao menos tres meses antes, tanto a proposta de liquidación como toda a información e documentación precisas para a súa verificación, incluídos os estudos que permitan valorar e cuantificar os efectos sobre o déficit de explotación das medidas tarifarias aprobadas pola Generalitat.

Non será obxecto de compensación o maior déficit de explotación que se puidese ter orixinado a Renfe Viajeros, S.A. como consecuencia de decisións da Generalitat de Cataluña, en uso das súas competencias, en canto a política tarifaria ou estándares de calidade, compromisos e condicións, distintos dos considerados para efectos do contrato citado con anterioridade.

Tres. O libramento efectuarase tras ter en conta o informe de control financeiro a que se refire o punto dous, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e importe dos orzamentos xerais do Estado para 2018: 17.39.441M.447 «a Renfe-Viajeros, S.A. para compensar os servizos de transporte de proximidades e rexionais traspasados á Comunidade Autónoma de Cataluña, correspondentes ao exercicio 2017, pendentes de liquidación», por 176.023,00 miles de euros.

Catro. A transferencia a que se refire o punto anterior terá carácter de cantidade á conta da liquidación definitiva que se acorde no marco da metodoloxía aprobada polos acordos do 22 de decembro de 2009, da Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat de Cataluña, de valoración dos servizos de transporte de viaxeiros por ferrocarril de proximidades prestados por Renfe-Operadora en Barcelona, e do 17 de novembro de 2010, da mesma Comisión Mixta sobre valoración dos servizos rexionais.

Cinco. Efectuada a liquidación definitiva, a Administración xeral do Estado poderá destinar a diferenza positiva ou negativa que resulte respecto da cantidade á conta aboada en virtude do disposto no punto anterior a incrementar ou minorar as transferencias que efectúe polos servizos prestados nos exercicios seguintes.

Disposición adicional centésimo oitava. *Medidas no ámbito sectorial do carbón.*

Un. O Goberno, coa finalidade de garantir o desenvolvemento económico das comarcas mineiras, promoverá a sinatura de convenios marco de colaboración entre o Ministerio de Enerxía, Industria e Axenda Dixital e as comunidades autónomas afectadas polo peche da minaría do carbón, conforme o previsto no Real decreto 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira.

Dous. Excepcionalmente, estes convenios marco poderán prever a incorporación de actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón que se encontren pendentes de liquidación, logo de autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública e sempre con pleno cumprimento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da súa normativa de desenvolvemento.

Tres. Así mesmo, o Goberno promoverá mecanismos de apoio, por un importe de 20 millóns de euros, para a redución das emisións ambientais nas centrais térmicas de carbón, con sometemento aos requisitos e límites previstos na normativa de axudas de Estado da Unión Europea.

Disposición adicional centésimo novena. *Incidencia da modificación do imposto sobre hidrocarburos no Fondo de Suficiencia Global.*

Logo de acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira, as modificacións nos tipos impositivos do imposto sobre hidrocarburos aprobadas en virtude do artigo 82 desta lei non se considerarán suposto de revisión do Fondo de Suficiencia Global dos previstos no artigo 21 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Disposición adicional centésimo décima. *Criterios para o cálculo do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado mencionado no capítulo I do título VII da presente lei, de acordo co disposto no artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Para os efectos do cálculo das entregas á conta da participación das entidades locais nos tributos do Estado do artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o índice provisional de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre o ano 2004 e o ano 2018 determinarase cos criterios establecidos no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, que consisten en:

1. Os ingresos tributarios do Estado do ano 2018 están constituídos pola recadación estatal no exercicio, excluídos os recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas por IRPF, IVE e IIEE, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 22/2009.

2. Polo que se refire ao cálculo dos ingresos tributarios do Estado do ano 2004, utilizaranse os criterios de homoxeneización establecidos no artigo 20 da Lei 22/2009. É dicir, simularase a entrega á conta do ano 2004 das comunidades autónomas nos termos de cesión correspondentes ao ano 2018. Polo que respecta á liquidación de 2002, calcularase por diferenza entre o rendemento definitivo das comunidades autónomas nos termos de cesión do ano 2018 e as entregas que se efectuasen de acordo cos ditos termos de cesión.

Igualmente, para a determinación do resto dos índices de evolución regulados no capítulo I do título VII da presente lei, distintos do anterior, aplicarase o disposto no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, substituíndo, se procede, o ano base 2007 polo que corresponda.

Disposición adicional centésimo décimo primeira. *Criterios para o cálculo do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado para a liquidación da participación das entidades locais en tributos do Estado do ano 2016.*

Para os efectos da liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado correspondente ao ano 2016 e da aplicación do artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre o ano 2004 e o ano 2016 determinarase cos criterios establecidos no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, que consisten en:

1. Os ingresos tributarios do Estado do ano 2016 están constituídos pola recadación estatal no exercicio, excluídos os recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas polo imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre o valor engadido e polos impostos especiais, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 22/2009.

2. Polo que se refire ao cálculo dos ingresos tributarios do Estado do ano 2004 ou 2006, utilizaranse os criterios establecidos na letra e) da disposición transitoria cuarta da Lei 22/2009, considerando como ano base o ano 2004 ou 2006, segundo proceda.

Disposición adicional centésimo décimo segunda. *Agrupación de compensacións e axudas a favor das cidades de Ceuta e de Melilla.*

Un. No programa 942N, da sección 32 dos orzamentos xerais do Estado, agrúpase o conxunto de compensacións e axudas que se recoñecen ás cidades de Ceuta e de Melilla en normas con rango de lei. Para estes efectos, agrúpanse as dotacións que dan cobertura:

– Á subvención polos gastos de funcionamento das plantas desalinizadoras, a que se refire o artigo 121 da presente lei.

– Á compensación pola cal se garante a recadación líquida do imposto sobre a produción, os servizos e a importación, correspondente ás importacións, ao gravame complementario sobre os elaborados do tabaco e ao gravame complementario sobre carburantes e combustibles petrolíferos das cidades de Ceuta e Melilla, determinada consonte o disposto no artigo 11 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e que resulte da aplicación do artigo 103 da presente lei.

Dous. Poderanse agrupar na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado outras axudas e subvencións que, para atender necesidades singulares e estruturais, reciben as cidades de Ceuta e Melilla en materia de servizos sociais, educación, fomento do emprego e vivenda, logo da transferencia de crédito correspondente desde o concepto en que estean incluídas a que corresponda no programa 942N, daquela sección.

A transferencia de crédito realizarase por iniciativa do departamento ministerial en cuxo orzamento estean consignados os créditos e será autorizada polo ministro de Facenda e Función Pública.

As axudas citadas no parágrafo anterior faranse efectivas na forma que se estableza no instrumento regulador correspondente, que para o outorgamento de subvencións directas establece o artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento. Nese mesmo instrumento regulador deberá recollese, de ser o caso, a agrupación a que se refire a presente disposición adicional.

Tres. A agrupación a que se refire esta disposición cuantifícase nun importe global de 76.500 miles de euros para o exercicio 2018 e será independente e compatible co financiamento que corresponda ás cidades de Ceuta e de Melilla por aplicación dos sistemas comúns de financiamento autonómico e local e cos créditos orzamentarios recollidos para financiar actuacións nas ditas cidades no programa 942N da sección 32 dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Catro. A agrupación de compensacións e axudas a que se refire a presente norma non implicará alteración do réxime orzamentario, de xestión e de control que resulte de aplicación aos gastos correspondentes aos distintos conceptos agrupados.

Disposición adicional centésimo décimo terceira. Regulación da concesión de subvencións nominativas destinadas ao financiamento do transporte público regular de viaxeiros de Madrid, Barcelona, Valencia e as illas Canarias.

Un. Para o exercicio 2018, ao abeiro do disposto no artigo 22.2.a) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as subvencións nominativas destinadas ao Consorcio Rexional de Transportes de Madrid, á Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona-Autoritat del Transport Metropolità, á Autoridade do Transporte Metropolitano de Valencia e á Administración Pública da Comunidade Autónoma de Canarias, que outorgará a Administración xeral do Estado, concederanse mediante resolución do secretario de Estado de Facenda.

Dous. As subvencións destínanse ao financiamento por parte da Administración xeral do Estado das necesidades do sistema do transporte terrestre público regular de viaxeiros nos seguintes ámbitos de actuación:

– Madrid: ámbito definido na Lei 5/1985, do 16 de maio, de creación do Consorcio Rexional de Transportes Públicos Regulares de Madrid.

– Barcelona: ámbito definido no artigo 1 dos estatutos da Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona-Autoritat del Transport Metropolità, aprobados polo Decreto 151/2002, do 28 de maio, da Generalitat de Catalunya.

– Illas Canarias: ámbito da Comunidade Autónoma de Canarias.

– Valencia: ámbito de actuación da Autoridade do Transporte Metropolitano de Valencia de conformidade coa súa normativa reguladora.

Tres. Os libramentos efectuaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e importes:

– Madrid: 32.01.441M.454 «Ao Consorcio Rexional de Transportes de Madrid, para o financiamento do transporte regular de viaxeiros» por importe de 126.894,00 miles de euros.

– Barcelona: 32.01.441M.451 «Á Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona, para o financiamento do transporte regular de viaxeiros» por importe de 109.301,52 miles de euros.

– Valencia: 32.01.441M.455 «Á Autoridade do Transporte Metropolitano de Valencia, para o financiamento do transporte regular de viaxeiros» por importe de 10.000,00 miles de euros.

– illas Canarias: 32.01.441M.453 «Á Comunidade Autónoma de Canarias para o financiamento das necesidades correspondentes ao transporte regular de viaxeiros das distintas illas Canarias» por importe de 47.500,00 miles de euros.

Catro. O pagamento da subvención, desde o mes de xaneiro ata o mes de xuño de 2018, realizarase mediante pagamentos anticipados mensuais por un importe equivalente á doceava parte da consignación orzamentaria.

A partir do mes de xullo de 2018, o pagamento da subvención realizarase tras ter en conta a liquidación sinalada no punto cinco e as cantidades entregadas como pagamentos anticipados correspondentes ao primeiro semestre de 2018, mediante libramentos mensuais por sextas partes.

Cinco. Antes do 15 de xullo de 2018, os destinatarios sinalados no punto tres remitirán á Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local as seguintes certificacións:

– Madrid:

A) Certificación da Comunidade Autónoma de Madrid das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, ata o 30 de xuño de 2018, ao Consorcio Rexional de Transportes Públicos Regulares de Madrid con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2017.

B) Certificación do Concello de Madrid das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, ata o 30 de xuño de 2018, ao Consorcio Rexional de Transportes Públicos Regulares de Madrid con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2017.

Se a suma dos pagamentos efectuados por ambas as administracións é igual ás obrigacións recoñecidas, a achega consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2018 elevarase a definitiva e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro.

Se a suma dos pagamentos efectuados por ambas as administracións é inferior ás obrigacións recoñecidas, a achega definitiva da Administración xeral do Estado calcularase como o produto da consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2018 polo factor resultante de dividir os pagamentos efectuados entre as obrigacións recoñecidas, ambos con cargo aos orzamentos de 2017, e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro, sempre que a cifra resultante sexa superior aos pagamentos anticipados efectuados. En caso contrario, determinarase a cantidade e instarase o reintegro.

– Barcelona:

A) Certificación da Generalitat de Catalunya das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, ata o 30 de xuño de 2018, á Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona-Autoritat del Transport Metropolità con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2017.

B) Certificación do Concello de Barcelona das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, ata o 30 de xuño de 2018, á Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona-Autoritat del Transport Metropolità con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2017.

Se a suma dos pagamentos efectuados por ambas as administracións é igual ás obrigacións recoñecidas, a achega consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2018 elevarase a definitiva e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro.

Se a suma dos pagamentos efectuados por ambas as administracións é inferior ás obrigacións recoñecidas, a achega definitiva da Administración xeral do Estado calcularase como o produto da consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2018 polo factor resultante de dividir os pagamentos efectuados entre as obrigacións recoñecidas, ambos con cargo aos orzamentos de 2017, e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro, sempre que a cifra resultante sexa superior aos pagamentos anticipados efectuados. En caso contrario, determinarase a cantidade e instarase o reintegro.

– Illas Canarias:

Certificación da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Canarias das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos materiais efectuados, ata o 30 de xuño de 2018, aos cabidos insulares, para atender a finalidade prevista na base primeira, con cargo aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2017.

Se os pagamentos efectuados son iguais ás obrigacións recoñecidas, a achega consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2018 elevarase a definitiva e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro.

Se os pagamentos efectuados son inferiores ás obrigacións recoñecidas, a achega definitiva da Administración xeral do Estado calcularase como o produto da consignada nos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2018 polo factor resultante de dividir os pagamentos efectuados entre as obrigacións recoñecidas, ambos con cargo aos orzamentos de 2017, e procederase ao seu libramento conforme o indicado no segundo parágrafo do punto catro, sempre que a cifra resultante sexa superior aos pagamentos anticipados efectuados. En caso contrario, determinarase a cantidade e instarase o reintegro.

– Valencia:

A achega da Administración xeral do Estado será complementaria á que efectúen a Generalitat Valenciana e as administracións locais afectadas, sen que o importe destas para 2018 poida ser inferior á do exercicio precedente e á propia da Administración xeral do Estado. Mentres non haxa unha lei do transporte colectivo urbano, cando finalice o período a que se refire a subvención deste punto avaliarase o impacto das achegas do conxunto das administracións sobre o equilibrio financeiro do sistema de transporte referido; como resultado da dita avaliación poderase promover, de ser o caso, un incremento anual máximo de 10 millóns de euros da achega estatal, con respecto ao ano precedente, para os anos 2019 e 2020, ata un máximo de 10.000 miles de euros para cada un dos ditos anos.

Seis. O outorgamento destas subvencións por parte da Administración xeral do Estado é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Sete. Non será necesaria a presentación de garantía, aval ou caución para o aseguramento dos pagamentos anticipados que libre a Administración xeral do Estado.

Oito. En todo o non previsto nos puntos anteriores será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na súa normativa de desenvolvemento.

Novo. A Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local adoptará as medidas oportunas para o cumprimento do sinalado na presente disposición en relación coa xestión dos créditos correspondentes a estas subvencións.

Disposición adicional centésimo décimo cuarta. *Criterios para a práctica de deducións ou retencións dos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.*

Un. Cando concorran na dedución ou retención dos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía varias débedas que afecten unha mesma comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, a Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local aplicará en primeiro lugar as deducións ou retencións por débedas líquidas, vencidas e exixibles contraídas coa Facenda Pública do Estado polas comunidades autónomas ou polas cidades con estatuto de autonomía afectadas, así como polas entidades de dereito público delas dependentes, por razón dos tributos cuxa aplicación corresponde ao Estado e por razón das cotizacións á Seguridade Social.

Dous. Tras a aplicación dos acordos previstos no punto anterior, a orde pola que se practicarán o resto de deducións ou retencións será a seguinte:

1.º As correspondentes a débedas líquidas, vencidas e exixibles co sector público estatal.

2.º O resto de deducións ou retencións cuxos acordos se recibisen na Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

Tres. As deducións ou retencións previstas no punto un imputaranse a pro rata do importe das débedas por razón dos tributos e do importe das débedas por razón das cotizacións á Seguridade Social que concorran na dedución ou retención. Dentro de cada unha destas dúas categorías, así como nas previstas no punto dous desta disposición, as deducións ou retencións practicaranse en función da data de entrada deles na Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local; aqueles que teñan unha data anterior serán os primeiros en seren obxecto de aplicación, sen prexuízo do cumprimento dos límites legalmente establecidos.

Catro. Para os efectos establecidos nos puntos anteriores, consideraranse os acordos de dedución ou retención ditados polos órganos xestores correspondentes cuxa entrada se producise na Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local antes do día quince do mes anterior a aquel en que se vaian realizar os pagamentos que afecten.

Cinco. Se, como consecuencia da aplicación desta disposición, non se puidesen deducir ou reter recursos suficientes para satisfacer todos os acordos de retención que deban ser considerados, o importe pendente será obxecto de dedución ou retención no seguinte pagamento que se efectúe á comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía por aplicación dos seus réximes de financiamento, segundo as regras sinaladas na presente disposición.

Seis. O importe efectivo obxecto de retención a que se refire o artigo 10.1 do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, será o que resulte de aplicar os criterios para a práctica de deducións ou retencións contidos nesta disposición ao importe obxecto de retención a que se refire o artigo 8.2 do citado real decreto.

Disposición adicional centésimo décimo quinta. *Bonificación no imposto sobre bens inmobles para Lorca, Murcia.*

Un. Concédese unha bonificación do 50 por cento das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio 2018, cos mesmos requisitos establecidos para a exención regulada neste imposto no artigo 12 do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca, Murcia.

Dous. A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, de ser o caso, o resto de bonificacións legalmente previstas.

Tres. A diminución de ingresos que o establecido nesta disposición produza no concello de Lorca será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co disposto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición adicional centésimo décimo sexta. *Regras especiais para o destino do superávit orzamentario das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.*

Un. Durante a vixencia desta norma eximiranse da aplicación do superávit orzamentario nos termos que define o artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, aquelas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía que cumpran asemade os seguintes requisitos:

a) Que presenten no exercicio inmediato anterior superávit en termos de contabilidade nacional e cumpran con todas as regras de estabilidade orzamentaria nos termos que se dispuxesen. En caso de incumprimento da regra de gasto, a aplicación desta disposición precisará de autorización da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

b) Que cumpran co obxectivo de débeda pública e cos requisitos previstos no artigo 14.2 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de decembro, de financiamento das comunidades autónomas. En caso de incumprimento dos requisitos do citado artigo 14.2, a aplicación desta disposición precisará de autorización da Secretaría de Estado de Facenda.

c) Que os datos relativos ao seu período medio de pagamento dos 6 meses anteriores á aplicación desta disposición cumpran coa normativa de morosidade.

d) Que verifiquen o cumprimento da condicionalidade dos mecanismos extraordinarios de liquidez que, de ser o caso, lles sexan aplicables.

Dous. En tales casos, o superávit en termos de contabilidade nacional que a comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía tivese en 2017 poderase destinar a investimentos que sexan financeiramente sustentables durante a súa vida útil, que serán aqueles que cumpran os requisitos e parámetros definidos nos puntos seguintes desta disposición.

Como requisito previo, unha porcentaxe do saldo superavitario deberase destinar a amortizar as operacións de endebedamento que estean vixentes. O valor desta porcentaxe será o que resulte necesario para que a Comunidade Autónoma non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no exercicio 2018.

Así mesmo, teranse en conta os datos relativos ao avance de execución orzamentaria do ano en curso no momento de determinar a posibilidade de levar a cabo o investimento financeiramente sustentable.

Tres. Será considerado «investimento financeiramente sustentable» aquel investimento que no longo prazo teña un impacto positivo, directo e verificable sobre a sustentabilidade das finanzas públicas e o crecemento potencial da economía. En concreto, o investimento que se realice ao abeiro deste precepto deberá ter efectos positivos para o cambio climático, contribuír á eficiencia enerxética, ou tratarse dun investimento que permita evitar gastos recorrentes ou que implique aforros en

exercicios futuros, todo iso dentro dos ámbitos de competencia das comunidades autónomas.

Catro. A vida útil e o mantemento do investimento financeiramente sustentable que se leve a cabo en virtude desta disposición non poderán pór en risco a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma.

Cinco. O remanente ou superávit non se poderá destinar ao mantemento de investimentos nin á compra de mobiliario ou enxoval.

Seis. A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigacións económicas derivadas do investimento executado deberase realizar antes da finalización deste exercicio.

Non obstante, no suposto de que un proxecto de investimento non se poida executar integramente durante este exercicio, a parte restante do gasto autorizado poderase comprometer e recoñecer no exercicio seguinte, financiándose con cargo ao remanente de tesouraría do ano inmediatamente anterior, o cal quedará afectado a ese fin por ese importe restante, sen que se permita que a Comunidade Autónoma incorra en déficit ao final do exercicio seguinte.

Sete. En caso de que o investimento financeiramente sustentable supere os 25 millóns de euros, será preceptiva a autorización previa do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Oito. Os expedientes de gasto tramitados en virtude desta disposición estarán suxeitos a fiscalización previa.

O expediente de gasto que se tramite incorporará unha memoria económica específica, na cal se conterá a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivar do investimento no horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Comunidade Autónoma informará acerca da consistencia e do soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos puntos anteriores e, en todo caso, dará traslado do seu informe á Intervención Xeral da Administración do Estado, que poderá, pola súa vez, emitir informe ao respecto.

Non se poderán levar a cabo investimentos en virtude desta disposición en caso de que os informes de fiscalización previa emitidos polos interventores competentes sexan desfavorables.

Nove. Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta do grao de cumprimento dos criterios previstos nos puntos anteriores e farase público.

Dez. O interventor da Comunidade Autónoma informará o Ministerio de Facenda e Función Pública de todos os investimentos executados en aplicación do previsto nesta disposición.

Once. O importe do gasto realizado de acordo con esta disposición en investimentos financeiramente sustentables non se considerará como gasto computable para efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Disposición adicional centésimo décimo sétima. *Instrumentación operativa dos pagamentos por compensación da cota vasca.*

Un. Con vixencia indefinida a partir do 1 de xaneiro de 2018, a instrumentación orzamentaria dos libramentos cuxo pagamento se deba efectuar por compensación ou minoración da cota vasca nos supostos a que se refire a disposición adicional cuarta de Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, e as disposicións adicionais terceira e oitava da Lei 11/2017, do 28 de decembro, pola que se aproba a metodoloxía de sinalamento da cota do País Vasco para o quinquenio 2017-2021, efectuarase polos seus importes brutos.

Dous. As obrigacións correspondentes a tales libramentos recoñeceranse con cargo aos créditos orzamentarios seguintes, segundo proceda en cada caso:

a) O crédito 17.020.453A.752 «Á Comunidade Autónoma de Euskadi, por aplicación da disposición adicional cuarta da Lei 12/2002 e disposicións concordantes», en relación

cos investimentos ferroviarios derivados do convenio para a construción da variante sur ferroviaria do 12 de xullo de 2017 e do convenio para a construción da nova rede ferroviaria no País Vasco, do 27 de decembro de 2017.

b) O crédito 32.01.941O.452 «Á Comunidade Autónoma do País Vasco para compensación en cota por regularización de quinquenios anteriores (Acordo CMCE do 17 de maio de 2017)» en relación coa disposición adicional oitava da Lei 11/2017, do 28 de decembro, pola que se aproba a metodoloxía de sinalamento da cota do País Vasco para o quinquenio 2017-2021.

Os pagamentos correspondentes ás alíneas anteriores a) e b) efectuaranse en formalización con desconto no concepto que determine a Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

c) O crédito 19.101.000X.409, en relación coa disposición adicional terceira da Lei 11/2017, do 28 de decembro, pola que se aproba a metodoloxía de sinalamento da cota do País Vasco para o quinquenio 2017-2021.

Neste caso, o pagamento efectuarase directamente a favor do Tesouro Público e os ingresos aplicaranse contablemente ao concepto que determine a Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local.

Tres. Para as actualizacións que, de ser o caso, poidan resultar de aplicación, de conformidade co disposto no último parágrafo da cláusula cuarta do Convenio do 27 de decembro de 2017 para a construción da nova rede ferroviaria no País Vasco, a entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad ou o Ministerio de Fomento, este último en formalización, deberán efectuar un ingreso no Tesouro Público por un importe equivalente ao importe das actualizacións con carácter previo á adopción de tal acordo por parte da Comisión de seguimento e coordinación.

Catro. A Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, logo de informe da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, poderá ditar as resolucións de desenvolvemento necesarias para a aplicación do disposto neste artigo.

Disposición adicional centésimo décimo oitava. *Interpretación do punto 1.b) da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

Co obxecto da aplicación da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumentan no marco da disposición adicional primeira da dita lei orgánica que, segundo esta, se debe descontar do remanente de tesouraría para gastos xerais, identifícase co importe das anualidades dos préstamos formalizados e vixentes co Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores, en liquidación, e cos compartimentos do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, correspondentes ao exercicio a que se refira o mencionado remanente de tesouraría.

VII

Disposición adicional centésimo décimo novena. *Determinación do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para 2018.*

De conformidade co establecido no artigo 2.2 do Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) terá as seguintes contías durante 2018:

- a) O IPREM diario, 17,93 euros.
- b) O IPREM mensual, 537,84 euros.
- c) O IPREM anual, 6.454,03 euros.

d) Nos supostos en que a referencia ao salario mínimo interprofesional foi substituída pola referencia ao IPREM en aplicación do establecido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, a contía anual do IPREM será de 7.519,59 euros cando as correspondentes normas se refiran ao salario mínimo interprofesional en cómputo anual, salvo que expresamente exclúan as pagas extraordinarias; neste caso, a contía será de 6.454,03 euros.

Disposición adicional centésimo vixésima. *Axuda económica de acompañamento a mozos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que subscriban un contrato para a formación e a aprendizaxe.*

Un. Disposicións xerais.

1. Regúlase na presente disposición adicional a seguinte medida de activación e inserción laboral de mozos beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil, regulado no capítulo I do título IV da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, consistente nunha axuda económica de acompañamento para mozos con baixa formación que cumpran as condicións establecidas no punto dous.

2. A axuda económica, prevista na presente disposición adicional, non será de aplicación nos contratos para a formación e a aprendizaxe enmarcados en proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego que se subscriban no marco dos programas públicos de emprego e formación previstos no artigo 10.4.b) do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro.

3. Esta medida poderá ser obxecto de cofinanciamento, de ser o caso, pola Iniciativa de emprego xuvenil e polo Fondo Social Europeo.

4. A medida prevista nesta disposición será compatible coas medidas de fomento de emprego que poidan establecer as comunidades autónomas no seu ámbito de xestión.

Dous. Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios da axuda económica de acompañamento aqueles mozos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil, regulado na sección 2.^a do capítulo I do título IV da Lei 18/2014, do 15 de outubro, que, presentando a solicitude da axuda económica dentro do prazo previsto no punto cinco punto 1, reúnan os seguintes requisitos na data da dita solicitude:

a) Ser beneficiario do Sistema nacional de garantía xuvenil no momento de subscribir o contrato para a formación e a aprendizaxe previsto no punto c).

b) Non estar en posesión de ningún dos seguintes títulos, no momento de subscribir o contrato para a formación e a aprendizaxe previsto no punto c):

1.º Título de bacharel.

2.º Título de técnico de grao medio.

3.º Título oficial de nivel superior ao bacharel.

4.º Títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes ás titulacións anteriormente citadas de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente.

5.º Certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3.

c) Comprometerse a iniciar e realizar unha actividade formativa e, para tal efecto, comezar unha prestación de servizos mediante un contrato para a formación e a aprendizaxe que terá unha duración mínima dun ano.

Tres. Requisitos, desenvolvemento e seguimento do contrato para a formación e a aprendizaxe.

1. Os contratos para a formación e a aprendizaxe subscribiranse conforme o previsto nesta disposición e, no non previsto nela, de acordo co establecido no artigo 11.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa de aplicación, e formalizaranse no modelo que estableza o Servizo Público de Emprego Estatal.

2. A empresa ou, de ser o caso, o centro de formación, deberá indicar na solicitude de autorización da actividade formativa que o contrato se acolle aos beneficios previstos nesta disposición.

3. A subscripción do contrato para a formación e a aprendizaxe prevista nesta disposición queda condicionada a que a actividade formativa inherente a el, que ten como obxectivo a cualificación profesional dos mozos beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil nun réxime de alternancia coa actividade laboral retribuída nunha empresa, sexa a necesaria para a obtención de certificados de profesionalidade completos e/ou outros itinerarios formativos que se poidan establecer como contido formativo dos contratos para a formación e a aprendizaxe na súa normativa específica.

No suposto de certificados de nivel 2 ou nivel 3 de cualificación profesional, o mozo beneficiario da axuda económica de acompañamento deberá cumprir os requisitos de acceso establecidos no artigo 20.2 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade. Cando o mozo beneficiario da axuda económica de acompañamento non cumpra estes requisitos de acceso, a formación inherente ao contrato deberá incluír accións formativas de competencias clave, cuxa superación permita acceder aos ditos certificados de profesionalidade completos.

4. O desenvolvemento das accións formativas inherentes ao contrato para a formación e a aprendizaxe realizarase segundo o estipulado no acordo para a actividade formativa que se regula no artigo 21 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

Para estes efectos, o mozo beneficiario deberá desenvolver a formación nun centro ou entidade de formación acreditados para a impartición da formación vinculada aos certificados de profesionalidade, todo iso conforme a normativa reguladora do sistema de formación profesional para o emprego e a dos certificados de profesionalidade.

5. O seguimento e control da formación para a obtención dos certificados de profesionalidade completos vinculados aos contratos de formación e aprendizaxe subscritos ao abeiro desta disposición realizaranse de acordo co previsto no artigo 25.3 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.

Catro. Axuda económica de acompañamento.

1. Os mozos beneficiarios poderán percibir unha axuda económica de acordo co establecido nos seguintes puntos.

2. A contía da axuda económica será igual ao 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual vixente en cada momento.

3. A percepción da axuda económica manterase durante a vixencia do contrato para a formación e a aprendizaxe e terá unha duración máxima de 18 meses. No caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, a axuda poderá ter unha duración máxima de 36 meses en función do plan formativo individualizado que se adaptase ás necesidades da persoa.

4. O dereito á axuda económica nacerá a partir do momento en que se cumpran os requisitos previstos no punto dous. Os efectos económicos do recoñecemento da dita axuda produciranse na data de alta na Seguridade Social, sempre que se solicite no prazo sinalado no punto cinco punto 1.

De non solicitarse no dito prazo, os efectos económicos produciranse a partir do día seguinte ao da solicitude e a duración da axuda económica de acompañamento reducirase en tantos días como medien entre a data en que tivese lugar a percepción da axuda de se ter efectuado a solicitude en tempo e forma, e aquela en que efectivamente se realizou, ambos inclusive.

5. A axuda económica poderá solicitarse con ocasión da realización de diferentes contratos para a formación e a aprendizaxe, ata un máximo de tres, sempre que estes contratos reúnan os requisitos establecidos no punto tres e que o conxunto das axudas percibidas non supere a duración máxima establecida no parágrafo 3 deste punto.

6. O pagamento periódico da axuda económica realizarao o Servizo Público de Emprego Estatal por mensualidades de trinta días dentro do mes seguinte ao que corresponda a devindicación, mediante o aboamento á conta da entidade financeira colaboradora indicada polo solicitante ou perceptor, de que este sexa titular.

7. Nin o mozo beneficiario nin o Servizo Público de Emprego Estatal cotizarán á Seguridade Social por esta axuda económica de acompañamento.

Cinco. Solicitude.

1. Os mozos beneficiarios deberán presentar a solicitude da axuda económica de acompañamento prevista no punto catro na Oficina de Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal que lle corresponda polo seu domicilio, incluíndo os datos necesarios para a notificación e, de ser o caso, o pagamento da axuda económica, no prazo máximo dos quince días hábiles seguintes ao do inicio do contrato para a formación e a aprendizaxe subscrito.

2. O impreso para a solicitude da dita axuda económica de acompañamento obtérase da páxina web do Servizo Público de Emprego Estatal, www.sepe.es.

3. A solicitude incluírá unha declaración responsable de non estar en posesión de ningunha das titulacións ou certificados recollidos no punto dous, letra b).

4. A solicitude non requirirá presentar documentación adicional, sen prexuízo da necesidade de identificarse co documento nacional de identidade ou tarxeta de identidade de estranxeiros que residan legalmente en España e acreditar, de ser o caso, unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento.

Seis. Xestión e resolución.

1. Corresponde aos directores provinciais do Servizo Público de Emprego Estatal ditar a resolución que recoñeza ou denegue o dereito á admisión á axuda económica de acompañamento.

2. Para o recoñecemento da axuda económica de acompañamento comprobarase que o traballador figura de alta na Seguridade Social cun contrato para a formación e a aprendizaxe e que o Servizo Público de Emprego competente autorizou a actividade formativa nos termos establecidos no punto tres.

3. As resolucións ditadas serán impugnables ante os órganos xurisdicionais da orde social, logo de reclamación ante o Servizo Público de Emprego Estatal, na forma prevista no artigo 71 de Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

Sete. Baixa na axuda económica de acompañamento.

1. A finalización do contrato para a formación e a aprendizaxe dará lugar á baixa definitiva na axuda.

2. Os mozos beneficiarios que percibisen indebidamente a axuda económica de acompañamento estarán obrigados a reintegrar o seu importe. A exixencia da devolución realizarase conforme o establecido para as prestacións por desemprego no artigo 295 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. A exixencia da devolución das cantidades indebidamente percibidas, así como as compensacións nas prestacións por desemprego das cantidades indebidamente percibidas por calquera das ditas percepcións, corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal.

Oito. Compatibilidades.

1. A axuda económica de acompañamento será compatible cos incentivos á contratación a que der lugar o contrato para a formación e a aprendizaxe subscrito.

2. A axuda económica de acompañamento será incompatible co cobramento de prestacións por desemprego.

Nove. Avaliación.

Co fin de analizar os resultados alcanzados coa medida que a presente disposición recolle, esta será avaliada aos 18 meses contados desde a data de inicio da súa aplicación, no marco do Sistema nacional de garantía xuvenil e do Fondo Social Europeo, por parte do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para efectos de determinar a eficacia da dita medida.

Disposición adicional centésimo vixésimo primeira. *Bonificación por conversión en indefinidos dos contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos con mozos beneficiarios da axuda económica de acompañamento prevista na disposición adicional centésimo vixésima.*

Un. Disposicións xerais.

1. Regúlase na presente disposición adicional a seguinte medida de activación e inserción laboral de mozos beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil, regulado no capítulo I do título IV da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, consistente nunha bonificación específica nas cotas empresariais por contingencias comúns á Seguridade Social para incentivar a conversión en indefinidos dos contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos con mozos que percibisen a axuda económica de acompañamento prevista na disposición adicional centésimo vixésima.

2. Esta medida financiarase con cargo aos orzamentos do Servizo Público de Emprego Estatal e poderá ser obxecto de cofinanciamento, de ser o caso, pola Iniciativa de emprego xuvenil e polo Fondo Social Europeo.

3. A medida prevista nesta disposición será compatible coas medidas de fomento de emprego que poidan establecer as comunidades autónomas no seu ámbito de xestión; será de aplicación, en todo caso, para efectos de concorrencia coa bonificación prevista nesta disposición, o previsto no artigo 7.3 de Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

Dous. Beneficiarios.

1. As empresas, incluídos os traballadores autónomos, que convertan en indefinidos os contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos con mozos beneficiarios da axuda económica de acompañamento prevista na disposición adicional centésimo vixésima, ben ao finalizar a súa duración inicial, ben ao finalizar cada unha das sucesivas prórrogas, ata alcanzar a duración máxima legalmente prevista para este tipo de contratos, terán dereito á bonificación prevista no punto tres.

2. Poderán ser tamén beneficiarios os socios traballadores ou de traballo das cooperativas e sociedades laborais, así como as empresas de inserción que convertan en indefinidos, nos mesmos termos previstos no punto anterior, os contratos para a formación e a aprendizaxe recollidos na disposición centésimo vixésima e subscritos con traballadores en situación de exclusión social incluídos no artigo 2 da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción.

Tres. Contía e duración da bonificación específica.

1. A contía da bonificación nas cotas empresariais por contingencias comúns á Seguridade Social ascenderá a 250 euros mensuais (3.000 euros/ano).

2. A presente bonificación específica aplicarase durante un período de 3 anos, computados a partir da data de conversión en indefinido do contrato para a formación e a aprendizaxe subscrito con mozos beneficiarios da axuda de acompañamento prevista na disposición adicional centésimo vixésima.

3. A empresa só poderá beneficiarse unha vez da bonificación prevista nesta disposición por cada un dos mozos beneficiarios da axuda económica prevista na disposición adicional centésimo vixésima cuxo contrato para a formación e a aprendizaxe se converta en indefinido, con independencia do período de bonificación desfrutado pola empresa por cada traballador.

4. A conversión do contrato en indefinido deberase realizar a xornada completa e os contratos formalizaranse no modelo que estableza o Servizo Público de Emprego Estatal.

5. Esta bonificación específica será adicional á prevista pola conversión en indefinidos de contratos para a formación e a aprendizaxe establecida no artigo 3 da Lei 3/2012, do 6 xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, co límite establecido no punto cinco.

Catro. Réxime da bonificación.

1. Non se poderá aplicar a bonificación prevista na presente disposición á empresa que, nos seis meses anteriores á conversión, adoptase decisións extintivas improcedentes.

A limitación afectará unicamente as extincións producidas con posterioridade á entrada en vigor desta disposición, e para a cobertura daqueles postos de traballo do mesmo grupo profesional que os afectados pola extinción e para o mesmo centro ou centros de traballo.

2. A empresa estará obrigada a manter no emprego o traballador contratado ao menos tres anos desde a data da conversión. Así mesmo, deberá incrementar coa transformación do contrato o nivel de emprego indefinido, así como manter o novo nivel total alcanzado coa conversión durante todo o período de desfrute da bonificación.

3. O Ministerio de Emprego e Seguridade Social examinará o mantemento do nivel de emprego indefinido e o nivel de emprego total aos 6 meses da subscripción do contrato bonificado. Para iso, utilizaranse a media de traballadores indefinidos e a media de traballadores totais do mes en que proceda examinar o cumprimento deste requisito.

4. Para efectos do mantemento do nivel de emprego, non se terán en conta as extincións de contratos de traballo por causas obxectivas ou por despedimentos disciplinarios que non fosen declarados improcedentes, os despedimentos colectivos que non fosen declarados non axustados a dereito nin as extincións causadas por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez dos traballadores ou pola finalización do tempo convido ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato, ou por resolución durante o período de proba.

5. En caso de incumprimento destas obrigacións, deberanse reintegrar as bonificacións aplicadas.

6. No non establecido neste punto serán de aplicación as previsións contidas na sección 1.^a do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, salvo o establecido nos seus artigos 2.7 e 6.2.

7. Ademais das exclusións previstas con carácter xeral na sección 1.^a do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, non se aplicarán as bonificacións nas cotas á Seguridade Social previstas nesta disposición nos supostos de contratacións de traballadores cuxa actividade determine a inclusión en calquera dos sistemas especiais establecidos no réxime xeral da Seguridade Social.

8. O requisito de estar ao día nas obrigacións tributarias para poder acollerse á bonificación prevista no punto tres acreditarase mediante a expedición do correspondente certificado por vía telemática polo órgano competente. O mencionado certificado terá unha validez de seis meses e, para todos os efectos, considerarase cumprido este requisito cando o certificado emitido no momento da alta do traballador sexa positivo.

9. Para efectos do control das bonificacións, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social facilitará mensualmente ao Servizo Público de Emprego Estatal o número de traballadores obxecto desta bonificación de cotas á Seguridade Social coas súas respectivas bases de cotización e as deducións que se apliquen.

10. Coa mesma periodicidade, a Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal facilitará á Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social a

información necesaria sobre o número de conversións comunicadas obxecto desta bonificación de cotas, así como canta información relativa ás cotizacións e deducións aplicadas a elas sexa precisa para controlar a adecuada aplicación das bonificacións previstas no punto tres, de acordo cos criterios establecidos nos plans anuais de actuación conxunta que se acorden entre ambos os organismos.

Cinco. Compatibilidades.

Esta bonificación será compatible con todo tipo de incentivos a que der lugar a conversión. En ningún caso a suma dos incentivos superará o 100 por cento da cota empresarial á Seguridade Social correspondente a cada contrato dun mozo beneficiario da axuda económica.

Seis. Avaliación.

Co fin de analizar os resultados alcanzados e determinar a eficacia da medida que se recolle na presente disposición, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social realizará unha avaliación desta aos 18 meses contados desde a data de inicio da súa aplicación no marco do Sistema nacional de garantía xuvenil e do Fondo Social Europeo.

Disposición adicional centésimo vixésimo segunda. *Bonificación na cotización á Seguridade Social nos supostos de cambio de posto de traballo por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural, así como nos supostos de enfermidade profesional.*

Nos supostos en que, por razón de risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural, a traballadora, en virtude do previsto no artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sexa destinada a un posto de traballo ou función diferente e compatible co seu estado, aplicárase, con respecto ás cotas devindicadas durante o período de permanencia no novo posto de traballo ou función, unha bonificación do 50 por cento da achega empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns.

Esa mesma bonificación será aplicable, nos termos e condicións que regulamentariamente se determinen, naqueles casos en que, por razón de enfermidade profesional, se produza un cambio de posto de traballo na mesma empresa ou o desempeño, noutra distinta, dun posto de traballo compatible co estado do traballador.

Disposición adicional centésimo vixésimo terceira. *Medidas de apoio á prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos descontínuos nos sectores de turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística.*

Un. As empresas, excluídas as pertencentes ao sector público, dedicadas a actividades encadradas nos sectores de turismo, así como de comercio e hostalaría, sempre que se encontren vinculadas ao sector do turismo, que xeren actividade produtiva nos meses de febreiro, marzo e de novembro de cada ano e que inicien e/ou manteñan en alta durante os ditos meses a ocupación dos traballadores con contratos de carácter fixo descontínuo, poderán aplicar unha bonificación neses meses do 50 por cento das cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns, así como polos conceptos de recadación conxunta de desemprego, Fogasa e formación profesional dos ditos traballadores.

Dous. O establecido nesta disposición adicional será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o día 31 de decembro de 2018.

Disposición adicional centésimo vixésimo cuarta. *Financiamento da formación profesional para o emprego.*

Un. Sen prexuízo doutras fontes de financiamento, os fondos provenientes da cota de formación profesional destinaranse a financiar os gastos do sistema de formación profesional para o emprego regulado pola Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se

regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, incluíndo os correspondentes a programas públicos de emprego e formación, todo isto co obxecto de impulsar e estender entre as empresas e os traballadores ocupados e desempregados unha formación que responda ás súas necesidades do mercado laboral e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.

Dous. O 50 por cento, como mínimo, dos fondos previstos no punto anterior destinarase inicialmente ao financiamento dos gastos necesarios para a execución das iniciativas formativas dirixidas prioritariamente a traballadores ocupados, as accións dirixidas á formación dos axentes sociais para o desenvolvemento das novas funcións que se lles atribúen na Lei 30/2015, do 9 de setembro, cuxa regulación se completará no correspondente desenvolvemento regulamentario, así como os gastos de funcionamento e investimento da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Con carácter específico, inclúense neste punto as iniciativas de formación programada polas empresas; os permisos individuais de formación; a oferta formativa para traballadores ocupados e a formación nas administracións públicas.

Con carácter excepcional, para o exercicio 2018, o importe máximo destinado a financiar o desenvolvemento das accións de formación dos axentes sociais para o desenvolvemento das novas funcións que se lles atribúen na Lei 30/2015, do 9 de setembro, será de 15.337,50 miles de euros.

Ao financiamento da formación nas administracións públicas destinarase un 6,165 por 100 da contía indicada no parágrafo primeiro deste punto. Nesta cifra inclúense os importes destinados a financiar a formación para o desenvolvemento de funcións relacionadas coa negociación colectiva e o diálogo social nas administracións públicas.

Esta contía, previamente minorada na porcentaxe correspondente ao índice de imputación utilizado para o cálculo da cota de acordo coa Lei 12/2002, do 23 de maio, incluírase como dotación diferenciada no orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal para a súa achega pecuniaria ao Instituto Nacional de Administración Pública, adscrito ao Ministerio de Facenda e Función Pública, en tres libramentos nos meses de febreiro, abril e xuño. No orzamento do Instituto Nacional de Administración Pública figurarán territorializados os fondos correspondentes ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla para o financiamento da formación continua dos seus empregados públicos. O aboamento dos ditos fondos realizarase desde o Instituto Nacional de Administración Pública mediante transferencia nominativa a cada comunidade e cidade autónoma, con excepción da Comunidade Autónoma do País Vasco.

O Servizo Público de Emprego Estatal librará á Fundación Estatal para a Formación no Emprego os fondos para o financiamento dos seus gastos de funcionamento e investimento. O citado libramento efectuarase por cuartas partes, na segunda quincena natural de cada trimestre. A Fundación deberá presentar, anualmente e antes do 30 de abril do exercicio seguinte ante o Servizo Público de Emprego Estatal, a xustificación contable dos gastos realizados con cargo aos fondos asignados para o seu funcionamento, e deberá realizar o reintegro das cantidades non xustificadas antes do 31 de xullo.

O 50 por cento restante destinarase inicialmente a financiar os gastos necesarios para a execución das iniciativas formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados, así como os programas públicos de emprego-formación, e a formación impartida con carácter extraordinario a través da rede pública de centros de formación, co fin de garantir unha oferta formativa de calidade dirixida a traballadores ocupados e desempregados, de acordo co establecido no artigo 6.5.e) da Lei 30/2015, do 9 de setembro.

O financiamento da actividade formativa inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe realizarase de conformidade co establecido na normativa regulamentaria que regula a impartición e as características da formación recibida polos traballadores.

Tres. As comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas en materia de políticas activas de emprego recibirán do Servizo Público de Emprego Estatal as transferencias de fondos para o financiamento das subvencións no ámbito da formación

profesional para o emprego xestionadas polas ditas comunidades, na contía que resulte de acordo co previsto na normativa aplicable.

Catro. As empresas que cotizan pola continxencia de formación profesional disporán dun crédito para a formación dos seus traballadores de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, que resultará de aplicar á contía ingresada pola empresa en concepto de formación profesional durante o ano 2017 a porcentaxe de bonificación que, en función do tamaño das empresas, se establece a seguir:

- a) Empresas de 6 a 9 traballadores: 100 por cento.
- b) De 10 a 49 traballadores: 75 por cento.
- c) De 50 a 249 traballadores: 60 por cento.
- d) De 250 ou máis traballadores: 50 por cento.

As empresas de 1 a 5 traballadores disporán dun crédito de bonificación por empresa de 420 euros, en lugar dunha porcentaxe. Así mesmo, poderán beneficiarse dun crédito de formación, nos termos establecidos na citada normativa, as empresas que durante o ano 2018 abran novos centros de traballo, así como as empresas de nova creación, cando incorporen ao seu cadro de persoal novos traballadores. Nestes supostos, as empresas disporán dun crédito de bonificacións cuxo importe resultará de aplicar ao número de traballadores de nova incorporación a contía de 65 euros.

As empresas que durante o ano 2018 concedan permisos individuais de formación aos seus traballadores disporán dun crédito de bonificacións para formación adicional ao crédito anual que lles correspondería de conformidade co establecido no parágrafo primeiro deste punto, polo importe que resulte de aplicar os criterios determinados por orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social. O crédito adicional asignado ao conxunto das empresas que concedan os citados permisos non poderá superar o 5 por cento do crédito establecido no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal para o financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social por formación profesional para o emprego.

Disposición adicional centésimo vixésimo quinta. *Xestión dos servizos e programas establecidos na letra h) do artigo 18 do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro.*

O Servizo Público de Emprego Estatal, de conformidade co establecido no artigo 18.h) do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, realizará a xestión dos servizos e programas financiados con cargo á reserva de crédito do seu orzamento de gastos, que comprenderá as aplicacións 19.101.000-X.400, 19.101.000-X.401, 19.101.000-X.403, 19.101.000-X.410, 19.101.000-X.411, 19.101.000-X.431, 19.101.241-A.441, 19.101.241-B.442, 19.101.241-A.482 e 19.101.241-B.482, desagregadas a través de varios subconceptos, segundo os diferentes ámbitos funcionais das políticas activas de emprego, para financiar as seguintes actuacións:

a) Servizos e programas cuxa execución afecte un ámbito xeográfico superior ao dunha comunidade autónoma, cando estes exixan a mobilidade xeográfica das persoas desempregadas ou traballadoras participantes neles a outra comunidade autónoma, distinta da súa, ou a outro país e precisen dunha coordinación unificada.

b) Programas cuxa execución afecte un ámbito xeográfico superior ao dunha comunidade autónoma sen que implique a mobilidade xeográfica dos desempregados ou traballadores participantes neles, cando precisen unha coordinación unificada e logo de acordo entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas en que se vaian executar os citados programas.

c) Servizos e programas dirixidos tanto ás persoas demandantes de emprego como ás persoas ocupadas, para a mellora da súa ocupación mediante a colaboración do Servizo Público de Emprego Estatal con órganos da Administración xeral do Estado ou os

seus organismos autónomos, para a realización de accións formativas, entre outras, aquelas que teñan como obxectivo a xeración de emprego de calidade e a mellora de oportunidades das persoas traballadoras, en particular cando se desenvolvan no marco de plans, estratexias ou programas de ámbito estatal, e execución de obras e servizos de interese xeral e social relativos a competencias exclusivas do Estado.

d) Servizos e programas de intermediación e políticas activas de emprego cuxo obxectivo sexa a integración laboral de traballadores inmigrantes, realizados nos seus países de orixe, co fin de facilitar a ordenación dos fluxos migratorios.

e) Programas que se establezan con carácter excepcional e duración determinada, cuxa execución afecte todo o territorio nacional e sexa imprescindible a súa xestión centralizada para os efectos de garantir a súa efectividade, así como idénticas posibilidades de obtención e desfrute a todos os potenciais beneficiarios.

Esta reserva orzamentaria opera como reserva de xestión de políticas activas de emprego nos supostos anteriormente sinalados en favor do Servizo Público de Emprego Estatal, non obstante as competencias asumidas polas comunidades autónomas no ámbito do traballo, o emprego e a formación.

De acordo co previsto no artigo 21.4 do citado texto refundido da Lei de emprego, os fondos que integran a reserva de crédito non estarán suxeitos a distribución territorial entre as comunidades autónomas con competencias de xestión asumidas.

Disposición adicional centésimo vixésimo sexta. *Adiamento da aplicación de determinados preceptos da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.*

Adiase a entrada en vigor do previsto nos artigos 1.1, primeiro parágrafo; 24, segundo parágrafo; e 25.4 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, en todo o relativo aos traballadores por conta propia que exerzan a súa actividade a tempo parcial.

VIII

Disposición adicional centésimo vixésimo sétima. *Achega financeira do Estado en aplicación do establecido na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro.*

De acordo co establecido na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, o Estado, durante o ano 2018, alcanzará a cantidade de 42 millóns de euros para a implementación de medidas que incrementen o emprego.

As medidas concretas que se desenvolvan, así como a achega citada para o Plan especial de emprego de Canarias, instrumentaranse mediante un convenio de colaboración entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias.

Disposición adicional centésimo vixésimo oitava. *Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, o Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos, creado pola disposición adicional quincuaxésimo terceira da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais o Estado para o ano 2007, pasará a denominarse Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos, F.C.P.X., de conformidade co establecido no artigo 137 e na disposición adicional cuarta da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición adicional centésimo vixésimo novena. *Modificación do prazo previsto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, en relación co Inventario de bens mobles da Igrexa.*

Será tamén de aplicación ao ano 2018 a habilitación recoñecida na disposición adicional centésimo décimo terceira da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o 2017, relativa á modificación do prazo previsto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, en relación co Inventario de bens mobles da Igrexa, e en relación, pola súa vez, coa disposición adicional segunda da Lei 4/2004, do 29 de decembro, de modificación de taxas e de beneficios fiscais de acontecementos de excepcional interese público, coa disposición transitoria primeira da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e coa disposición transitoria quinta da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

Disposición adicional centésimo trixésima. *Achegas para o financiamento do sector eléctrico no exercicio de 2018.*

Un. Con vixencia exclusiva para o orzamento do ano 2018, cando o 90 por cento da recadación efectiva polos ingresos por poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, a que se refire o punto 1.b) da disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, supere a cantidade prevista no crédito inicial da aplicación 20.18.000X.737 «Á CNMC para financiar custos do sector eléctrico de acordo coa letra b) da disposición adicional segunda da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética», poderase xerar crédito ata un límite no crédito final de 450 millóns de euros.

Dous. Con vixencia exclusiva para o orzamento do ano 2018, cando a recadación efectiva polos ingresos dos tributos incluídos na Lei de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, a que se refire o punto 1.a) da disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, supere a cantidade prevista no crédito inicial da aplicación 20.18.000X.738 «Á CNMC para financiar custos do sector eléctrico de acordo coa letra a) da disposición adicional segunda da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética», poderase xerar crédito pola diferenza respecto ao dito crédito inicial.

Tres. A autorización das xeracións de crédito a que se refiren os dous puntos anteriores e dos correspondentes suplementos de crédito no orzamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizarase mediante acordo do ministro de Facenda e Función Pública.

Disposición adicional centésimo trixésimo primeira. *Declaración de interese xeral de obras de infraestruturas rurais.*

Decláranse de interese xeral as obras de infraestruturas rurais, consistentes na realización dos camiños naturais seguintes:

- Camiño natural do tren secundario de Castilla (Castilla y León).
- Camiño natural da Cañada Real Soriana Oriental (Castilla y León, Castilla-La Mancha, Madrid, Andalucía).
- Camiño natural da vertente sur do Pireneo (País Vasco, Navarra, Aragón e Cataluña).
- Prolongación do Camiño natural do Románico Palentino ata a costa cántabra (Castilla y León e Cantabria).
- Conexión camiños naturais do litoral e muíños de auga (Huelva) con Ruta da Prata (Extremadura).
- Camiño natural do Tajuña (Madrid e Castilla-La Mancha).
- Camiño natural do Guadiato (Castilla-La Mancha, Andalucía e Extremadura).
- Camiño natural do Anel da reserva do río Eo, Oscos e Terras de Burón (Galicia e Asturias).

- Camiño natural do Texo (Aragón, Castilla-La Mancha, Madrid e Extremadura).
- Camiño natural do Guadiana (Castilla-La Mancha, Extremadura e Andalucía).
- Camiño natural do Ebro (Cantabria, Castilla y León, La Rioja, País Vasco, Navarra, Aragón e Cataluña).
- Camiño natural do Val de Zafán-tramo Teruel. (Aragón e Cataluña).
- Camiño natural da canle de Carlos III (Andalucía e Murcia).
- Camiño natural da Gran Senda de Málaga e conexións (Andalucía).
- Camiño natural de Gran Canaria e Lanzarote.
- Prolongación do Camiño natural do Turia-Cabriel a Castilla-La Mancha (Comunidade Valenciana e Castilla-La Mancha).
- Camiño natural da canle de Castilla (Castilla y León).
- Camiño natural da senda do Douro (Castilla e León).
- Camiño natural da Serra Norte de Madrid e enlace coa Cañada Real Soriana Occidental (Comunidade de Madrid e Castilla y León).
- Camiño natural do Atlántico e enlace co Camiño natural do Cantábrico (Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco).
- Camiño natural de Guadix-Almendricos (Andalucía e Murcia).

A realización das actuacións declaradas de interese xeral pola presente disposición quedará supeditada á existencia das dispoñibilidades orzamentarias necesarias no departamento ministerial competente.

Disposición adicional centésimo trixésimo segunda. *Declaración de interese xeral de determinadas obras de infraestruturas hidráulicas con destino a rega.*

1. Decláranse de interese xeral as seguintes obras:
 - a) Obras de transformación en rega: Castilla-La Mancha:
 - Rega de apoio en oliveiral tradicional na zona regable de Mora (obras de interese común), nos termos municipais de Mora e Mascaraque (Toledo).
 - b) Obras de mellora do regadío da zona de Bernedo (Álava-Araba) desde a balsa de Obecuri (C. Treviño-Burgos).
 - Rega de apoio ao cultivo de cereal, pataca de sementeira e remolacha.
 - c) (nova) Obras de mellora do regadío da zona de Río Rojo-Berantevilla (Burgos-Álava-Araba) desde a sondaxe de Baroja (Araba).
 - Captación na sondaxe de Baroja (Álava-Araba) e transporte á balsa de San Martín de Zar (Burgos), para rega de apoio ao cultivo do cereal, pataca de sementeira e remolacha.
2. As obras incluídas neste artigo levarán implícitas as declaracións seguintes:
 - a) A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.
 - b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para as ditas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

A realización das actuacións declaradas de interese xeral pola presente disposición quedará supeditada á existencia das dispoñibilidades orzamentarias necesarias no departamento ministerial competente.

Disposición adicional centésimo trixésimo terceira. *Declaración de interese xeral de obras de abastecemento.*

Decláranse de interese xeral as obras de aproveitamento do encoro de Las Cogotas para o abastecemento á cidade de Ávila.

Disposición adicional centésimo trixésimo cuarta. *Dotación do fondo de provisións técnicas asociadas á Rede Cervera.*

A dotación do fondo ascenderá como máximo, no ano 2018, a 80.000 miles de euros, con cargo á aplicación 27.12.467C.870.03.

A dotación do fondo destinarase a dar cobertura aos riscos en que poida incurrir o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI) ao financiar os proxectos de I+D+i da Rede Cervera, mediante axudas instrumentadas a través de préstamos.

Disposición adicional centésimo trixésimo quinta. *Extinción do organismo autónomo Consello da Xuventude de España.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei, quedará extinguido o organismo autónomo Consello da Xuventude de España e todos os seus bens, dereitos e obrigacións quedarán subrogados no organismo autónomo Instituto da Xuventude, de acordo co sinalado na Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Disposición adicional centésimo trixésimo sexta. *Comunicación de inicio de actuacións mediante réxime de tramitación de emerxencia.*

Cando a Administración teña que actuar de maneira inmediata a causa de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten a defensa nacional, de acordo co réxime excepcional previsto no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o órgano de contratación dará conta diso, no mesmo momento de adoptar o acordo de inicio de actuacións precisas, á Intervención Delegada cuxa competencia orgánica ou territorial se corresponda coa da autoridade que deba aprobar o gasto necesario para facer fronte á dita actuación.

Na comunicación que se remita ao órgano de control correspondente, incluírase unha descrición do obxecto das actuacións que se pretenden executar e o importe do gasto polo cal se efectuase a oportuna retención de crédito ou se vaia iniciar o expediente de modificación orzamentaria.

Disposición adicional centésimo trixésimo sétima. *Certificación da determinación do dano en procedementos de responsabilidade patrimonial por encadramentos indebidos no sector público.*

Para efectos do previsto nos artigos 91.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, naqueles supostos en que se inicie un procedemento de responsabilidade patrimonial por instancia dun funcionario público ou dos seus familiares como consecuencia de que o recoñecemento da súa pensión se vexa afectado por un encadramento indebido no réxime de clases pasivas do Estado no momento da súa xubilación ou falecemento, a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Función Pública ou a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, en función das súas respectivas competencias, emitirá unha certificación, na cal conste o importe mensual e anual da pensión que lle correspondería.

Disposición adicional centésimo trixésimo oitava. *Convocatoria de axudas ao investimento para instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables.*

Un. Con efectos para o orzamento 2018, poderanse convocar procedementos para a concesión de axudas ao investimento para instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables conectadas ao sistema eléctrico, con cargo ao superávit eléctrico xerado ata a entrada en vigor da presente lei, en proxectos susceptibles de seren cofinanciados con fondos Feder. A contía máxima con cargo ao sistema eléctrico será de 60 millóns de euros.

Dous. Habílitase o ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, para establecer as disposicións necesarias na aplicación e control do dito sistema de axudas, en relación coas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables conectadas ao sistema eléctrico.

Disposición adicional centésimo trixésimo novena. *Destino dos superávits do sector eléctrico.*

Un. De forma excepcional para o orzamento 2018, os superávits de ingresos do sistema eléctrico poderán destinarse ao pagamento de indemnizacións en execución de resolucións de litixios referidos á normativa do sector eléctrico que se deban levar a cabo con cargo aos orzamentos xerais do Estado ou con cargo ao sistema eléctrico, sempre que así se determine mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Dous. Con carácter indefinido, os superávits de ingresos do sistema eléctrico poderán destinarse á amortización de débeda do sistema ou, alternativamente, poderanse integrar como ingreso periodificado en varios anos no sistema eléctrico con efectos equivalentes aos de amortización da débeda referida.

Para estes efectos, por orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital aprobaranse as cantidades, termos e prazos de aplicación ou integración.

Disposición adicional centésimo cuadraxésima. *Liquidación do extracusto de xeración dos territorios non peninsulares.*

Un. A partida 20.18.000X.739 («Á CNMC para atender o extracusto de xeración a que se refire a disposición adicional décimo quinta da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico») cunha dotación 687.100,00 miles de euros determinada de acordo co establecido no Real decreto 680/2014, do 1 de agosto, polo que se regula o procedemento de elaboración do orzamento, recoñecemento, liquidación e control dos extracustos da produción de enerxía eléctrica nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares con cargo aos orzamentos xerais do Estado inclúe os seguintes conceptos:

a) O cincuenta por cento da previsión do extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares no exercicio 2018, que ascende a 755.025.371,32 €.

b) A desviación entre o cincuenta por cento do extracusto en que efectivamente se incorreu no exercicio 2014 e a previsión que foi utilizada como base da compensación entregada á conta correspondente a ese exercicio, cuxa cuantificación definitiva, por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, ascende a 67.925.371,32 €.

Dous. O organismo encargado das liquidacións destinará a cubrir o extracusto previsto da actividade de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares no exercicio 2018, ademais do importe da partida de orzamentos 2018 citada de 687.100.000,00 €, unha contía de 67.925.371,32 € da conta diferenciada creada en virtude do establecido no Real decreto 680/2014, do 1 de agosto, polo que se regula o procedemento de elaboración do orzamento, recoñecemento, liquidación e control dos

extracustos da produción de enerxía eléctrica nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo primeira. *Creación da tarxeta social universal.*

Un. Créase a tarxeta social universal como sistema de información, co obxecto de mellorar e coordinar as políticas de protección social impulsadas polas diferentes administracións públicas.

A participación das administracións públicas no citado sistema será voluntaria sen prexuízo de que, en todo caso, deba transmitirse a información que actualmente conforma o RPSP.

O sistema de tarxeta social universal destinarase aos seguintes usos:

– A xestión dos datos identificativos das prestacións sociais públicas de contido económico e situacións subxectivas incluídas no seu ámbito de aplicación e dos seus beneficiarios, mediante a formación dun banco de datos automatizado.

– O coñecemento coordinado e a cesión de datos entre as entidades e organismos afectados, co fin de facilitar o recoñecemento a e supervisión das prestacións sociais públicas xestionadas por eles.

– O acceso e a consulta das administracións públicas e doutras entidades do sector público integradas no sistema que xestionen prestacións sociais públicas de contido económico.

– A explotación estatística coa finalidade de elaborar estudos económicos encamiñados a mellorar as políticas sociais públicas.

Dous. A tarxeta social universal incluírá a información actualizada correspondente a todas as prestacións sociais contributivas, non contributivas e asistenciais, de contido económico, financiadas con cargo a recursos de carácter público e, ademais, recollerá unha información paramétrica e actualizada sobre as situacións subxectivas previstas no punto 4 desta disposición adicional, e ofrecerá, con base na dita información, funcionalidades e utilidades ás distintas administracións públicas e aos cidadáns.

Determinarase regulamentariamente o procedemento para que os cidadáns poidan utilizar as funcionalidades e utilidades do sistema co obxectivo de se beneficiaren de servizos ou produtos ofrecidos por empresas aos titulares das prestacións sociais públicas e situacións subxectivas incorporadas a el.

Tres. Atribúenselle ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, a través do Instituto Nacional da Seguridade Social, a administración, a xestión e o mantemento do rexistro e do sistema informático que dará soporte á tarxeta social universal e as funcionalidades inherentes a ela, consonte as prescricións contidas nesta disposición adicional e nas súas normas de desenvolvemento regulamentario.

Catro. As administracións públicas, entidades e organismos e empresas públicas responsables da xestión das prestacións sociais públicas de contido económico enumeradas no punto dous, que se incorporasen á tarxeta social universal quedan obrigados a facilitar ao Instituto Nacional da Seguridade Social a información actualizada correspondente aos datos identificativos dos titulares das prestacións económicas, así como, en canto determinen ou condicionen o recoñecemento e mantemento do dereito a aquelas, dos beneficiarios, cónxuxes e outros membros das unidades familiares, e os importes e clases das prestacións aboadas e a data de efectos da súa concesión ou recoñecemento.

Os organismos competentes dependentes do Ministerio de Facenda e Función Pública ou, de ser o caso, das deputacións forais, dentro de cada exercicio anual, facilitarán ao Instituto Nacional da Seguridade Social información relativa aos niveis de renda dos cidadáns afectados.

Pola súa vez, as administracións públicas, entidades e organismos con competencias en materia de discapacidade, dependencia, demanda de emprego, familia numerosa,

garantía xuvenil, condición de autónomo e calquera outra situación subxectiva relevante, que así se determine regulamentariamente, e que se incorporasen á tarxeta social universal, facilitarán ao Instituto Nacional da Seguridade Social a información actualizada sobre estas situacións en relación cos cidadáns incluídos na tarxeta social universal.

O Instituto Nacional da Seguridade Social e a Intervención Xeral da Administración do Estado acordarán mecanismos de colaboración para que a información contida na tarxeta social universal e na Base de datos nacional de subvencións sexa consistente. Establecerase regulamentariamente o procedemento que permita o intercambio recíproco de datos referentes exclusivamente ás subvencións.

Cinco. As administracións públicas, entidades e organismos responsables da xestión das prestacións sociais públicas definidas no punto dous que se incorporen ao sistema de tarxeta social universal terán acceso a toda a información sobre as prestacións económicas públicas que perciben os cidadáns, para o recoñecemento e a supervisión das prestacións sociais públicas por eles xestionadas. Así mesmo, o cidadán terá acceso a toda a información que sobre a súa persoa conste no sistema de información de tarxeta social universal nos termos que se establezan regulamentariamente.

Seis. O tratamento de datos previsto no sistema de tarxeta social universal baséase no interese público que persegue ter un sistema integrado en que se recollan todas as prestacións sociais públicas de contido económico e situacións subxectivas consideradas e que afecten os cidadáns. A información contida no sistema someterase á normativa vixente en materia de protección de datos das persoas físicas.

Sete. As prestacións sociais públicas de carácter económico definidas no punto 2 incorporaranse de forma gradual ao sistema de información da tarxeta social universal de acordo cos prazos, requisitos e procedementos que se establezan mediante norma regulamentaria.

Oito. Unha comisión integrada por representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas, da Administración local, das empresas públicas responsables de prestacións sociais públicas incluídas no sistema de tarxeta social universal e das organizacións sindicais e empresariais máis representativas no ámbito estatal velará polo correcto funcionamento do sistema. Deberá reunirse, polo menos, unha vez ao ano e a súa composición e o seu funcionamento determinaranse mediante real decreto.

Igualmente, poderán constituírse comisións de seguimento no ámbito de cada comunidade autónoma.

Nove. Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta disposición adicional, unha vez informada a conferencia sectorial correspondente.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo segunda. *Convenios de asistencia xurídica.*

A partir da entrada en vigor da lei, as entidades que, consonte a disposición adicional cuarta da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, deban adaptarse a ela manterán o sistema de convenios de asistencia xurídica co Ministerio de Xustiza, con vixencia indefinida.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo terceira. *Prazo de vixencia de determinados convenios de colaboración.*

Autorízase a Administración xeral do Estado a subscribir os seguintes convenios coa Comunidade Autónoma de Canarias superando os límites temporais establecidos no artigo 49 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

1. Convenio en materia de estradas, cunha duración de seis anos para a súa execución e 3 anos para a liquidación.

2. Convenio para a execución das sentenzas do Tribunal Supremo relativas á execución do convenio de estradas entre a Administración xeral do Estado e o Goberno de Canarias, do 31 de xaneiro de 2006, modificado polas addendas do 17 de novembro de 2009 e 29 de decembro de 2017, cunha duración de 8 anos.

3. Addenda ao convenio de estradas, entre a Administración xeral do Estado e o Goberno de Canarias, do 31 de xaneiro de 2006, modificado polas addendas do 17 de novembro de 2009 e 29 de decembro de 2017 para prorrogar a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo cuarta. *Xornada de traballo no sector público.*

Un. A partir da entrada en vigor desta lei, a xornada de traballo xeral no sector público computarase en contía anual e suporá unha media semanal de trinta e sete horas e media, sen prexuízo das xornadas especiais existentes ou que, de ser o caso, se establezan.

Para estes efectos, conforman o sector público:

- a) A Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local.
- b) As entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social.
- c) Os organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, as autoridades administrativas independentes e calquera entidade de dereito público con personalidade xurídica propia dependente ou vinculada a unha Administración pública ou a outra entidade pública, así como as universidades públicas.
- d) Os consorcios definidos no artigo 118 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- e) As fundacións que se constituán cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, dunha ou varias entidades integradas no sector público, ou cuxo patrimonio fundacional estea formado en máis dun 50 % por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- f) As sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, de entidades das mencionadas nas letras a) a e) do presente punto sexa superior ao 50 %.

Dous. Non obstante o anterior, cada Administración pública poderá establecer nos seus calendarios laborais, logo de negociación colectiva, outras xornadas ordinarias de traballo distintas da establecida con carácter xeral, ou unha repartición anual da xornada en atención ás particularidades de cada función, tarefa e ámbito sectorial, atendendo en especial ao tipo de xornada ou ás xornadas a quendas, nocturnas ou especialmente penosas, sempre e cando no exercicio orzamentario anterior se cumprisen os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e a regra de gasto. O anterior non poderá afectar o cumprimento por cada Administración do obxectivo de que a temporalidade no emprego público non supere o 8 % das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos.

De acordo coa normativa aplicable ás entidades locais, e en relación co previsto neste punto, a regulación estatal de xornada e horario terá carácter supletorio en canto as ditas entidades aproben unha regulación da súa xornada e horario de traballo, logo de acordo de negociación colectiva.

Tres. Así mesmo, as administracións públicas que cumpran os requisitos sinalados no punto anterior poderán autorizar as súas entidades de dereito público ou privado e organismos dependentes para que establezan outras xornadas ordinarias de traballo ou outra repartición anual delas, sempre que iso non afecte o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e a regra de gasto, así como o obxectivo de temporalidade do emprego público no ámbito respectivo a que se fai referencia no punto dous anterior.

Catro. Quedan sen efecto as previsións en materia de xornada e horario contidas nos acordos, pactos e convenios vixentes ou que se poidan subscribir que contraveñan o previsto nesta disposición.

Cinco. Cada Administración pública, logo de negociación colectiva, poderá regular unha bolsa de horas de libre disposición acumulables entre si, de ata un 5 % da xornada anual, con carácter recuperable no período de tempo que así se determine e dirixida de forma xustificada á adopción de medidas de conciliación para o coidado e a atención de maiores, discapacitados e fillos menores, nos termos que en cada caso se determinen. A Administración respectiva deberá regular o período de tempo en que se xerará a posibilidade de facer uso desta bolsa de horas, os límites e condicións de acumulación desta, así como o prazo en que deberán recuperarse.

Igualmente, e no caso de coidado de fillos menores de 12 anos ou discapacitados, poderá establecerse un sistema específico de xornada continua.

Seis. Esta disposición ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.7.^a, 149.1.13.^a e 149.1.18.^a da Constitución.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo quinta. *Compensación por custos adicionais padecidos por industrias electrointensivas.*

Un. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei, habilítase o Goberno, por iniciativa do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e logo de informe da Comisión Delgada do Goberno para Asuntos Económicos, a establecer un sistema de axudas ás industrias electrointensivas que se determinen conforme o punto segundo, para a redución, de acordo co normativa da Unión europea, dos custos en que se incorreu na consecución dos obxectivos de transición enerxética.

Dous. O colectivo de empresas que poderán acceder a estas axudas determinarase regulamentariamente atendendo á intensidade do uso da electricidade e á intensidade do comercio con terceiros países e dentro dos límites previstos nas directrices sobre axudas estatais que lles sexan de aplicación.

Tres. As achegas do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital aos custos enerxéticos que deben satisfacer as industrias a que se refire o punto segundo poderanse conceder de forma directa, tal e como establece o artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, relativo ao procedemento de concesión de subvencións.

Este sistema de axudas financiarase con cargo á partida orzamentaria consignada nos orzamentos da Secretaría de Estado de Enerxía establecida para tales efectos.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo sexta. *Adhesión do plátano ao sistema de compensacións ao transporte aéreo e marítimo de mercadorías.*

Un. Incorpórase, con carácter indefinido, o plátano ao réxime de compensacións ao transporte de mercadorías, segundo habilita a disposición derradeira primeira do Real decreto 170/2009, no seu punto 2.

Para tal efecto, a Lei de orzamentos xerais de cada ano deberá incluír nun concepto orzamentario independente do resto de compensacións ao transporte de mercadorías o importe que se destinará a estas compensacións ao transporte do plátano. O importe que se destine para tal fin repartirase proporcionalmente entre as solicitudes recibidas.

Dous. As compensacións outorgaranse sobre o custo do frete do transporte aéreo ou marítimo de plátano efectuado desde Canarias a outros territorios de Estados membros da Unión Europea e demais Estados asinantes do Acordo sobre Espazo Económico Europeo. Queda excluído destas compensacións o transporte entre as illas Canarias.

Tres. Os beneficiarios das axudas serán os remitentes ou expendedores das mercadorías.

Catro. A convocatoria para o outorgamento das compensacións ao transporte do plátano realizarase, con carácter xeral, no primeiro semestre de cada ano, mediante resolución do secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda. No ano 2018,

a convocatoria realizarase durante o mes seguinte a obter a autorización da Comisión Europea para a concesión destas compensacións.

Cinco. Os solicitantes das compensacións deberán presentar a documentación recollida no artigo 9 do Real decreto 170/2009.

Seis. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias resolverá sobre as solicitudes presentadas e as correspondentes propostas de gasto e poderá aprobar e recoñecer as obrigacións correspondentes a transporte realizados durante o ano natural anterior ata o importe total do crédito orzamentario do exercicio.

Sete. No non regulado no presente artigo será de aplicación subsidiaria o establecido no Real decreto 170/2009. Habilítase a Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias a publicar as aclaracións que resulten necesarias sobre o outorgamento destas compensacións.

Oito. As compensacións que se regulan no presente artigo serán de aplicación aos transportes realizados desde o 1 de xaneiro de 2017.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo sétima. *Bonificación de transporte a cidadáns residentes nas comunidades autónomas de Canarias, Illes Balears e nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla co resto do territorio español.*

Un. Autorízase o Goberno para que, durante o ano 2018 e con vixencia indefinida, aumente a porcentaxe da bonificación para os traxectos entre as comunidades autónomas de Canarias, Illes Balears e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla (en diante, territorios non peninsulares) co resto do territorio español na seguinte contía:

a) A porcentaxe de bonificación nas tarifas dos servizos regulares de transporte aéreo de pasaxeiros entre os territorios non peninsulares e o resto do territorio español pasará a ser do 75 por cento da tarifa do servizo regular por cada traxecto directo de ida ou de ida e volta.

b) A porcentaxe de bonificación aplicable nos billetes de transporte marítimo de pasaxeiros para os traxectos directos entre os territorios non peninsulares e o resto do territorio español pasará a ser do 75% da tarifa do servizo regular por cada traxecto directo de ida ou de ida e volta.

Dous. Dentro do respecto á normativa comunitaria e ao principio de liberdade tarifaria, as autoridades competentes en materia de competencia velarán para que as compañías prestameiras de servizos de pasaxeiros non establezan pactos de colusión que incrementen os prezos. Cando razóns imperiosas de interese xeral así o aconsellen, poderá fixar ao respecto prezos máximos de referencia naquelas liñas declaradas como obrigación de servizo público.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo oitava. *Subvencións ao transporte de mercadorías.*

As porcentaxes establecidas nos puntos un e tres da disposición adicional centésimo vixésimo novena da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, relativa ás subvencións ao transporte de mercadorías nas comunidades autónomas insulares e cidades autónomas de Ceuta e Melilla, serán de aplicación a transportes realizados desde o 1 de xaneiro de 2016. Habilítanse as delegacións do Goberno nas comunidades autónomas de Canarias e Illes Balears para ditar as instrucións necesarias relativas á concesión das compensacións adicionais ás xa concedidas para os transportes realizados desde o 1 de xaneiro de 2016.

Disposición adicional centésimo cuadraxésimo novena. *Contratación de servizos de eficiencia enerxética.*

No ámbito do sector público estatal, antes de autorizar un contrato de eficiencia enerxética cuxo valor estimado sexa igual ou superior a seis millóns de euros, será

preceptivo e vinculante un informe do Ministerio de Facenda e Función Pública que se pronuncie sobre as repercusións orzamentarias e compromisos financeiros que comporta, así como sobre a súa incidencia no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, segundo o establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Para tal efecto, o órgano de contratación deberá proporcionar información completa acerca dos aspectos financeiros e orzamentarios do contrato, incluíndo os mecanismos de captación de financiamento e garantías que se prevexa utilizar durante toda a súa vixencia.

Nestes contratos, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación ou da modificación destes, será igualmente necesario obter o informe do Ministerio de Facenda e Función Pública cando, con independencia da contía do contrato, no seu financiamento se prevexa calquera forma de axuda ou achega estatal, ou o outorgamento de préstamos ou anticipos.

Disposición adicional centésimo quincuaxésima. *Apoio ás actividades do Consorcio de Santiago vinculadas ao Ano Santo Xacobeo 2021 e á Catedral de Santiago.*

O Goberno apoia o labor desenvolvido polo Consorcio de Santiago, como órgano instrumental do Real Padroado da Cidade de Santiago, no cumprimento dos seus fins dirixidos á preservación e revitalización do patrimonio cultural representado pola cidade de Santiago e a súa catedral, nos seus aspectos histórico-artísticos e arquitectónicos, á difusión dos valores europeístas e ao desenvolvemento e potenciación das actividades turísticas e culturais vinculadas ao itinerario xacobeo.

Para tal fin disporanse as actuacións necesarias para o desenvolvemento das actividades extraordinarias que realice o Consorcio de Santiago vinculadas ao Ano Santo Xacobeo 2021.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo primeira. *Incentivos a administracións territoriais.*

O Goberno, logo de informe do Consello de Política Fiscal e Financeira, ou da Comisión Nacional da Administración Local, segundo os casos, e da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, poderá acordar a aprobación de incentivos ás administracións territoriais en función do grao de cumprimento das regras fiscais e dos obxectivos específicos asignados, co fin de que os menores recursos consecuencia da devolución das cotas de reembolso de débedas fronte ao Estado teñan un impacto menor sobre a súa ratio de débeda.

Estes incentivos poderán afectar total ou parcialmente o importe dos créditos que posúa o Estado, así como as súas condicións financeiras.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo segunda. *Imposto sobre determinados servizos dixitais.*

O Goberno remitirá ás Cortes Xerais, nos tres meses seguintes a partir da aprobación desta lei, un proxecto de lei que regule un novo imposto sobre determinados servizos dixitais, baseado na proposta de imposto sobre servizos dixitais presentada pola Comisión Europea o 21 de marzo de 2018, tendo en conta que o Congreso aprobou a Proposición non de lei 161/002996, publicada no *Boletín Oficial de las Cortes Generales* o 18 de abril, para garantir unha tributación efectiva das multinacionais tecnolóxicas.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo terceira. *Financiamento da Agencia EFE.*

Durante a vixencia da presente lei, a Administración xeral do Estado transferirá a Agencia EFE, S.A.U. a cantidade de 51.000 miles de euros como compensación polo cumprimento das funcións e obrigacións de servizo público, á conta da liquidación definitiva practicable unha vez pechado o exercicio, que se realizará de conformidade coa metodoloxía que resulte fixada nas disposicións regulamentarias que se aproben en

cumprimento do mandato contido na disposición adicional quincuaxésimo terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que regula o servizo público de noticias de titularidade estatal.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo cuarta. *Condicions aplicables nas convocatorias de axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para garantir a inclusión educativa.*

Coa finalidade de afondar na garantía do principio de equidade na educación previsto no título II da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co previsto nos artigos 72.2 e 83 da dita Lei orgánica 2/2006, incorporará nas súas convocatorias anuais de axudas individualizadas para este tipo de alumnado previsións específicas para os colectivos a que se refiren as seccións terceira e cuarta do capítulo I do dito título II, que completarán as xa previstas na normativa vixente para o alumnado das seccións primeira e segunda. De acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, esta incorporación realizarase de forma progresiva nas sucesivas convocatorias a partir da do curso 2019/20, que preverán, en todo caso, os requisitos e a forma de acreditación fidedigna da situación que daría dereito á percepción da axuda individualizada.

Para a concesión destas axudas, unha vez acreditada a existencia de necesidade específica de apoio educativo, atenderase exclusivamente aos requisitos de carácter económico da unidade familiar do beneficiario.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo quinta. *Efectos sobre a regra de gasto da modificación da disposición adicional segunda da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, realizada pola disposición derradeira décimo novena da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017.*

A modificación realizada pola disposición derradeira décimo novena da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017 da disposición adicional segunda da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, terá a mesma natureza que os incrementos permanentes de recadación previstos no artigo 12.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo sexta. *Extensión da banda larga en Asturias.*

Na convocatoria para o exercicio 2018 do Programa de axudas para a extensión da banda larga de nova xeración, destinaranse 4.073.417 euros con carácter preferente a financiar actuacións na Comunidade Autónoma do Principado de Asturias.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo sétima. *Examinadores de tráfico na Comunidade Foral de Navarra.*

O BOE do 26 de xaneiro de 2018 publicou as bases que rexerán o «Proceso selectivo para o ingreso polo sistema de acceso libre no corpo xeral administrativo da Administración xeral do Estado. Especialidade de tráfico. Código corpo 1135I». A Comunidade Foral de Navarra vén arrastrando desde hai moito tempo unha carencia estrutural de examinadores de tráfico, o que supón graves problemas para as entidades e a cidadanía.

Para resolver a situación de desigualdade, ao menos 5 prazas do proceso selectivo citado deberán ter destino na Xefatura Provincial de Tráfico da Comunidade Foral de Navarra.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo oitava. *Xubilación dos corpos docentes da Comunidade Foral de Navarra.*

1. Os funcionarios de carreira dos corpos docentes a que se refire a disposición adicional sétima da Lei orgánica de educación, dependentes da Comunidade Foral de Navarra que, de acordo coa disposición adicional vixésimo novena da Lei 31/1991, do 30 de decembro, ou coa disposición transitoria oitava da Lei 7/2007, do 12 de abril, se integraron nos ditos corpos e que quedaron acollidos a réximes da Seguridade Social ou de previsión distintos do de clases pasivas, con anterioridade á entrada en vigor do artigo 20 do Real decreto lei 13/2010, poderán optar no momento da solicitude da xubilación voluntaria por incorporarse ao réxime de clases pasivas do Estado, en idénticas condicións aos funcionarios de carreira dos corpos docentes acollidos a este réxime, sempre que acrediten os mesmos requisitos que resulten vixentes para estes últimos.

2. Dado o carácter voluntario da xubilación regulada nesta disposición adicional, non lle será de aplicación o establecido na disposición transitoria primeira do vixente texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

3. A comisión prevista na disposición adicional sexta do Real decreto 691/1991, do 12 de abril, sobre cómputo recíproco de cotas entre réximes da Seguridade Social, determinará a compensación económica que deba realizar a Seguridade Social respecto do persoal de corpos docentes que opte pola súa incorporación ao réxime de clases pasivas do Estado, en función dos anos cotizados aos demais réximes da Seguridade Social.

Disposición adicional centésimo quincuaxésimo novena. *Recoñecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación á Policía Foral de Navarra.*

Téndose iniciado a través da Secretaría de Estado da Seguridade Social o procedemento aplicable para tramitar o recoñecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación á Policía Foral de Navarra, ao abeiro do Real decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social, unha vez cumpridas as actuacións e trámites oportunos e avaliados os estudos correspondentes pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, o Goberno, por proposta do ministro de Emprego e Seguridade Social, aprobará o correspondente real decreto accedendo, no menor prazo posible, á petición do citado colectivo de Policía Foral de Navarra.

Disposición adicional centésimo sexaxésima. *Criterios de aplicación de sistemas de contención de vehículos.*

No prazo de tres meses tras a entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Fomento deberá aprobar as modificacións necesarias na Orde circular 35/2014, sobre criterios de aplicación de sistemas de contención de vehículos, para os efectos de prever a instalación xeneralizada e con carácter prioritario do Sistema para protección de motociclistas (SPM) aos tramos construídos e en uso que teñan a consideración de puntos de concentración de vítimas determinados polo Invive Motos, e para que os SPM que se instalen sexan os máis seguros, de nivel I e clase 70.

Disposición adicional centésimo sexaxésimo primeira. *Obras de interese xeral.*

Decláranse de interese xeral as seguintes obras:

- 1) Depuración e saneamento da illa de Arousa.
- 2) Mellora da depuración de Sanxenxo e saneamento de Raxó.
- 3) Ampliación e mellora da EDAR de Pontearreas. 1ª fase.

Disposición adicional centésimo sexaxésimo segunda. *Obras de interese xeral.*

Un. Decláranse de interese xeral as seguintes nove obras incluídas no anexo V do «Protocolo xeral de colaboración coa Xunta de Castilla y León, polo que se fixa o marco xeral de colaboración no ámbito do saneamento e a depuración: execución do Plan nacional de calidade das augas: saneamento e depuración 2007-2015 cuxa execución está asignada á Administración xeral do Estado:

- 1) Nova EDAR de Quintanilla de Onésimo (Valladolid).
- 2) Nova EDAR de Villanueva de Duero (Valladolid).
- 3) Nova EDAR de Aldeamayor de San Martín (Valladolid).
- 4) Nova EDAR e conexións de Villavieja de Yeltes (Salamanca).
- 5) Nova EDAR e emisario de Ayllón (Segovia).
- 6) Nova EDAR en San Cristóbal de Entreviñas (Zamora).
- 7) Nova EDAR de Astudillo (Palencia).
- 8) Nova EDAR de Esguevillas de Esgueva (Valladolid).
- 9) Nova EDAR de Valoria la Buena (Valladolid).

Dous. As obras incluídas nesta disposición adicional levarán implícitas as declaracións seguintes:

- a) A de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos, para os fins de expropiación forzosa e ocupación temporal, de acordo co disposto na lexislación correspondente.
- b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Disposición adicional centésimo sexaxésimo terceira. *Obras de interese xeral.*

Un. Decláranse de interese xeral as seguintes tres obras incluídas no anexo V.A do «Convenio de colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente, a Confederación Hidrográfica do Norte e o Principado de Asturias polo que se fixa o esquema xeral de coordinación e financiamento para a execución no Principado de Asturias do Plan nacional de calidade das augas: saneamento e depuración 2007-2015» correspondentes con aglomeracións que verten as augas residuais urbanas á zona de praia e cuxa execución está asignada á Administración xeral do Estado:

- 1) Saneamento e EDAR de Tapia de Casariego (Asturias).
- 2) Saneamento de Bañugues e Antromero, e saneamento Gozón fase 4ª (Asturias).
- 3) Incorporacións ao saneamento de Villaviciosa, marxe esquerda (Asturias).

Dous. As obras incluídas nesta disposición adicional levarán implícitas as declaracións seguintes:

- a) A de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos, para os fins de expropiación forzosa e ocupación temporal, de acordo co disposto na lexislación correspondente.
- b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Disposición adicional centésimo sexaxésimo cuarta. *Especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos membros dos corpos de policía local ao servizo das administracións locais.*

En relación cos membros dos corpos de Policía Local ao servizo das administracións locais, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por contingencias comúns, tanto para a Administración como para o funcionario, a partir da

entrada en vigor da norma regulamentaria pola que se estableza o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dese colectivo.

O tipo de cotización adicional a que se refire o parágrafo anterior será do 10,60 por cento, do cal o 8,84 por cento será por conta da Administración e o 1,76 por cento por conta do funcionario.

Disposición adicional centésimo sexaxésimo quinta. *Taxa adicional de reposición da policía local.*

Adicionalmente ao previsto no artigo 19 desta lei, e co fin de garantir o exercicio das funcións das administracións públicas en materia de seguridade e orde pública, no suposto de que, en aplicación do establecido no artigo 206.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, se produza o anticipo de idade de xubilación dos policías locais, as entidades locais poderán dispor durante 2018, exclusivamente para este colectivo, dunha taxa adicional de reposición determinada polo número de baixas que se prevexan neste exercicio e no exercicio 2019 como consecuencia do dito adianto da idade de xubilación. Esta taxa adicional descontarase da que poida corresponder nos exercicios 2019 e 2020.

Disposición adicional centésimo sexaxésimo sexta. *Compromiso de licitación de infraestruturas públicas.*

Coa entrada en vigor da presente lei de orzamentos xerais do Estado, o Goberno de España comprométese a:

1. Cumprir os calendarios e as previsións de licitación e execución comprometidos nas diferentes comunidades autónomas, tanto en materia de infraestruturas viarias como ferroviarias -alta velocidade, rede convencional e proximidades, incluídos os procesos de integración programados en diferentes cidades-, aeroportuarias e portuarias, así como a planificación prevista nos ámbitos de vivenda e modos de transporte.
2. Que o ministro de Fomento compareza cada tres meses no Senado para dar conta e informar do estado de cumprimento dos compromisos contraídos polo Goberno de España no ámbito das infraestruturas, do transporte e da vivenda en cada un dos territorios.

Disposición adicional centésimo sexaxésimo sétima. *Persoal do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento da Comunidade Autónoma de Aragón.*

Ademais do establecido no artigo 19.dous da presente lei, autorízase unha taxa adicional para as administracións públicas da Comunidade Autónoma de Aragón correspondentes ao persoal do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios que, estando dotadas orzamentariamente, sexan necesarias para dar cumprimento á Lei 1/2013, do 7 de marzo, de regulación e coordinación dos servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento de Aragón, en canto á organización e estrutura dos servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento, baseada en parques e subparques cuxas dotacións mínimas de persoal, instalacións e utensilios sexan determinadas regulamentariamente polo Goberno de Aragón, tendo en conta a situación de excepcionalidade e urxencia derivada da aplicación desta lei.

A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantizará o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración xeral do Estado, comunidades autónomas e entidades locais, e poderanse articular medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes administracións no seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Disposición transitoria primeira. *Indemnización por residencia do persoal ao servizo do sector público estatal.*

Durante o ano 2018, a indemnización por residencia do persoal en activo do sector público estatal continuará devindicándose nas áreas do territorio nacional que a teñen recoñecida, nas mesmas contías vixentes en 31 de decembro de 2017, co incremento máximo previsto no artigo 18.dous.

Non obstante, quen viñese percibindo a indemnización por residencia en contías superiores ás establecidas para o persoal do sector público estatal continuará devindicándoa sen incremento ningún no ano 2018 ou co que proceda para alcanzar estas últimas.

Disposición transitoria segunda. *Complementos persoais e transitorios.*

Un. Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

Dous. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 13 da Lei 50/1984, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1985, ao persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, manteranse nas mesmas contías que en 31 de decembro do ano anterior e serán absorbidos polas melloras que poidan derivar do cambio de posto de traballo.

Incluso no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución de retribucións, manterase o complemento persoal transitorio fixado ao producirse a aplicación do novo sistema, a cuxa absorción se imputarán as melloras que poidan derivar do cambio de posto de traballo.

Para efectos da absorción prevista nos parágrafos anteriores, o incremento de retribucións de carácter xeral que se establece nesta lei só se computará no 50 por cento do seu importe, entendendo que teñen este carácter o soldo, referido a catorce mensualidades, o complemento de destino e o específico.

En ningún caso se considerarán os trienios, o complemento de produtividade nin as gratificacións por servizos extraordinarios.

Tres. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos ao persoal das Forzas Armadas e dos corpos da Garda Civil e Nacional de Policía, así como ao persoal funcionario da Administración da Seguridade Social e ao estatutario do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, e restante persoal con dereito a percibir tales complementos, rexeranse polas mesmas normas establecidas no punto dous anterior.

Catro. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos ao persoal destinado no estranxeiro absorberanse aplicando as mesmas normas establecidas para o que preste servizos en territorio nacional, sen prexuízo da súa supresión cando o funcionario afectado cambie de país de destino.

Disposición transitoria terceira. *Rexistro de Prestacións Sociais Públicas.*

O Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, constituído no Instituto Nacional da Seguridade Social e xestionado por este, manterase en vigor nos termos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, así como no Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, e dará servizo ás entidades, organismos e empresas incluídas no catálogo a que se refire o artigo 9 do citado real decreto, ata a data que se determine na norma regulamentaria que, en desenvolvemento da disposición adicional centésimo cuadraxésimo primeira da presente lei, regule a tarxeta social universal.

A partir da súa posta en funcionamento, quedará integrado na tarxeta social universal o contido do actual Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, regulado polo artigo 72 do

texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e polo Real decreto 397/1996, do 1 de marzo.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio das reclamacións económico-administrativas en materia de clases pasivas.*

As reclamacións económico-administrativas en materia de recoñecemento e pagamento de toda clase de pensións e dereitos pasivos que sexa competencia do Ministerio de Facenda e Función Pública, contra actos e resolucións ditadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei, continuarán tramitándose ata a súa conclusión conforme as normas que rexían na data en que se ditaron.

Disposición transitoria quinta. *Taxa xeral de operadores de telecomunicacións.*

As liquidacións da taxa xeral de operadores a que se refire o punto 1 do anexo I da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, que non se practicasen antes da data de entrada en vigor desta lei realizaranse conforme o establecido na disposición derradeira trixésimo segunda.

Disposición transitoria sexta. *Réxime de matrícula turística.*

Os vehículos e embarcacións que no momento da entrada en vigor desta lei estivesen en matrícula turística ao abeiro do Real decreto 1571/1993, do 10 de setembro, polo que se adapta a Regulamentación da matrícula turística ás consecuencias da harmonización fiscal do mercado interior, poderán ser utilizados polos beneficiarios do réxime ata que finalice o prazo autorizado, que non poderá exceder, en todo caso, o 31 de decembro de 2018.

Disposición transitoria sétima. *Prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas e organismos e entidades públicas dependentes delas.*

Mentres as diferentes administracións públicas determinen as retribucións que percibirá o seu persoal en situación de incapacidade temporal, de acordo co previsto na disposición adicional quincuaxésimo cuarta desta lei, seguirá sendo de aplicación o previsto no artigo 9 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, e na disposición adicional trixésimo oitava da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013. Unha vez que entre en vigor a nova regulación, ambas as normas deixarán de ser aplicables na Administración respectiva e nos organismos e entidades dependentes delas.

Disposición transitoria oitava. *Retribucións de determinados cargos do Ministerio Fiscal correspondentes ao ano 2017 que se percibirá no ano 2018.*

Con vixencia exclusiva para o ano 2018, os membros do Ministerio Fiscal que aparecen na seguinte táboa, coa excepción do fiscal xeral do Estado, que se regula no número 4 do punto cinco do artigo 27 desta lei, percibirán, cos mesmos efectos do 1 de xaneiro de 2017 que os previstos para os maxistrados do Tribunal Supremo a que se refire o número 3 do punto cinco do artigo 27 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, dúas pagas ao ano, en xuño e decembro, polas contías, cada unha delas, que se detallan a continuación:

Determinados membros do Ministerio Fiscal	Contía en euros
Tenente fiscal do Tribunal Supremo	6.992,92
Fiscal xefe inspector, fiscal xefe da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional e fiscal xefe da Fiscalía da Audiencia Nacional	6.992,92

Fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica e da Unidade de Apoio do Fiscal Xeral do Estado e das fiscalías especiais antidroga e contra a corrupción e a criminalidade organizada e fiscais de sala do Tribunal Supremo	6.873,19
---	----------

Estas contías devindicaranse de acordo coa normativa sobre pagas extraordinarias aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

DISPOSICIÓN DERROGATORIAS

Disposición derogatoria primeira. *Derrogación do artigo 72 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria terceira, queda derogado o artigo 72 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Disposición derogatoria segunda. *De supresión do punto 1.c) da disposición adicional décimo primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

Suprímese a letra c) da disposición adicional décimo primeira.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición derogatoria terceira. *Derrogación do réxime de matrícula turística.*

Un. Queda derogada a disposición adicional segunda do Real decreto lei 7/1993, do 21 de maio, de medidas urxentes de adaptación e modificación do imposto sobre o valor engadido, do imposto especial sobre determinados medios de transporte, do imposto xeral indirecto canario, do arbitrio sobre a produción e importación nas illas Canarias e da tarifa especial do arbitrio insular á entrada de mercadorías.

Dous. Queda derogado o Real decreto 1571/1993, do 10 de setembro, polo que se adapta a Regulamentación da matrícula turística ás consecuencias da harmonización fiscal do mercado interior.

Disposición derogatoria cuarta. *Derrogación da disposición adicional septuaxésimo primeira da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.*

Queda derogada a disposición adicional septuaxésimo primeira da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 4/1986, do 8 de xaneiro, de cesión de bens do patrimonio sindical acumulado.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 4/1986, do 8 de xaneiro, de cesión de bens do patrimonio sindical acumulado, da seguinte forma:

Un. Modifícase o punto 3 do artigo sétimo da Lei 4/1986, do 8 de xaneiro, que queda redactado como segue:

«3. O importe do alleamento de bens integrados no patrimonio sindical acumulado destinarase á adquisición de bens de valor equivalente, obras de construción, conservación, reforma, acondicionamento e mellora dos bens do

patrimonio sindical acumulado e, en xeral, ás finalidades previstas nesta lei e no seu regulamento executivo.

Así mesmo, destinarase ao pagamento dos arrendamentos a que se refire a disposición adicional novena da presente lei.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional novena á Lei 4/1986, do 8 de xaneiro de 1986, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Arrendamentos.*

Co fin de garantir a seguridade das persoas e inmobles e atender as necesidades de espazos para uso vinculado aos fins desta lei, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social poderá arrendar inmobles para a súa posterior cesión en uso a sindicatos de traballadores e organizacións empresariais, nos termos previstos no artigo terceiro da presente lei.

Esta facultade poderase utilizar nos seguintes supostos:

a) Cando, pola realización dunha obra de carácter estrutural e inaprazable, sexa necesario desalojar un edificio adscrito a patrimonio sindical acumulado cedido a interlocutores sociais e durante o tempo que medie ata a recepción final da obra.

b) Cando os edificios de que é titular o Estado para os fins desta lei non reúnan as condicións de habitabilidade normativamente exixibles para o seu uso como centro de traballo, nin sexa posible realizar obras de rehabilitación neles.

Os contratos de arrendamento terán unha vixencia máxima de 5 anos.

En todo caso, a cesión de inmobles arrendados para os usos citados axustarase ao procedemento previsto nesta lei.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido de Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 14 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, que queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Revisión de actos administrativos por vía de recurso.*

1. Os acordos da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas en materia de clases pasivas que sexan da súa competencia porán fin á vía administrativa e serán impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Con carácter previo á vía contencioso-administrativa poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral Custos de Persoal e Pensións Públicas.

2. Os acordos da Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa en materia de clases pasivas que sexan da súa competencia a teor do disposto nos artigos anteriores serán impugnables, de ser o caso, polos interesados ante o ministro de Defensa, previamente á interposición do oportuno recurso contencioso-administrativo.

3. Non se reputarán en ningún caso como recursos as solicitudes de recoñecemento ou modificación de dereitos pasivos que se baseen en ter desaparecido a incompatibilidade ou concorrencia de percepcións ou situacións que servisen de fundamento a unha resolución denegatoria ou limitativa deles, ou na existencia de feitos ou dereitos que non se tiveron en conta ou non existían ao ditar

o acordo primitivo, sen prexuízo das regras que sobre caducidade dos efectos deses dereitos se conteñen neste texto.»

Dous. Modifícase o punto 3 do artigo 39 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, que queda redactado como segue:

«3. Á base reguladora determinada de acordo coas regras anteriores aplicaráselle a porcentaxe fixa do 50 por 100 para obter o importe da pensión de viuvez.

Esta porcentaxe será o 25 por 100 no suposto de que o causante dos dereitos falecese tras ter sido declarado inutilizado en acto de servizo ou como consecuencia del e de terse sinalado no seu favor a correspondente pensión extraordinaria.

Malia o disposto nos parágrafos anteriores, nos termos que regulamentariamente se determinen, estas porcentaxes incrementaranse en 4 ou en 2 puntos, respectivamente, cando na persoa beneficiaria concorran os seguintes requisitos:

- a) Ter cumprido unha idade igual ou superior a 65 anos.
- b) Non ter dereito a outra pensión pública española ou estranxeira.
- c) Non percibir ingresos pola realización dun traballo por conta allea ou por conta propia.
- d) Non percibir rendementos do capital, de actividades económicas ou ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para as ditas rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas, que en cómputo anual superen o límite de ingresos establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado para ser beneficiario da pensión mínima de viuvez.»

Tres. Modifícase o punto 3 do artigo 48 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, que queda redactado como segue:

«3. Non obstante, cando a pensión extraordinaria estivese orixinada como consecuencia dun acto de terrorismo, terán dereito a pensión de orfandade os fillos do causante dos dereitos pasivos que fosen menores de vinte e tres anos, así como os que estivesen incapacitados para todo traballo antes do cumprimento da dita idade ou da data do falecemento do causante.

No suposto en que o orfo non realice un traballo lucrativo por conta allea ou propia ou cando, realizándoo, os ingresos que obteña en cómputo anual resulten inferiores ao importe do salario mínimo interprofesional que se fixe en cada momento, tamén en cómputo anual, poderá ser beneficiario da pensión de orfandade, sempre que na data do falecemento do causante fose menor de vinte e cinco anos. En caso de que estivese cursando estudos e cumprise os vinte e cinco anos durante o transcurso do curso escolar, a percepción da pensión de orfandade manterase ata o día primeiro do mes inmediatamente posterior ao do inicio do seguinte curso académico.

Se o orfo maior de vinte e tres anos se incapacitase para todo traballo antes de cumprir os vinte e cinco anos de idade, terá dereito á pensión de orfandade con carácter permanente; para este efecto, será de aplicación o disposto no número 3 do artigo 41 deste texto.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional, décimo novena, ao texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo novena. *Incremento da porcentaxe de determinadas pensións ordinarias de viuvez.*

O incremento de 4 puntos aplicable sobre a base reguladora correspondente para determinar o importe da pensión de viuvez, establecido no último parágrafo do

artigo 39.3, será así mesmo de aplicación, cos mesmos requisitos, ás pensións ordinarias de viuvez causadas ao abeiro da lexislación vixente en 31 de decembro de 1984.

Nos supostos de pensións ordinarias de viuvez causadas ao abeiro da lexislación especial de guerra, este incremento levarase a cabo nos seguintes termos:

As pensións cuxo importe se calcula mediante a aplicación dunha determinada porcentaxe incrementaranse de acordo co previsto no artigo 39.3, cos requisitos establecidos nel.

As pensións cuxo importe é igual á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social incrementaranse na mesma contía ca estas.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias:

Un. Modifícase o punto 9º do artigo 9, que queda redactado do modo seguinte:

«A) As entregas de bens e prestacións de servizos realizadas directamente polas administracións públicas, así como as entidades a que se refiren as letras C) e D) deste punto, sen contraprestación ou mediante contraprestación de natureza tributaria.

B) Para estes efectos, consideraranse administracións públicas:

a) A Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local.

b) As entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social.

c) Os organismos autónomos, as universidades públicas e as axencias estatais.

d) Calquera entidade de dereito público con personalidade xurídica propia dependente das anteriores que, con independencia funcional ou cunha especial autonomía recoñecida pola lei, teña atribuídas funcións de regulación ou control de carácter externo sobre un determinado sector ou actividade.

Non terán a consideración de administracións públicas as entidades públicas empresariais estatais e os organismos asimilados dependentes das comunidades autónomas e entidades locais.

C) Non estarán suxeitos ao imposto os servizos prestados en virtude das encargas executadas polos entes, organismos e entidades do sector público que teñan, de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei de contratos do sector público, a condición de medio propio personificado do poder adxudicador que ordenase a encarga, nos termos establecidos no referido artigo 32.

D) Así mesmo, non estarán suxeitos ao imposto os servizos prestados por calquera ente, organismo ou entidade do sector público, nos termos a que se refire o artigo 3.1 da Lei de contratos do sector público, a favor das administracións públicas de que dependan ou doutra integramente dependente destas, cando as ditas administracións públicas posúan a súa titularidade íntegra.

E) A non consideración como operacións suxeitas ao imposto que establecen as letras C) e D) anteriores será igualmente aplicable aos servizos prestados entre as entidades a que estes se refiren, integramente dependentes da mesma Administración pública.»

Dous. Modifícase a letra b) do número 2 do artigo 22, que queda redactada da forma seguinte:

«b) As subvencións vinculadas directamente ao prezo das operacións suxeitas ao imposto.

Consideraranse vinculadas directamente ao prezo das operacións suxeitas ao imposto as subvencións establecidas en función do número de unidades entregadas ou do volume dos servizos prestados cando se determinen con anterioridade á realización da operación.

En ningún caso se incluírán as subvencións dirixidas a permitir o abastecemento de produtos comunitarios ou dispoñibles no mercado da CEE, previsto no Programa de opcións específicas polo afastamento e insularidade das illas Canarias.

Non obstante, non se considerarán subvencións vinculadas ao prezo nin integran en ningún caso o importe da contraprestación a que se refire o número 1 do presente artigo as achegas en diñeiro, sexa cal sexa a súa denominación, que as administracións públicas realicen para financiar:

a') A xestión de servizos públicos ou de fomento da cultura en que non exista unha distorsión significativa da competencia, sexa cal sexa a súa forma de xestión.

b') Actividades de interese xeral cando os seus destinatarios non sexan identificables e non satisfagan contraprestación ningunha.»

Tres. Suprímese a letra e) do número 3 do artigo 22.

Catro. Modifícase o número 5 do artigo 28, que queda redactado do modo seguinte:

«5. Os suxeitos pasivos que realicen conxuntamente operacións suxeitas ao imposto e operacións non suxeitas por aplicación do establecido no artigo 9.9.º desta lei poderán deducir as cotas soportadas pola adquisición de bens e servizos destinados de forma simultánea á realización dunhas e doutras operacións en función dun criterio razoable e homoxéneo de imputación das cotas correspondentes aos bens e servizos utilizados para o desenvolvemento das operacións suxeitas ao imposto. Para estes efectos, inclúense as operacións a que se refire o artigo 29.4.2.º desta lei. Este criterio deberá ser mantido no tempo, salvo que por causas razoables se deba modificar.

Para estes efectos, poderá atenderse á proporción que represente o importe total, excluído o imposto xeral indirecto canario, determinado para cada ano natural, das entregas de bens e prestacións de servizos das operacións suxeitas ao imposto, respecto do total de ingresos que obteña o suxeito pasivo en cada ano natural polo conxunto da súa actividade.

O cálculo resultante da aplicación do dito criterio poderase determinar provisionalmente atendendo aos datos do ano natural precedente, sen prexuízo da regularización que proceda ao final de cada ano.

Non obstante o anterior, non serán deducibles en proporción ningunha as cotas soportadas ou satisfeitas polas adquisicións ou importacións de bens ou servizos destinados, exclusivamente, á realización das operacións non suxeitas a que se refire o artigo 9.9.º desta lei.

As deducións establecidas neste punto axustaranse tamén ás condicións e aos requisitos previstos no capítulo I do título II desta lei e, en particular, aos que se refiren á regra de pro rata.

O previsto neste número non será de aplicación ás actividades de xestión de servizos públicos nas condicións sinaladas na letra a') do artigo 22.2.b) desta lei.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo.*

Un. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a letra c) do artigo 13.2 do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo, nos seguintes termos:

«c) Os fillos do causante, calquera que sexa a natureza legal da súa filiación, menores de dezoito anos ou maiores incapacitados para todo traballo no momento do falecemento daquel ou antes do cumprimento da citada idade.

Nos casos en que o fillo do causante non efectúe traballo lucrativo por conta allea ou propia, ou cando realizándoo, os ingresos que obteña en cómputo anual resulten inferiores ao importe do salario mínimo interprofesional que se fixe en cada momento, tamén en cómputo anual, poderá ser beneficiario da pensión de orfandade sempre que, na data de falecemento do causante, sexa menor de vinte e cinco anos de idade.

Se o orfo está cursando estudos e fai os vinte e cinco anos durante o transcurso do curso escolar, a percepción da pensión de orfandade manterase ata o día primeiro do mes inmediatamente posterior ao do inicio do seguinte curso académico.»

Dous. O establecido no número anterior terá rango de real decreto e poderá ser modificado mediante norma de igual rango.

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 2 da Lei 35/1995, do 11 de decembro, que queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Beneficiarios.*

1. Poderán acceder a estas axudas aqueles que, no momento de perpetrarse o delito, sexan españois ou nacionais dalgún outro Estado membro da Unión Europea ou aqueles que, non séndoo, residan habitualmente en España ou sexan nacionais doutro Estado que recoñeza axudas análogas aos españois no seu territorio.

Así mesmo, poderán acceder ás axudas as mulleres nacionais de calquera outro Estado que estean en España, calquera que sexa a súa situación administrativa, cando a afectada sexa vítima de violencia de xénero nos termos previstos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, sempre que se trate de delitos como consecuencia dun acto de violencia sobre a muller.

A condición de vítima de violencia de xénero deberá acreditarse por calquera dos seguintes medios de proba:

- a) A través da sentenza condenatoria.
- b) A través da resolución xudicial que acordase como medida cautelar de protección da vítima a prohibición de aproximación ou a prisión provisional do inculpado.
- c) Da forma establecida no artigo 23 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

No caso de falecemento, o previsto nos parágrafos anteriores será exigible respecto dos beneficiarios a título de vítimas indirectas, con independencia da nacionalidade ou residencia habitual do falecido.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 6 da Lei 35/1995, do 11 de decembro, que quedan redactados como segue:

«Artigo 6. *Criterios para determinar o importe das axudas.*

1. O importe das axudas non poderá superar en ningún caso a indemnización fixada na sentenza. Tal importe determinarase mediante a aplicación das seguintes regras, en canto non supere a contía citada:

a) De se producir situación de incapacidade temporal, a cantidade que se percibirá será a equivalente ao duplo do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) diario, durante o tempo en que o afectado se encuentre en tal situación despois de transcorridos os seis primeiros meses.

b) De producirse lesións invalidantes, a cantidade que se percibirá como máximo referirase ao IPREM mensual vixente na data en que se consoliden as lesións ou danos á saúde e dependerá do grao de incapacitación de acordo coa seguinte escala:

Incapacidade permanente parcial: corenta mensualidades.

Incapacidade permanente total: sesenta mensualidades.

Incapacidade permanente absoluta: noventa mensualidades.

Grande invalidez: cento trinta mensualidades.

c) Nos casos de morte, a axuda máxima que se percibirá será de cento vinte mensualidades do IPREM vixente na data en que se produza o falecemento.

2. O importe da axuda establecerase mediante a aplicación de coeficientes correctores sobre as contías máximas previstas no punto anterior, na forma que regulamentariamente se determine e en atención:

a) Á situación económica da vítima e do beneficiario.

b) Ao número de persoas que dependan economicamente da vítima e do beneficiario.

c) Ao grao de afectación ou menoscabo que sufrise a vítima dentro dos límites daquela situación que lle correspondese de entre as previstas polo artigo 6.1.b) desta lei.

No suposto de que a afectada sexa vítima de violencia de xénero nos termos previstos no artigo 2.1 desta lei, o importe da axuda calculado de acordo co establecido nos puntos anteriores incrementarase nun vinte e cinco por cento. Nos casos de morte, a axuda será incrementada nun vinte e cinco por cento para beneficiarios fillos menores de idade ou maiores incapacitados.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Tres. Engádese un número 4 ao artigo 7 da Lei 35/1995, do 11 de decembro, que queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Prescripción da acción.*

[...]

4. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, no caso de que a afectada sexa vítima de violencia de xénero nos termos previstos no artigo 2.1 desta lei, o prazo para solicitar as axudas será de tres anos.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Catro. Engádesse un último parágrafo ao punto 1 do artigo 10 da Lei 35/1995, que queda redactado como segue:

«Artigo 10. *Concesión de axudas provisionais.*

1. Poderán concederse axudas provisionais con anterioridade a que se dite resolución xudicial firme que poña fin ao proceso penal, sempre que quede acreditada a precaria situación económica en que quedase a vítima ou os seus beneficiarios.

Determinaranse regulamentariamente os criterios en virtude dos cales se considerará precaria a situación económica da vítima do delito, para os efectos de poder acceder á concesión de axudas provisionais.

Nos supostos en que a vítima do delito teña a consideración de vítima de violencia de xénero, nos termos previstos no artigo 2.1 desta lei, poderán concederse as axudas provisionais calquera que sexa a situación económica da vítima ou dos seus beneficiarios.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira sexta. *Cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.*

En prol de manter o alto grao de consenso alcanzado e de acordo co contido do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, aprobado polo Congreso dos Deputados o 28 de setembro de 2017, co fin de garantir a súa viabilidade, os orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 inclúen:

Para as novas ou ampliadas accións reservadas á Administración xeral do Estado dentro do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, as partidas dos orzamentos xerais do Estado relacionadas coas maiores ou novas medidas reservadas á Administración xeral do Estado dentro do Pacto de Estado incrementáanse en 80 millóns de euros adicionais neste proxecto de lei.

Os orzamentos xerais do Estado destinarán, vía transferencias finalistas aos concellos, un incremento de 20 millóns de euros para as novas ou ampliadas competencias reservadas aos concellos dentro do Pacto de Estado.

Os orzamentos xerais do Estado destinarán ás comunidades autónomas un incremento de 100 millóns de euros para as novas ou ampliadas competencias reservadas ás comunidades autónomas dentro do Pacto de Estado.

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida modifícase o artigo 15 da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público, que queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Órganos reitores e persoal.*

1. [...]

2. O presidente e o vicepresidente da sociedade, que terán a condición de alto cargo, serán nomeados polo Goberno mediante real decreto, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública. A súa retribución, por todos os conceptos, será fixada polo ministro de Facenda e Función Pública.

O vicepresidente da sociedade substituirá o presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e exercerá aquelas funcións que o presidente ou o Consello lle deleguen.

3. O Consello de Administración estará formado polo presidente e o vicepresidente da sociedade estatal, e un máximo de 14 conselleiros nomeados polo ministro de Facenda e Función Pública.»

O resto de puntos continúa coa mesma redacción.

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida dáse nova redacción ao artigo 7 da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas, que queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Disposición da acción procesual.*

1. Sen prexuízo do disposto en leis especiais, para que o avogado do Estado poida validamente desistir de accións ou recursos, apartarse de querelas ou avirse ás pretensións da parte contraria precisará autorización expresa da Avogacía Xeral do Estado - Dirección do Servizo Xurídico do Estado que deberá, previamente en todo caso, solicitar informe do departamento, organismo ou entidade pública correspondente.

2. O informe deberá ser emitido pola unidade competente por razón da materia e, de ser o caso, polo órgano autor do acto obxecto do proceso. Os informes deberán conter os motivos xurídicos que fundamentan a disposición da acción procesual. Nos procesos en que se traten pretensións sobre dereitos da Facenda Pública de contía superior a un millón de euros, o departamento, organismo ou entidade pública deberá xuntar ao informe sobre a proposta de avinza ou desistencia unha memoria coa estimación das súas consecuencias económicas para a Facenda Pública. A memoria deberá ser emitida pola unidade competente por razón da materia.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, engádese un novo parágrafo ao final do punto 3 da disposición adicional sétima da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, declarada vixente pola Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«3. [...]

Se, ao tempo en que se lles satisfíxese integramente aos titulares dos proxectos de construción paralizados a compensación prevista no punto segundo da presente disposición adicional, existisen activos afectos a eles pendentes de allear, poderá acordarse mediante orde ministerial que tales activos e, en particular, os terreos, lugares e instalacións afectos sexan transmitidos ou cedidos a unha Administración pública, nos termos que se determinen na dita orde.»

O resto do punto mantén a mesma redacción.

Disposición derradeira décima. *Modificación do Real decreto lexislativo 1/1999, do 23 de decembro, polo que se adecúa a normativa do recurso previsto no parágrafo terceiro da base 9.ª do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos ao sistema tributario vixente.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción aos artigos 6, 7 e 8 do Real decreto lexislativo 1/1999, do 23 de decembro, polo que se adecúa a normativa do recurso previsto no parágrafo terceiro da base 9.ª do Real

decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos ao sistema tributario vixente, que quedan redactados como segue:

«Artigo 6. *Procedemento de liquidación do recurso ao consorcio.*

O órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria, tan pronto teña coñecemento do ingreso no Tesouro Público de liquidacións da Administración ou autoliquidacións correspondentes ás entidades establecidas na zona franca, efectuará as oportunas liquidacións do recurso con cargo ao orzamento de ingresos e expedirá o conseguente libramento a favor deste, en que se incluírán os correspondentes xuros de demora ingresados polos suxeitos pasivos, pero non as sancións ou recargas.

Nos supostos en que a declaración-liquidación anual resulte a devolver, a devolución do imposto sobre sociedades por cada suxeito e exercicio realizarase, en primeiro termo, con cargo aos pagamentos fraccionados efectuados polo dito suxeito pasivo e na proporción en que o consorcio e o Tesouro Público participasen neles.»

«Artigo 7. *Procedemento de cálculo do recurso nos supostos de realización de actividades dentro e fóra da zona franca.*

Nos casos de realización de actividades dentro e fóra da zona franca, por entidades e grupos de sociedades aos cales sexa aplicable no réxime do capítulo VI do título VII da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, o órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria, logo de informe do órgano de inspección da Axencia Estatal de Administración Tributaria competente en relación co suxeito pasivo e do consorcio da zona franca, sobre a actividade desenvolvida na zona franca por entidades e grupos, determinará, consonte o disposto no artigo 4, sobre delimitación do recurso para estas entidades e grupos, o importe do recurso que corresponde ao consorcio nos ingresos por autoliquidacións e liquidacións efectuadas pola Administración en concepto de pagamentos fraccionados e da declaración-liquidación anual do imposto sobre sociedades.

Para efectos da aplicación do disposto no artigo 4, a Axencia Estatal de Administración Tributaria determinará provisionalmente a participación do consorcio na mesma proporción que resultase da última declaración anual para a cal se fixase.

Unha vez que se presente a declaración-liquidación anual do imposto sobre sociedades, o órgano competente de inspección emitirá informe sobre a porcentaxe de recadación atribuíble ao consorcio. Este informe trasladarase ao consorcio da zona franca para que poida facer as alegacións que coide oportunas. O órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria, en consecuencia, practicará as liquidacións que procedan a favor ou con cargo ao orzamento de ingresos, sen incluír en ningún caso xuros de demora.»

«Artigo 8. *Aplicación do recurso.*

Unha vez atendida a achega ao Fondo de compensación dos consorcios de zona franca, empregarase como máximo o 25 por 100 do remanente para os gastos de funcionamento do consorcio. O resto destinarase a investimentos na zona franca e ás actividades de fomento propias das administracións territoriais que integran os consorcios das zonas francas.

Os consorcios da zona franca poderán aplicar o remanente de recadación non empregado nun exercicio a idéntica finalidade en exercicios sucesivos.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación do texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da*

Administración de xustiza aprobado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño.

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 15 do texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, que quedan redactados como segue:

«Artigo 15. *Beneficiarios de asistencia sanitaria.*

[...]

2. Para a determinación da condición de beneficiario a cargo dun mutualista deste réxime, observarase o disposto no Regulamento do mutualismo xudicial que, así mesmo, establecerá os supostos e as condicións en que se dispensará a asistencia sanitaria tanto aos viúvos como aos orfos de mutualistas activos ou xubilados.

O recoñecemento ou mantemento por Muxexu da condición de beneficiario a cargo dun mutualista será incompatible coa condición de asegurado ou beneficiario para efectos da asistencia sanitaria a través do Sistema nacional de saúde, recoñecida por calquera dos outros organismos públicos competentes para tal efecto.

3. En ningún caso Muxexu facilitará ao seu cargo a prestación de asistencia sanitaria aos familiares ou asimilados dos mutualistas cando aqueles non teñan recoñecida a condición de beneficiarios do mutualismo xudicial, salvo no caso do neonato cando a nai sexa mutualista ou beneficiaria e nos supostos de adopción ou acollemento, durante os primeiros quince días desde o momento do parto, desde a decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou desde a resolución xudicial pola cal se constituía a adopción.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificación da disposición adicional 10.^a do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, engádense dous novos puntos, 4 e 5, á disposición adicional 10.^a do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, coa seguinte redacción:

«4. A Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, mediante resolución motivada e logo de audiencia do interesado, poderá revisar directamente os actos de recoñecemento das prestacións cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando proceda a rectificación de erros materiais ou de feito e os aritméticos.
- b) Cando se constate que a prestación se obtivo mediante omisións, inexactitudes ou falseamento de datos nas declaracións dos mutualistas ou dos beneficiarios.
- c) Cando o acto fose acordado con carácter de revisable, provisional ou condicional, como consecuencia de estar suxeito a revisión periódica, ou ao cumprimento de determinada condición ou requisito, e se revele como indebido como consecuencia da dita revisión, ou do incumprimento da condición ou requisito de que se trate.

5. Cando, como consecuencia da existencia de prestacións indebidas, resulten cantidades a devolver á Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, e o debedor sexa asemade perceptor dalgunha das prestacións económicas xestionadas pola Mutualidade, esta poderá efectuar, nos termos que regulamentariamente se determine, descontos sobre as ditas prestacións para resarcirse da débeda contraída polo beneficiario, salvo nos supostos en que o propio debedor opte por aboar a débeda nun só pagamento.»

O resto da disposición permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o punto dous do artigo 53 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado da seguinte forma:

«Dous. Son funcións da Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado as seguintes:

1.^a Desenvolver as directrices do Ministerio do Interior en materia de patrimonio inmobiliario e condicións urbanísticas deste, para efectos da elaboración e realización dos plans de infraestrutura da seguridade do Estado e cumprir as funcións que se lle asignen en relación cos inmobles afectados aos fins da seguridade.

2.^a Facer propostas referentes ao planeamento urbanístico, coordinar e desenvolver os plans de infraestrutura da seguridade do Estado, así como levar a cabo acordos de colaboración para o efecto coas corporacións locais e coas comunidades autónomas.

3.^a Colaborar cos concellos nos plans de ordenación urbana que afecten os inmobles e acuartelamentos existentes. Esta colaboración, así como as propostas a que se refire o punto anterior, deberán procurar a coordinación co planeamento para facilitar a execución dos plans de infraestrutura.

4.^a Obras de construción, ampliación, reforma e mantemento de bens inmobles afectos aos fins da seguridade do Estado, conforme os plans de infraestrutura formulados, sen prexuízo das que se poidan encomendar á Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios, de acordo cos seus estatutos, e aos órganos xestores do Ministerio do Interior.

5.^a O alleamento dos bens inmobles afectos aos fins da seguridade do Estado postos á súa disposición, mediante venda ou permuta, segundo os correspondentes plans, co obxecto de obter recursos para o cumprimento dos fins do organismo.

6.^a A adquisición de infraestrutura, armamento e material para o seu uso polas forzas e corpos da Seguridade do Estado de acordo cos plans e programas aprobados pola Secretaría de Estado de Seguridade e que esta lle encomende, sen prexuízo das competencias da Dirección Xeral da Policía e da Dirección Xeral da Garda Civil.

7.^a O alleamento oneroso dos bens mobles que sexan postos á súa disposición, co obxecto de obter recursos para o cumprimento dos fins do organismo.

8.^a Coadxugar, coa xestión dos bens inmobles que sexan postos á súa disposición, ao desenvolvemento e execución das distintas políticas públicas en vigor e, en particular, da política de vivenda, en colaboración coas administracións competentes. Para tal efecto, poderá subscribir coas ditas administracións convenios, protocolos ou acordos tendentes a favorecer a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección que permita taxar o seu prezo máximo en venda, alugamento ou outras formas de acceso á vivenda.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira décimo cuarta. *Modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, nos termos que se expoñen a continuación:

O artigo 81.3.b, punto 1.º, queda redactado do seguinte modo:

«1.º Ensinanzas de grao: os prezos públicos cubrirán entre o 0 por 100 e o 25 por 100 dos custos en primeira matrícula; entre o 30 por 100 e o 40 por 100 dos custos en segunda matrícula; entre o 65 por 100 e o 75 por 100 dos custos en terceira matrícula; e entre o 90 por 100 e o 100 por 100 dos custos a partir da cuarta matrícula.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira décimo quinta. *Modificación do anexo III da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase o anexo III Complemento específico dos membros da carreira xudicial, por responsabilidade e penosidade, de Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, no sentido de recoñecer ao presidente e aos maxistrados da Sala de Apelación da Audiencia Nacional un complemento por penosidade de 628,30 euros mensuais.

Disposición derradeira décimo sexta. *Modificación da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.*

Con efectos desde o día 1 do mes seguinte á entrada en vigor desta lei e con vixencia indefinida, dáse nova redacción á disposición adicional décimo sétima, punto 3, da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que queda redactada como segue:

«3. O importe da prestación, “P”, é resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$“P” = “q” \times “m”$$

Onde:

“q” é a contía unitaria de 0,45 € por franxa horaria asignada e 0,23 € por horario facilitado.

e “m”:

a) Para cada xestor aeroportuario, o conxunto de franxas horarias asignadas ou horarios facilitados no correspondente aeroporto na programación final de cada mes natural, conforme o rexistro do coordinador.

b) Para cada operador aéreo, o número total de franxas horarias asignadas ou horarios facilitados de que dispoñan na programación final de cada mes natural, conforme o rexistro do coordinador.»

Disposición derradeira décimo sétima. *Modificación da Lei 33/2003, do 3 de novembro, xeral do patrimonio das administracións públicas.*

Con efectos desde a entrada en vigor da presente lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, da seguinte forma:

Un. Modifícase a letra b) do punto 4 do artigo 10, que quedará redactada como segue:

«b) Exercer as funcións relativas á vixilancia, protección xurídica, defensa, inventario, administración, conservación e demais actuacións que requira o correcto uso dos bens e dereitos do patrimonio do Estado que teñan afectados ou cuxa administración e xestión lles corresponda. De acordo con isto, e en relación cos tributos que graven estes bens e dereitos, cada departamento terá a consideración de obrigado tributario, conforme o previsto no artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

O resto do punto permanece coa mesma redacción.

Dous. Engádesse unha letra f) ao punto 5 do artigo 10, coa seguinte redacción:

«f) Exercer as funcións relativas á vixilancia, protección xurídica, defensa, inventario, administración, conservación e demais actuacións que requira a correcta xestión dos bens e dereitos patrimoniais da Administración xeral do Estado. En relación cos tributos que graven estes bens e dereitos, terá a consideración de obrigado tributario, conforme o previsto no artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

O resto do punto permanece coa mesma redacción.

Tres. Modifícase a letra b) do punto 6 do artigo 10, que quedará redactada como segue:

«b) Exercer as funcións relativas á vixilancia, protección xurídica, defensa, inventario, administración, conservación e demais actuacións que requira o correcto uso dos bens e dereitos propios do organismo ou adscritos a el, ou cuxa administración e xestión lles corresponda. De acordo con isto, e en relación cos tributos que graven estes bens, os organismos terán a consideración de obrigados tributarios.»

O resto do punto permanece coa mesma redacción.

Catro. Modifícase o artigo 30, incorporando dous novos puntos 4 e 5 coa seguinte redacción:

«4. Cando para facer efectivas obrigacións económicas da Administración xeral do Estado se procedese ao embargo e realización forzosa dun ben ou dereito patrimonial deberá compensarse a perda do elemento ou valor patrimonial con cargo aos créditos do departamento responsable, mediante reasignación orzamentaria. Para estes efectos, tramitarase unha transferencia de crédito, aprobada polo ministro de Facenda e Función Pública, por iniciativa da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e por proposta da subsecretaría de Facenda e Función Pública, por un importe equivalente ao valor de taxación do ben ou dereito adxudicado, desde os créditos orzamentarios do departamento responsable aos créditos do programa orzamentario 923A «Xestión do patrimonio do Estado», que se fará efectiva dentro do primeiro trimestre do exercicio seguinte a aquel en que se producise a perda do ben ou dereito. Estas transferencias non estarán suxeitas ás

restricións previstas no artigo 52 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

5. Nas dilixencias de embargo contra bens e dereitos patrimoniais da Administración Xeral do Estado por débedas tributarias só se poderán acumular débedas correspondentes a un único obrigado tributario.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira décimo oitava. *Modificación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei, para todas as subvencións e demais axudas que se concedan a partir desa data e con vixencia indefinida, introdúcese unha nova disposición adicional, a vixésimo sexta, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo sexta. *Subvencións e outras axudas concedidas polas entidades de dereito público do sector público estatal que se rexan polo dereito privado.*

1. As entregas en diñeiro sen contraprestación que outorguen as entidades de dereito público do sector público estatal que se rexan polo dereito privado terán sempre a consideración de subvencións. A súa concesión e demais actuacións previstas nesta lei constituirán o exercicio de potestades administrativas para os efectos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e quedarán sometidas ao mesmo réxime xurídico establecido para as subvencións concedidas polas administracións públicas.

2. De acordo co previsto na disposición adicional cuarta da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as seguintes axudas preservarán as súas actuais especialidades:

a) Os préstamos concedidos polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) cunha parte non reembolsable de ata un terzo do importe do crédito, que seguirán o réxime previsto na disposición adicional sexta desta lei.

b) As axudas concedidas por ICEX España Exportación e Investimentos dirixidas a impulsar a participación agrupada de empresas en feiras internacionais, misións directas, xornadas técnicas, seminarios, congresos, convencións ou actividades análogas, mentres non se opoñan á normativa comunitaria.

En todo caso, seranlles de aplicación os principios xerais e de información a que fan referencia os artigos 8, 18 e 20 desta lei.

Os préstamos e axudas concedidos polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial e por ICEX España Exportación e Investimentos non previstos nas letras a) e b) deste punto someteranse ao réxime xeral previsto nesta lei.»

Disposición derradeira décimo novena. *Modificación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Un. Modifícase o punto 3 do artigo 52 da Lei 47/2003, xeral orzamentaria, que queda redactado da seguinte forma:

«3. En ningún caso as transferencias poderán crear créditos destinados a subvencións nominativas ou aumentar os xa existentes, salvo que sexan conformes

co disposto na Lei xeral de subvencións ou se trate de subvencións ou achegas a outros entes do sector público.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Modifícase o punto 1 do artigo 73 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado como segue:

«1. A xestión do orzamento de gastos do Estado, dos seus organismos autónomos e das entidades integrantes do sector público estatal con orzamento limitativo, así como das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social realizarase a través das seguintes fases:

- a) Aprobación do gasto.
- b) Compromiso de gasto.
- c) Recoñecemento da obrigaición.
- d) Ordenación do pagamento.
- e) Pagamento material.»

Mantense a redacción para o resto de puntos deste artigo.

Tres. Modifícase o artigo 90 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado como segue:

«Artigo 90. *Tesouro Público.*

Constitúen o Tesouro Público todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos e do resto de entidades do sector público administrativo estatal, con exclusión dos suxeitos previstos no artigo 2.2.d) e h) e 2.3, tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias.»

Catro. Dáse nova redacción á rúbrica do capítulo IV do título IV, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO IV

Do endebedamento dos organismos e entidades integrantes do sector público institucional e da xestión de tesouraría dos organismos autónomos»

Cinco. Dáse nova redacción ao artigo 111, que queda como segue:

«Artigo 111. *Emisións de débeda e operacións de endebedamento dos organismos e entidades integrantes do sector público institucional estatal.*

1. Os organismos autónomos non poderán concertar operacións de endebedamento, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado, ante a especial natureza das condicións e actividade que realice o organismo, autorice a subscripción das ditas operacións, que se efectuarán nos termos e co límite que na dita lei se establezan.

Para efectos do cumprimento do dito límite, non se deducirán as posicións activas de tesouraría constituídas polo organismo.

As operacións de endebedamento concertadas por organismos autónomos regularanse polo disposto no capítulo II deste título no que lles resulte de aplicación, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado que autorice as operacións estableza expresamente outra cousa.

2. Do mesmo modo, os demais organismos e entidades integrantes do sector público institucional estatal, salvo as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público adscritas á Administración xeral do Estado, cuxo endebedamento

estará autorizado nos seus orzamentos de explotación e capital correspondentes, só poderán concertar operacións de endebedamento se así o autoriza de forma expresa a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado e dentro dos límites que a dita lei estableza, salvo que se trate de operacións de crédito que se concerten e cancelen dentro do mesmo exercicio orzamentario.

3. Os organismos e entidades integrantes do sector público institucional estatal, con excepción do Instituto de Crédito Oficial, someteranse aos principios de prudencia financeira que fixe a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Os principios que se fixen para as entidades e organismos distintos das sociedades cotizadas mercantís estatais cuxas accións estean sometidas a negociación nun mercado secundario oficial de valores referiranse, ao menos, aos límites máximos do custo financeiro a que poderán subscribirse as citadas operacións de crédito, así como ás limitacións ao uso de derivados financeiros.

4. As competencias sinaladas no artigo 98 desta lei entenderanse referidas, de ser o caso, ao presidente ou director do organismo ou entidade integrante do sector público institucional estatal correspondente.

No caso de operacións que realizen fundacións, estas competencias entenderanse referidas ao padroado da correspondente fundación.

No caso de sociedades mercantís, as competencias serán exercidas pola Xunta Xeral de Accionistas.»

Seis. Modifícase o punto 1 do artigo 130 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado como segue:

«1. A Conta Xeral do Estado formarase mediante a consolidación das contas anuais das entidades que integran o sector público estatal e comprenderá o balance consolidado, a conta do resultado económico patrimonial consolidada, o estado de cambios no patrimonio neto consolidado, o estado de fluxos de efectivo consolidado, o estado de liquidación do orzamento consolidado e a memoria consolidada.

A Conta Xeral do Estado deberá subministrar información sobre a situación patrimonial e financeira, o resultado económico patrimonial e a execución do orzamento do sector público estatal.

Á Conta Xeral do Estado xuntaránselle as contas de xestión de tributos cedidos ás comunidades autónomas, conforme o preceptuado no artigo 60 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Sete. Engádese un novo punto, o 4, ao artigo 136 da Lei xeral orzamentaria, coa seguinte redacción:

«4. A Intervención Xeral da Administración do Estado elaborará, antes do envío da Conta da Administración Xeral do Estado ao Tribunal de Contas, un informe resumo sobre os gastos do exercicio pendentes de imputación orzamentaria resultado, fundamentalmente, das actuacións de control reguladas na letra g) do punto 1 do artigo 159 desta lei. A Intervención Xeral da Administración do Estado publicará anualmente o dito informe no portal da Administración orzamentaria dentro da canle «Rexistro de contas anuais do sector público.»

Oito. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 149 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado como segue:

«Artigo 149. *Ámbito de aplicación.*

[...]

2. O Consello de Ministros, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, poderá acordar de forma motivada a aplicación do control financeiro permanente, en substitución da función interventora:

- a) Naqueles tipos de expedientes de gasto e, de ser o caso, naqueles órganos e organismos que se determinen.
- b) Respecto de toda a actividade do organismo ou dalgunhas áreas de xestión, naqueles organismos autónomos en que a natureza das súas actividades o xustifique.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Nove. Dáse nova redacción ao artigo 158 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado como segue:

«Artigo 158. *Ámbito de aplicación.*

1. O control financeiro permanente exercerase sobre:
 - a) A Administración xeral do Estado.
 - b) Os organismos autónomos.
 - c) As entidades públicas empresariais.
 - d) As autoridades administrativas independentes, salvo que a súa lexislación específica dispoña o contrario.
 - e) As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
 - f) As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e os seus centros mancomunados, cando estean inmersas nalgún dos supostos previstos no artigo 100 da Lei xeral da seguridade social.
 - g) Os organismos e entidades estatais de dereito público previstos no artigo 2.2.i) desta lei, salvo que a súa lexislación específica dispoña o contrario.
2. O Consello de Ministros poderá acordar, por proposta do Ministerio de Facenda e Función Pública e por iniciativa da Intervención Xeral da Administración do Estado, que en determinadas entidades públicas empresariais e organismos e entidades da alínea i) do punto 2 do artigo 2 desta lei o control financeiro permanente se substitúa polas actuacións de auditoría pública que se establezan no Plan anual de auditorías.»

Dez. Dáse nova redacción aos puntos 2 e 3 do artigo 161 da Lei 47/2003, que quedan redactados como segue:

«Artigo 161. *Plans de acción e seguimento de medidas correctoras.*

[...]

2. O Plan de acción elaborárase e remitirase á Intervención Xeral da Administración do Estado no prazo de tres meses desde que o titular do departamento ministerial reciba a remisión dos informes de control financeiro permanente e conterá as medidas adoptadas polo departamento, no ámbito das súas competencias, para corrixir as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se puxesen de manifesto nos informes remitidos pola Intervención Xeral da Administración do Estado e, de ser o caso, o calendario de actuacións pendentes de realizar para completar as medidas adoptadas. O departamento deberá realizar o seguimento da posta en marcha destas actuacións pendentes e informar a Intervención Xeral da Administración do Estado da súa efectiva implantación.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado valorará a adecuación do Plan de acción para solucionar as deficiencias sinaladas e, de ser o caso, os resultados obtidos.

Se a Intervención Xeral da Administración do Estado non considera adecuadas e suficientes as medidas propostas no Plan de acción, comunicarallo motivadamente ao titular do correspondente departamento ministerial, o cal disporá dun prazo dun mes para modificar o plan no sentido manifestado. En caso contrario, e se a Intervención Xeral da Administración do Estado considera graves as debilidades, deficiencias, erros ou incumprimentos cuxas medidas correctoras non son adecuadas, elevarao ao Consello de Ministros, a través do ministro de Facenda e Función Pública, para a súa toma de razón. Igualmente, a Intervención Xeral da Administración do Estado, a través do ministro de Facenda e Función Pública, porá en coñecemento do Consello de Ministros para a súa toma de razón a falta de remisión do correspondente plan de acción dentro do prazo previsto no punto anterior.

Adicionalmente, esta información incorporarase ao informe xeral que se emita en execución do sinalado no artigo 146.1 desta lei.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Once. Dáse nova redacción ao artigo 163 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado como segue:

«Artigo 163. *Ámbito.*

A auditoría pública exercerase, en función do previsto no Plan anual de auditorías a que se refire o artigo 165 desta lei, sobre todos os órganos e entidades integrantes do sector público estatal, sen prexuízo das actuacións correspondentes ao exercicio da función interventora e do control financeiro permanente, e das actuacións sometidas ao exercicio da auditoría privada da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, impostas ás sociedades mercantís estatais pola lexislación mercantil.»

Doce. Dáse nova redacción ao artigo 168 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado como segue:

«Artigo 168. *Ámbito da auditoría de contas anuais.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará anualmente a auditoría das contas anuais:

a) Dos organismos autónomos, das entidades públicas empresariais, das autoridades administrativas independentes, dos organismos e entidades estatais de dereito público a que se refire o artigo 2.2.i) desta lei, dos consorcios previstos no seu artigo 2.2.d), das universidades públicas non transferidas e das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e dos seus centros mancomunados.

b) Das fundacións do sector público estatal obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.

c) Das sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal non sometidas á obrigaón de auditarse que se inclúsen no Plan anual de auditorías.

d) Dos fondos sen personalidade xurídica, salvo que a súa lexislación específica dispoña o contrario.»

Trece. Dáse nova redacción á disposición adicional segunda da Lei xeral orzamentaria, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Colaboración na realización do Plan anual de auditorías.*

Para a execución do Plan anual de auditorías referido no artigo 165 desta lei, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá solicitar a colaboración de

sociedades de auditoría ou auditores de contas, que deberán axustarse ás normas e instrucións que determine aquela. En particular, as relativas á protección da independencia e á incompatibilidade do persoal auditor susceptible de xerar influencia.

Excepcionalmente, a contratación poderá ser realizada e asumida pola propia entidade que vaia auditar, por solicitude motivada dela e logo de autorización da Intervención Xeral da Administración do Estado, quen establecerá os criterios de solvencia, as condicións de compatibilidade dos contratistas, os criterios de valoración para a selección dos contratistas e as condicións técnicas de execución do traballo que deberán ser incluídos nos documentos de contratación.

Os auditores contratados non poderán selo, mediante contratacións sucesivas, para realizar traballos sobre unha mesma entidade por máis de dez anos. Posteriormente, non poderán ser contratados de novo ata transcorridos dous anos desde a finalización do período anterior. Así mesmo, transcorridos cinco anos desde o contrato inicial, será obrigatoria para as sociedades de auditoría ou os auditores contratados a rotación dos auditores responsables principais dos traballos contratados, os cales non poderán intervir na realización de traballos sobre a entidade ata transcorridos tres anos desde a finalización do período de cinco anos antes referido, no caso de que siga vixente o período máximo de contratación.»

Catorce. Dáse nova redacción á disposición adicional novena da Lei xeral orzamentaria, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional novena. *Sociedades mercantís e outros entes controlados polo sector público.*

O Estado promoverá a subscripción de convenios coas comunidades autónomas ou coas entidades locais co obxecto de coordinar o réxime orzamentario, financeiro, contable e de control das sociedades mercantís en que participen, de forma minoritaria, entidades que integran o sector público estatal, a Administración das comunidades autónomas ou das entidades locais, ou entes a elas vinculados ou dependentes, cando a participación nelas considerada conxuntamente sexa maioritaria ou comporte o seu control político.

Estas sociedades mercantís quedarán obrigadas a render as súas contas anuais ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, cando a participación do sector público estatal sexa igual ou superior á de cada unha das restantes administracións públicas, sen prexuízo do establecido na normativa propia de cada comunidade autónoma. Será de aplicación o procedemento de rendición previsto nesta lei.

O disposto nos parágrafos anteriores será tamén de aplicación ás fundacións públicas e a outras formas xurídicas en que a participación do sector público estatal sexa igual ou superior á de cada unha das restantes administracións públicas, sen prexuízo do establecido na normativa propia de cada comunidade autónoma.»

Quince. Dáse nova redacción á disposición adicional vixésimo terceira da Lei xeral orzamentaria, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional vixésimo terceira. *Retencións de crédito en relación cos expedientes de transferencias de crédito para financiar contratos centralizados.*

Nos contratos centralizados financiados con cargo aos créditos que se deban imputar ao programa 923R «Contratación centralizada», cando sexan financiados mediante transferencia de crédito desde o orzamento do órgano destinatario do contrato centralizado, o órgano xestor competente solicitará certificación de que existe saldo dispoñible no crédito orzamentario e realizará a oportuna retención de crédito para transferencias de crédito con cargo ao exercicio corrente e a retención

de crédito de exercicios posteriores, detallando o importe que corresponde a cada un dos exercicios posteriores afectados.

Rexistradas as citadas retencións de crédito, o órgano xestor remitirá os certificados correspondentes de cada unha das operacións á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Ao inicio de cada exercicio, cando as anualidades que correspondan ao exercicio que se inicia de retencións de crédito plurianuais efectuadas en anos anteriores, segundo o indicado nos parágrafos anteriores, non fosen recollidas nas dotacións orzamentarias iniciais asignadas ao programa 923R «Contratación centralizada», converteranse no sistema de información contable en retencións de crédito para transferencias para efectos de tramitar tales modificacións orzamentarias. Para estes efectos, a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación informará das retencións de crédito efectuadas en anos anteriores que deben ser imputadas como retencións de crédito para transferencias, así como das que poden ser anuladas.»

Disposición derradeira vixésima. *Modificación do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, da seguinte forma:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 3 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A descrición catastral dos bens inmoebles comprenderá as súas características físicas, económicas e xurídicas, entre as cales se encontrarán a localización e a referencia catastral, a superficie, o uso ou destino, a clase de cultivo ou aproveitamento, a calidade das construcións, a representación gráfica, o valor de referencia de mercado, o valor catastral e o titular catastral, co seu número de identificación fiscal ou, de ser o caso, número de identidade de estranxeiro. Cando os inmoebles estean coordinados co Rexistro da Propiedade, incorporárase a dita circunstancia xunto co seu código rexistral.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Modifícase o punto 2 da disposición adicional terceira do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, que queda redactado nos seguintes termos:

«Disposición adicional terceira. *Procedemento de regularización catastral.*

O procedemento de regularización aplicarase naqueles municipios e durante o período que se determine mediante resolución da Dirección Xeral do Catastro, que deberá publicarse no “Boletín Oficial del Estado”. Non obstante, o prazo previsto na dita resolución poderá ser ampliado por decisión motivada do mesmo órgano, que igualmente deberá ser publicada no “Boletín Oficial del Estado”.

Unha vez publicada no “Boletín Oficial del Estado” a citada resolución e durante o período a que esta se refire, as declaracións que se presenten fóra do prazo previsto pola correspondente normativa non serán obxecto de tramitación conforme o procedemento de incorporación mediante declaracións regulado no artigo 13, sen prexuízo de que a información que nelas se conteña e os documentos que as acompañen se entendan achegados en cumprimento do deber de colaboración previsto no artigo 36 e sexan tidos en conta para efectos do procedemento de regularización.

As actuacións obxecto de regularización quedarán excluídas da súa tramitación a través de fórmulas de colaboración.»

Tres. Introdúcese unha nova disposición transitoria novena no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria novena. *Réxime transitorio para a determinación do valor de referencia de mercado.*

Mentres non se aprobe o desenvolvemento regulamentario previsto na disposición derradeira terceira desta lei, para a determinación do valor de referencia elaborárase un informe anual do mercado inmobiliario, base da determinación dos diferentes módulos de valor.

As directrices e os criterios específicos de aplicación determináranse do seguinte modo:

a) Para os bens inmobles urbanos, así como para as construcións situadas en solo rústico, consonte as normas vixentes para o cálculo dos valores catastrais, fíxanse anualmente para cada municipio os módulos de aplicación.

b) Para o solo rústico non ocupado por construcións, por aplicación dos módulos de valor de cada cultivo, fíxanse anualmente para cada municipio, corrixisos por factores obxectivos de localización, agronómicos e socioeconómicos, cando así se xustifique polo mencionado informe anual do mercado inmobiliario.»

Catro. Introdúcese unha nova disposición derradeira terceira no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira terceira. *Valor de referencia de mercado.*

Na forma en que regulamentariamente se determine, a Dirección Xeral do Catastro calculará de forma obxectiva, para cada ben inmovible e a partir dos datos existentes no Catastro, o seu valor de referencia de mercado, entendendo por tal o resultante da análise dos prezos comunicados polos fedatarios públicos nas transaccións inmobiliarias efectuadas, contrastados coas restantes fontes de información de que dispoña.

Para estes efectos, elaborará un mapa de valores que conterá a delimitación de ámbitos territoriais homoxéneos de valoración, aos cales asignará módulos de valor dos produtos inmobiliarios representativos nos ditos ámbitos, e que se publicará con periodicidade mínima anual, logo de resolución, na sede electrónica da Dirección Xeral do Catastro.»

Disposición derradeira vixésimo primeira. *Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o punto segundo da disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que queda redactado como segue:

«Disposición transitoria terceira. *Beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles.*

2. Os concellos que, con anterioridade á entrada en vigor de novos valores catastrais, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, viñesen aplicando a bonificación establecida no artigo 74.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na redacción que lle proporcionou a Lei 14/2000, do 29 decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, poderán continuar aplicando esa bonificación durante o período referido no artigo 68.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.»

O resto da disposición permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira vixésimo segunda. *Modificación da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o punto 3 do artigo 20 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, que queda redactado como segue:

«3. Nas convocatorias para o acceso a corpos ou escalas adscritos ao Ministerio de Defensa e ingreso como persoal laboral do dito departamento e dos seus organismos autónomos que se publiquen de acordo coa oferta de emprego público, reservarase ao menos un 50 por cento das prazas para os militares profesionais de tropa e mariñeiría que cumprisen, como mínimo, 5 anos de tempo de servizos e para os reservistas de especial dispoñibilidade que se encontren percibindo, ata o momento de publicación das respectivas convocatorias, a asignación por dispoñibilidade na contía e nas condicións previstas no artigo 19.1 desta lei.»

O resto do artigo mantén a redacción actual.

Disposición derradeira vixésimo terceira. *Incentivación do emprego autónomo en municipios con menos de 5.000 habitantes.*

Con efectos desde o primeiro día do mes seguinte á entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, nos seguintes termos:

Un. O punto 1 do artigo 31 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, queda redactado como segue:

«Artigo 31. *Reducións e bonificacións de cotas da Seguridade Social aplicables aos traballadores por conta propia.*

1. Os traballadores por conta propia ou autónomos que causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta nos dous anos inmediatamente anteriores, contados desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, terán dereito a unha redución na cotización por contingencias comúns, incluída a incapacidade temporal, que quedará fixada na contía de 50 euros mensuais durante os 12 meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, no caso de que opten por cotizar pola base mínima que lles corresponda.

Alternativamente, aqueles traballadores por conta propia ou autónomos que, cumprindo os requisitos previstos no parágrafo anterior, optasen por unha base de cotización superior á mínima que lles corresponda, poderán aplicarse, durante os 12 primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, unha redución do 80 por cento sobre a cota por contingencias comúns. A cota que se reducirá será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento, incluída a incapacidade temporal.

Con posterioridade ao período inicial de 12 meses previsto nos dous parágrafos anteriores, e con independencia da base de cotización elixida, os traballadores por conta propia que disfruten da medida prevista neste artigo poderán aplicarse as seguintes reducións e bonificacións sobre a cota por contingencias comúns. A cota que se reducirá ou bonificará será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento, incluída a incapacidade temporal, por un período máximo de ata 12 meses, ata completar un período máximo de 24 meses tras a data de efectos da alta, segundo a seguinte escala:

- a) Unha redución equivalente ao 50 por cento da cota durante os 6 meses seguintes ao período inicial previsto nos dous primeiros parágrafos deste punto.
- b) Unha redución equivalente ao 30 por cento da cota durante os 3 meses seguintes ao período sinalado na letra a).
- c) Unha bonificación equivalente ao 30 por cento da cota durante os 3 meses seguintes ao período sinalado na letra b).

Nos supostos en que o traballador por conta propia ou autónomo resida e desenvolva a súa actividade nun municipio en cuxo padrón municipal actualizado ao inicio da actividade consten menos de 5.000 habitantes, finalizado o período inicial de 12 meses de aplicación de reducións nas cotas por contingencias comúns, incluída a incapacidade temporal, establecidas nos dous primeiros parágrafos deste punto, terá dereito durante os 12 meses seguintes a estes mesmos incentivos. Nestes casos non serán de aplicación as reducións e bonificacións para os 12 meses posteriores ao período inicial previstas nas letras anteriores.

Para beneficiarse destas reducións durante os 12 meses seguintes ao período inicial, o traballador por conta propia ou autónomo deberá:

1.º) Estar empadroadado nun municipio de menos de 5.000 habitantes, segundo os datos oficiais do padrón en vigor no momento da alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que causa o dereito ao incentivo previsto neste artigo.

2.º) Estar dado de alta no Censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou das facendas forais, e que o lugar de desenvolvemento da actividade declarada corresponda a un municipio cuxo padrón municipal sexa inferior a 5.000 habitantes.

3.º) Manter a alta na actividade autónoma ou por conta propia no antedito municipio nos dous anos seguintes á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que causa o dereito ao incentivo previsto neste artigo, así como permanecer empadroadado no mesmo municipio nos catro anos seguintes á dita alta.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social realizará o control desta redución, para o cal o Instituto Nacional de Estatística e as administracións tributarias antes citadas deberán pór á disposición deste servizo común os medios e a información necesarios que permitan comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos para beneficiarse desta redución.

En caso de non cumprir estes requisitos, o traballador por conta propia ou autónomo deberá reintegrar a totalidade das cantidades deixadas de ingresar pola aplicación do incentivo, a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que quede acreditado tal incumprimento.»

Dous. O punto 1 do artigo 32 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, queda redactado como segue:

«Artigo 32. *Reducións e bonificacións de cotas á Seguridade Social para as persoas con discapacidade, vítimas de violencia de xénero e vítimas do terrorismo que se establezan como traballadores por conta propia.*

1. A cota por contingencias comúns, incluída a incapacidade temporal, das persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, das vítimas de violencia de xénero e das vítimas do terrorismo que causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta nos dous anos inmediatamente anteriores, contado desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, reducirase á contía de 50 euros mensuais durante os 12 meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, no caso de que opten por cotizar pola base mínima que lles corresponda.

Alternativamente, aqueles traballadores por conta propia ou autónomos que, cumprindo os requisitos previstos no parágrafo anterior, optasen por unha base de cotización superior á mínima que lles corresponda, poderán aplicarse, durante os 12 primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, unha redución sobre a cota por contingencias comúns. A cota que se reducirá será o 80 por cento do resultado de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento, incluída a incapacidade temporal.

Con posterioridade ao período inicial de 12 meses previsto nos dous parágrafos anteriores, e con independencia da base de cotización elixida, os traballadores por conta propia que disfruten da medida prevista neste artigo poderán aplicarse unha bonificación sobre a cota por contingencias comúns. A cota bonificable será o 50 por cento do resultado de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento, incluída a incapacidade temporal, por un período máximo de ata 48 meses, ata completar un período máximo de 5 anos desde a data de efectos da alta.

Nos supostos que o traballador por conta propia ou autónomo resida e desempeñe a súa actividade nun municipio en cuxo padrón municipal actualizado ao inicio da actividade consten menos de 5.000 habitantes, finalizado o período inicial de 12 meses de aplicación de reducións nas cotas por contingencias comúns, incluída a incapacidade temporal, establecidas nos dous primeiros parágrafos deste punto, terá dereito durante os 12 meses seguintes a estes mesmos incentivos. Nestes casos, a aplicación da bonificación polo 50 por cento prevista no parágrafo anterior aplicarase, unha vez transcorridos os 24 meses iniciais, durante un período máximo de ata 36 meses, ata completar un período máximo de 5 anos desde a data de efectos da alta.

Para beneficiarse destas reducións durante os 12 meses seguintes ao período inicial, o traballador por conta propia ou autónomo deberá:

1.º) Estar empadroadado nun municipio de menos de 5.000 habitantes, segundo os datos oficiais do padrón en vigor no momento da alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que causa o dereito ao incentivo previsto neste artigo.

2.º) Estar dado de alta no Censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou das facendas forais, e que o lugar de desenvolvemento da actividade declarada corresponda a un municipio cuxo padrón municipal sexa inferior a 5.000 habitantes.

3.º) Manter a alta na actividade autónoma ou por conta propia no antedito municipio nos dous anos seguintes á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que causa o dereito ao incentivo previsto neste artigo, así como permanecer empadroadado no mesmo municipio nos catro anos seguintes á dita alta.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social realizará o control desta redución, para o cal o Instituto Nacional de Estatística e as administracións tributarias antes citadas deberán pór á disposición deste servizo común os medios e a información necesarios que permitan comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos para beneficiarse desta redución.

En caso de non cumprir estes requisitos, o traballador por conta propia ou autónomo deberá reintegrar a totalidade das cantidades deixadas de ingresar pola aplicación do incentivo, a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que quede acreditado tal incumprimento.»

Disposición derradeira vixésimo cuarta. *Modificación da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, engádesse unha disposición adicional décimo terceira á Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo terceira. *Reserva de prazas para os militares de complemento.*

A reserva de prazas prevista no punto 3 do artigo 20 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, para o persoal militar profesional de tropa e mariñeiría, estenderase aos militares de complemento con máis de cinco anos de servizos nas Forzas Armadas.»

Disposición derradeira vixésimo quinta. *Modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción á letra b) do punto 1 do artigo 19, que queda redactada como segue:

«b) O catro por cento dos ingresos devindicados polas autoridades portuarias en concepto de taxas que, para efectos contables, se considerará gasto de explotación para estas e se liquidará con periodicidade trimestral.

No caso das autoridades portuarias situadas nos arquipélagos de Balears e Canarias, e en Ceuta, Melilla e Sevilla, esta porcentaxe de achega establécese no dous por cento.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Dáse nova redacción á letra b) do punto 3 do artigo 159, que queda redactada como segue:

«b) Ata o 12 por cento e non menos do 4 por cento do resultado do exercicio, excluídas as amortizacións do inmovilizado, o resultado por alleamentos e baixas do activo non corrente, os ingresos por incorporación ao activo de gastos financeiros, o traspaso a resultados de subvencións de capital e outros resultados que teñan o carácter de extraordinarios, a cantidade correspondente ao Fondo de Compensación achegada e recibida e os ingresos pola taxa de axudas á navegación sempre que o valor resultante sexa positivo.

A porcentaxe aplicable correspondente á alínea b) será fixada anualmente polo Comité de Distribución do Fondo, por proposta de Portos do Estado, en función, entre outras, das necesidades financeiras globais das autoridades portuarias e de Portos do Estado motivadas pola diferente situación competitiva en que se encontran as autoridades portuarias, sobre a base de non discriminación de tratamento entre elas. Esta porcentaxe reducirase un 50 por cento para as autoridades portuarias do arquipélago canario, balear e de Ceuta, Melilla e Sevilla.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 217, que queda redactado como segue:

«Artigo 217. *Contía básica.*

O valor da contía básica da taxa da mercadoría (M) establécese para todas as autoridades portuarias en 2,65 €. O valor poderá ser revisado na Lei de orzamentos xerais do Estado ou noutra que, de ser o caso, se aprobe para estes efectos en función da evolución dos custos portuarios, loxísticos e do transporte, así como dos produtos transportados, tomando en consideración as necesidades asociadas á competitividade do nodo portuario e da economía.»

Disposición derradeira vixésimo sexta. *Modificación da Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións no artigo 58 da sección primeira do capítulo X da Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición:

Modifícase a contía das taxas correspondentes ás alíneas g), h) e i) do artigo 58, punto 1, da sección primeira do capítulo X, que queda redactada da seguinte maneira:

«1. As contías das taxas devindicadas polos conceptos previstos no punto 1 do artigo 55 serán as seguintes:

[...]

g) Por estudo e avaliación consecutiva á notificación de primeira posta no mercado de complementos alimenticios: 125,63 euros.

h) Por modificacións significativas nos produtos a que se refire a alínea g): 95,86 euros.

i) Por modificacións menores nos produtos a que se refire a alínea g): 59,76 euros.»

O resto do artigo 58 permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira vixésimo sétima. *Modificación da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.*

Con efectos desde entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a disposición adicional septuaxésima da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional septuaxésima. *Débedas pendentes do Concello de Marbella coa Seguridade Social e coa Facenda Pública estatal.*

Un. A débeda pendente que o concello de Marbella e as entidades de dereito público dependentes del manteñen coa Seguridade Social e coa Facenda Pública estatal, devindicada con anterioridade á disolución do citado concello polo Real decreto 421/2006, do 7 de abril, fraccionarase durante un prazo non superior a 40 anos mediante o desconto das transferencias da súa participación nos ingresos do Estado. O xuro aplicable á operación será do 1 %.

Dous. Aplicarase á cancelación anticipada das fraccións, mediante a redución do prazo de duración total do fraccionamento, o cobramento de calquera indemnización que o Concello de Marbella, os entes de dereito público dependentes del e as sociedades mercantís de que sexa titular teñan recoñecidas polas ordes xurisdiccionais civil ou penal mediante sentenza xudicial firme.

No suposto de que tales indemnizacións se concreten mediante a entrega ao concello de bens ou dereitos, estes quedarán afectos en virtude da presente lei ao pagamento da débeda fraccionada pendente e executaranse directamente de

acordo co previsto no artigo 172 da Lei xeral tributaria e 34 da Lei xeral da seguridade social. Poderanse excluír desa regra os bens ou dereitos que, mediante acordo do Pleno do concello, se destinen á prestación dos servizos públicos municipais, sen que iso supoña minoración ningunha da débeda pendente que fose obxecto do fraccionamento citado.

En todo o non disposto na presente disposición adicional aplicarase supletoriamente a Lei xeral tributaria ou a Lei xeral da seguridade social ou a Lei xeral orzamentaria, segundo proceda.

Tres. Así mesmo, aplicarase á cancelación das fraccións que resulten da aplicación das regras contidas no punto anterior o importe das multas e demais pagamentos que deban efectuarse a favor da Administración xeral do Estado e que ingresen os secretarios xudiciais, mediante orde de transferencia, na conta especial de ingresos ao Tesouro Público, «Multas e pagamentos a favor do Estado» e, de ser o caso, o produto dos bens comisados ou dereitos, que lle recoñezan á Administración xeral do Estado as ordes xurisdicionais civil ou penal mediante as sentenzas xudiciais firmes a que se refire o punto anterior. Neste último caso, os bens ou dereitos executaranse directamente de acordo co previsto no artigo 172 da Lei xeral tributaria e 34 da Lei xeral da seguridade social, salvo aqueles bens que sexan do interese do Concello de Marbella para a prestación de servizos públicos, caso en que a Administración xeral do Estado poderá ceder gratuitamente o seu uso, nos termos que dispoña a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, sen que iso supoña cancelación das fraccións antes citadas. En todo o non disposto na presente disposición adicional aplicarase supletoriamente a Lei xeral tributaria ou a Lei xeral da seguridade social ou a Lei xeral orzamentaria, segundo proceda.

Catro. No ano 2018 poderá formalizarse un convenio para financiar a execución de proxectos que teñan por obxecto o fomento de actuacións de utilidade pública ou de interese social do municipio de Marbella, mediante o destino total ou parcial dos importes recoñecidos a favor da Administración xeral do Estado, e ingresado por esta, a que se refire o punto tres da disposición adicional septuaxésima da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, e que non se destinen a cancelar as débedas nos termos establecidos no dito punto. Para os efectos deste punto resultará de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Disposición derradeira vixésimo oitava. *Modificación da Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o artigo 2 da Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

Engádesse un punto 5 no artigo 2 da Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, coa seguinte redacción:

«5. Con carácter excepcional e durante o ano 2018, cando o operador do sistema poña de manifesto a existencia, nun horizonte temporal de cinco anos, de necesidades de potencia para garantir a seguridade da subministración de forma eficiente, o ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital poderá outorgar, sen necesidade de resolución favorable de compatibilidade, na medida imprescindible para satisfacer a dita necesidade e por un tempo limitado, o réxime retributivo adicional a instalacións existentes que deban levar a cabo investimentos adicionais derivados do cumprimento da normativa comunitaria ou estatal para continuar en funcionamento».

Disposición derradeira vixésimo novena. *Modificación do Acordo de Consello de Ministros do 20 de decembro de 2013, sobre réxime de control económico-financieiro aplicable pola Intervención Xeral da Administración do Estado a determinados organismos públicos.*

Con efectos desde o 1 de setembro de 2018 e con vixencia indefinida, introdúcese un novo punto QUINTO no Acordo de Consello de Ministros do 20 de decembro de 2013, co seguinte teor literal:

«QUINTO: malia o disposto no punto PRIMEIRO, as actuacións dos organismos públicos de investigación que dean lugar á realización de gastos e pagamentos financiados total ou parcialmente con fondos provenientes de institucións comunitarias ou internacionais, quedarán suxeitas ao control financeiro permanente en substitución da función interventora, de acordo co disposto no punto 2 do artigo 149 da Lei xeral orzamentaria.»

Disposición derradeira trixésima. *Modificación da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase a disposición adicional novena da Lei 22/2013, do 23 de decembro, que queda redactada como segue:

«A sociedade estatal Loterías y Apuestas del Estado, S.A. poderá subscribir e financiar acordos de colaboración e patrocinio coa Cruz Vermella Española e coa Asociación Española de Loita contra o Cáncer, así como financiar acordos subscritos con anterioridade nas condicións que neles se establecesen, garantindo para cada unha das anteriores unha achega económica equivalente á media dos ingresos percibidos de forma individual, como resultado dos sorteos finalistas de Lotería Nacional en beneficio das respectivas institucións, dos catro últimos exercicios en que se celebraron estes sorteos. Igualmente, poderá subscribir e financiar acordos de colaboración e patrocinio con Cáritas Española, garantíndolle un importe anual equivalente ao que lle corresponda percibir á Asociación Española de Loita contra o Cáncer conforme o sinalado anteriormente. Os convenios que se subscriban requirirán o informe favorable previo do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Adicionalmente, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública, a sociedade estatal Loterías y Apuestas del Estado, S.A. poderá subscribir e financiar acordos para o fomento de actividades, entre outras, de carácter social, cultural e deportivo, con outras entidades. Así mesmo, poderá financiar acordos desta natureza xa subscritos con anterioridade.

As achegas anuais previstas nos dous parágrafos anteriores non poderán superar no seu conxunto no exercicio o 2 por cento do beneficio despois da sociedade estatal correspondente ao exercicio anterior.»

Disposición derradeira trixésimo primeira. *Modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.*

Modifícase a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, da seguinte forma:

Engádesse un punto 6 á disposición derradeira terceira, que queda redactado como segue:

«6. Habilítase o Goberno co obxecto de que todas aquelas instalacións de xeración cuxa titularidade sexa de comunidades enerxéticas, entendendo estas como organizacións sen ánimo de lucro, persoas físicas ou pequenas e medianas empresas cuxos accionistas ou membros maioritarios sexan persoas físicas, entes locais ou provinciais, ou igualmente outras pequenas e medianas empresas, poidan ter un especial tratamento retributivo como vehículo imprescindible para a súa necesaria permanencia no mercado de xeración.»

Disposición derradeira trixésimo segunda. *Modificación da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao número 1 do punto 1. Taxa xeral de operadores, do anexo I da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, que queda redactado como segue:

«1. Sen prexuízo da contribución económica que se lles poida impor aos operadores para o financiamento do servizo universal, de acordo co establecido no artigo 25 e no título III, todo operador estará obrigado a satisfacer unha taxa anual que non poderá exceder o 1 por mil dos seus ingresos brutos de explotación e que estará destinada a sufragar os gastos que xeren, incluídos os de xestión, control e execución, pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei, as autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o artigo 68. En concreto, os gastos sufragables serán os gastos de persoal e gastos correntes en que incorran os órganos directivos dos departamentos ministeriais e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no exercicio das súas funcións directamente relacionadas coa aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei como autoridade nacional de regulamentación de telecomunicacións.

Para efectos do sinalado no parágrafo anterior, enténdese por ingresos brutos o conxunto de ingresos que obteña o operador derivados da explotación das redes e da prestación dos servizos de comunicacións electrónicas incluídos no ámbito de aplicación desta lei. Para tales efectos, non se considerarán como ingresos brutos os correspondentes a servizos prestados por un operador cuxo importe recade dos usuarios co fin de remunerar os servizos de operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas.»

Disposición derradeira trixésimo terceira. *Modificación da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o punto 2 do artigo 21 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que queda redactado como segue:

«2. O Consello da Xuventude de España estará integrado por asociacións xuvenís, federacións constituídas por estas, seccións xuvenís das demais entidades, consellos da xuventude ou entidades equivalentes de ámbito autonómico con personalidade xurídica propia recoñecidos polas correspondentes comunidades autónomas e cidades autónomas, así como entidades sociais recoñecidas legalmente como tales, sempre que os seus estatutos recollan de forma clara e explícita que entre os seus fins sociais se encontra o desenvolvemento de maneira continuada de programas e actuacións dirixidos exclusivamente a persoas mozas, sempre que todos eles reúnan os requisitos establecidos no regulamento de organización e funcionamento interno.»

O resto de puntos manteñen a mesma redacción.

Disposición derradeira trixésimo cuarta. *Modificación da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2018 e vixencia indefinida, modifícase a Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción á disposición adicional décimo primeira da Lei 36/2014, que queda redactada como segue:

«Décimo primeira. *Centralización de créditos.*

1. Unha vez aprobadas as ordes ministeriais de centralización ditadas polo ministro de Facenda e Función Pública, conforme dispón o artigo 229.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de ser o caso e con carácter previo ao inicio da tramitación do expediente de cada contrato, a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación comunicará aos diferentes entes, entidades e organismos mencionados nas alíneas a), b), c), d) e g) do artigo 3.1 da dita lei o importe polo que deberán efectuar a retención de crédito de acordo coa distribución do obxecto do contrato.

2. A tramitación da correspondente transferencia de crédito desde o orzamento do órgano destinatario para financiar os gastos que deban imputarse ao programa orzamentario 923R «Contratación centralizada» da sección 10 «Contratación centralizada», ou cando non for posible esta transferencia de acordo co réxime orzamentario aplicable, mediante xeración de crédito no servizo orzamentario 01 «Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación», programa 923R «Contratación centralizada» da sección 10 «Contratación centralizada», polo ingreso que efectúe o destinatario do obxecto do contrato centralizado, será aprobada polo ministro de Facenda e Función Pública, por iniciativa da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación e por proposta da Subsecretaría de Facenda e Función Pública.

3. Os organismos ou entidades que non reciban, para o financiamento xenérico ou indiferenciado dos seus orzamentos, transferencias da Administración xeral do Estado, deberán transferir ao tesouro público no primeiro trimestre do exercicio os importes correspondentes aos servizos centralizados. Para estes efectos, a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación comunicará aos ditos organismos as cantidades que haberá que transferir.

4. Os anteriores sistemas de centralización de crédito simultaneáranse coa dotación inicial que se asigne ao citado servizo e programa orzamentario nos orzamentos xerais do Estado para cada exercicio.

5. O órgano responsable da xestión dos créditos do programa 923R «Contratación centralizada» é a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, cuxo titular presidirá a Xunta de Contratación Centralizada, órgano colexiado adscrito á dita dirección xeral, e conforme o artigo 229.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, órgano de contratación do sistema estatal de contratación centralizada.»

Dous. Dáse nova redacción ao punto dous da disposición adicional quincuaxésimo quinta «Beneficios fiscais aplicables ao «VIII Centenario da Universidade de Salamanca»», da Lei 36/2014, que queda redactado como segue:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de novembro de 2015 ata o 30 de abril de 2020.»

Tres. Dáse nova redacción ao punto dous da disposición adicional quincuaxésimo sétima «Beneficios fiscais aplicables á conmemoración «Cantabria 2017, Liébana Ano Xubilar»», da Lei 36/2014, que queda redactado como segue:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 16 de abril de 2015 ata o 31 de decembro de 2018.»

Disposición derradeira trixésimo quinta. *Modificación do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro.*

Modifícase o punto 4 e incorpórase un novo punto 5 no artigo 41 do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, que quedan redactados nos seguintes termos:

«4. Os beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego inscritos nos servizos públicos de emprego, unha vez que subscribisen o compromiso de actividade, deberán participar nas políticas activas de emprego que se determinen no itinerario de inserción, sen prexuízo do disposto no texto refundido da Lei xeral da seguridade social. Os servizos públicos de emprego competentes verificarán o cumprimento das obrigacións derivadas da subscrición do compromiso de actividade dos beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego, e comunicarán a sanción imposta, de ser o caso, no momento en que se impoña, ao Servizo Público de Emprego Estatal ou ao Instituto Social da Mariña, segundo corresponda, para a súa execución.

Os servizos públicos de emprego competentes verificarán, así mesmo, o cumprimento da obrigaón dos ditos beneficiarios de manterse inscritos como demandantes de emprego e deberán comunicar por medios electrónicos os incumprimentos desta obrigaón ao Servizo Público de Emprego Estatal ou, de ser o caso, ao Instituto Social da Mariña, no momento en que se produzan ou coñezan.»

«5. O compromiso de actividade require a busca activa de emprego, definida como o conxunto de accións encamiñadas tanto á posta en práctica de estratexias de busca de emprego como á mellora da empregabilidade con obxecto de que a persoa demandante de emprego incremente as súas posibilidades de inserción e/ ou de mellora da súa situación no mercado laboral.

A busca activa de emprego acreditará o beneficiario da prestación ou subsidio por desemprego ante o servizo público de emprego competente, que deberá conservar a xustificación documental achegada para a súa posterior fiscalización e seguimento.

A comunicación da busca activa de emprego realizarana os servizos públicos de emprego competentes a través de medios electrónicos. A canle adecuada é o Sistema de información dos servizos públicos de emprego (SISPE), conforme o regulado no artigo 12, dentro do marco dos acordos ou protocolos de actuación establecidos na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais. Mediante acordo do Comité de Dirección do SISPE fixaranse as condicións da acreditación do compromiso de actividade e a súa certificación e este acordo formalizarase mediante resolución do director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.»

Disposición derradeira trixésimo sexta. *Modificación da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.*

A partir do primeiro día do mes seguinte á data de entrada en vigor da presente lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, da seguinte forma:

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 99 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, que queda redactado como segue:

«2. As distintas modalidades dos canons poderán ser obxecto de liquidación individualizada ou conxunta, para un mesmo suxeito pasivo e período.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Engádesse un cuarto parágrafo á disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, co seguinte texto:

«Os servizos de transporte ferroviario de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística consideraranse tipo de servizo VL1 do artigo 97 da lei.»

O resto da disposición permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira trixésimo sétima. *Modificación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o primeiro inciso do segundo parágrafo da alínea a) do punto oito da disposición derradeira décima da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, parágrafo que queda redactado da seguinte maneira:

«No caso das compañías marítimas, presentarán as liquidacións no transcurso dos dous meses seguintes ao período regulamentario de liquidación, salvo autorización expresa da Dirección Xeral da Mariña Mercante por razóns excepcionais. Estas liquidacións poderán conter aqueles embarques bonificados nos seis meses anteriores que non puidesen ser incluídos, por causas xustificadas, nos ficheiros de liquidacións pasadas.»

O resto de puntos permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira trixésimo oitava. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

Un. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o artigo 48.7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, que queda redactado da seguinte maneira:

«7. Nos supostos de nacemento de fillo, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento de acordo co artigo 45.1.d), o traballador terá dereito á suspensión do contrato por paternidade durante cinco semanas, ampliables nos supostos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples en dous días máis por cada fillo a partir do segundo. Esta suspensión é independente do disfrute compartido dos períodos de descanso regulados nos puntos 4 e 5.

No suposto de parto, a suspensión corresponde en exclusiva ao outro proxenitor. Nos supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, este dereito corresponderá só a un dos proxenitores, á elección dos interesados; porén, cando

o período de descanso regulado no punto 5 sexa desfrutado na súa totalidade por un dos proxenitores, o dereito á suspensión por paternidade unicamente poderá ser exercido polo outro.

O traballador que exerza este dereito poderá iniciar o seu desfrute durante o período comprendido desde a finalización do permiso por nacemento de fillo, previsto legal ou convencionalmente, ou desde a resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción ou a partir da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento, ata que finalice a suspensión do contrato polas causas establecidas nos puntos 4 e 5 ou inmediatamente despois da finalización da dita suspensión.

O período de suspensión será ininterrompido, salvo a última semana do período total a que se teña dereito que, logo de acordo entre empresario e traballador, poderá desfrutarse de forma independente noutro momento dentro dos nove meses seguintes á data de nacemento do fillo, da resolución xudicial ou da decisión administrativa a que se refire o parágrafo anterior. Este acordo adoptarase ao inicio do período de suspensión.

A suspensión do contrato a que se refire este punto poderá desfrutarse en réxime de xornada completa ou en réxime de xornada parcial dun mínimo do cincuenta por cento, logo de acordo entre o empresario e o traballador, e conforme se determine regulamentariamente. En todo caso, o réxime de xornada será o mesmo para todo o período de suspensión incluído, de ser o caso, o de desfrute independente a que se refire o parágrafo anterior.

O traballador deberá comunicar ao empresario, coa debida antelación, o exercicio deste dereito nos termos establecidos, de ser o caso, nos convenios colectivos.»

Dous. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao punto 2 da disposición adicional décimo novena do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, que queda redactado como segue:

«2. Igualmente, será de aplicación o disposto no parágrafo anterior nos supostos de exercicio a tempo parcial dos dereitos segundo o establecido no terceiro parágrafo do artigo 48.6 e no penúltimo parágrafo do artigo 48.7.»

Tres. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o primeiro parágrafo do artigo 49. c) do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que queda redactado nos seguintes termos:

«c) Permiso de paternidade polo nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo: terá unha duración de cinco semanas ampliables nos supostos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples en dous días máis por cada fillo a partir do segundo, que desfrutará o pai ou o outro proxenitor a partir da data do nacemento, da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción. O desfrute do permiso será ininterrompido, salvo a última semana, que se poderá desfrutar de forma independente noutro momento dentro dos nove meses seguintes á data de nacemento do fillo, da resolución xudicial ou da decisión administrativa a que se refire este parágrafo, cando así o solicite, ao inicio do permiso, o proxenitor que vaia desfrutar del, e llo autorice, nos termos previstos na súa normativa, a Administración en que preste servizos.

Igualmente, a dita normativa poderá prever que se autorice, cando así se solicite previamente, que o inicio do permiso teña lugar nunha data posterior á do nacemento do fillo, da resolución xudicial ou da decisión administrativa antes indicadas, sempre que sexa antes da finalización do correspondente permiso ou da

suspensión do contrato por parto, adopción ou acollemento do outro proxenitor, ou inmediatamente despois da súa finalización.»

Catro. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o artigo 185 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 185. *Prestación económica.*

A prestación económica por paternidade consistirá nun subsidio que se determinará na forma establecida polo artigo 179 para a prestación por maternidade, e poderá ser denegada, anulada ou suspendida polas mesmas causas establecidas para esta última.

Naqueles casos en que o desfrute do descanso por paternidade se interrompa conforme o previsto no parágrafo cuarto do artigo 48.7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou no último inciso do parágrafo primeiro do artigo 49.c) do Estatuto básico do empregado público, durante a última semana de desfrute independente restablecerase o subsidio na contía que tería correspondido durante a primeira fracción do descanso.»

Cinco. Engádesse unha nova disposición derradeira que modifica a disposición derradeira única do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, nos seguintes termos:

«Disposición derradeira única. *Entrada en vigor. O presente real decreto legislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o 2 de xaneiro de 2016.*

Sen prexuízo do anterior, o complemento por maternidade por achega demográfica á Seguridade Social regulado no artigo 60 do texto refundido será de aplicación, cando concorran as circunstancias previstas nel, ás pensións contributivas que se causen a partir do 1 de xaneiro de 2016.

A aplicación do factor de sustentabilidade regulado no artigo 211 do texto refundido levarase a cabo unha vez que, no seo da Comisión de Seguimento e Avaliación dos Acordos do Pacto de Toledo, se alcance un acordo acerca da aplicación das medidas necesarias para garantir a sustentabilidade do sistema. Non obstante e en todo caso, a súa entrada en vigor producirase nunha data non posterior ao 1 de xaneiro de 2023.»

Disposición derradeira trixésimo novena. *Modificación da Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que queda redactado nos seguintes termos:

Un. Modifícase a disposición adicional quinta da Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Pensión de xubilación.*

Aos xuíces, maxistrados, avogados fiscais, fiscais, letrados da Administración de xustiza, docentes universitarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles incluídos no réxime de clases pasivas do Estado que causen ou que causasen pensión de xubilación a partir do 1 de xaneiro de 2015, e que no momento do dito feito causante contén, ao menos, con sesenta e cinco anos de idade cumpridos, así como aos maxistrados e fiscais do Tribunal Supremo que na indicada data estivesen prestando servizos como eméritos, seralles de aplicación o

establecido na disposición adicional décimo sétima do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.

Nestes supostos recoñeceráselles aos interesados unha porcentaxe adicional por cada ano completo de servizos efectivos ao Estado entre a data en que cumpriron sesenta e cinco anos e a do feito causante da pensión, cuxa contía estará en función dos anos de servizo acreditados na primeira das datas indicadas, segundo a escala prevista na disposición adicional mencionada no parágrafo anterior.»

Dous. Modifícase a disposición transitoria oitava da Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria oitava. *Pensión de xubilación.*

Os recoñecementos de pensións de xubilación, causadas a partir do 1 de xaneiro de 2015, en que o beneficiario cumpra os requisitos establecidos na disposición adicional quinta desta lei, revisaranse de oficio para adecualos ao establecido na dita disposición, con efectos económicos a partir do día primeiro do mes seguinte ao feito causante.

Así mesmo, revisaranse de oficio os recoñecementos das pensións de xubilación dos maxistrados e fiscais do Tribunal Supremo eméritos mencionados na referida disposición, con efectos económicos a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que cesen en tal situación.»

Disposición derradeira cuadraxésima. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, excepto o establecido no punto un, que terá efectos desde o día primeiro do mes seguinte á entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, da seguinte forma:

Un. Con efectos do día primeiro do mes seguinte á entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao punto 3 do artigo 229 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, que queda redactado como segue:

«3. Sen prexuízo do previsto con carácter xeral neste artigo, o límite establecido poderá ser superado en caso de concorrencia de varias pensións de orfandade cunha pensión de viuvez cando a porcentaxe aplicable á correspondente base reguladora para o cálculo desta última sexa superior ao 52 por cento, ben que, en ningún caso, a suma das pensións de orfandade poderá superar o 48 por cento da base reguladora que corresponda.»

Dous. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei modifícase o punto 2 do artigo 282 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, que queda redactado do seguinte modo:

«2. A prestación e o subsidio por desemprego serán, así mesmo, incompatibles coa obtención de prestacións de carácter económico da Seguridade Social, salvo que estas fosen compatibles co traballo que orixinou a prestación ou o subsidio.

A prestación e o subsidio serán compatibles coa percepción de calquera tipo de rendas mínimas, salarios sociais ou axudas análogas de asistencia social concedidas por calquera Administración pública, sen prexuízo do seu cómputo para efectos do cumprimento dos requisitos de carencia de rendas ou de existencia de responsabilidades familiares, de acordo co establecido no artigo 275.»

Tres. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e con vixencia indefinida, dáse nova redacción á letra c) do punto 1 do artigo 352 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, que queda redactado como segue:

«c) Non perciban ingresos anuais, de calquera natureza, superiores á contía que anualmente estableza a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado. Esta contía preverá un incremento do 15 por cento por cada fillo ou menor a cargo, a partir do segundo, este incluído.

Non obstante o anterior, se se trata de persoas que forman parte de familias numerosas de acordo co establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, tamén terán dereito á indicada asignación económica por fillo a cargo se os seus ingresos anuais non son superiores ao importe que para tales efectos estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado para os supostos en que concorran tres fillos a cargo, e incrementarase na contía que igualmente estableza a dita lei por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

No suposto de convivencia de ambos os proxenitores, se a suma dos ingresos de ambos supera os límites de ingresos establecidos nos parágrafos anteriores, non se recoñecerá a condición de beneficiario a ningún deles. Igual regra se aplicará nos supostos en que o acollemento familiar permanente ou a garda con fins de adopción o constituísen dúas persoas que formen unha mesma unidade familiar.

Os límites de ingresos anuais a que se refiren os dous primeiros parágrafos actualizaranse anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado, respecto da contía establecida no exercicio anterior, ao menos, na mesma porcentaxe que na dita lei se estableza como incremento xeral das pensións contributivas da Seguridade Social.

Non obstante, tamén poderá ser beneficiario das asignacións económicas por fillo ou menor a cargo quen perciba ingresos anuais por calquera natureza que, superando a cifra indicada nos parágrafos anteriores, sexan inferiores á contía que resulte de sumar á dita cifra o produto de multiplicar o importe anual da asignación por fillo ou menor polo número de fillos ou menores a cargo dos beneficiarios.

En tales casos, a contía anual da asignación será igual á diferenza entre os ingresos percibidos polo beneficiario e a cifra resultante de aplicar o disposto no parágrafo anterior. Esta contía será distribuída entre os fillos ou menores a cargo do beneficiario e as mensualidades a cuxa asignación, dentro de cada exercicio económico, se teña dereito.

Non se recoñecerá a asignación económica por fillo ou menor a cargo cando a diferenza a que se refire o parágrafo anterior sexa inferior ao importe mensual da asignación, por cada fillo ou menor a cargo sen discapacidade, prevista no artigo 353.1.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Catro. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao artigo 353 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, que queda redactado como segue:

«Artigo 353. *Contía das asignacións.*

1. A contía da asignación económica a que se refire o artigo 351.a) fixarase, no seu importe anual, na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. Na dita lei, ademais da contía xeral, estableceranse outras contías específicas para cada un dos seguintes supostos:

a) Fillo ou menor a cargo cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

b) Fillo a cargo maior de dezoito anos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

c) Fillo a cargo maior de dezaioito anos, cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75 por cento e que, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite o concurso doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.»

Cinco. Incorpórase unha nova disposición adicional vixésimo sétima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo sétima. *Subsidio extraordinario por desemprego.*

1. Poderán ser beneficiarias do subsidio por desemprego extraordinario regulado nesta disposición as persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego que, na data da solicitude, se encontren nalguna das seguintes situacións:

a) Ter extinguido por esgotamento o subsidio por desemprego regulado no artigo 274 deste texto refundido a partir da entrada en vigor desta disposición.

b) Ser parado/a de longa duración e ter extinguido por esgotamento algunha das seguintes prestacións: a prestación por desemprego ou o subsidio por desemprego regulados no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro; as axudas económicas vinculadas ao Programa de renda activa de inserción (RAI) para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego, regulado no Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, ou nas normas que o precederon; o Programa temporal de protección e inserción (Prodi), regulado polo Real decreto lei 10/2009, do 13 de agosto; ou o Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego (Prepara), regulado no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, así como nos sucesivos reais decretos lei que prorrogaron o dito programa; e, así mesmo, estar inscrito como demandante de emprego en data 1 de maio de 2018. Este requisito entenderase cumprido nos supostos en que o traballador, mesmo non estando inscrito como demandante de emprego na dita data, teña interrompida a inscrición debido á realización dun traballo por conta allea, sempre que a duración do contrato fose por tempo inferior a 90 días.

Neste suposto da letra b) requirirase, ademais, ter cesado de forma involuntaria nun traballo por conta allea previamente ao esgotamento do último dereito recoñecido.

Para os efectos deste punto, considerarase parado de longa duración quen permanecese inscrito como demandante de emprego durante ao menos 360 días nos dezaioito meses inmediatamente anteriores á data da solicitude deste subsidio.

2. Na data de solicitude deberán acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Carecer do dereito á protección por desemprego de nivel contributivo ou asistencial regulada no título III.

b) Non ter cumprida a idade que lle permita acceder á pensión de xubilación, nas súas modalidades contributiva ou non contributiva.

c) Carecer de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, e acreditar responsabilidades familiares. A consideración de rendas e a acreditación de responsabilidades familiares efectuaranse conforme o establecido nos puntos 4, 3 e 2, respectivamente, do artigo 275 desta lei.

d) Ter cesado de forma involuntaria no último traballo realizado en caso de ter traballado tras o esgotamento do último dereito.

3. Non poderán acceder ao subsidio por desemprego extraordinario as persoas ás cales se lles recoñecese previamente a axuda económica de acompañamento establecida no Programa de activación para o emprego regulado no Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro.

Tampouco poderá acceder quen, na data da súa solicitude, estea a traballar por conta allea a tempo parcial ou teña suspendido o seu contrato de traballo.

4. A solicitude do subsidio por desemprego extraordinario, coa cal se deberá xuntar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de acceso, implicará a subscripción do compromiso de actividade a que se refire o artigo 300 da Lei xeral da seguridade social. A solicitude e o nacemento do dereito axustaranse ao cumprimento dos seguintes requisitos específicos:

a) Nos supostos do punto 1.a) exixirase que o traballador permanecese inscrito como demandante de emprego durante o prazo de espera dun mes desde o esgotamento do subsidio anterior, sen ter rexeitado oferta de emprego adecuada nin terse negado a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais, e que acredite que durante ese prazo realizou accións de busca activa de emprego. O dereito ao subsidio extraordinario nace a partir do día seguinte a aquel en que se cumpra o dito prazo de espera, sempre que se solicite dentro dos quince días hábiles seguintes. Se se presenta a solicitude transcorrido o prazo citado, o dereito nacerá a partir do día seguinte ao da solicitude e a súa duración reducirase en tantos días como medien entre a data en que tería lugar o nacemento do dereito, de se ter solicitado en tempo e forma, e aquela en que efectivamente se formulou a solicitude.

Se na data de solicitude non consta acreditada ante os servizos públicos de emprego a busca activa de emprego, procederá a denegación da solicitude, sen prexuízo do dereito do interesado a formular unha nova. Neste caso, o dereito nacerá ao día seguinte da nova solicitude, sen que a duración do dereito se vexa reducida polo prazo que medie entre unha e outra solicitude.

b) Nos supostos do punto 1.b) exixirase que o traballador acredite que durante o mes anterior á data da solicitude realizou accións de busca activa de emprego e o dereito ao subsidio extraordinario nacerá o día seguinte ao da solicitude.

A busca activa de emprego, de conformidade co establecido no artigo 41 da Lei de emprego, aprobada polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, acreditará o solicitante do subsidio extraordinario ante o servizo público de emprego competente en materia de políticas activas de emprego en que se encontre inscrito como demandante de emprego, que deberá conservar a xustificación documental achegada para a súa posterior fiscalización e seguimento.

5. Unha vez ditada a resolución que recoñeza o dereito ao subsidio extraordinario, os beneficiarios poderán percibirlo de acordo co establecido nos seguintes parágrafos:

a) A duración máxima do subsidio será de 180 días e non poderá percibirse en máis dunha ocasión.

b) A contía do subsidio será igual ao 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual vixente en cada momento.

c) O pagamento periódico da axuda económica realizarao o Servizo Público de Emprego Estatal dentro do mes seguinte ao que corresponda a devindicación.

6. No non previsto expresamente nesta disposición aplicarase o disposto no título III.

7. Esta disposición terá unha vixencia de seis meses a partir da súa entrada en vigor e prorrogarase de forma automática por períodos semestrais, ata que a taxa de desemprego se sitúe por debaixo do 15 por cento segundo a última enquisa de poboación activa publicada con anterioridade á data da prórroga.»

Seis. Dáse nova redacción á disposición transitoria décimo sexta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria décimo sexta. *Bases e tipos de cotización e acción protectora no sistema especial para empregados de fogar.*

1. Sen prexuízo do establecido na sección segunda do capítulo II do título II desta lei, a cotización á Seguridade Social no sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social efectuarase conforme as seguintes regras:

a) Cálculo das bases de cotización:

1.º No ano 2012, as bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaríanse consonte a seguinte escala, en función da retribución percibida polos empregados de fogar:

Tramo	Retribución mensual	Base de cotización
1.º	Ata 74,83 €/mes	90,20 €/mes
2.º	Desde 74,84 €/mes ata 122,93 €/mes	98,89 €/mes
3.º	Desde 122,94 €/mes ata 171,02 €/mes	146,98 €/mes
4.º	Desde 171,03 €/mes ata 219,11 €/mes	195,07 €/mes
5.º	Desde 219,12 €/mes ata 267,20 €/mes	243,16 €/mes
6.º	Desde 267,21 €/mes ata 315,30 €/mes	291,26 €/mes
7.º	Desde 315,31 €/mes ata 363,40 €/mes	339,36 €/mes
8.º	Desde 363,41 €/mes ata 411,50 €/mes	387,46 €/mes
9.º	Desde 411,51 €/mes ata 459,60 €/mes	435,56 €/mes
10.º	Desde 459,61 €/mes ata 507,70 €/mes	483,66 €/mes
11.º	Desde 507,71 €/mes ata 555,80 €/mes	531,76 €/mes
12.º	Desde 555,81 €/mes ata 603,90 €/mes	579,86 €/mes
13.º	Desde 603,91 €/mes ata 652,00 €/mes	627,96 €/mes
14.º	Desde 652,01 €/mes ata 700,10 €/mes	676,06 €/mes
15.º	Desde 700,11 €/mes	748,20 €/mes

As bases de cotización da escala anterior incrementaríanse en proporción ao aumento que na Lei de orzamentos xerais do Estado do ano 2012 se poida establecer para a base mínima do réxime xeral.

2.º No ano 2013, as bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaríanse consonte a seguinte escala, en función da retribución percibida polos empregados de fogar:

Tramo	Retribución mensual incrementada coa proporción de pagas extraordinarias €/mes	Base de cotización €/mes
1.º	Ata 172,05	147,86
2.º	Desde 172,06 ata 268,80	244,62
3.º	Desde 268,81 ata 365,60	341,40
4.º	Desde 365,61 ata 462,40	438,17
5.º	Desde 462,41 ata 559,10	534,95
6.º	Desde 559,11 ata 655,90	631,73
7.º	Desde 655,91 ata 753,00	753,00
8.º	Desde 753,01	790,65

3.º Desde o ano 2014 ata o ano 2023, as retribucións mensuais e as bases de cotización da escala actualizaranse en idéntica proporción ao incremento que experimente o salario mínimo interprofesional en cada un deses anos.

4.º A partir do ano 2024, as bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaranse conforme o establecido no artigo 147 desta lei, sen que a cotización poida ser inferior á base mínima que se estableza legalmente.

b) Tipos de cotización aplicables:

1.º Para a cotización por continxencias comúns, sobre a base de cotización que corresponda segundo o indicado na alínea a) aplicaranse os seguintes tipos de cotización:

No ano 2012, o tipo de cotización será o 22 por cento, do cal o 18,30 por cento será por conta do empregador e o 3,70 por cento por conta do empregado.

Desde o ano 2013 ata o ano 2018, o tipo de cotización incrementarase anualmente en 0,90 puntos porcentuais; a súa contía e distribución fixaranse entre empregador e empregado na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado.

A partir do ano 2019, o tipo de cotización e a súa distribución entre empregador e empregado serán os que se establezan, con carácter xeral, na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado, para o réxime xeral da Seguridade Social.

2.º Para a cotización por continxencias profesionais, sobre a base de cotización que corresponda segundo o indicado na alínea a) aplicarase o tipo de cotización previsto na tarifa de primas establecidas legalmente, e a cota resultante será por conta exclusiva do empregador.

Desde o ano 2012 ata o ano 2023, para efectos de determinar o coeficiente de parcialidade a que se refire a regra a) do artigo 247, aplicable a este sistema especial para empregados de fogar, as horas efectivamente traballadas nel determinaranse en función das bases de cotización a que se refiren os ordinais 1.º, 2.º e 3.º do punto 1.a) desta disposición, divididas polo importe fixado para a base mínima horaria do réxime xeral pola Lei de orzamentos xerais do Estado para cada un dos ditos exercicios.

3. O previsto no artigo 251.a) será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012.

4. Desde o ano 2012 ata o ano 2023, para o cálculo da base reguladora das pensións de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns e de xubilación causadas no dito período polos empregados de fogar respecto dos períodos cotizados neste sistema especial, só se terán en conta os períodos realmente cotizados, e non resultará de aplicación o previsto nos artigos 197.4 e 209.1.b)».

Sete. Incorporárase unha nova disposición transitoria trixésima coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria trixésima. *Acceso ao subsidio extraordinario de desemprego en determinados supostos.*

Poderán ser beneficiarios do subsidio extraordinario regulado na disposición adicional vixésimo sétima as persoas que esgotasen o subsidio por desemprego previsto no artigo 274 no período que media entre o 1 de marzo de 2018 e a data de entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, sempre que o soliciten dentro do prazo dos dous meses seguintes a esta última data, e cumpran cos requisitos exixidos para o colectivo do punto 1.a), caso en que o dereito ao subsidio extraordinario nacerá o día seguinte ao da solicitude.

En caso de que a presentación da solicitude se realice transcorrido o prazo de dous meses, reducirase a duración do dereito en tantos días como medien entre a data de finalización do dito prazo e aquela en que efectivamente se formulase a solicitude.»

Disposición derradeira cuadraxésimo primeira. *Modificación da disposición adicional quincuaxésima da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016.*

Un. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao punto dous da disposición adicional quincuaxésima Beneficios fiscais aplicables á conmemoración do «20 Aniversario da reapertura do Gran Teatro do Liceo de Barcelona e o bicentenario da creación da Societat de Accionistes», da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, que queda redactado nos seguintes termos:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2016 ata o 31 de decembro de 2020.»

O resto da disposición permanece coa mesma redacción.

Dous. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao punto dous da disposición adicional sexaxésimo cuarta Beneficios fiscais aplicables a «Prevención da Obesidade. Alixeira a túa vida», da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, que queda redactada como segue:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2019.»

O resto da disposición permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira cuadraxésimo segunda. *Modificación da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, da seguinte forma:

Un. Suprímese o último parágrafo da disposición adicional vixésimo sexta.un da Lei 3/2017, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017.

Dous. Modifícase o punto un da disposición adicional trixésimo sétima da Lei 3/2017, que quedará redactado da seguinte forma:

«Disposición adicional trixésimo sétima. *Integración de parte do persoal laboral da imprenta da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado na Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.*

Un. O persoal laboral fixo, en activo, da Imprenta Nacional da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado (AEBOE) pertencente, na data de entrada en vigor da presente lei, aos grupos profesionais III e IV do convenio colectivo da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado e incluído nos ámbitos de actuación, especialidades e desenvolvemento de funcións de impresión, encadernación e manipulación, encadernación industrial, mantemento e reparación de maquinaria, mantemento xeral, mecánico e electrónico-eléctrico, almacén, distribución e loxística, integrarase, nunha ou varias fases, na Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, desde a entrada en vigor da presente lei e ata o 31 de decembro de 2018.

Non será de aplicación o previsto no parágrafo anterior, salvo manifestación expresa de voluntariedade por parte do traballador e a conformidade da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, ao persoal do grupo profesional III, subgrupo I; aos traballadores nados no ano 1958 ou en anos anteriores; aos traballadores que, na data de publicación desta lei, sexan membros do comité de empresa ou delegados sindicais de calquera dos sindicatos con representación no comité de empresa; aos traballadores con subespecialidade de condutor do grupo

profesional III; e aos traballadores coa especialidade de produción encadrados no grupo profesional IV.

Tras a citada integración, seralles de aplicación o convenio colectivo da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, coas particularidades que se indican no punto seguinte.»

Tres. Modifícase o punto dous da disposición adicional sexaxésima da Lei 3/2017, relativa aos beneficios fiscais aplicables á «4.^a Edición da Barcelona World Race», que queda redactado como segue:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de outubro de 2020 ata o 1 de outubro de 2023.»

Catro. Modifícase o punto dous da disposición adicional sexaxésimo cuarta, Beneficios fiscais aplicables ao «V Centenario da expedición da primeira volta ao mundo de Fernando de Magallanes e Juan Sebastián Elcano», da Lei 3/2017, que queda redactado como segue:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 8 de maio de 2017 ata o 7 de maio de 2020.»

Cinco. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao punto dous da disposición adicional sexaxésimo quinta Beneficios fiscais aplicables ao «25 Aniversario da declaración pola Unesco de Mérida como patrimonio da humanidade» da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, que queda redactado nos seguintes termos:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2019.»

Seis. Modifícase o punto dous da disposición adicional septuaxésimo sétima «Beneficios fiscais aplicables ao 40 aniversario do Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro», que queda redactado nos seguintes termos:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2019.»

Sete. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao punto dous da disposición adicional septuaxésimo novena Beneficios fiscais aplicables ao «I Centenario do Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido» da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, que queda redactado como segue:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2019.»

Oito. Modifícase o punto dous da disposición adicional octoxésima da Lei 3/2017, do 27 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos.

«Disposición adicional octoxésima. *Beneficios fiscais aplicables ao «I Centenario do Parque Nacional dos Picos de Europa».*

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2019.»

Nov. Modifícase a disposición adicional centésimo vixésima da Lei 3/2017, do 27 de xuño, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional centésimo vixésima. *Xubilación de funcionarios dos corpos docentes de centros de ensinanzas integradas e centros de formación profesional.*

Os funcionarios de carreira dos corpos docentes procedentes dos centros de ensinanzas integradas (antigas universidades laborais) e de centros de formación profesional (AISS) que ingresaron nos ditos corpos antes da entrada en vigor do Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, polo que se aproba o texto refundido de Lei de clases pasivas do Estado, e que están encadrados en réximes da Seguridade Social ou de previsión distintos do de clases pasivas, poderán optar, no momento da solicitude da xubilación voluntaria, por incorporarse ao réxime de clases pasivas do Estado, en idénticas condicións aos funcionarios de carreira dos corpos docentes encadrados no dito réxime, sempre que acrediten os mesmos requisitos que resulten vixentes para estes últimos.»

Dez. Engádesse unha nova epígrafe seis á disposición adicional centésimo vixésimo novena, Subvencións ao transporte de mercadorías nas comunidades autónomas insulares e cidades autónomas de Ceuta e Melilla, da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, coa seguinte redacción:

«Seis. Esta disposición adicional e, en concreto, as porcentaxes establecidas nas súas epígrafes un e tres serán tamén de aplicación e terán un carácter retroactivo sobre as solicitudes de compensación que cumpran os requirimentos establecidos no marco normativo vixente, presentadas polos solicitantes dos sectores afectados en 2018 e que correspondan a transportes realizados desde o 1 de xaneiro de 2017.»

Disposición derradeira cuadraxésimo terceira. *Modificación da disposición adicional primeira do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, pola que se modifica o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, nos seguintes termos:*

«Disposición adicional primeira. *Normativa convencional.*

1. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor do real decreto a que se refire a disposición derradeira terceira, punto segundo, do presente real decreto lei, as normas convencionais vixentes deberán adaptarse ao disposto nel e no artigo 49 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Transcorrido o dito prazo, as disposicións dos convenios colectivos que incumplan o previsto no parágrafo precedente, restrinxan a liberdade de contratación no ámbito do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou dos servizos comerciais, ou limiten a competencia, serán nulas de pleno dereito.»

Disposición derradeira cuadraxésimo cuarta. *Modificación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

Un. Modifícase o punto 7 do artigo 32, que queda redactado como segue:

«7. Aos negocios xurídicos que os entes destinatarios do encargo subscriban en execución do encargo recibido de conformidade co presente artigo aplicaráselles as seguintes regras:

a) O contrato quedará sometido a esta lei, nos termos que sexan procedentes, de acordo coa natureza da entidade que os subscriba e o tipo e valor estimado

deles e, en todo caso, cando o medio propio non sexa un poder adjudicador aplicaráselle as normas contidas no título I do libro terceiro da presente lei.

b) O importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá o 50 por cento da contía da encarga. Non se considerarán prestacións parciais aquelas que o medio propio adquira a outras empresas cando se trate de subministracións ou servizos auxiliares ou instrumentais que non constitúen unha parte autónoma e diferenciábel da prestación principal, aínda que sexan parte do proceso necesario para producir tal prestación.

Non será aplicable o establecido nesta letra aos contratos de obras que subscriban os medios propios aos cales se lles encargase unha concesión, xa sexa de obras ou de servizos. Igualmente, non será de aplicación nos supostos en que a xestión do servizo público se efectúe mediante a creación de entidades de dereito público destinadas a este fin, nin a aqueles en que esta se atribúa a unha sociedade de dereito privado cuxo capital sexa, na súa totalidade, de titularidade pública.

Tampouco será aplicable aos contratos que subscriban os medios propios aos cales se lles encargase a prestación de servizos informáticos e tecnolóxicos á Administración pública co fin de garantir a compatibilidade, a comunicabilidade e a seguridade de redes e sistemas, así como a integridade, fiabilidade e confidencialidade da información.

Excepcionalmente poderá superarse a dita porcentaxe de contratación sempre que a encarga ao medio propio se basee en razóns de seguridade, na natureza da prestación que requira un maior control na súa execución ou en razóns de urxencia que demanden unha maior celeridade na súa execución. A xustificación de que concorren estas circunstancias xuntaráselle ao documento de formalización da encarga e publicarase na plataforma de contratación correspondente conxuntamente con este.»

Dous. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, introdúcese unha nova disposición adicional quincuaxésimo cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quincuaxésimo cuarta. *Réxime aplicable aos contratos subscritos polos axentes públicos do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.*

Atendendo á singular natureza da súa actividade, como excepción ao límite previsto no artigo 118 desta lei, terán en todo caso a consideración de contratos menores os contratos de subministración ou de servizos de valor estimado inferior ou igual a 50.000 euros que subscriban os axentes públicos do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, sempre que non vaian destinados a servizos xerais e de infraestrutura do órgano de contratación.

Para estes efectos, enténdense comprendidos entre os axentes públicos do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, nos termos establecidos na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación, fundacións, consorcios e demais axentes de execución da Administración xeral do Estado, os organismos e entidades de investigación similares aos anteriores dependentes doutras administracións públicas, as fundacións de investigación biomédica e os centros, institucións e consorcios do Sistema nacional de saúde.»

Disposición derradeira cuadraxésimo quinta. *Complemento das subvencións concedidas a entidades beneficiarias da convocatoria do Programa de compensación de custos indirectos.*

Para efectos exclusivos do exercicio 2018, autorízase o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade a complementar as subvencións concedidas ás 136 entidades beneficiarias da convocatoria do Programa de compensación de custos indirectos. Réxime

de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro (RCDE), instrumentada pola Orde do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade do 27 de xullo de 2017 (*Boletín Oficial del Estado* do 1 de agosto de 2017), cunha contía máxima conxunta de 77.923.513,16 euros.

Esta habilitación realízase de conformidade co disposto no punto dous da disposición adicional terceira, unha vez que se fagan efectivas nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 as modificacións orzamentarias operadas sobre a aplicación 27.16.422B.771, con cuxa dotación se financia o programa.

A contía de subvención complementaria por beneficiario será a resultante de detraer á axuda máxima posible recoñecida na súa resolución de concesión da citada convocatoria o importe da axuda finalmente pagada con base na dispoñibilidade orzamentaria existente no momento da concesión.

Disposición derradeira cuadraxésimo sexta. *Entrada en vigor.*

Un. A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dous. Sen prexuízo da entrada en vigor da disposición adicional centésimo cuadraxésimo primeira o día seguinte ao da publicación da Lei de orzamentos xerais do Estado, a efectividade práctica da posta en funcionamento do Sistema de tarxeta social universal producirase aos tres meses da data anterior.

Tres. A disposición adicional centésimo vixésima, relativa á axuda económica de acompañamento a mozos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que subscriban un contrato para a formación e a aprendizaxe, entrará en vigor o mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e estenderase mentres estea vixente a Iniciativa de emprego xuvenil.

Disposición derradeira cuadraxésimo sétima. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento da presente lei.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de xullo de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO I

Distribución dos créditos por programas

(Miles de euros)

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
111M	Goberno do poder xudicial	33.607,16		33.607,16
111N	Dirección e servizos xerais de xustiza	50.237,04		50.237,04
111O	Selección e formación de xuíces	15.230,34		15.230,34
111P	Documentación e publicacións xudiciais	9.288,64		9.288,64
111Q	Formación do persoal da Administración de xustiza	7.601,37		7.601,37
111R	Formación da carreira fiscal	2.447,40		2.447,40
112A	Tribunais de xustiza e Ministerio Fiscal	1.628.201,68		1.628.201,68
113M	Rexistros vinculados coa fe pública	34.130,78		34.130,78
121M	Administración e servizos xerais de Defensa	1.187.440,83		1.187.440,83
121N	Formación do persoal das Forzas Armadas	413.085,14		413.085,14
121O	Persoal en reserva	526.213,65		526.213,65
122A	Modernización das Forzas Armadas	159.723,17		159.723,17
122B	Programas especiais de modernización	2.164.477,00		2.164.477,00
122M	Gastos operativos das Forzas Armadas	2.629.413,08		2.629.413,08
122N	Apoio lóxístico	1.320.208,67		1.320.208,67
131M	Dirección e servizos xerais de seguridade e protección civil	66.451,29		66.451,29
131N	Formación de forzas e corpos de seguridade do Estado	141.346,88		141.346,88
131O	Forzas e corpos en reserva	382.440,70		382.440,70
131P	Dereito de asilo e apátridas	6.404,53		6.404,53
132A	Seguridade cidadá	5.789.757,33	53,60	5.789.810,93
132B	Seguridade viaria	766.455,39		766.455,39
132C	Actuacións policiais en materia de droga	76.349,43		76.349,43
133A	Centros e institucións penitenciarias	1.160.426,94		1.160.426,94
134M	Protección civil	14.545,48		14.545,48
135M	Protección de datos de carácter persoal	13.960,74		13.960,74
141M	Dirección e servizos xerais de Asuntos Exteriores	64.411,38		64.411,38
142A	Acción do Estado no exterior	790.916,79		790.916,79
142B	Acción diplomática para asuntos europeos	21.244,02		21.244,02
143A	Cooperación para o desenvolvemento	554.741,93		554.741,93
144A	Cooperación, promoción e difusión cultural no exterior	136.812,25		136.812,25
144B	Cooperación, promoción e difusión educativa no exterior	13.317,13		13.317,13
211M	Pensións contributivas da Seguridade Social	119.940.026,55		119.940.026,55
211N	Pensións de clases pasivas	14.589.889,81		14.589.889,81
211O	Outras pensións e prestacións de clases pasivas	42.274,37		42.274,37
212M	Pensións non contributivas e prestacións asistenciais	2.388.565,52		2.388.565,52
212N	Pensións de guerra	158.817,84		158.817,84
212O	Xestión e control dos complementos a mínimos de pensións	7.329.116,20		7.329.116,20
219M	Xestión das prestacións económicas de Seguridade Social	379.806,55		379.806,55
219N	Xestión de pensións de clases pasivas	5.808,82		5.808,82
221M	Subsidios de incapacidade temporal e outras prestacións económicas da Seguridade Social	13.175.843,40		13.175.843,40
222M	Prestacións económicas do mutualismo administrativo	380.031,91	2,00	380.033,91
223M	Prestacións de garantía salarial	796.411,04		796.411,04

(Miles de euros)

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
224M	Prestacións económicas por cesamento de actividade	36.079,60		36.079,60
231A	Plan nacional sobre drogas	14.868,22		14.868,22
231B	Accións en favor dos emigrantes	59.367,42		59.367,42
231C	Servizos sociais da Seguridade Social a persoas con discapacidade	52.704,87		52.704,87
231D	Servizos sociais da Seguridade Social a persoas maiores	117.340,60		117.340,60
231E	Outros servizos sociais da Seguridade Social	47.605,16		47.605,16
231F	Outros servizos sociais do Estado	349.411,96		349.411,96
231G	Atención á infancia e ás familias	10.238,78		10.238,78
231H	Accións en favor dos inmigrantes	318.095,34		318.095,34
231I	Autonomía persoal e atención á dependencia	1.401.091,30		1.401.091,30
232A	Promoción e servizos á mocidade	32.961,44		32.961,44
232B	Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	19.838,99		19.838,99
232C	Actuacións para a prevención integral da violencia de xénero	159.506,10		159.506,10
239M	Xestión dos servizos sociais da Seguridade Social	47.306,38		47.306,38
241A	Fomento da inserción e estabilidade laboral	3.373.746,83		3.373.746,83
241B	Formación profesional para o emprego	2.331.231,86		2.331.231,86
241N	Desenvolvemento do traballo autónomo, da economía social e da responsabilidade social das empresas	11.164,66		11.164,66
251M	Prestacións aos desempregados	17.702.180,62		17.702.180,62
261N	Promoción, administración e axudas para rehabilitación e acceso á vivenda	450.352,67	300,00	450.652,67
261O	Ordenación e fomento da edificación	29.409,10		29.409,10
261P	Urbanismo e política do solo	1.480,61		1.480,61
291A	Inspección e control de seguridade e protección social	126.463,69		126.463,69
291M	Dirección e servizos xerais de Seguridade Social e protección social	17.170.276,48	33,50	17.170.309,98
311M	Dirección e servizos xerais de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade	66.109,18		66.109,18
311O	Políticas de saúde e ordenación profesional	9.024,45		9.024,45
312A	Asistencia hospitalaria nas Forzas Armadas	150.158,34		150.158,34
312B	Atención primaria de saúde. Instituto Nacional de Xestión Sanitaria	65.704,41		65.704,41
312C	Atención especializada de saúde. Instituto Nacional de Xestión Sanitaria	160.409,46		160.409,46
312D	Medicina marítima	35.123,77		35.123,77
312E	Asistencia sanitaria do mutualismo administrativo	2.249.096,43		2.249.096,43
312F	Atención primaria de saúde de mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e Instituto Social da Mariña	944.377,56		944.377,56
312G	Atención especializada de saúde de mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e Instituto Social da Mariña	459.005,26		459.005,26
313A	Prestacións sanitarias e farmacia	56.354,36		56.354,36
313B	Saúde pública, sanidade exterior e calidade	37.640,69		37.640,69
313C	Seguridade alimentaria e nutrición	16.143,47		16.143,47
313D	Doazón e transplante de órganos, tecidos e células	4.104,48		4.104,48
321M	Dirección e servizos xerais de Educación, Cultura e Deporte	86.402,02		86.402,02
321N	Formación permanente do profesorado de educación	2.703,21		2.703,21
322A	Educación infantil e primaria	160.336,77		160.336,77

(Miles de euros)

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
322B	Educación secundaria, formación profesional e escolas oficiais de idiomas	419.165,71		419.165,71
322C	Ensinanzas universitarias	129.256,68		129.256,68
322E	Ensinanzas artísticas	3.563,34		3.563,34
322F	Educación no exterior	98.427,71		98.427,71
322G	Educación compensatoria	4.536,50		4.536,50
322I	Ensinanzas especiais	2.575,03		2.575,03
322L	Investimentos en centros educativos e outras actividades educativas	100.058,72		100.058,72
323M	Bolsas e axudas a estudantes	1.574.879,04		1.574.879,04
332A	Arquivos	27.664,89		27.664,89
332B	Bibliotecas	47.053,80		47.053,80
333A	Museos	158.137,73		158.137,73
333B	Exposicións	2.196,78		2.196,78
334A	Promoción e cooperación cultural	9.739,97		9.739,97
334B	Promoción do libro e publicacións culturais	8.171,78		8.171,78
334C	Fomento das industrias culturais	14.078,60		14.078,60
335A	Música e danza	100.816,14		100.816,14
335B	Teatro	50.942,15		50.942,15
335C	Cinematografía	85.683,72		85.683,72
336A	Fomento e apoio das actividades deportivas	193.797,26		193.797,26
337A	Administración do patrimonio histórico nacional	117.328,67	100,00	117.428,67
337B	Conservación e restauración de bens culturais	32.196,41		32.196,41
337C	Protección do patrimonio histórico	8.344,24		8.344,24
412C	Competitividade e calidade da produción e dos mercados agrarios	49.748,29		49.748,29
412D	Competitividade e calidade da sanidade agraria	42.013,44		42.013,44
412M	Regulación dos mercados agrarios	5.803.980,10		5.803.980,10
413A	Competitividade industria agroalimentaria e calidade alimentaria	32.555,40		32.555,40
414A	Xestión de recursos hídricos para o regadío	59.943,07		59.943,07
414B	Desenvolvemento do medio rural	1.233.563,12		1.233.563,12
415A	Protección dos recursos pesqueiros e desenvolvemento sustentable	19.032,25		19.032,25
415B	Mellora de estruturas e mercados pesqueiros	42.878,24		42.878,24
416A	Previsión de riscos nas producións agrarias e pesqueiras	216.466,92		216.466,92
421M	Dirección e servizos xerais de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital	67.551,12		67.551,12
421N	Regulación e protección da propiedade industrial	51.444,00		51.444,00
421O	Calidade e seguridade industrial	3.506,71		3.506,71
422A	Incentivos rexionais á localización industrial	59.852,77		59.852,77
422B	Desenvolvemento industrial	59.919,98		59.919,98
422M	Reconversión e reindustrialización	871.454,98		871.454,98
423M	Desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón	32.200,00		32.200,00
423N	Explotación mineira	290.689,95		290.689,95
424M	Seguridade nuclear e protección radiolóxica	46.877,04		46.877,04
425A	Normativa e desenvolvemento enerxético	4.285.331,37		4.285.331,37
431A	Promoción comercial e internacionalización da empresa	400.482,34		400.482,34

(Miles de euros)

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
431N	Ordenación do comercio exterior	9.076,64		9.076,64
431O	Ordenación e modernización das estruturas comerciais	9.517,82		9.517,82
432A	Coordinación e promoción do turismo	332.167,33		332.167,33
433M	Apoio á pequena e mediana empresa	144.958,62		144.958,62
441M	Subvencións e apoio ao transporte terrestre	1.551.239,49		1.551.239,49
441N	Subvencións e apoio ao transporte marítimo	128.689,65		128.689,65
441O	Subvencións e apoio ao transporte aéreo	393.585,92		393.585,92
441P	Subvencións ao transporte extrapeninsular de mercadorías	75.247,03		75.247,03
451M	Estudos e servizos de asistencia técnica en obras públicas e urbanismo	28.805,20		28.805,20
451N	Dirección e servizos xerais de Fomento	917.936,23		917.936,23
451O	Dirección e servizos xerais de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente	130.451,12		130.451,12
452A	Xestión e infraestruturas da auga	1.130.524,64	78.373,02	1.208.897,66
452M	Normativa e ordenación territorial dos recursos hídricos	69.616,87		69.616,87
453A	Infraestrutura do transporte ferroviario	412.713,61		412.713,61
453B	Creación de infraestrutura de estradas	1.456.844,89		1.456.844,89
